



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 54

Sesión plenaria
10 de xuño de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (doc. núm. 24866, 12/DXCA-000001)

Publicación, BOPG nº 199, do 19.05.2025

Publicación, BOPG nº 205, do 02.06.2025

Punto 2. Texto lexislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de medidas para a consolidación, afianzamento e radicación empresarial en Galicia e contra a deslocalización empresarial (doc. núm. 24474, 12/PPL-000007)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 192f2, do 30.04.2025

Punto 3. Comparecencia

26638 (12/CPP-000051)

Do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deporte, por petición propia, para informar sobre a situación do transporte en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f1, do 03.06.2025

Punto 4. Mocións

4.1 26217 (12/MOC-000065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a política do Goberno galego en materia de investigación do medio mariño e a eventual creación dunha comisión que coordine o traballo dos diferentes centros de estudo nesta materia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24272, publicada no BOPG núm. 193f1, do 2 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do 20 de maio de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

4.2 26257 (12/MOC-000066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre o impulso e a elaboración consensuada por parte do Goberno galego dun plan de mellora educativa (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24427, publicada no BOPG núm. 193f1, do 2 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do 20 de maio de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f1, do 28.05.2025



4.3 26278 (12/MOC-000067)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia**

Sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para a defensa dos sectores produtivos de Galicia ante a nova política arancelaria dos Estados Unidos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 23959, publicada no BOPG núm. 188f3, do 16 de abril de 2025, e debatida na sesión plenaria do 20 de maio de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

Punto 5. Propositions non de lei**5.1 6916 (12/PNP-000707)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación do *cluster* da industria de defensa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 23.07.2024

5.2 22082 (12/PNP-001774)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que dote economicamente a lei da esclerose lateral amiotrófica (ELA) para facela realmente efectiva e poder cumprir os seus obxectivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 179f1, do 26.03.2025

5.3 23906 (12/PNP-001888)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar no sistema sanitario para afrontar a covid persistente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 188f1, do 16.04.2025

5.4 26099 (12/PNP-002077)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas e as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para desenvolver e modernizar o sector mineiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

5.5 26197 (12/PNP-002087)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que este manteña o financiamento íntegro e estable do Plan Corresponsables

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f1, do 28.05.2025



5.6 26326 (12/PNP-002108)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta verbo do comportamento do Partido Popular no referido á defensa da oficialidade do galego no Parlamento Europeo e a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento dos acordos adoptados na Cámara relativos á normalización lingüística

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

Punto 6. Interpelacións**6.1 24261 (12/INT-000951)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

6.2 24314 (12/INT-000954)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

6.3 25091 (12/INT-000978)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e tres deputados/as máis**

Sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 26636 (12/POPX-000045)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego destinadas a resolver os problemas do acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 03.06.2025

7.2 26637 (12/POPX-000046)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o nivel da defensa da lingua galega que exerce o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 03.06.2025



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 26190 (12/POP-003831)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego da convocatoria da Conferencia de Presidentes prevista para o 6 de xuño en Barcelona

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f2, do 28.05.2025

8.2 22240 (12/POP-003449)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a sentenza do Tribunal Supremo que avala a tramitación do parque eólico de Campelo, entre Coristanco e Santa Comba, e as súas consecuencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 179f2, do 26.03.2025

8.3 24964 (12/POP-003664)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego canto ao seu compromiso de recuperar a terceira unidade de educación infantil do CEIP San Clemente, do concello de Caldas de Reis, para o vindeiro curso 2025-2026

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

8.4 26063 (12/POP-003811)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coas peticións de reformas nas infraestruturas dos centros de ensino públicos de Betanzos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f2, do 28.05.2025

8.5 26602 (12/PUP-000116)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e dous deputados/as máis

Sobre os anuncios da Xunta de Galicia relativos á eliminación do mestrado en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 03.06.2025

8.6 26603 (12/PUP-000117)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da oferta do mestrado en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela para o vindeiro curso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 03.06.2025



8.7 22495 (12/POP-003417)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis**

Sobre o balance do primeiro ano de funcionamento da Oficina Económica de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

8.8 25611 (12/POP-003757)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre o grao de información que ofrece o Goberno galego ao Parlamento verbo da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade e dos seus plans de futuro para esta comarca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 200f2, do 20.05.2025

8.9 25678 (12/POP-003761)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre o impacto da ampliación do porto deportivo de Baiona e da presión turística nesta vila

Publicación da iniciativa, BOPG nº 200f2, do 20.05.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

A señora Rodil Fernández (BNG) fai uso da palabra, conforme o artigo 73.1, para solicitar a alteración da orde do día e introducir a comparecencia urxente do presidente da Xunta de Galicia en relación coa denuncia contra o conselleiro do Mar. (Páx. 12.)

O señor presidente pregunta se algún grupo parlamentario máis quere dar a súa opinión. A seguir, trasládalle a palabra ao señor Ojea Bouzo (M) e á señora Espinosa Mangana (S), que mostran a súa conformidade coa alteración da orde do día. (Páx. 12.) A continuación o presidente dálle a palabra ao señor Pazos Couñago (P), que dá explicacións sobre o tema que están a tratar. (Páx. 12.)

Votación da alteración da orde do día

Votación da solicitude de alteración da orde do día: rexeitada por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención (Páx. 13.)

Elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. (Punto primeiro da orde do día)

O señor presidente explica os antecedentes do procedemento para a elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e anuncia que os grupos parlamentarios disporán dunha quenda breve de intervención. (Páx. 14.)

Quenda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre a candidatura: (O señor Ojea Bouzo, do Grupo Parlamentario Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 14.), Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 14.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 17.) e Sra. Pomar Tojo (P) (Páx. 18.).

O señor presidente explica o procedemento para a elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e aclara que a votación será por chamamento. (Páx. 20.)

Logo de seren repartidas as papeletas, o señor presidente prégalle á señora secretaria da Mesa (Vázquez Mourelle) que comece o chamamento das señoras e dos señores deputados, así como dos membros do Goberno e da Mesa, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 21.) Despois de terminar a votación, procédese ao escrutinio. (Páx. 21.)

Resultado da votación para a elección de dona María Concepción Pombo Romero como persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia: 38 votos a favor, 35 votos en branco e ningunha abstención. (Páx. 21.)



O señor presidente sinala que, ao non se acadar a maioría de dous terzos necesaria para a elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, non resulta elixida dona María Concepción Pombo Romero. (Páx. 21.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de medidas para a consolidación, afianzamento e radicación empresarial en Galicia e contra a deslocalización empresarial. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición de lei: Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG). (Páx. 22.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 26.), Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 26.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 29.).

Nova intervención do señor Ruanova Vilas-Boas (BNG). (Páx. 32.)

Votación do texto lexislativo

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de medidas para a consolidación, afianzamento e radicación empresarial en Galicia e contra a deslocalización empresarial: rexeitada por 35 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 33.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre a situación do transporte en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 34.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 45.), Sr. López Font (S) (Páx. 47.), Sr. Ríos Santomé (BNG) (Páx. 50.) e Sr. Trenor López (P) (Páx. 53.).

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 57.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 65.) Nesta rolda interveñen o señor Ojea Bouzo (M) (Páx. 65.), o señor López Font (S) (Páx. 66), o señor Ríos Santomé (BNG) (Páx. 67.), o señor Trenor López (P) (Páx. 70.) e o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso) (Páx. 71.).

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a política do Goberno galego en materia de investigación do medio mariño e a eventual creación dunha comisión que coordine o traballo dos diferentes centros de estudo nesta materia . (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 76.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 76.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Fidalgo Iglesias (P). (Páx. 79.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O Sr. Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 81.), Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 81.).

A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 84.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández Davila, sobre o impulso e a elaboración consensuada por parte do Goberno galego dun plan de mellora educativa. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candía López) comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 85.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Fernández Davila (BNG). (Páx. 86.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Vázquez Suárez (P). (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O Sr. Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 91.), Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 91.).

A señora Fernández Davila (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 94.)

Suspéndese a sesión ás tres e catorce minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Patricia Iglesias Rey, sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para a defensa dos sectores produtivos de Galicia ante a nova política arancelaria dos Estados Unidos. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 98.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 99.) e Sra. Sanz Arias (P) (Páx. 101.).

Nova intervención da Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 104.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a política do Goberno galego en materia de investigación do medio mariño e a eventual creación dunha comisión que coordine o traballo dos diferentes centros de estudo nesta materia. *Rexeitada por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 106.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández Davila, sobre o impulso e a elaboración consensuada por parte do Goberno galego dun plan de mellora educativa. *Rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e unha abstención.* (Páx. 106.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey, sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para a defensa dos sectores produtivos de Galicia ante a nova política arancelaria dos Estados Unidos. *Rexeitada por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 106.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación do *cluster* da industria de defensa. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 107.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 108.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 110.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O Sr. Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 113.), *Sr. Lorenzo Gómez (P)* (Páx. 113.).

A señora Iglesias Rey (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 116.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que dote economicamente a lei da esclerose lateral amiotrófica (ELA) para facela realmente efectiva e poder cumprir os seus obxectivos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 120.), *Sra. Longueira Castro (S).* (Páx. 121.) e *Sra. Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 122.).

Nova intervención da Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 124.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar no sistema sanitario para afrontar a covid persistente. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica a autoemenda presentada á proposición non de lei e a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 126.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Espinosa Mangana (S). (Páx. 127.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 129.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 132.) e *Sra. Amigo Díaz (P)* (Páx. 134.).

A señora Espinosa Mangana (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 136.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre as medidas e as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para desenvolver e modernizar o sector mineiro. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica a emenda presentada á proposición non de lei. (Páx. 138.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Golpe Acuña (BNG). (Páx. 138.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 141.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O Sr. Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 144.), Sr. Lorenzo Gómez (P) (Páx. 144.).

O Sr. Golpe Acuña (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 148.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que este manteña o financiamento íntegro e estable do Plan Corresponsables. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as dúas emendas presentadas á proposición non de lei, unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 149.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 150.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Castro Rey (S) (Páx. 152.) e Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 155.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: (O Sr. Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.). (Páx. 157.)

A Sra. Arias Rodríguez (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 157.)

Suspéndese a sesión ás oito e tres minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias.

(A señora Rodil Fernández pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señora Rodil? ¿Con base en que artigo, por favor?

(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

Déanlle voz ao escano da señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, polo artigo 73.1, solicitamos desde o Grupo Parlamentario do BNG a alteración da orde do día, para a introdución da comparecencia urxente do presidente da Xunta de Galiza para explicar o abrazo da vergoña, *(A señora Rodil Fernández mostra unha fotografía.)* que se explique como se ocultou durante catro meses unha denuncia por agresión sexual contra o conselleiro do Mar e se iniciou unha campaña absolutamente indigna e indignante de criminalización e acusación contra unha muller que deu un importantísimo paso adiante para denunciar unha presunta agresión sexual. O mínimo é que este Parlamento sexa capaz de asumir a responsabilidade que ten o Goberno da Xunta de Galiza en todo este asunto e a necesidade democrática de vir explicar aquí unha situación absolutamente inaceptable, excepcional e insólita para a política do noso país.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

¿Algunha opinión dos grupos parlamentarios?

Grupo Parlamentario Mixto.

Déanlle voz ao escano do señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Señor presidente, como dixeran na Xunta de Portavoces, estimaba oportuna a comparecencia do presidente, por diversos motivos, aínda que só sexa polo que nos atinxe máis directamente nas nosas competencias institucionais, polo feito de que un conselleiro dimita; sempre é motivo para que o presidente compareza e dea a súa visión de todo o que se relacionou con este feito da dimisión.



Nada máis, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señora Espinosa.

Déanlle voz ao escano da señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidente.

Nós tamén reiteramos o que transmitimos na Xunta de Portavoces e cremos que debe com- parecer o presidente da Xunta de Galicia. Apoiámolo e seguiremos apoiándoo.

Creo que estamos falando de transparencia e ademais de responsabilidade política ao com- parecer neste Parlamento, que representamos a todos os galegos e a todas as galegas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

As cuestións aquí plantexadas xa foron aclaradas, todas e cada unha delas, polo presidente ante o conxunto da sociedade galega. En todo caso, entendo que sorprenda a dimisión in- mediata dun cargo público nada máis coñecerse a apertura dunha actuación xudicial, unha actuación esta que, en política, a verdade, ten desgraciadamente poucos precedentes. En todo caso, entendemos que esa dimisión, esa renuncia inmediata a responsabilidades pú- blicas, deslinda, perfectamente, o que son as circunstancias persoais, que a partir de agora afectarán ese conselleiro, coa acción política ou co desenvolvemento político e as responsa- bilidades públicas que ostentaba ata o momento da súa dimisión. E, polo tanto, cremos que non hai razón para atender esa solicitude que se fai por parte da voceira do Bloque Nacio- nalista Galego.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Entón, se lles parece, procedemos á votación, que pode ser votación a man alzada ou pode ser votación polo sistema clásico. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Botón? Vale, pois veña, botón.

Entón, votamos a solicitude.

Votación da proposta de alteración da orde do día



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta de alteración da orde do día.

O señor PRESIDENTE: Comezamos co punto primeiro.

Elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

O señor PRESIDENTE: Todo isto facémolo tendo en conta que a Mesa do Parlamento, na reunión do 5 de maio de 2025, acordou o inicio do procedemento para a elección, logo da solicitude presentada polas 40 deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular, documento 24866, e a apertura do prazo para a presentación de propostas de candidatura, que rematou o 13 de maio de 2025. Posteriormente, a Mesa, na reunión do 13 de maio, acordou a admisión a trámite da proposta da candidata formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, documentos 25394 e 25395. A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, na sesión do 16 de maio, formulou a candidatura de dona María Concepción Pombo Romero, por 9 votos a favor e 8 en branco. Asemade, na sesión do 27 de maio, substanciouse a súa comparecencia.

Procede, polo tanto, a elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. E, antes de proceder ao que é a votación, comezaremos cun turno dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición en relación coa candidatura formulada polo Grupo Parlamentario Popular. Será un turno breve de tres-catro minutos.

Comeza, polo tanto, o Grupo Parlamentario Mixto, que declina.

Grupo Parlamentario Socialista.

Grupo Parlamentario Socialista. ¿Non fala? ¡Ah, si! Pois veña, señora Longueira. Desde o escano, se quere.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Perdón, pero entendía...

O señor PRESIDENTE: É libre, pode facelo desde o escano ou desde a tribuna, onde queira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Perdoe, pero eu entendía que había unha intervención —ou así viña no que nos pasaron— primeiro do Grupo Popular, que é onde explicaba o Goberno neste caso; por iso quedei calada.

Bos días.

Quixera comezar a intervención do Partido Socialista felicitando a dona María Concepción Pombo Romero, porque neste *thriller* que estamos a presenciar e a escenificar xa adianto



que non hai nin suspense nin xiros dramáticos dos acontecementos e, pase o que pase, a señora Pombo será a máxima responsable das próximas campañas de propaganda do Partido Popular.

Vai ser tamén a responsable de situar o señor Rueda nos mellores planos, de extraer —dentro do posible— a maior das locuacidade dos responsables do Partido Popular e de asistir ás comisións de control nas que veñen sendo para a comparecencia do director xeral, seguramente emulando o seu ata agora xefe cando di: non veño aquí falar de política.

Dela non se espera nin innovación nin políticas que premien a creatividade. Non ten que facer máis que o que fixo ata o de agora; é máis, terá que facer exactamente o que facemos nós hoxe: seguir aquí disciplinadamente as normas, acatar unha decisión que foi tomada no despacho do presidente da Xunta e despois asegurarse de que é o máis beneficioso para darlle á máquina de publicidade para o Partido Popular. Pero nin tan sequera vai ter a posibilidade de disidencia, como temos hoxe, de votar en branco.

Vaise elixir unha persoa da que, á marxe da súa formación como xornalista, o positivo son as súas altas cotas de responsabilidade dentro da CRTVG. Entendemos que, polo tanto, é de xustiza designar dona María Concepción como directora xerente da extinta CRTVG, hoxe chamada Corporación de Servizos Audiovisuais, porque ninguén mellor que ela coñece o sistema, as persoas, os xefes e as necesidades que ten que desenvolver o responsable dun órgano de propaganda política. Neste sentido, o seu palmarés é magnífico, diríamos que insuperable.

A dona Concepción débémolles, entre os seus feitos máis salientables, os seguintes: 368 «venres negros». Todo o noso apoio para os compañeiros de Defende a Galega, aos que lles auguramos que van seguir tendo traballo como manifestantes. (*Aplausos.*)

Debémolles tamén a maior baixada de audiencia desde a creación da Galega; *menos es más*, como dicía Mies van der Rohe, posiblemente porque nun mundo saturado de estímulos a sobriedade é sen dúbida un valor revolucionario.

Debémolles tamén a falta de credibilidade dos cidadáns no que veñen sendo os informativos da Galega; a realidade é cruel e é mellor ocultala.

Debémolles a negativa a crear o Estatuto profesional nos últimos quince anos, malia ser xornalista.

Debémolles a negativa de crear o Consello de Informativos nos últimos quince anos, malia ser xornalista.

Debémolles trinta sentenzas de despedimentos nulos de executivos da Compañía da CRTVG.

Debémolles as denuncias por *mobbing* e acoso laboral durante os anos 2022-2024, onde se vulneraron dereitos laborais, despedimentos improcedentes, cesión ilegal de traballadores e modificacións unilaterais das condicións laborais.



Debémoslle o incumprimento da taxa de produción propia da programación.

Debémoslle unha nula implicación no seu cometido como ferramenta para a divulgación e engrandecemento da lingua galega.

E é de xustiza, por tanto, que o posto de xerente sexa para dona Concepción.

Claro que nisto a señora Pombo non estivo soa. Tamén é de xustiza recoñecer que, despois de anos e anos reclamando unha nova lei de substitución da Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, o Partido Popular votou, á carreira dun can, para aprobar unha lei que mesmo se contrapón co Regulamento europeo sobre a liberdade dos medios de comunicación, 1083/2024.

E tamén queremos deixar constancia de que é conmovedor o exercicio de entusiasmo que se nos pide hoxe por parte do Partido Popular para que votemos a favor desta —digamos— *performance* da elección de dona Concepción, que dura xa máis de quince anos e na que basta sintonizar a canle galega. Se a sintonizamos, en Galicia hai —ou non hai— un sentir do que é o verdadeiro lugar onde habitamos: non hai crise sanitaria, non hai emigración xuvenil, non hai listas de agarda, non hai nenos tutelados en situación indignas. Iso non o hai.

Inclusive temos presidentes cariñosos que, como se dixo hoxe aquí, abrazan e aplauden conselleiros imputados por temas liviáns como é un presunto delito contra a liberdade sexual.

Nin nos mellores dos soños alá polo ano 2009 poderíamos imaxinar que iamos estar presenciando isto que hoxe nos toca vivir aquí, un espectáculo que, por grotesco e servil, non sabería dicir se causa máis vergoña ou tristeza, se debemos afrontalo con cinismo ou con desdén, pero que, en calquera caso, rouboulles polo menos a dúas xeracións de galegas e galegos a posibilidade de coñecer a contemporaneidade que nos toca contada por nós mesmos.

Así que me gustaría rematar a intervención no mesmo senso con que a iniciiei, felicitando a señora dona Concepción, porque, mal que ben, tivo que concorrer a este posto de traballo con dous homes expertos na manipulación da información, que tamén eran candidatos féroos a bater: o primeiro, o señor Feijóo, que non é director xeral da CRTVG porque non quere; o segundo, o señor Rueda, que non é director da CRTVG porque amontóaselle o choio no que ten que falar en galego; e despois está a señora Pombo, a gañadora, sen dúbida, a máis radical dos tres. E pensen ben: son razóns de peso e absolutamente verídicas.

Os compañeiros da CRTVG e do sector do audiovisual e á audiencia da sociedade galega quixeramos dicirlles, dende o Partido Socialista, que fixemos o que puidemos co que tiñamos nas mans. Se é certo que o soño da razón produce monstros, non é menos certo que a manipulación produce realidades falsas, discursos únicos e democracias de cartón pedra.

Sentíndoo moito, votaremos en branco a dona Concepción.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo a toda a Cámara.

Non van conseguir, señorías do Partido Popular, que as súas tropelías pasen coma se non acontecese nada, (*Aplausos.*) sexan denuncias por agresión sexual ou o dedazo que pretenden levar a cabo coa primeira fase hoxe na Dirección Xeral da CRTVG.

Por iso nós non imos, desde o Bloque Nacionalista Galego —como xa levamos dito moitas veces—, apoiar a candidatura da dirección xeral presentada pola señora Pombo, por dúas razóns.

Primeiro, porque supón un enorme retroceso democrático. Vinte anos atrás devolven a este país coa posibilidade de designar única e exclusivamente cos votos do Partido Popular, só coa maioría do Partido Popular, a nova dirección xeral. Para iso cambiaron a Lei de medios públicos de Galiza, única e exclusivamente para poder poñer á fronte da CRTVG a persoa que o Partido Popular quere, cos únicos votos do Partido Popular.

Fan en Galiza o mesmo que denuncian que fai o Goberno de España en Radiotelevisión Española, o mesmo que fixo o Goberno de Pedro Sánchez e do Partido Socialista en Madrid, exactamente o mesmo que vai facer hoxe o Partido Popular aquí en Galiza. A diferenza é que, como non controla o Partido Popular Radiotelevisión Española, o que en Madrid é un asalto a *las instituciones* en Galiza é todo un exercicio e un síntoma de calidade democrática. O grao de cinismo político do Partido Popular, señorías, (*Aplausos.*) eu non sei como lles deixa entrar pola porta.

En segundo lugar, desde o BNG non imos apoiar esta persoa á Dirección Xeral da CRTVG, porque o único que vai traer é o que leva sementando na Radio e na Televisión públicas de Galiza os últimos oito anos: máis propaganda, máis propaganda e menos pluralismo. Unha candidata de parte, practicamente de carné, que leva oito anos exercendo con man de ferro o control político no seo da Radio e da Televisión públicas de Galiza, para convertela no que a converteron, señorías do Partido Popular: no seu gabinete —e dicimos ben—, no gabinete de propaganda do Partido Popular, porque xa é absolutamente imposible diferenciar o argumentario do partido da escaleta do Telexornal.

E a denuncia por agresión sexual ao conselleiro do Mar é un exemplo palmario, absolutamente palmario, diso, de como o Partido Popular converteu a CRTVG no seu terminal de propaganda e como cada día é máis e máis difícil diferenciar o argumentario do partido da escaleta do Telexornal.

A cobertura informativa por agresión sexual a un conselleiro da Xunta, que provoca a súa dimisión, redúceno no Telexornal ao titular dun día, dun día, literal, jeh!, literalmente, non é unha hipérbole. O Telexornal serán do día 4: titular: 55 segundos. Ao día seguinte a noticia xa era outra: a toma de posesión dunha nova conselleira, máis nada; o día 6 desaparece a noticia, *aquí no ha pasao nada, siga circulando, no hay nada que ver*. ¿Saben cantos días abriu o



Telexornal da Televisión de Galiza a denuncia, a denuncia, a Íñigo Errejón por unha agresión sexual? Catro días, señorías, catro días, tarde e noite, catro días. (*Aplausos.*)

O Partido Popular, única e exclusivamente, utiliza a violencia machista e as denuncias que valentemente presentan as mulleres deste país e do Estado español como arma arreboladiza por intereses electoralistas e partidistas do Partido Popular. (*Aplausos.*) E agora tratan como un heroe, traéndoo en volandas, como se acabara de gañar a *Champions League*, un señor, que eu xa non vou entrar nos detalles da denuncia que se foron coñecendo estes días.)

Pero é que non é un caso illado, que o PP está inzado de casos illados, *si hablas de corrupción o de denuncias*, ¿non?, porque aí está como trata o Partido Popular persoas condenadas por violencia machista: o portavoz do Partido Popular na illa de Arousa, ou o señor Baltar, elevado a senador para garantirlle, a ese si, a protección que dá o aforamento nunha institución, neste caso o Senado.

¿Quen quere, verdade, un asesor cando teñen vostedes —iso si, pagado co diñeiro de todas as galegas e de todos os galegos— todo un aparato de propaganda ao seu servizo? É indigno para o xornalismo público deste país, é indecente, e o exemplo palmario de que non lles importa o máis mínimo arrastrar pola lama os medios públicos de Galiza só para facer da Radio e da Televisión de todas as galegas e de todos os galegos o seu aparato de propaganda particular.

E para iso agora ascenden a responsable da manipulación, a responsable da cancelación de amplísimas capas da sociedade galega e a responsable da aniquilación do pluralismo político nos últimos anos na Radio e na Televisión públicas de Galiza. É evidente que o Partido Popular, con esta decisión, pisa o acelerador da degradación do xornalismo público, da degradación da CRTVG, aínda máis, se é que iso é posible.

No BNG non imos apoiar nunca isto. Todo o noso traballo vai e seguirá encamiñado a devolverlles a CRTVG ás súas lexítimas propietarias e propietarios, que son a xente deste país. Porque, ademais dun dereito de todas as galegas e de todos os galegos, rescatar a CRTVG é xa unha cuestión de hixiene democrática.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Pomar.

A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Coa votación á candidatura á Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia que efectuaremos esta mañá, comezamos a pechar un longo ciclo de máis dun ano de duración, que botou a andar o 3 de maio de 2024, cando a Xunta de Galicia publicou na súa web a consulta pública para unha nova Lei de servizos dos medios públicos de comuni-



cación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, agora xa plenamente en vigor logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* do pasado 18 de marzo.

Unha lei —como xa dixemos nos debates sobre ela— necesaria para adaptar o noso marco normativo á regulación estatal e á regulación europea, pero tamén para facelo á nova realidade derivada dos imparables e acelerados cambios tecnolóxicos dos últimos anos, unidos á intensa mudanza que están a rexistrar os patróns de consumo audiovisual, non só en Galicia, senón tamén no resto do Estado e a nivel internacional.

Unha lei, así mesmo, moi demandada tamén por vostedes, señorías, dende os grupos da oposición, que reiteradamente teñen solicitado unha nova lei para proceder á mudanza na Dirección Xeral da CRTVG.

Vostedes falaban de mandato caducado, e así o teñen trasladado con moita insistencia, e pouco tacto, por certo, incluso aínda ao director xeral, o señor Sánchez Izquierdo, a quen aproveito para trasladar o noso máis sincero recoñecemento pola xestión exemplar que ten realizado. Lémbrolles unha vez máis —e xa van moitas— que recibiu unha compañía ao borde da quebra e deixa unha compañía modélica.

Lei necesaria, lei demandada e lei participativa que xorde con vocación de consenso. Falamos dun texto enriquecido con achegas, con emendas formuladas por persoas, organizacións, colectivos e mesmo estes grupos parlamentarios.

Unha lei que nace con oferta de man tendida. Tanto é así, como vostedes saben, que contempla ata dúas fórmulas diferentes para a elección da dirección xeral da corporación por maioría cualificada. Pero claro, xa non sorprende que ata hai ben pouco a vostedes enchíalles a boca reclamando consenso, e unha vez máis comprobamos que ían de farol: nin querían consenso nin cren no consenso, e atrevome a dicir que nin cren na participación.

Proba disto é que non quixeron, ben, ou non puideron, quizais por non atopar candidata ou candidato disposto a concorrer baixo o seu patrocinio, imos deixalo en que non fixeron ningún intento de presentar candidatura ningunha á dirección xeral da corporación. Habería que coñecer se primou máis a estratexia do «non», que os leva a estar de costas a todo o que supón progreso para Galicia; se gañou a intranscendencia histórica na que está sumido o socialismo galego, refén do sanchismo; ou, buscando a explicación máis xenérica, a total inconsistencia dos seus valores democráticos.

Porque a democracia, señorías, consiste en respectar o resultado das urnas, que neste Parlamento, o de Galicia, outorgaron ao Partido Popular unha maioría sólida para gobernar. (Aplausos.) Pero vostedes, de novo, unha vez máis, néganse a negociar, néganse a consensuar calquera proposta, ¿e saben por que? Porque nós buscamos o interese xeral, o interese supremo de Galicia, mentres vostedes se limitan a alimentar o sectarismo e a crispación; nun e noutra están vostedes instalados e cómodos dun tempo a esta parte.

Miren, con todo, de non ser polo que acabamos de escoitar nas intervencións anteriores, ben poderíamos pensar que, nunha sorte de esclarecemento mental, poderían apoiar a nosa can-



didata, xa que nela converxen todos os requisitos que consensuamos nesta sede parlamentaria á hora de definir o perfil da persoa chamada a dirixir e liderar esta nova etapa. Estoume a referir, obviamente, a dona Concepción Pombo Romero, unha profesional capacitada, con experiencia e un notable coñecemento da corporación, da que forma parte dende hai case tres décadas, cando accedeu como bolseira no 1998. A candidata é, sen dúbida, unha aposta decidida polo talento e pola canteira propia, sen ter que buscar fóra en persoas alleas á casa, pero, ademais, é unha profesional con criterio de seu, independente, afeita a tomar decisións, algunha delas complicadas, como a pandemia da covid ou o apagón do pasado mes de abril. Unha candidata na que, por riba de todo, somos quen de atopar a experiencia profesional.

Miren, señorías, nós, a diferenza do que fan vostedes, non pedimos carnés aos profesionais. Vostedes carecen de credibilidade cando falan de independencia dos medios de comunicación públicos, polo que fixeron no Bipartito e polo que están a facer agora na CRTVE, na que, tras o intento da presidenta Cascajosa, que presumía de carné do PSOE, agora teñen de presidente o candidato directísimo de Pedro Sánchez, avalado polo voto do BNG. *(Aplausos.)* Velaí está o último escándalo.

O partido do Goberno dos bulos, como o desa inexistente bomba lapa destinada a Pedro Sánchez, na que insiste un ministro testafarro, rotundamente desmentida; o partido do Goberno que encabeza un presidente que leva máis dun mes —corenta e dous días exactamente— sen atender a ningunha pregunta dos medios, non ten autoridade para falar de obxectividade e de rigor informativo, como tampouco a ten o BNG, que avala nas Cortes o Executivo que máis medidas ten tomado para controlar os medios e amordazar os xornalistas.

A CRTVG é unha empresa saneada, con estabilidade laboral, seguida pola cidadanía e renovávala tecnoloxicamente, que ten apostado pola adaptación en tempo e forma aos novos tempos. E agora a corporación inicia unha nova etapa, un novo proxecto sólido, como a que a señora Pombo explicou en datas recentes na correspondente Comisión de Control.

Polo tanto, consideramos que a señora Pombo será quen de dirixir a corporación con responsabilidade, eficiencia e un claro compromiso coa súa misión de servizo público.

Remato xa instando as súas señorías a que voten en conciencia e con sentidiño, para elixir sen máis demora a nova directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, a nova directora xeral da Galega, da de todos e de todas.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo tanto, imos proceder, rematado o debate, á votación, e farémolo de conformidade co establecido nos apartados 1 e 2 do artigo 91 do Regulamento, que será secreta e mediante papeleta. Nas papeletas figurará o nome da candidata proposta pola comisión. Os deputados e deputadas marcarán cunha aspa o recadro situado xunto ao nome da persoa candidata.



Cada deputada ou deputado depositará, logo do chamamento nominativo, a papeleta na urna preparada para tal efecto. Consideraranse votos en branco as papeletas que non conteñan ningunha aspa dentro do recadro situado ao carón do nome da persoa candidata e consideraranse nulas as papeletas que conteñan expresións alleas á votación e que inclúan un candidato ou candidata distinto da designada ou que sexan manipuladas dalgunha outra maneira.

Despois faremos, posteriormente, o escrutinio, pero xa lles avanzo que, unha vez que fagamos o escrutinio, proclamarase elixida a candidata se obtén a maioría dos dous terzos da Cámara, é dicir, 50 votos. No caso de non acadar esta maioría, dentro do prazo dun mes poderase repetir a votación e resultará elixida sacada a maioría de tres quintos, é dicir, 45 votos. De non acadarse esta maioría, incluírase a elección na seguinte sesión plenaria e resultará elixida por maioría absoluta. No caso de non se acadar esta maioría, será a Mesa a encargada de abrir un novo prazo para a elección da persoa titular da dirección xeral.

E, polo tanto, comezamos xa. Foron repartidas as papeletas e comezamos por chamamento a votación.

Cando queira, señora secretaria.

(A señora secretaria, Vázquez Mourelle, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Todos os deputados e deputadas votaron.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Efectuado o escrutinio, deu o seguinte resultado: votos emitidos, 73; votos a favor de D^a María Concepción Pombo Romero, 38; votos en branco, 35.

Polo tanto, ao non acadar a maioría de dous terzos, procederase a unha segunda votación nunha posterior sesión plenaria, de conformidade co establecido na Lei 1/2025, do 14 de marzo, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, e nas normas de elección.

O señor PRESIDENTE: Rematado este punto, continuamos coa orde do día. Texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de medidas para a consolidación, afianzamento e radicación empresarial en Galicia e contra a deslocalización empresarial

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Ruanova Vilas-Boas.



O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, presidente.

Antes de entrar coa proposición de lei, quería sinalar que ao comezo desta sesión plenaria tivemos que presenciar como o Partido Popular vetou a comparecencia dun presidente que ten moito, moito que explicar. O presidente Rueda estivo meses, nin días, nin semanas, catro meses, encubriendo un presunto agresor sexual, e agora o Partido Popular non quere que o señor Rueda dea a cara neste Parlamento para explicar por que mantivo no Goberno un presunto agresor sexual. *(Aplausos.)*

A denuncia contra o señor Villares tamén nos demostra unha cousa: que todas as conquistas que leva acadando o feminismo neste país fan que cada vez máis mulleres se atrevan a alzar a voz contra a violencia machista. E nós xa sabemos de que parte está o Partido Popular, que, entre bicos e abrazos, *(O señor Ruanova Vilas-Boas mostra unha fotografía.)* despiden un presunto agresor, e cero palabras e cero solidariedade coa vítima. *(Aplausos.)*

Dende o BNG queremos mostrar toda a nosa solidariedade, todo o noso respecto para a vítima, e sobre todo toda a nosa repulsa para este Partido Popular que está lanzando unha perigosa mensaxe ás mulleres deste país e sobre todo está dando un espectáculo lamentable. *(Aplausos.)*

O proxecto lexislativo que trae o Bloque Nacionalista hoxe aquí facémolo para abordar un fenómeno que nos afecta directamente na nosa economía e no futuro do noso territorio: a deslocalización empresarial. Xa abordamos neste mesmo pleno, a iniciativa do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, este fenómeno, e definímolos nun sentido amplo.

Un fenómeno amparado na globalización da economía e nun modelo de capitalismo salvaxe que obriga a que moitas empresas teñan que competir entre elas, perdendo incluso a perspectiva do desenvolvemento local do territorio no que están implantadas.

Podemos entender a deslocalización empresarial como un proceso polo cal unha empresa traslada parte ou todas as súas operacións dende o seu país orixinal a outro lugar, normalmente con menores custos laborais, fiscais, ambientais ou loxísticos. Para o noso tecido produtivo, isto supón a saída de empresas e a perda de traballadores afincados en Galiza cara a outros países ou incluso cara a outros territorios do propio Estado, a través do denominado *dumping* fiscal.

Unha das razóns máis frecuentes da deslocalización é a busca da redución dos custos produtivos en moitos países, como Asia, como África, incluso como América Latina. Os salarios son significativamente máis baixos que na Galiza, e isto permite ás empresas aumentar os seus beneficios, en pos dese capitalismo salvaxe. Tamén as lexislacións en termos ambientais, de ordenación do territorio e de beneficios fiscais fan que algunhas empresas decidan ir trasladando a súa actividade cara a fóra do noso país, coas graves consecuencias que iso ten para a nosa economía, para o noso emprego e tamén para o conxunto das cadeas de valor dependentes.

Tamén —¿por que non dicilo?— afecta a falta dunha política industrial definida e clara e con obxectivos definidos no longo prazo, sostida no tempo, neste país. A ausencia de apoios



consistentes, a burocracia e a excesiva falta de apoio e de planificación económica no longo prazo fan que moitas empresas decidan trasladarse. A deslocalización ten consecuencias moi graves para a nosa economía e para a nosa sociedade, e o efecto máis visible é a perda de emprego.

Historicamente, percorrendo a deslocalización neste país no sector téxtil galego, a través —como digo— deste fenómeno, mais tamén da perda de galeguidade dos seus centros, provocou a desaparición de innumerables empregos e incluso a desaparición de empresas como Caramelo. E, máis recentemente, a deslocalización de empresas tractoras, como Stellantis, leva causando innumerables expedientes de regulación de emprego e despedimentos na propia matriz.

Mais o tecido produtivo non só está formado por grandes empresas, senón que sobre todo está formado por pequenas e medianas empresas que dependen das grandes como subcontratas e como auxiliares. Cando unha empresa grande deslocaliza, estas pemes quedan sen clientes e sen poder pechar os ciclos produtivos, perdendo pedidos destas grandes empresas, provocando un efecto dominó.

Estamos vendo como as citadas deslocalizacións da matriz da automoción xa levan causando centos de empregos destruídos tamén nas auxiliares, como levamos denunciando dende o Bloque Nacionalista Galego dende o inicio desta lexislatura. E dende aquí, dende o BNG queremos trasladar o noso apoio particular ao persoal de Faurecia-Ourense, (*Aplausos.*) cuxos empregos están pendendo dun fío pola deslocalización nos pedidos da matriz. E tamén queremos deixar aquí o recado á Consellería de Economía e Industria para que se reúna cos traballadores e coas traballadoras, como levan demandando durante meses. Dende o BNG, forza e solidariedade para as traballadoras da automoción. (*Aplausos.*)

Menos empresas e menos persoas traballando significa tamén menos ingresos para as arcas públicas, nun sistema de financiamento xa deficitario para este país. E isto acaba limitando a nosa capacidade de investimento noutros servizos. Cando unha empresa deslocaliza ou se vai fóra, pérdense anos de experiencia, pérdese formación técnica e pérdese coñecemento acumulado. E levámolo padecendo en sectores como, por exemplo, o mar-industria, onde o traslado de unidades produtivas cara aos denominados países *low cost* leva acarreado caída de emprego e perda do saber facer galego, que non corresponde co aumento de facturación que si experimentan estas empresas; menos formación, menos emprego en Galiza, pero os petos dalgunha multinacional, moito máis cheos.

E a deslocalización tamén ten un impacto emocional importante. As persoas senten inseguridade laboral, perden identidade profesional e en moitos casos teñen que emigrar ou adaptarse a novos sectores onde as condicións laborais non son tan boas. Podemos comprobalo en servizos vencellados ás telecomunicacións, e en casos tan recentes como a ameaza de ERE de Teleperformance, que poñen máis de catrocentos empregos en risco na cidade da Coruña.

Paralelamente a este contexto de deslocalizacións, o Goberno da Xunta de Galiza decidiu relegar a súa política industrial á elaboración de liñas de axuda, que acaba reducindo o Exe-



cutivo galego, a consellería e os seus organismos autónomos a meros intermediarios de capital, pero sen unha vontade clara de transformar o noso tecido produtivo e sen obxectivos concretos ao longo prazo que nos permitan unha mellor e máis eficiente modernización industrial, así como a creación de emprego máis estable, nin tampouco a consolidación das cadeas de valor do noso país e o peche de ciclos.

Este modelo é dun volume tal que, por exemplo, só no primeiro trimestre deste ano, a través de axudas a empresas do Igape, están comprometidos preto de 186 millóns de euros en liñas de axuda, moitas delas sen concorrência competitiva, sen avaliación de obxectivos específicos e simplemente entregadas por orde de solicitude.

Polo tanto, a cantidade e a intensidade de recursos que se destinan a subvencións ás empresas é tal que se fan precisas ferramentas que permitan unha contrapartida real das ditas subvencións en termos de xeración de emprego de calidade e de retorno económico e cohesión social no noso territorio.

A normativa actual non está impedindo que a través de subvencións públicas certas empresas deslocalicen actividades, o que acaba provocando un ineficiente uso dos recursos públicos.

E, polo tanto, dende o Bloque Nacionalista Galego propoñemos esta proposición de lei como unha lei valente. Traemos esta proposta como punto de partida cara a un mellor uso dos cartos, para que quen queira deslocalizar non o poida facer a través dos recursos públicos, que efectivamente poderían ser utilizados noutras vías. En definitiva, o que traemos o BNG hoxe aquí é unha lei que corrixa a falta de eficiencia coa que o Goberno do Partido Popular reparte os recursos públicos, abordando un fenómeno como a deslocalización que xa se leva cobrando demasiados empregos neste país.

Señorías, esta Lei de consolidación, afianzamento, e radicación empresarial e contra a deslocalización non leva este nome por casualidade, nin por unha redacción poética. Leva este nome porque precisamente dende o Bloque Nacionalista Galego estamos convencidas de que, abordando a problemática da deslocalización, poderemos mellorar o conxunto dos sectores produtivos e a relación que estes teñen co noso país.

En primeiro lugar, esta lei busca definir cando se pode entender que unha empresa incorre en deslocalización. Para iso, teñen que darse dúas circunstancias: que se reduza a actividade dunha empresa dentro do territorio galego e nun período comparable se incremente a actividade desa empresa de xeito proporcional fóra do noso territorio. ¿E como cuantificamos isto? Pois dende o BNG entendemos que o mellor xeito de cuantificalo é establecer un parámetro único que nos permita homoxeneizar isto e que tamén represente cal é o impacto da deslocalización: o emprego; polo tanto, unha redución significativa do emprego en Galiza e un aumento proporcional noutro territorio fóra sería motivo de declaración de deslocalización.

En segundo lugar, ¿sobre quen afectaría esta lexislación? Pois esta lei busca facer un uso eficiente dos recursos públicos e, polo tanto, será de aplicación para aquelas empresas con centro de traballo en Galiza que recibiran algún tipo de subvención da Administración galega.



E tamén deberá de poñerse nas bases reguladoras das subvencións a declaración responsable das empresas de que non incorrerán en deslocalizacións.

Pero ¿que implica a declaración de deslocalización dunha empresa? Obviamente, esta declaración será competencia do Consello de Goberno despois dun exhaustivo informe por parte da Consellería de Economía e Industria no que analice cada caso en concreto. E no momento efectivo no que se declare que unha empresa deslocalizou, que incorreu en deslocalización, esta deberá devolver todas as axudas e subvencións nos dez anos anteriores a esta declaración, aboando os xuros que corresponden a cada subvención e aplicándolle un recargo do 25 por cento polo mal uso que se fixo dos recursos públicos, porque son recursos que se poderían ter utilizado noutros propósitos e noutras empresas.

En último lugar, pero non menos importante, para poder actuar sobre un fenómeno, para poder modificar e coñecer un fenómeno, hai que estudalo e avalialo, e por iso esta lei propón a creación dun ente dentro da Consellería de Economía e Industria que efectivamente avale, analice e faga consideracións sobre os procesos de deslocalización e o seu impacto no noso país.

En resumo, señorías, a lei que o Bloque Nacionalista Galego presenta hoxe aquí é unha lei que vai a favor das empresas que están facendo ben as cousas, unha lei que quere que aquelas empresas que están contribuíndo a xerar riqueza e emprego de calidade no noso país se poidan ver beneficiadas duns recursos públicos que teñen que reverter realmente na nosa economía e no noso desenvolvemento.

E dende o BNG somos absolutamente conscientes de que unha lei por si mesma non vai impedir que unha empresa que quere deslocalizar deslocalice, mais si podemos impedir que as deslocalizacións se fagan a través de recursos públicos, limitando efectivamente o acceso a estes recursos a empresas que deslocalizaran no pasado e que pensen deslocalizar no futuro. Porque o que é un disparate é que cos cartos das galegas e galegos se estea financiando a produción de empresas fóra do noso territorio.

E aquí está o *leitmotiv* desta iniciativa: garantir un uso adecuado dos cartos que son das galegas e dos galegos, para que se poidan desenvolver políticas efectivas e —¿por que non dicilo?— tamén para presentar que hai outro xeito de dirixir este país. O BNG ten claro que o centro das súas alternativas, que o centro das súas decisións é ter Galiza e as galegas como centro tamén das súas propostas.

Polo tanto, instamos os grupos desta Cámara a sumarse a pensar de verdade este país en grande e non só de xeito discursivo, poñer as persoas e as empresas que están facendo ben as cousas no centro e blindar que os recursos públicos —que, insisto, son de todos e de todas— garantan un desenvolvemento conxunto da sociedade e tamén do tecido produtivo deste país.

Moito obrigado.

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

(O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Como muller e con orgullo de pertencer ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que é un partido netamente feminista, é absolutamente condenable o que pasou no Goberno galego, ese peche de filas encabezado polo señor Rueda con todos os conselleiros rodeando e abrazando o exconselleiro de Pesca, o señor Villares. E, como dicía a fiscalía do Tribunal Supremo nas declaracións que se fixeron esta fin de semana, hai que abrazar sempre de maneira incuestionable a vítima, señorías. *(Aplausos.)*

Dito isto, ademais, cremos nós as socialistas de Galicia que Galicia non é unha peza máis do taboleiro político madrileño e, por desgraza, é o que estamos a ver todos os días co presidente Rueda. Galicia é unha terra seria, con idioma propio, o galego, que queremos falar aquí, en Madrid e en Europa. Mentres algúns montan concentracións fretando autobuses, ¿non?, como para ir a Lourdes pedir milagres, nós, os socialistas galegos, defendemos o que importa, que son as industrias galegas sostibles, a transición enerxética, a aposta polas enerxías renovables, así como empregos dignos de calidade e, sobre todo, o fortalecemento do Estado de benestar, que é unha identidade propia da socialdemocracia galega.

As decisións téñense que tomar aquí e non en Madrid, e o seguidismo do señor Rueda é absolutamente indefendible. Ademais, a nosa oportunidade é a nosa variedade. Galicia é un referente en múltiples sectores industriais: o téxtil, a automoción, o metalúrxico, o naval, a defensa, a seguridade ou a industria conserveira; sectores industriais que queremos que, ademais, se enraícen aquí en Galicia, nos que as grandes empresas tractoras —si ou si— deben tamén contar coas pemes, as pequenas empresas e tamén os autónomos, que non poden quedar atrás neste camiño difícil que é o da transición enerxética ou o da reindustrialización, que debe ser xusta e non deixar ningunha parte do tecido produtivo nesta cadea de valor.

Hoxe debatemos a iniciativa da Proposición de lei para evitar a deslocalización de empresas no noso país, que, ben —dito xa con todo o debido respecto ao seu contido— pois agocha certo cheiro de mensaxe negativa, de que realmente hai unha certa desconfianza no sector industrial. E para as socialistas de Galicia —e quero dicilo ben alto e claro— a industria é un sector nuclear para a prosperidade do noso país. ¿Por que? Porque é un dos motores do progreso económico, do benestar social, da cohesión territorial do noso país, xera empregos



máis estables e mellor pagados que outros sectores económicos, sobre todo porque temos unha forte dependencia do sector servizos, e estamos moi lonxe dese 20 por cento do PIB industrial que nos sinala Europa.

Por outra banda, a política estase a cambalear, como estamos vendo con ese presidente con esa guerra arancelaria de Estados Unidos. E realmente non está facendo nada a Xunta de Galicia para gañar esa autonomía estratéxica, o que implica —cremos nós— pensar en global, pensar máis en mellor Europa, pensar en máis e mellor unión e solidariedade e pensar en máis e mellor cohesión social e territorial, fuxindo —cremos os socialistas— de illamento ou de ideas de soberanías nacionalistas desfasadas e ancoradas no pasado.

E, se observamos o que pasa aquí, as socialistas de Galicia cremos que a política industrial galega precisa un cambio de rumbo, non hai un selo propio galego; como está a pasar con Faurecia, en Ourense, que leva esperando ser escoitada pola Xunta de Galicia. Todo o apoio do Partido Socialista de Galicia aos traballadores e traballadoras de Faurecia-Ourense. (Aplausos.)

E o mesmo pasa coa enerxía. Non hai unha política enerxética dos nosos recursos naturais, bandazos e máis bandazos. Unha inseguridade xurídica sen precedentes estamos a vivir co desenvolvemento da enerxía eólica no noso país; oitenta parques eólicos suspendidos xudicialmente. E realmente eu creo que algo terá que ver a responsabilidade do Goberno galego, que leva dezaseis anos no Goberno. Vaise falar mañá do parque eólico do Campelo, do tema das sinerxías e dos parques eólicos que comparten puntos de evacuación de enerxía. Nada ten que ver co que está pasando nestes autos xudiciais. Non hai unha soa sentenza do Supremo que se pronuncie sobre o *periculum in mora* dos danos medioambientais en moitos dos autos de suspensión do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Pero logo temos que ver declaracións vergoñentas do portavoz do PPdeG aquí no Parlamento, que cargou tintas a semana pasada en rolda de prensa contra o maxistrado da Sección 3ª; intolerable nun Estado de dereito. Iso si, logo queren ser o adaíl do Estado de dereito, con máis de trinta causas penais pendentes representantes do Partido Popular.

Pero non me parece raro tampouco, porque xa que forma parte da bancada do PP, unha persoa que dixo que o Tribunal Constitucional é o cancro da democracia. Ou prefiren alabar a honorabilidade dun presunto agresor, con abrazos incluídos, que poñerse do lado da vítima. Ou rescatando das cloacas máis profundas do PPdeG e recuperando o exdirector xeral de Administración Local da Xunta, exmembro da Falange Española, para o que a acusación pide cincuenta e tres anos de prisión pola trama de hidrocarburos que se está investigando na Audiencia Nacional. Esa é a realidade do PP e do PP de Galicia.

Dito o cal, neste eido industrial o Goberno galego debería deseñar unha estratexia definida, aproveitarse das oportunidades da economía verde, da economía circular, das enerxías renovables e, sobre todo, en consonancia co Pacto verde europeo que se asinou polo Goberno de España e do que cada vez máis coa boca pequena, pero tamén coa boca grande, o PP está renegando.



E vemos tamén como o señor Rueda aposta por macrocelulosas, como o proxecto industrial no corazón de Galicia.

Respecto da proposición de lei para evitar a deslocalización das industrias galegas, se ben temos importantes matizacións do seu contido, co que non estamos en absoluta sintonía, imos apoiar a súa toma en consideración, polos seguintes motivos.

Primeiro, pola defensa do tecido produtivo e do emprego galego, sen dúbida ningunha, onde realmente as empresas tractoras que aproveiten os nosos recursos teñen que contar, si ou si, con esa obriga ética e política de permanecer aquí, enraizar, como dicía, en Galicia, e contar sobre todo tamén coas pequenas e medianas empresas e cos autónomas galegos.

A segunda cuestión, por gañar autonomía económica. É evidente que a cadea de valor, como dicía, que quede aquí, que se peche o ciclo, evitar esa deslocalización a medida para gañar esa autonomía económica. Sobre todo temos a sorte de ter Stellantis, Inditex, pero queremos que quede aquí a rede auxiliar destas industrias. Fabrican compoñentes de transmisión de enerxía electrónica, carrocería, ou montan tendas de Zara ou achegan mobiliario a toda a plataforma loxística de Inditex.

E unha terceira razón. Porque se queremos desenvolver o noso autogoberno, que agora parece que está tan de moda para o señor Rueda despois do tema da Lei do litoral, pois hai precedentes noutras comunidades autónomas e, sobre todo, hai tramitándose un Proxecto de lei de industria estatal polo Goberno de España, que establece medidas moi efectivas para evitar esa deslocalización.

Falo de medidas postas en marcha en Euskadi, en Navarra, en Cataluña. Tamén medidas valentes e progresistas dun Proxecto de lei de autonomía estratéxica estatal, que, ben, dixo aquí a conselleira Lorenzana que eran competencias exclusivas da Xunta de Galicia; desenvolvan unha lei, exerzan as competencias, que están gobernando e tanto falan de autogoberno.

Esta lei establece medidas tan útiles como obrigar as empresas que reciban axudas a que permaneza aquí a súa actividade e a reintegrar as axudas se deslocalizan sen xustificación. Ou impulsar a creación dun fondo público para apoiar a continuidade da actividade ameaza polo peche. O Catálogo estatal do solo industrial, para facilitar a reubicación rápida de empresas en zonas afectadas por peches industriais, moi importante, por exemplo, aquí nas zonas afectadas pola transición xusta nas Pontes e en Meirama. A prioridade de proxectos de arraigamento territorial, que agora si o permite Europa.

En definitiva, é o momento de actuar con valentía, de legislar con responsabilidade e poñer os intereses de Galicia por riba de calquera outra lóxica partidista. E Rueda está a facer absolutamente o contrario. As ferramentas legais existen, pero a vontade política do PPdeG temo que non.

Moitas grazas.

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor Ruanova, véxome na obriga de recordarlle que encubrir un delincuente é un delito, e que facer esa acusación contra toda evidencia, ademais de amosar unha tremenda irresponsabilidade, tamén é un delito. É un delito de calumnias, no que vostede se atreve a incorrer grazas á súa condición de aforado, por certo, a mesma á que renunciou o conselleiro de Pesca. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Para o caso de que o descoñeza, infórmoo de que non cabe o encubrimento cando os feitos supostamente encubertos xa están en coñecemento das autoridades competentes antes de que se produza esa situación. Así que eu pediríalle que se medise vostede nas súas afirmacións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Iglesias, dixo vostede que, como muller, criticaba as actuacións da Xunta esta semana. Supoño que, como socialista, as aplaude, supoño.

Permítame a lectura das previsións do código ético do Partido Socialista. En caso de que algunha das persoas sinaladas no parágrafo anterior —cargos públicos—, no procedemento penal se dite auto de apertura de xuízo oral, deberá solicitar a baixa voluntaria como afiliado e dimitir do seu cargo; en caso contrario, poderá ser suspendido cautelarmente de militancia e, no seu caso, expulsado do partido cando o procedemento se siga por delitos de cofeito, tráfico de influencias, malversación, violencia de xénero, delitos de acoso e discriminación, contra a liberdade e indemnidade sexual, torturas ou contra a integridade moral.

Hai que ter moi pouca vergoña para meter iso no seu código ético e de conduta e vir hoxe aquí pedir responsabilidades a quen dimitiu moito antes dese momento, dando un exemplo do que vostedes son absolutamente incapaces, incapaces. *(Aplausos.)*

Por certo, que critique as miñas declaracións sobre os parques eólicos da pasada semana, o mesmo día no que o equipo de opinión sincronizada está a cargar contra os xuíces que están a tramitar as causas do fiscal xeral do Estado, a piques de sentarse no banquillo dos acusados, ou do señor Gallardo, ao que vostedes lle propiciaron un aforamento *express*, previa dimisión de cinco dos seus compañeiros, simplemente é a mostra fehaciente da súa escasa catadura moral á hora de valorar estes feitos. *(Aplausos.)* Dígollo sinceramente.

Miren, señorías, centrándonos xa no tema que nos trae hoxe a debate, resulta paradoxal, jeh!, que a organización política que máis e mellor se ten esforzado por bloquear a implantación de industria en Galicia hoxe pretenda ilustrarnos sobre como evitar a deslocalización das mesmas empresas ás que bloquea.



Pero este paradoxo podería ser incluso unha boa nova se na proposición de lei do BNG se adiviñase un cambio de actitude ou un plantexamento distinto respecto da súa tradicional oposición a calquera proxecto industrial que pretenda desenvolverse na nosa comunidade autónoma, pero, desgraciadamente, ese non é o caso.

Baixo ese pomposo título de Lei de medidas para a consolidación, afianzamento e radicación empresarial en Galicia e contra a deslocalización empresarial, preséntasenos un texto que non contempla nin unha soa medida para a consolidación, nin unha soa medida de afianzamento, nin unha soa medida de radicación de empresas en Galicia e, por certo, tampouco propón unha soa medida para evitar a súa deslocalización empresarial.

Esta proposición de lei non é máis que un mal refrito da normativa doutros territorios, despoxada —iso si— de todo contido real. Vostede afirmaba que era unha lei valente. Eu cualificaríaa dunha lei baleira.

¿Pódeme dicir vostede en que artigo deste texto están as súas propostas para consolidar ou atraer empresas ao noso país? ¿Pódeme aclarar en cal das quince páxinas se describen as medidas para evitar a deslocalización? Porque a realidade é que esas quince páxinas da súa proposición de lei pois poderían resumirse perfectamente nun único artigo, que rezaría algo así como: as empresas que recibisen subvencións da Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades dela dependentes deberán reintegrar as mesmas nun período de cinco anos dende o seu outorgamento se reducen o seu persoal en Galicia nun terzo. Isto é todo o que di a súa proposición de lei. Bastaría con incluír este parágrafo na Lei de subvencións como causa de reintegro para incorporar integramente as súas propostas. Porque calquera outra que estea na súa lei queda subsumida nesta. Paréceme escasa bagaxe para a tramitación dunha proposición de lei.

Porque o certo é que xa existen instrumentos que delimitan as condicións da obtención de subvencións e axudas públicas tanto na normativa estatal como na europea, como tamén na galega; delimitacións que permiten establecer os períodos mínimos de mantemento de investimentos asociados ás axudas públicas, atendendo por certo á natureza concreta desas axudas e ao obxectivo específico de cada unha delas.

Sobran exemplos disto no Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no Fondo Social Europeo +, no Fondo de Transición Xusta, no Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura, tamén nos fondos de carácter estatal e tamén nas convocatorias da Xunta, como, por exemplo, o Plan Galicia emprega, de incentivos á contratación na empresa ordinaria. Pero vostedes ou descoñecen a súa existencia ou simplemente prefiren ignorala conscientemente.

Afortunadamente, si podemos afirmar que o Goberno galego xa ten impulsado un amplo abano de medidas enfocadas —estas si— a favorecer a implantación de iniciativas empresariais e industriais no noso país, a través dunha estratexia de política industrial baseada na planificación e alonxada do populismo, do alarmismo e da xenofobia empresarial; unha estratexia sustentada en tres principios claros: estabilidade económica e política, garantías de seguridade xurídica e respecto á liberdade de empresa e á liberdade de establecemento. (Aplausos.)



E, señoría, baixo esas premisas está a traballar a Xunta nunha nova política industrial baseada no binomio enerxía-industria, como sempre, por certo, sen a súa colaboración.

Exemplo destas medidas pódolle facilitar algunha. Por exemplo, a facilitación de solo industrial gratis durante oito anos para fomentar a implantación de novas empresas. Ou o impulso de tres novas figuras na Lei de medidas de 2025, como son a zona de aceleración de proxectos empresariais e solo, as zonas de implantación prioritaria de proxectos industriais, as zonas industriais rurais; cada unha delas para crear, para atender un problema específico en relación co solo industrial. As medidas de simplificación e flexibilización para a declaración dos PIE, ampliando estes proxectos a súa tramitación simplificada a partir dos 2 millóns de euros de investimento e da creación de máis de vinte e cinco empregos. Os plans directores para desenvolver o potencial de determinados sectores concretos; nove sectores estratéxicos temos declarados neste momento: naval, automoción, metal, industria loxística, forestal, madeira, construción, alimentación e téxtil, e dous deles, automoción e naval, xa teñen completado o seu plan estratéxico.

Poderíamos falar do Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, da Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, aprobada en outubro neste Parlamento, coma sempre, sen o seu apoio. A creación da Oficina Económica de Galicia, para que funcione como punto único de atención e asesoramento e acompañamento empresarial. Os préstamos estratéxicos ao investimento, que permiten a consolidación e o novo investimento en empresa. E este mesmo ano o Igape puxo en marcha unha nova modalidade de préstamos directos específicos para apoiar procesos de concentración empresarial, que inclúen fusións, absorcións, adquisición de unidades produtivas e tamén —hai que dicilo— o traslado de centro de traballo a Galicia; ou, se o prefire vostede, unha deslocalización á inversa, é dicir, a atracción de centros de produción que están fóra de Galicia a este rincón da península ibérica.

Fronte a esta batería de medidas enfocadas ao fomento empresarial e industrial, a alternativa pois xa é máis que coñecida, ¿verdade?; o ruído, a algarada, a mobilización social, a descualificación ao traballo dos técnicos e o xa coñecido «non» a todo; un compendio de hipocrisía e arbitrariedade no que un mesmo grupo pode afirmar unha cousa e a súa contraria ao mesmo tempo e sen inmutarse. Un día apláudese o respaldo dos técnicos a un proxecto industrial e outro descualifícase o respaldo deses mesmos técnicos a outro proxecto distinto. Un día négase o apoio a un proxecto que non pecha o ciclo produtivo e ao seguinte día véstase outro que si o pecha. Aplauden unha industria por instalarse nun concello ao mesmo tempo que tentan expulsar esa mesma industria doutro concello galego... É unha mostra máis da constante contradición na que vive a esquerda galega. Son vostedes os ecoloxistas que vetan permanentemente calquera proxecto de enerxía verde. Son vostedes os garantes do emprego industrial, que vetan calquera iniciativa industrial no noso país, e agora son vostedes os combatentes contra a deslocalización empresarial que vetan a chegada de calquera proxecto á nosa terra. (*Aplausos.*) ¡Vaia currículo, señorías! ¡Vaia currículo!

Nós cremos que Galicia merece algo mellor. Galicia merece unha política industrial coherente, sostible e que redunde en beneficios para o conxunto dos galegos. E, sinceramente, se o BNG quere contribuír a esa aspiración, que creo que é compartida pola inmensa maioría



da sociedade galega, bastaría con que deixase de poñer paus nas rodas. Porque, señor Ruanova, o primeiro paso para evitar a deslocalización de empresas —que non está contido, por certo, na súa proposición de lei— é permitir que estas se instalen en Galicia sen atravesar un calvario de bulos e manipulacións. Moitas das empresas, por certo, que hoxe vostedes temen que deslocalicen son empresas que están en Galicia grazas a deslocalizacións que se produciron antes respecto doutros países. ¿Que sería da nosa comarca —¿verdade, señor Ruanova?— se Citroën fai unhas cantas décadas non tivera deslocalizado parte da súa produción para permitir converterse na empresa fundamental que impulsa a primeira cidade de Galicia? Reflexionen un pouco sobre isto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Ruanova.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, presidente.

Señor Pazos, eu sei que vostede é un home políglota, que sabe moitos idiomas, pero cando dicimos «presunto» na nosa intervención, non estamos falando de xamón, estamos falando de «presunto agresor sexual». (*Aplausos.*) Así que, se quere vir aquí a dicir barbaridades como as que dixó, primeiro, escoite as intervencións das persoas que o precederon. Eu non sei se foi igual ese domingo que pasaron *cara al sol*, que igual os deixou cun pouco unha xordeira, pero imos ver tamén o manual do Partido Popular, palabras do señor Tellado: «*Si Yolanda lo sabía y lo tapó, debe asumir responsabilidades políticas de forma inmediata*». Isto é o que dicía o señor Tellado, membro do Partido Popular, ante o caso da agresión sexual que se fixo contra Errejón. Pero neste caso concreto, na presunta agresión sexual que se fixo sobre a causa que se fai sobre o señor Villares, aplican a súa característica xordeira absoluta, cerran filas para protexer un presunto agresor e, o que é máis preocupante, están lanzando unha mensaxe moi perigosa ás mulleres deste país de que cada vez que alcen a voz van ter un goberno diante que non vai confiar nelas nunca. (*Aplausos.*)

Sobre o tema que nos trae esta proposición de lei, a proposta que traemos dende o BNG non é un soño irrealizable, é algo que xa está funcionando en Euskadi ou en Navarra, e estase consolidando o tecido produtivo. Nós nesta proposición de lei definimos ben cal é o factor sobre o que queremos actuar, que é o factor da deslocalización, e o que queremos é que se faga un uso dos recursos públicos escrupulosamente controlado para que revertan na nosa economía. Aquí non se está falando de que as empresas que queiran deslocalizar non vaian deslocalizar, por suposto que o van facer, pero trátase de que non o poidan facer a través de recursos públicos; ese debe ser o obxectivo de calquera goberno que queira gobernar cos pés aquí.

Esta proposición é unha alternativa que presentamos ao *modus operandi* da Xunta do Partido Popular; un xeito de facer baixo aparentes boas intencións no que se desvían fondos a empresas que, ao final, non están revertendo realmente na nosa economía. ¿Acaso hoxe hai un emprego máis estable na industria deste país? ¿Acaso o tecido produtivo está innovando ao mesmo nivel que o do conxunto do Estado? ¿Acaso estamos xerando patentes propias neste



país? Para exemplo, só hai que ver o uso perverso dos cartos co caso da K9. A través do Inega e do Igape, o Goberno do Partido Popular entrega preto de 8 millóns de euros a PSA naquel momento para o deseño dunha plataforma para a fabricación de vehículos eléctricos tipo K9. Pénsase en Vigo, deséñase en Vigo, planifícase en Vigo e, no propio convenio para entregar eses cartos —eses 8 millóns de euros— a PSA establécese que se deben fabricar eses vehículos en Vigo. ¿E que está pasando hoxe? Que se están fabricando en Turquía, xerando o valor engadido en Turquía e xerando emprego en Turquía. Ese é o uso perverso e iso é o que queremos cortar con esta lei. (Aplausos.)

Se lles parece pouco ambiciosa esta lexislación, permitan a súa tramitación e despois poderase mellorar esta lexislación, poderán facer as súas aportacións. Permitan que vaia para adiante na súa tramitación, porque, se non, van ter que explicarlle ao 90 por cento das pemes deste país por que non queren que se garanta un uso dos fondos públicos eficiente que tamén vaia para elas. Van ter que explicarlles ás galegas e aos galegos —tamén a 700.000 galegas que os votaron a vostedes— por que non queren que haxa garantías de que os recursos públicos vaian destinados exclusivamente á mellora económica e social deste país.

E, señorías, remato xa. Fronte a un PP máis preocupado de que non haxa transparencia na entrega dos recursos públicos, o BNG traemos propostas para garantir un escrupuloso control dos cartos que son das galegas e dos galegos. Fronte ao PP sen obxectivos claros en políticas económicas ben definidas no longo prazo, que non están impedindo deslocalizacións, o BNG presentamos alternativas para tecer sinerxías entre as empresas e o desenvolvemento do noso territorio, e fronte ao Partido Popular do «non» a blindar os cartos das galegas, do «non» a un desenvolvemento autocentrado e do «non» a facer das subvencións públicas unha ferramenta de desenvolvemento propio, o BNG ten unha alternativa clara que lle diga «si» a este país e aos sectores produtivos.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate procedemos á votación.

Votación do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Neste caso, votamos a toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de medidas para a consolidación, afianzamento e radicación empresarial en Galicia e contra a deslocalización empresarial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto terceiro da orde do día, comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre a situación do transporte en Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Grazas, presidente.

Señorías, comparezo hoxe a petición propia nesta Cámara para informar da situación do transporte público en Galicia. É obvio que a nosa situación xeográfica, a orografía, a dispersión territorial ou a idade media da poboación condicionan as nosas necesidades de transporte e o deseño dos servizos de transporte que precisamos. Pero a valía e a calidade dos servizos públicos mídense precisamente pola capacidade de adaptación ás peculiaridades do territorio e da poboación á que serven. Claro que cando falamos de servizos públicos hai un termo moi relevante e sobre todo moi condicionante, que son os recursos, e os recursos, como ben sabemos todos, son imprescindibles pero non son infinitos. Por conseguinte, cando falamos de transporte, como de calquera outro servizo de carácter público, os que temos a responsabilidade de gobernar debemos casar elementos que ás veces son difíciles de equilibrar. Temos que ofrecer aos usuarios un servizo eficaz, competitivo e adaptado ás súas necesidades e debemos poñer á disposición dos cidadáns un servizo público útil e de calidade, e debemos facelo, ademais, ponderando tamén o orzamento asignado.

Partindo destas premisas, vou analizar agora as principais modalidades de transporte que están en maior ou menor medida ao servizo da mobilidade dos galegos. Empezamos polo transporte ferroviario. Estes son algúns exemplos do día a día no transporte ferroviario en Galicia —son noticias destes últimos tres meses—: «Ferrol pierde la única conexión directa por tren que le quedaba con Madrid». «Renfe programa más trenes directos a Barcelona, pero se resiste en Galicia». «El viaje en tren entre Santiago y Lugo duplica el tiempo y el precio al del bus». «Trenes llenos en la línea Galicia-Madrid, pese a tener más del triple de prazas». «Retrasos y trayectos a medias, problemas más frecuentes del tren en Galicia». «Tramos del corredor atlántico que deben acabarse en el 2030 no estarán en obras hasta el año 2028». «Renfe pondrá un tren matutino en A Gudiña si lo paga Ourense y Zamora». «Sin noticias de la compensación a Galicia y a Asturias en los precios del AVE al carecer de competencia». «Lugo queda al margen de la mejora de los trenes y no habrá viajes de mañana a Madrid». «El caos ferroviario se extiende en Lugo, ajena a mejoras en horarios y servicios». «Renfe farda del tijeretazo en A Gudiña, una acogida excepcional».

Trens convencionais suprimidos, avarías, incumprimentos de horarios e de tempo, supresión de servizos, cambio de horarios, insuficiencia de oferta nos trens do Eixo Atlántico entre as 6 e as 7.30 horas da mañá, ao mediodía ou a última hora da tarde son un exemplo claro. Como tamén na conexión A Coruña-Santiago-Ourense, nas saídas dende Ourense pola mañá e no



regreso dende A Coruña pola tarde. E isto non é unha afirmación do Goberno galego, senón que o son de plataformas como Media distancia Galicia ou da plataforma Perder o tren.

Polo tanto, fallos nas webs e aplicacións de Renfe, limitacións na venda anticipada. Somos a única zona de España onde non se poden comprar con suficiente antelación os billetes; en toda España pódese, pero en Galicia, non, porque Renfe non confía na calidade do servizo aos galegos e, polo tanto, ten capada a capacidade de poder comprar billetes, como se pode facer noutras partes de España,

Xa só no que respecta á alta velocidade, podería facer aquí un relatorio moi avultado sobre as promesas incumpridas do Goberno central durante os últimos anos; uns incumprimentos que non fan máis que afondar nos agravios comparativos dos que sistematicamente é obxecto Galicia por parte do Goberno central. Este lamento vai camiño de converterse nun himno, porque non deixaremos de reivindicar o que Galicia merece e todo o que se lles prometeu aos galegos. E, como xa dixemos en numerosas ocasións, non queremos ser máis ca ninguén, pero tampouco nos conformaremos con menos.

A realidade innegable é que en 2018 o Ministerio de Transportes se comprometeu a uns tempos de viaxe entre Madrid e as cidades de Galicia e no ano 2025 aínda non se cumpriu ningunha destas promesas.

Pero deixando de lado a tardanza na chegada do AVE ou a demora na entrada dos servizos dos trens AVRIL, imprescindibles para que a alta velocidade pasase de Ourense, hai que lembrar que cando por fin chegaron en maio de 2024 só permitiron substituír catro expedicións feitas por Alvia. Nada das nove frecuencias novas anunciadas e pouco do recorte no tempo de percorrido. Se en decembro de 2021 tiñamos dez frecuencias, por sentido na conexión Galicia-Madrid, empezamos 2025 coas mesmas frecuencias por sentido.

Resumo: tres anos despois da chegada do AVE a Ourense, ademais de seguir pendente a variante exterior, seguimos tendo as mesmas conexións que tiñamos con Madrid. E iso pasa a pesar de que o número de viaxeiros do AVE no eixo Madrid-Galicia non deixa de medrar. Segundo Adif, nos datos do pasado febreiro, o maior crecemento experimentado, o 58,7 por cento, dáse precisamente no corredor Madrid-Asturias-Galicia, en comparativa co ano 2023-2024.

Polo tanto, a falta de planificación e de xestión dos servizos ferroviarios constata o desdén co que o Goberno central trata os galegos. Coas modificacións que se empezaron a aplicar este luns, esta situación faise, se cabe, aínda máis ostentosa. Hai que apuntar como única palmeira no deserto que o reforzo para as vacacións de verán que se iniciou e se rematará o 30 de setembro supón engadir unha frecuencia por sentido, ata once, pero non supón ningunha mellora con respecto ao reforzo realizado durante o ano 2024 no período estival e de Nadal. Ou sexa, nada. É certo que se dobra o número de prazas ao cambiar os Alvia polos AVRIL, pero en ningún caso permitirá acoller a demanda que existe. Esta foi unha das cousas que lle expuñamos ao propio ministro cando o AVE chegou por primeira vez ou pasou de Ourense. Diciamos que, efectivamente, había unha demanda crecente, que era necesario non só ir substituíndo os trens Alvia por trens AVRIL, senón que, ademais, era necesario introducir novas frecuencias, posto que a demanda era moi grande.



É preocupante tamén que Renfe modificase o horario de dezaseis servizos rexionais, que non hai que esquecerse deles porque son moi importantes en Galicia: Avant en media distancia, que conecta A Coruña con Vigo, Ferrol e Ourense, e Ourense con Lugo, que, loxicamente, tamén se modifican ou directamente eliminan a conexión con trens AVE e Avlo Galicia-Madrid. O resultado é que a semana pasada Ferrol perde a única conexión directa con Madrid —a única, tiña unha e agora ten cero—; Lugo, aínda que mantén un Alvia directo, non incorpora novas frecuencias e aumenta a 40 minutos o tempo de espera; e A Gudiña, porta de entrada do AVE en Galicia, punto de referencia para todo o oriente ourensán e boa parte de Zamora, non ten conexión con Madrid antes das 12 horas e perde unha frecuencia, ao igual que Vilagarcía —que, por certo, estamos ou están algúns todos calados—. Pero unha resposta insólita ante esta protesta e esta demanda que fan moitas persoas e moitas institucións é que Renfe considera que para poder poñer un tren dende A Gudiña á primeira hora quen o ten que pagar son as comunidades autónomas e as deputacións de Ourense e Zamora. Supoño que será un chiste, porque doutra maneira isto non se entendería.

Nós defendemos e defenderemos sempre a mellora dos servizos ferroviarios en Galicia, demandaremos máis conexións e mellores servizos, pero nunca a custa de confrontar e reducir os servizos noutros territorios ou mesmo de prexudicar o propio. E é que en política non todo vale. Non sería coherente que estivésemos reprochando ao Goberno central os agravios comparativos que fai con Galicia ao tempo que defendemos mellorar os nosos servizos a custa de empeorar os servizos noutros territorios. Nesa liorta ao Goberno galego non nos van atopar. Queremos máis e mellores servizos para os galegos, para todos os galegos e non fomentar desigualdades entre territorios e diferenza de trato entre os cidadáns.

No medio deste descalabro constante, o Goberno central, experto en xogar ao despiste, sacou da gorra o novo estudo sobre a viabilidade dunha rede de proximidade entre A Coruña e Vigo que din que podería ver a luz no ano 2026. Aínda estamos agardando pola conexión ferroviaria directa entre Lugo e Santiago. É sobradamente coñecido o noso malestar pola desatención de que son obxecto os servizos de proximidade e media distancia por parte do Goberno central e o noso apoio á creación dunha rede de cercanías, efectivamente, que cubra as necesidades dos galegos.

Créanme cando lles digo que desexamos que estes anuncios se convertan en feitos, pero hai unha lista tan longa de incumprimentos que, de entrada, nos fai ser un pouco escépticos con este tipo de declaracións. Casualmente sempre coinciden no tempo coa redución ou co empeoramento do transporte ferroviario, e todos sabemos o que pasou coa eliminación dos servizos durante a pandemia. Neste saco de noticias sempre coñecidas a través dos medios de comunicación e nunca —repito, nunca— de xeito directo, sitúase o novo atraso da liberalización da alta velocidade a Galicia para dar entrada a outras operadoras.

Din agora que iniciarán o proceso en outono. Estaremos expectantes, porque hai moito tempo que avogamos por acabar co monopolio de Renfe, e poderán dispoñer de novos operadores para ampliar a oferta. Agora ben, todo o que nos teñen manifestado os susceptibles novos operadores é que esa liberalización ten unha certa trampa, posto que para poder acceder a Galicia necesitan vehículos con ancho variable, e a día de hoxe non os teñen. E aínda que os contratasen no día de mañá tardarían bastantes anos en ter dispoñibles esas unidades



para poder chegar ás distintas cidades de Galicia. Polo tanto, é unha liberalización —permítame a expresión— un tanto tramposa, porque sabemos que non vai ser certa, cando menos ata dentro de bastantes anos.

Por certo, dende o Goberno galego insistimos reiteradamente ante o Goberno central na necesidade de reducir o custo dos billetes por parte de Renfe, máxime ante esa rebaixa dos canons por uso de infraestrutura e das instalacións ferroviarias e ante a inminente fin dos bonos de transporte o vindeiro 1 de xullo. Nese momento, cando as tarifas mensuais oscilen entre os 100 e os 200 euros farase ostensible unha vez máis a falla de equidade territorial.

É unha mágoa que despois de case un ano, prometido o interlocutor de Renfe coa Xunta de Galicia, aínda non teñamos o contacto, o teléfono ou o *mail* dese interlocutor con Renfe para poder aclarar, explicar ou darnos conta das melloras que poidan introducir no servizo, ou cando menos preguntar cales son as causas dos problemas que temos no día a día. Igual que sería importante ter constituído ese grupo de traballo para avanzar na concreción de obras e prazos previstos no Plan director do Corredor Atlántico. Dende logo, a Xunta non fomos convocados a ningunha reunión dese grupo de traballo. Igual que hai un ano que levamos pedindo o Plan director do Corredor Atlántico e no día de hoxe, un ano máis tarde, aínda non temos o Plan director do Corredor Atlántico, que é onde se contemplan as obras que son necesarias para impulsar e poñer en marcha o Corredor Atlántico, os prazos nos que se vai levar a cabo e os investimentos necesarios para que esas obras se rematen.

En definitiva, son moitos os retos que temos por diante neste asunto, pero sobre todo interesa saber como se van concretar esas obras e eses avances. Ademais, hai obras que, aínda non levándose a cabo no territorio galego, son importantísimas no Corredor Atlántico, como eses 120 quilómetros de vía única que aínda temos en Castela e León para poder chegar a Galicia.

E antes de deixar as infraestruturas ferroviarias, gustaríame falar un segundo das intermodais. Saben vostedes que as intermodais da Coruña e de Lugo están en obras a día de hoxe. Na intermodal da Coruña invístense 45 millóns de euros, dos que a Xunta aporta 20,6, e as tarefas que lle corresponde executar á Administración autonómica, que son a estación de autobuses, o aparcamento e algúns elementos comúns, van a bo ritmo, e agardamos que poidan estar rematadas a finais deste ano. Na intermodal de Lugo, cun orzamento de 49,3 millóns de euros, 13,7 son aportados pola Xunta. Agardamos que o aparcadoiro, que contará con 240 prazas, estea listo a finais deste ano e a estación de autobuses a finais do vindeiro ano.

Como saben, as actuacións pendentes no Eixo Atlántico ferroviario céntranse nos seus extremos: A Coruña, Ferrol e Vigo-fronteira portuguesa. No que atinxe ao primeiro extremo norte, é básico o *bypass* de Betanzos, que parece ser que está en exposición pública o estudo informativo e que o investimento necesario é cerca de 30 millóns de euros e dous anos de execución, pero nada sabemos acerca da redacción do proxecto. É necesario que se concrete a planificación da mellora da liña entre Ferrol e A Coruña, non só para pasaxeiros, senón tamén para mercancías, e que se desbloquee o convenio con Adif para a estación intermodal, porque é a única cidade —repito, é a única cidade— de Galicia na que non firmamos un con-



venio con Adif, pese a pedirlllo o propio ministro hai ano e pico; e a día de hoxe aínda non podemos firmar ese convenio porque Adif non quere.

Ante esa falta de concreción nesta parte do trazado, a Xunta impulsou un estudo para mellorar a mobilidade e o transporte ferroviario nesta comarca —creo que fixemos un bo traballo—; un estudo meditado que lle acabamos de presentar hai un par de semanas a todos os voceiros municipais do Concello de Ferrol. É un estudo que busca conseguir baixar o tempo de viaxe actual entre Ferrol e A Coruña dos 80 minutos actuais a 45; de 80 a 45. Así sería realmente competitivo co servizo de transporte en autobús ou ben co desprazamento no coche, que é realmente o que se busca. *(Aplausos.)*

No que respecta á conexión con Portugal, seguimos reclamando un cronograma claro e un programa de investimentos para a saída sur de Vigo e, por descontado, para a conexión co porto de Bouzas. Hai un estudo informativo que di o Goberno central que está elaborando. Vai con bastantes meses de atraso. Cada vez que se aproxima a data na que se comprometeron a facelo público, despois dun atraso, volven dar unha nova data, cun investimento duns seiscentos millóns de euros, pero que deixa fóra o ramal de conexión co porto. No que atinxe ao tramo entre O Porriño e a fronteira portuguesa, di o Goberno que está a traballar na licitación dun estudo informativo, pero non temos absolutamente idea acerca dese estudo informativo. E xa non falamos da ponte internacional, que sería necesaria para conectarnos con Portugal, que aí xa recoñecen que nin sequera hai un estudo informativo nin contactos con Portugal. O que si sabemos é que, tendo en conta todos os trámites pendentes, é imposible cumprir os prazos. Por moito que algúns se empeñen en falar cara a adiante, pensando que igual xa non están aquí cando chegue ese prazo, a día de hoxe é imposible de cumprir que no ano 2032 esteamos conectados por AVE con Portugal. Máis ben será no 2036 ou sucesivos, pero, dende logo, non no 2032. E no día de hoxe non podemos deixar de citar que a única conexión ferroviaria que temos con Portugal é o tren Celta entre Vigo e Porto, que necesita 2 horas e 20 minutos. Isto dá idea do tipo de material do que falamos e do tipo de infraestrutura da que falamos.

No que respecta ao corredor ferroviario Ourense-Monforte-Lugo, hai que dicir que o pasado mes de novembro se abriron ao tráfico os 46 quilómetros que separan Ourense de Monforte de Lemos, tras as obras de mellora e electrificación da vía; unhas obras que ían durar oito meses pero que se prolongaron ano e medio; e unhas obras ás que se dedicaron nada máis e nada menos que 550 millóns de euros. Pero é a metade do orzamento que estaba previsto adicar a ese tramo entre Ourense e Monforte. Estaba previsto adicar máis de 1.000 millóns de euros e adicáronse finalmente 550. Son unhas obras nas que se eliminaron as variantes dos Peares e Rubiáns, imprescindibles para reducir os tempos de viaxe entre Ourense e Lugo; e unhas obras que eliminan a posibilidade de que Lugo e Ourense estean conectadas por alta velocidade. É dicir, Lugo vai ser unha cidade capital de provincia que vai ter unha estación intermodal para a chegada do AVE, pero quero que saiban vostedes que o AVE nunca vai chegar a Lugo, porque a vía tal cal está é imposible. Hai algún tramo que pode chegar a acadar os 160 quilómetros por hora, pero na maior parte do trazado ten que ir a 60 quilómetros por hora ese tren entre Ourense e Lugo.



Na liña do Miño son habituais as incidencias consecuencia da deterioración extrema na que se atopa, ata tal punto que algúns actores falan incluso de problemas de seguridade, aínda que, para atender o requirimento de modernización desta liña Vigo-Redondela-Guillarei-Ourense, feita pola Unión Europea, se precisa un investimento mínimo de 265 millóns de euros. O importe contratado no día de hoxe é menos do 40 por cento, e nada se sabe cando se licitarán os preto de cen quilómetros entre Guillarei e Ourense. Un exemplo máis da desidia do Goberno central.

Non podo deixar de referirme á rede de ancho métrico Ferrol-Ribadeo, que tamén acumula no seu haber unha longa lista de incidencias. Nada sabemos dese plan de actuacións para a renovación integral desta infraestrutura, nin da electrificación do tramo entre Ferrol e Cudillero. Por non saber, tampouco sabemos nada sobre a repartición dese novo material rodante, despois do atranco que supuxo descartarse os trens encargados polo Ministerio, que non cabían polos túneles; unha cousa que lle pode pasar a calquera.

Pero é certo que Galicia tamén quedou damnificada, porque non nos permiten formar parte dese grupo de traballo e, polo tanto, non sabemos absolutamente nada do novo material rodante para o FEVE. Pero tamén nos excluiron, xa que froito dese pequeno fallo de encargar trens máis grandes que o túnel, o Goberno central decidiu compensar a Asturias e a Cantabria cunha medida, e é que todos os viaxeiros do tren de ferrocarril de vía estreita puideron viaxar de balde en Asturias e en Cantabria, pero Galicia xa quedou afastada de formar parte dese grupo onde se estuda o material rodante que se vai entregar, e tamén quedou afastada desta medida de viaxar de balde. En Galicia, se queren viaxar no FEVE, teñen que pagar; parece ser que aquí os túneles eran aínda bastante máis pequenos.

En definitiva, e para pechar este capítulo do transporte ferroviario, Galicia precisa que o Goberno cumpra cos seus compromisos no que á execución de infraestruturas e dotación de servizos se refire.

Estamos convencidos de que hai que aproveitar as potencialidades da alta velocidade, pero sen desatender o ferrocarril convencional, imprescindible para facilitar a mobilidade interior dos galegos.

Vou facer unha pequena referencia ao transporte aéreo, porque Galicia claro que comparte que é necesario ter un mapa de rutas coordinado e consensuado. De feito, fíxense vostedes, hai un par de meses o Goberno central, a través do secretario de Estado e a través de Aena, convocounos no aeroporto de Santiago aos tres alcaldes e alcaldesas —o da cidade de Vigo, a da cidade de Santiago e a da cidade da Coruña— e tamén á Xunta de Galicia. Convocounos o secretario de Estado, e convócanos a formar parte da reunión que habitualmente se fai de... ¿Saben vostedes de que órgano? Do Comité de Coordinación Aeroportuaria.

Nós pensamos que alí, realmente, se ía coordinar, pero non, alí o Goberno central o que quería era que a Xunta de Galicia puxese cartos, igual que algún ou algunha alcaldesa. Nós dixémoslle que facemos unha promoción intensa de Galicia, pero o noso modelo é facer unha promoción intensa de Galicia nos sitios de orixe; é dicir, nós intentamos que a xente doutros



destinos acuda a Galicia e poida escoller, loxicamente, o sistema de transporte que queiramos. E investimos durante o ano que vén 10 millóns de euros.

Quedou demostrado naquela reunión que o trato é exactamente igual para todos e que nós seguiremos apostando por iso. E é curioso, porque nesa reunión o Goberno se referiu a que algunha aeroliña de baixo custo —por todos coñecida— lle estaba facendo unha especie de ameaza, pedíndolle que tiña que rebaixar as taxas aeroportuarias dalgúns aeroportos. Aena dixo naquela reunión que non ía entrar nesa subasta e que non ía permitir que esa empresa —Ryanair— fixese iso co sistema aeroportuario galego, para, a continuación, pedirllas aos gobernos locais e ao Goberno autonómico que lles paguemos a esas empresas —que, segundo Aena, están extorsionando Aena— para que poidan voar aos aeroportos galegos.

Cando menos, merece unha reflexión. A min paréceme ben que non se deixe extorsionar Aena por ninguén, pero comprenderán que tamén me parece ben que non extorsionen aos concellos, e moito menos á Xunta de Galicia, porque a competencia no sistema aeroportuario non é da Xunta de Galicia e tampouco dos concellos, é do Estado. ¡É do Estado, señorías!

Tamén puxemos de relevo que é importante que se estude e que se tomen as medidas necesarias de por que as aeroliñas tradicionais, dende a pandemia, non recuperaron as frecuencias. Porque, ao non recuperar as frecuencias, limitan a oferta das prazas dispoñibles, os voos van moito máis completos e o custo de cada praza se dispara.

A día de hoxe escoller ou buscar un billete para desprazarse a Madrid cunha semana de antelación supón gastar máis de 400 euros, e iso non é normal. E Aena, o Goberno, permítelles a estas aeroliñas que, ademais de non cumprir con todos os *slots* que tiñan, con todas as frecuencias que había antes da covid, incluso substituír os avións. Hai frecuencias onde operan a través doutras compañías e onde o número de prazas se reduce a máis da metade, co conseguinte encarecemento das prazas e a redución da oferta. Esta é a situación do transporte por avión.

E entramos no autobús, no transporte por carretera. En primeiro lugar, co mapa que está a trazar o Ministerio, como saben, o Goberno central sabe moi ben como xerar malestar entre todos os territorios. Isto é unánime, con independencia da cor política da comunidade autónoma.

Saben vostedes que as liñas que teñen orixe nunha comunidade e destino noutra comunidade distinta son competencia do Estado, e o Estado está a facer un novo mapa, pero nese novo mapa concesional das liñas de autobús estatal reducía os tráfico, eliminaba paradas e fomentaba os transbordos, o que supuña o abandono total do rural. Non é para menos, eliminaba nada máis e nada menos en toda España que 1.400 paradas e deixaba sen servizo a máis de 3 millóns de cidadáns. É curioso, porque unha das queixas que normalmente sempre teñen os grupos que están aquí na oposición é que non hai paradas, que hai que poñer máis paradas, pero ¿que fai o Goberno do Partido Socialista e os seus socios? Eliminar paradas. Agora, aí non dicimos nada, aí miramos para outro lado.

É verdade que a contestación social fixo que o Goberno recapacitase, e no 2024 presenta un novo borrador, pero segue na mesma liña: elimina case o 50 por cento das rutas, suprimense



9.305 paradas e 1.417 municipios e 3,2 millóns de persoas vense afectados. Esta á segunda revisión.

Dende todas as comunidades autónomas pedímoslle unha conferencia sectorial para falar deste asunto, porque, ademais, o Goberno central, cando lle dicimos que nos van suprimir paradas, di: xa, non hai problema, porque eses servizos agora os vai prestar a Comunidade Autónoma. ¿Como? Si, si, temos que prestar a Comunidade Autónoma. ¿E iso por que? Bueno, porque son desprazamentos dentro da comunidade. Xa, pero había un servizo estatal que estaba solventando iso e vostede agora o vai suprimir porque quere. E din: non se preocupen, que lles imos dar cartos. Analizamos o financiamento e dixemos: bueno, a ver se é verdade. Resulta que analizamos os custos e danos a décima parte dos custos; iso si, dous anos. A partir do segundo ano, ¡alá vostedes!, se o queren ou o suprimen definitivamente. Esta é a maneira de traballar do Ministerio con este mapa concesional que afecta as catro provincias de Galicia.

A proposta en Galicia: elimínanse 90 rutas... Elimínanse paradas, perdón, que pasaron de 23 a 22; deixaron unha parada nesa revisión que lles comentaba. E neste punto estamos, pendentes de que o Ministerio, cando estime oportuno, se reúna nunha conferencia sectorial cos conselleiros de Transportes de todas as comunidades de España e poidamos debater e falar sobre este asunto. O que pasa, nesas conferencias sectoriais e como ten pasado tamén na de xustiza e noutras conferencias sectoriais nas que puiden participar, é que, como o Goberno non ten a maioría de apoio das comunidades autónomas, o primeiro que fai é non convocalas. Prefire facer unha reunión técnica onde vai chamando un a un a técnicos das distintas comunidades e dá por feito todos os cambios que quere levar a cabo.

Pero isto non é así. Hai que falar e explicar ás comunidades autónomas que é o que se pretende facer, e non o fan. Levamos ano e medio pedindo unha comisión sectorial única e exclusivamente para falar do mapa concesional e non nola dan. ¡Non nola dan!, senón que queren mirar para outro lado e seguir cara adiante. É moi significativo este mal proceder do Goberno, que nin antes nin agora queren facer estas conferencias sectoriais de transportes.

É obvio que no deseño deste mapa non se tivo en conta, nin primou, o interese público nin o social, nin a vertebración, e iso da «España vaciada», loxicamente, ao Goberno quedalle moi lonxe. Este mapa concesional restrinxe a atención ás zonas urbanas e metropolitanas, polo que é evidente que o Goberno central non ten ningún interese en vertebrar o territorio nin en combater a despoboación.

Nós entendemos o transporte público como un servizo vivo, en constante adaptación e mellora. Tanto é así que dende a implantación do Plan de transporte público de Galicia, a Rede de servizos de autobús interurbano pasou de 900 a 3.600 liñas —catro veces máis—, de 20.000 paradas a 58.000 paradas —case o triplo de paradas— e as frecuencias aumentaron de 1,48 millóns de servizos ao ano a 2,36 millóns; é dicir, un 60 por cento máis. E seguro que quedan por facer. (Aplausos.) ¡E seguro que quedan por facer!

Pero non hai dúbida de que o transporte interurbano de competencia autonómica funciona razoablemente ben, cando menos. Acredita esta afirmación que o número de viaxeiros non



parou de medrar, pero non parou de medrar dende os últimos catro anos. Non é un crecemento puntual. Só neste último mes de marzo se realizaron 3.443.377 viaxes, un 12,09 por cento máis que o mesmo período do ano anterior. E ese plan segue hoxe asentado nos mesmos principios cos que se puxo en marcha: a sostibilidade, a eficiencia e a racionalidade. Mantemos a defensa do transporte como un servizo público, esencial, e traballamos cada día para garantir que sexa sostible, eficiente, útil e accesible a todos.

Estamos convencidos de que gran parte do atractivo do noso transporte vén motivado pola política de bonificacións que promovemos —é certo—, entre a que destaca a Tarxeta de mobilidade Galicia Xente Nova e máis recentemente a Tarifa +65. A través destas medidas, tanto as persoas menores de 21 como as maiores de 65 teñen ata 60 viaxes de balde no bus interurbano e no ferrocarril de proximidade na área de Ferrol, así como no transporte marítimo na ría de Vigo.

Nos catro primeiro meses de 2025 realizáronse 2.414.993 viaxes bonificadas usando a Tarxeta Xente Nova, o que implica un aforro para as familias dun importe de case 2,2 millóns de euros. *(Aplausos.)* No que vai de 2025, neses primeiros catros meses, na Tarifa +65 realizáronse 1.557.607 viaxes, unha suba do 27 por cento, comparado co mesmo período do ano 2024, e en total isto supuxo un aforro para os usuarios próximo ao millón de euros.

Neste momento, ata o mes de abril hai expedidas 193.420 tarxetas Xente Nova e 157.506 de +65. Como é ben sabido, señorías, a Xunta leva anos apostando por bonificar as viaxes nos autobuses interurbanos para fomentar o seu emprego e facelo máis económico para os usuarios. Estas bonificacións fináncianse con fondos propios da Administración autonómica, pero tamén con transferencias do Goberno de España.

A partir do 1 de xullo —en menos dun mes—, en virtude do Real decreto lei 1/2025, modifícanse as achegas do Estado ao financiamento destas bonificacións, que pasan do 30 por cento ao 20 por cento; é dicir, redúcense os cartos que achega o Goberno central, e os galegos pagaremos máis polas viaxes en autobús, porque o Goberno minguou as súas axudas.

Este real decreto tamén restrinxen a aplicación dos descontos ao autobús urbano e interurbano, deixando fóra ao transporte marítimo e ferroviario, que nós si incluímos nos nosos descontos.

E no que corresponde á parte autonómica, nós, dende a Xunta, como xa anunciamos no seu día, manteremos esa aportación fixa ata final de ano, que aportabamos esas rebaixas excepcionais do 50 por cento. Estes cambios, que, como digo, se fan efectivos o vindeiro 1 de xullo, levarán implícito un incremento no prezo do billete de arredor do 10 por cento; un 10 por cento que pagaremos os galegos porque o Goberno central así o decidiu.

A modo de resumo, e sumando as bonificacións reducidas do Estado e as que mantén a Xunta na súa integridade, a partir do 1 de xullo aplicárase un 20 por cento de desconto en todas as tarxetas de mobilidade de Galicia, ao que se sumará o 15 por cento nos usuarios recorrentes que realicen máis de corenta viaxes ao mes e o 50 por cento a familias numerosas. As viaxes coa Tarxeta Xente Nova e a Tarifa +65 seguirán sendo gratuítas, e no que respecta ao trans-



porte metropolitano, a Xunta seguirá financiando o 80 por cento. Os transbordos realízanse no tempo establecido e bonifícanse o cen por cento do billete de tren e do transporte marítimo no transporte metropolitano de Ferrol e Vigo, respectivamente. *(Aplausos.)*

No que atinxe ao transporte de competencia autonómica, estamos inmersos nun reto importante, como é a preparación da próxima licitación do transporte escolar, como saben. A nosa previsión é que os contratos entren en vigor no próximo curso, cunha vixencia inicial de dous anos, prorrogables un máximo de tres.

As novidades máis importantes desta nova licitación son que os números de contratos pasarán de 57 a 71. A ampliación responde á busca da mellor eficiencia na prestación das rutas e á repartición destas en contratos máis pequenos. Loxicamente, fomenta a concorrencia de participación de empresas máis pequenas.

Para fomentar a eficiencia, eliminamos paradas que estaban planificadas pero que agora non teñen alumnos, o que nos permitirá reducir tamén a duración dos servizos en beneficio dos usuarios. E tamén integraremos algúns servizos nas liñas de transporte compartido, reordenaremos xeograficamente algúns lotes e nalgúns casos fusionaremos contratos con outros e noutros casos dividíremolos. Ademais, limitaremos a dez o número de lotes que poderá adxudicarse a un mesmo licitador e reforzaremos o control na prestación de servizo. O importe total da licitación ascenderá a máis de 90 millóns de euros, o que supón un incremento do 9,8 por cento con respecto á contratación do ano 2021. En total, serán 1.490 liñas de transporte escolar, nas que se seguirá mantendo o persoal acompañante, ás que hai que engadir as máis de 2.000 liñas compartidas para garantir o servizo gratuíto aos preto de 81.000 alumnos de ensinanzas obrigatorias. *(Aplausos.)*

Despois da activación o pasado 1 de xaneiro da Liña Conecta A Coruña-Lugo, proximamente sacaremos a información pública a nova concesión da Liña Conecta, que é Ferrol-estación de autobuses das Pontes-Lugo, estación de autobuses. Esta nova Liña Conecta —que agardamos que estea operativa a principios do vindeiro ano— permitirá unir Ferrol e Lugo en aproximadamente hora e media. Neste momento, dependendo do tipo de liña de frecuencia que os utilice, estamos a facer ese desprazamento entre 2 horas e 15 minutos e 1 hora e 45 minutos, no mellor dos casos. A nosa previsión é que empreguen este servizo preto de 8.500 viaxeiros ao ano. A proposta inicial contempla activar dous servizos por sentido, de luns a domingo. Deste xeito, cando a Liña Conecta funcione, Ferrol e Lugo contarán cun total de 49 servizos semanais —agora hai 21—, o que supón un incremento do 133 por cento no número de servizos. *(Aplausos.)*

A versatilidade do transporte público de Galicia constátase unha vez máis co desenvolvemento dos programas de reforzos que facemos durante o verán para dar resposta ao incremento de desprazamentos por lecer principalmente. Hai, loxicamente, un reforzo aos espazos naturais; haberá conexións á praia das Catedrais, en Ribadeo, variables en horario, segundo as mareas; ou autobuses desde Cabanas e Pontedeume con destino ao parque natural das Fragas do Eume, que o ano pasado levaron a máis de 6.000 visitantes; a festas, verbenas e festivais, que o ano pasado supuxeron máis do 80.000 usuarios; a praias ou parques acuáticos, que tradicionalmente teñen maior demanda —o ano pasado contabilizamos



neles máis de 75.000 usuarios—; e tamén se reforzarán os autobuses na comarca do Salnés e a súa conexión con Pontevedra, que empregaron o ano pasado 48.000 usuarios; os servizos nocturnos durante as fins de semana para poder desprazarse nos traxectos entre Marín, Pontevedra, Baiona e Vigo; e o corredor O Grove–Sanxenxo–Pontevedra, ao que sumaron no ano 2024 máis de 9.100 usuarios; aqueles especialmente indicados para atender as demandas dos peregrinos o ano pasado empregárono máis de 24.000 viaxeiros para vir ou ir a Santiago, Fisterra ou Pedrafita do Cebreiro. Así, segundo a planificación que temos prevista, durante as vacacións de verán, entre o 1 de xullo e o 30 de setembro, faranse 22.000 servizos específicos nun total de 90 liñas, nos que agardamos que a demanda sexa semellante á do ano pasado, na que contabilizamos máis de 245.000 usuarios. *(Aplausos.)*

Ademais, estamos ultimando novos servizos e axustes en catro concellos das Rías Baixas para adecuar as frecuencias e itinerarios ás necesidades de usuarios. Co concello da Illa de Arousa activarase unha liña de interese municipal —unha Simu— para atender a mobilidade no municipio en xullo e en agosto, que se prestará mediante un convenio coa Administración local no marco das concesións de transporte público da Xunta. Tamén de cara ao verán realizaremos axustes na configuración dos servizos Simu de Nigrán e de Sanxenxo para optimizalos tras a experiencia tamén do ano pasado. En Cangas, reforzaranse os servizos que conectan coas praias. E outro dos retos que temos por diante no eido do transporte público de competencia autonómica será planificar os novos contratos para sacalos a licitación o máis pronto posible —os que eran da UTE, e que estamos a piques de rescindir o contrato de mutuo acordo—. Este contrato presentaba unha maior dificultade para poder adaptar os seus requisitos ás necesidades reais da poboación; e modificáranse, polo tanto, estas liñas, atenderanse as demandas que foron presentadas e sacarémosto a licitación tan pronto poidamos.

Señorías, ata aquí unha breve exposición da situación na que se atopan as infraestruturas e os servizos dos principais medios de transporte público que os galegos teñen á súa disposición para planificar a súa mobilidade. Creo que quedaron patentes as diferenzas do modelo: o defendido polo Goberno galego, pola Xunta de Galicia, e o defendido polo Goberno central. Nós defendemos un modelo sostible, eficiente e racional e tamén moderno, útil e de calidade. E, conscientes das limitacións orzamentarias, sempre temos moi presente o que significa e o que se espera dun servizo público. O Goberno de Sánchez toma decisións, en demasiadas ocasións, unilaterais, claramente partidistas, nas que o único que parece prevalecer é a rendibilidade económica ou o réditto político territorializado. Dende logo, as obrigacións de servizo público nin pivotan nin fundamentan a súa actuación neste eido, porque xa non o están garantindo no transporte ferroviario e pretenden non facelo no transporte por estrada de ámbito estatal.

Somos conscientes da difícil tarefa de combinar intereses distintos, incluso moitas veces contrarios. Sabemos que introducir un cambio, por pequeno que sexa, supón unha cascada de modificacións que beneficia a uns usuarios e que a outros os prexudica, por non aludir aos condicionamentos técnicos. Poderemos atender as modificacións que nos piden ou non, pero sempre escoitamos e analizamos as peticións ou suxestións que nos trasladan, veñan de onde veñan: de usuarios, de particulares, dos concellos, das asociacións... Sempre estamos abertos a un diálogo e a buscar solucións, aínda que ás veces non é posible. O Goberno central non é partidario nin do diálogo nin da negociación, é sempre contrario a convocar os foros sectoriais previstos precisamente para tratar este tipo de cambios de interese xeral.



Nós seguiremos traballando para mellorar e facer máis atractivo o noso transporte interurbano e, deste xeito, incrementar o número de usuarios. E seguiremos reivindicando e exixindo unhas infraestruturas e un servizo axeitado ás necesidades e ao que merecen os galegos, tanto no transporte ferroviario como no transporte por estrada de competencia estatal. Convidamos a toda a Cámara a unirse á defensa dun transporte público que priorice os galegos e a exixir ao Goberno central un compromiso real con Galicia en favor dunha mobilidade que non só conecte persoas, senón que sirva tamén para a cohesión territorial e o crecemento económico da nosa comunidade.

Moitas grazas a todos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Vou falar fundamentalmente da perda de servizos na estación chamada Porta de Galicia, na Gudiña, que, como saben, está moi de moda estes días, porque precisamente se perderon esas frecuencias e eses servizos no día de onte. Nestes momentos está tendo lugar unha reunión prevista entre os alcaldes das diferentes comarcas desa zona oriental da provincia de Ourense, concretamente da zona de Monterrei, de Verín, da zona do Conso e da zona de Valdeorras, que son as máis directamente afectadas, pero hai tamén representantes dos concellos, das cámaras municipais portuguesas máis próximas á fronteira con Verín e tamén algúns alcaldes probablemente da zona de Zamora.

Aquí temos un exemplo máis do pouco que importa a provincia de Ourense tanto aos sucesivos gobernos da Xunta de Galicia como, neste caso, aos gobernos de Madrid. Este é un caso especialmente obxectivo que é difícil non velo. Era unha estación que estaba movendo unha gran cantidade de persoas de todas esas comarcas que nomeei, que estaba dando uns servizos fundamentais que redundan e redundarían —se non se quitasen eses servizos; a ver se conseguimos reverter esa situación— no asentamento poboacional desas comarcas afectadas por despoboamento demográfico, como saben —porque precisamente se anulan frecuencias de persoas que requirían esas viaxes para asistir a Madrid ou ben, con moita frecuencia, á cidade de Ourense, pero tamén á Coruña e a Vigo, xa que tamén tiñan que pensar un pouco niso, por motivos de estudos, por motivos de consultas médicas, por motivos laborais...—, que agora perden eses servizos. E moi probablemente iso, salvo que se reverta a situación —que espero que así sexa—, pois incidirá na perda de poboación desas comarcas e seguirá acentuando o problema do que sempre falamos na provincia de Ourense. E todo iso precisamente para beneficiar de xeito explícito, tanto por parte dos alcaldes da cidade de Vigo e da cidade da Coruña como por parte dos representantes do Goberno central, esas cidades da



costa, das que sempre digo que se pretenden privilexiar en detrimento dos intereses e dos dereitos dos habitantes da provincia de Ourense.

A estación da Gudiña foi probablemente a estación que lle resultou máis barata a Adif para adecuala aos servizos da alta velocidade, porque era unha estación que, digamos, no ferrocarril convencional, dispoñía duns amplos servizos —como aparcamentos de trens e outros— que fixeron que se tivese que investir moito menos diñeiro que noutras estacións; pero non se molestaron nin en facer un ascensor nin en facilitar a mobilidade de xeito digno das persoas que usan ese servizo. Foi unha estación na que se argumentou a favor do seu carácter de servizo público á hora de ter lugar as expropiacións. As expropiacións leváronse a cabo mediante uns procedementos determinados, entre os cales se incidía no carácter de servizo público dese servizo, e, entón, os procedementos da expropiación eran diferentes aos que serían se non se esgrimise ese argumento. Ou sexa, que se esgrime o carácter de servizo público á hora das expropiacións, pero esquécense á hora de argumentar a favor da perda de frecuencias, porque —segundo din— non é rendible. E cando se trata de servizo público, non se fala —como saben todos vostedes— en termos de rendibilidade. Si que sería rendible, pero nese caso, probablemente, tiveron máis importancia as presións políticas, porque casualmente —ou non tan casualmente— os alcaldes das cidades de Vigo e da Coruña pertencen a un determinado partido que neste momento coincide co que goberna o Estado central.

Realmente, esa é unha cuestión indignante para as persoas que viven na provincia de Ourense, particularmente, para as desa comarca, que xa se constituíron en plataforma cidadá. Pero, polo visto, os representantes do Goberno de Madrid e o seu delegado na Autonomía non se fixeron eco nas súas declaracións das reivindicacións desas plataformas e só faláron —aínda creo que hoxe— da grande acollida que tiveron eses cambios na cidade da Coruña e na cidade de Vigo; que, por outra parte, son uns cambios mínimos, unha ganancia non sei se de dous ou de tres minutos en cada chegada. ¿Que supón iso en comparación coas perdas de servizos para os habitantes desas comarcas, que son perdas, ao mellor, de traballo, perdas de facilidade aos accesos médicos na cidade de Ourense ou na capital de España, ou, como dicía antes, incluso nas cidades da Coruña, de Santiago e de Vigo? Iso contraponse cunha ganancia de dous ou tres minutos, que ata non o teño moi claro, porque todos os que viaxamos habitualmente en tren sabemos que os trens adoitan parar cerca das estacións de chegada con moita frecuencia porque, claro, teñen que esperar a que saian outros trens que están ocupando as vías que, ao mellor, saen con retraso. Quero dicir que cantas veces os que usamos os trens non nos damos conta de que o tren o tempo que gañou correndo moito, despois pérdeo esperando nas proximidades da estación a que saian outros trens, etcétera. Pero, aínda que así fose, nós consideramos que a ganancia dun par de minutos, ou de tres minutos, nas estacións finais de chegada, de final de traxectoria, non é comparable á perda de servizos das estacións intermedias, como neste caso a estación da Gudiña.

Pero, ademais, pasa outra cousa: se a chegada a Vigo se retrasa unha determinada cantidade de minutos, canto máis se retrase, quere dicir que máis servizo está dando nas estacións intermedias. Porque, claro, se na estación da Gudiña soben unha ou dúas persoas, a duración da parada é moito menor que se sobe unha cantidade significativa de persoas. Se se ve afectada en maior grao a hora de chegada é porque está dando moito máis servizo polo camiño,



porque está dando moita máis cobertura a moitas máis persoas. Neste caso, incluso tería que ter lugar unha discriminación positiva por parte da provincia de Ourense e da estación de parada Porta de Galicia, na Gudiña, porque, despois desta perda de servizos que tivo lugar onte, queda practicamente nos mesmos servizos que tiña a principios do século pasado co tren convencional.

Como me queda pouco tempo, só lle vou recordar tamén ao señor conselleiro presente que a Xunta se comporte de xeito proactivo no problema do transporte metropolitano da área metropolitana de Ourense. Como vostede sabe, o alcalde de Ourense e os alcaldes dos concellos limítrofes, fundamentalmente do Pereiro de Aguiar, Toén, San Cibrao das Viñas, Amoeiro etcétera, tamén se están reunindo coa Deputación, porque vostede falou antes —incluso quedei pensando— da cantidade de xente que mobilizaba o acceso ás piscinas, aos parques acuáticos e todo iso. Vostede sabe que ao principal parque acuático que están, precisamente, facendo ou ampliando, por parte da Xunta de Galicia, no Pereiro de Aguiar, a xente que vai é fundamentalmente do concello de Ourense, que está practicamente ao lado. Tamén o concello de San Cibrao das Viñas ten importantes parques empresariais, e tamén o do Pereiro etcétera.

Desde logo, nos outros concellos limítrofes, como son Toén, ou como son Punxín, ou como son Amoeiro, que, ao mellor, non dispoñen de tanta industria, incidiría na súa repoboación; a xente podería vivir con moita máis facilidade neses concellos limítrofes traballando na cidade de Ourense, o que, ademais, aliviaría tamén un pouco o problema da vivenda.

Quero dicir que se manteñan de xeito proactivo en conversación co alcalde de Ourense e con todos os alcaldes da área metropolitana, co presidente da Deputación, porque están tendo lugar estes días unhas reunións para plantexar ese problema. Tería que falar a Xunta de Galicia coas empresas concesionarias das liñas autonómicas, pero a totalidade deses concellos da área metropolitana de Ourense non terían absolutamente ningún problema, como así o manifestaron, en facer os aportes económicos necesarios para ter eses servizos. E seguramente que a Xunta podería chegar a un acordo tamén coas empresas concesionarias que tivesen dereitos adquiridos sobre esas liñas.

Nada máis —que xa me pasei do tempo— e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Hoxe é un mal día para a democracia en Galicia. Sinto vergoña da votación de hoxe na que se nega a comparecencia do presidente. Toda a nosa solidariedade cunha muller da que nunca se debeu coñecer o seu nome como denunciante dunha agresión sexual. (*Aplausos.*)



¡Mal día para este Parlamento! ¡Oxalá isto non volva ocorrer nunca máis!

Conselleiro, é bo que vostede compareza para informarnos... *(O señor López Font vírase para falar co presidente do Parlamento.)* Non teño o tempo. *(O señor presidente do Parlamento pronuncia palabras que non se perciben.)*

Conselleiro, dicía que sempre é bo que vostede compareza para informarnos da situación do transporte, que é así como reza a súa petición. Pensei que sería sobre a súa competencia, pero as súas declaracións iniciais xa anunciaban o único que pretendía: falar especificamente do ferrocarril. Literal, dixo vostede: «...dos problemas patentes...». É claro que pretendía confrontar co Goberno de España, marca da casa, de todo o PP e do Goberno da Xunta.

Merece a pena deterse neste fío condutor da súa acción política: un goberno lexítimo, o seu, de maioría absoluta, envorcando toda a súa estratexia parlamentaria en facer oposición ao Goberno de España e en facer oposición á oposición deste Parlamento. Como consecuencia desa estratexia na que vostede fixo, dende logo hoxe, oposición moi clara, rexeitan a condonación da débeda de todos os galegos e galegas, pero tamén rexeitan 7.000 millóns de euros para a construción de vivenda. E en materia de transporte e de ferrocarril, son incapaces —e demostrouno vostede— de recoñecer os avances que se produciron nos últimos anos en Galicia; si, en Galicia, conselleiro.

O importante é confrontar, tentar ser o discípulo máis cualificado da estratexia de Feijóo, aínda que iso vaia en contra dos intereses de galegos e galegas.

O transporte público, conselleiro, é unha competencia exclusiva do seu goberno; a xulgar pola súa intervención, dedican máis tempo ao que non é competencia que ao que é competencia. Isto sempre é bo lembralo, porque para vostedes as responsabilidades sempre son dos demais.

Cento cincuenta millóns de euros para xestionar o Plan de transporte público de Galicia e, cando debatemos, como hoxe, sobre este asunto, a proposta da oposición, as argumentacións, sempre estiveron no triunfalismo, na falta de transparencia á hora de entregar documentación e nas grandes cifras.

Esa visión do transporte público de Galicia de macro choca coa realidade máis inmediata dos que sofren todas as deficiencias do servizo. Porque si, se tivese tanto tempo como vostede, podería mostrar tantas páxinas de periódico como as que vostede mostrou sobre as deficiencias do transporte público en Galicia.

A argumentación de sempre, de centos de liñas, de incremento de paradas, de miles de servizos, etcétera, evidentemente, é parte da xestión. Vostede preséntao non como algo excepcional, pero é o que lles corresponde. Estaríamos ben se non houbera esa parte da xestión. Pero a realidade é o que din os usuarios e é que se producen atrasos —que vostede fala do ferrocarril, pero hai que falar do transporte que corresponde á Xunta—, moitos e habituais, incumprimentos, cancelacións... O peor desta situación, ¿sabe que é? Que os usuarios a normalizasen con resignación. E nada peor que isto, nada peor que pensar que



non se pode facer nada, e a súa intervención confirmouno. Relacionámolo aquí: deben adoptarse medidas de adecuación. Podería poñer moitos exemplos, están nas hemerotecas, nas propostas que se presentan aquí, pero vostedes non toman decisións nin achegan solucións á planificación.

Hai moitos exemplos, dicía, pero poñereille un que leva anos sen solucionarse: o problema dos traballadores e pacientes do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, da área do Morrazo, ao que se engaden os estudantes dos centros educativos da contorna. Os que traballan na quenda de mañá teñen conexión directa e poden planificar os seus horarios, pero resulta que os da quenda de tarde e noite dan unha volta —que lle gusta a vostede moito falar de hora e media— sen a mesma conexión directa que á mañá. ¿Non lle parece, conselleiro, que isto merece unha solución?

E así con outras zonas da nosa xeografía. Os problemas da liña A Coruña-Ferrol-Ponte-deume-Betanzos son habituais, e podería vostede ver vídeos dos usuarios; o mesmo que en Ferrol, con perda de frecuencias, liñas e prazas, ou como na comarca do Val Miñor, en Pontevedra, ou os problemas do servizo entre Marín e Pontevedra: autocares cheos —e pódeo ver—, con moitas persoas de pé, co risco que supón falta de atención ás persoas con discapacidade, etcétera. Son problemas que requiren de solución. E vostede, como fixo hoxe, falando das grandes cifras. Logo falamos de despoboamento... Moita graza fai o da «España vaciada» cando fala doutras cuestións, pero vostedes están na falta de atención aos ámbitos dispersos, sen facilitar un transporte adecuado.

E agora falemos de ferrocarril que, non nos enganemos, era ao que vostede viña hoxe aquí, para converter este pleno noutro asalto máis do combate co Goberno central.

Primeiro, debemos preguntarnos se o ferrocarril en Galicia está mellor que en 2018. A resposta é que si. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Debemos preguntarnos se o investimento e a aposta do futuro do Goberno de Pedro Sánchez mellora o realizado por M. Rajoy. A resposta é si, e con moito. (*Murmurios.*) Preguntámonos se os case sete anos de Rajoy supuxeron unha paralización das políticas do ferrocarril para Galicia. E a resposta é que si.

Todos estes «sis» deberíanos levar a vostedes a facer un recoñecemento do realizado por este goberno en materia de infraestruturas ferroviarias e, en consecuencia, da mellora dos servizos e frecuencias.

A chegada do AVE a Galicia é unha realidade desde maio do ano pasado. Os novos servizos AVE conectan Galicia con Madrid desde Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Santiago de Compostela e A Coruña, con paso por Ourense e A Gudiña. ¡Maio do ano pasado, conselleiro!; é dicir, hai un ano.

¿Dificultades no seu inicio? Si, como en todo o proxecto, e máis cunha complexidade tan importante como esta.

A actitude do seu Goberno da Xunta, ¿cal é? Magnificar, como fixo vostede hoxe, as incidencias que se produciron na súa implantación. Cando lles tocan a vostedes incidencias si-



milares, son normais; cando corresponden ao Goberno de España, son unha auténtica catástrofe. Alarmismo e vitimismo son as actitudes preferidas do PP.

Miren, estas melloras históricas viñeron acompañadas dunha aposta do Goberno central polos abonos gratuítos en cercanías e media distancia, o que incrementou o número de viaxeiros e o cambio de paradigma na mobilidade dunha forma que non se deu ata o momento.

Cifras —que lle gustan moito a vostede—. En catro meses do ano pasado, Renfe expediu 82.000 abonos gratuítos en Galicia. ¿Non cre, conselleiro, que só estes datos son para congratularse e recoñecer o esforzo do Goberno de España? ¿E non cre que merece a pena ser comprensivo cos problemas de implantación? Polo menos comprensivo, na mesma medida que piden para o seu goberno. Lembre o mantra do presidente Rueda: «todo é mellorable». Parece que isto só vale para vostedes. Pois, para as actuacións do Goberno central en Galicia en materia ferroviaria, todo é mellorable, e, como di o secretario de Estado, ten marxe de mellora.

E nesas melloras está o Goberno central. Xa lle digo que, para a nosa satisfacción, consecuencia tamén da exixencia dos socialistas galegos. E onte, precisamente, foi un moi bo día nestas melloras, porque desde onte Renfe incrementou o número de viaxes entre Galicia e Madrid, coa implantación dunha nova oferta de servizos comerciais que incrementou a venda de viaxes nun 40 por cento, a pesar de que se negue desde o fondo. Desde A Coruña pódese estar hoxe antes das nove horas en Madrid, e Vigo baixa das catro horas de traxecto por primeira vez, como exemplos sobresalientes.

Esta reorganización, con máis trens da serie 106, mellora os tempos de viaxe e hai máis prazas e maior disposición de billetes con prezos axustados. Eses 106 —que vostedes tanto criticaron despois da súa fase de implantación— teñen, conselleiro, 507 butacas, o dobre que os tradicionais Alvia. A era dos Alvia, conselleiro, está practicamente terminada e as melloras de onte beneficiarán a tres millóns de viaxeiros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ FONT: Conclúo.

Nun ano, conselleiro, seguro que todos valoramos positivamente esta evolución menos vostede. E conviría que recordase o encargo dos trens que fixo M. Rajoy, que forma parte da culpa dos atrasos que temos neste momento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Boa tarde xa, señor conselleiro, señor Calvo.



«O paso adiante dado por Alfonso Villares é o mellor para exercer o seu dereito a defender a súa inocencia, como calquera outro cidadán, ante a xustiza e tamén para as institucións». Esta foi a súa mensaxe en redes sociais despois da dimisión do conselleiro Villares. Eu quero dicirlle, señor Calvo, que o mellor para as institucións e o mellor para a sociedade galega é que vostedes cesasen o señor Villares en febreiro, que vostedes tivesen unha soa palabra de solidariedade e de apoio á vítima e que vostedes non utilizasen a sede do Goberno galego para encumbrar unha persoa imputada por agresión sexual, (*Aplausos.*) facendo participe a toda a sociedade galega dun encubrimento totalmente partidista para encubrir a un amigote, que foi despedido como un heroe, alimentando así o discurso da ultradereita, do negacionismo, das denuncias falsas e mandando, efectivamente, unha mensaxe moi preocupante ás mulleres que denuncian as súas agresións.

E, por se non fose pouco, outra publicación en redes dun deputado do Partido Popular —hoxe tamén sentado aquí— pasou pola dereita totalmente o que se mandou desde o Partido; esa cascada de mensaxes dirixidas a reforzar a inocencia do señor Villares, sen mencionar, sen dar unha palabra de apoio á vítima, e unha resposta a unha deputada do Partido Socialista de Lleida, solemne, clara, protocolaria, elegante, coa que dicía o señor Trenor: «*Eres tonta y mala*». ¡Incríble a onde chegan vostedes!, (*Aplausos.*) cunha sensación de impunidade, de que todo isto é seu e de que aquí non pasou nada. E hoxe vímolos aquí, neste Parlamento galego, onde vostedes queren facer coma se isto non pasase e coma se aquí non pasase nada. Pero, como rezaba o meme da famosa serie española «Aquí no hay quien viva»: «*las caras, Juan, las caras...*». E esas caras están así, de vergoña; levan coa mirada baixa dende a semana pasada, cando se descubriu o que vostedes están encubriendo. (*Aplausos.*)

Indo xa ao tema que nos ocupa, eu pensei —inxenuo de min— que vostede ía facer aquí unha disertación detallada sobre a última memoria anual do Plan de transporte, poñendo datos enriba da mesa, comparando diferentes modelos, diferentes alternativas, diferentes actuacións, e que ía vir hoxe coa documentación que lle pediu esta Cámara por unanimidade no que ten que ver cos expedientes sancionadores e toda a información referida ás concesións do Plan de transporte, pero vexo que fun demasiado inxenuo. Veu hoxe aquí simplemente a utilizar este atril do Parlamento para cargar contra o Goberno de España. E a min paréceme perfecto; nós temos bastante que dicir tamén sobre esta cuestión.

Eu creo que o que lle pasou, señor Calvo —xa que acudiu este domingo a Madrid, a esa manifestación masiva, con millóns de persoas ateigando as rúas de Madrid e con esas pancartas nas que tanto lles gusta poñerse a vostedes e que tanto criminalizan cando ten que ver con algún tipo de causa social ou con algunha causa xusta para defender o pobo galego—, é que vostede tivo problemas para chegar a Madrid; se non, non se entende esta fixación que ten vostede con esta cuestión. Efectivamente, o transporte ferroviario en Galiza é un desastre; si, correcto. Eu non lle quito nin unha das cuestións das que vostede dixo aquí: falta de horarios, supresión de servizos, cambio de horarios, incumprimento de horarios, falta de material rodante, infraestruturas totalmente obsoletas... Non llo cambio. Na análise coincidimos perfectamente, pero o que lles faltan a vostedes son propostas e proactividade. ¿Que están facendo como Goberno da Xunta para reclamar estas cuestións? Non o fixeron cando gobernaba Mariano Rajoy e non o están facendo absolutamente para nada no día de hoxe. Podemos falar de cuestións concretas. Na Conferencia de Presidentes do outro día, entendo



que este problema o puxeron enriba da mesa con vehemencia, ¿verdade? ¿Ou foron facer simplemente o paripé que demandaba a señora Ayuso e o señor Feijóo dende Madrid? Realmente, vostede está aquí para o que está, e non é para defender os intereses dos galegos e das galegas.

Dende o BNG, no acordo de investidura alcanzado con Pedro Sánchez, as cuestións ferroviarias, en todas as súas vertentes, ocuparon unha parte importante desas reclamacións: todo o tema do estudo da proximidade, o estudo tamén para a realización do *bypass* de Betanzos... Se quere, despois falamos da súa proposta de mellora do servizo ferroviario en Ferrol, porque eu creo que adolece dunha cousa fundamental, que é de ambición, jé de ambición! Non se trata para nada da transferencia do servizo de proximidade, non se fala da modernización do servizo até Ribadeo, que vostede despois fixo fincapé nela, pero non se inclúe nese estudo; e sería positivo que se incluíse non só a conexión coa Coruña, senón tamén o que ten que ver con Ribadeo. Non se inclúe absolutamente nada neste estudo da duplicación das vías, senón que simplemente se contemplan o tema dos aparcadoiros —cando, realmente, imos querer que este servizo sexa utilizado—, que haxa moitas frecuencias, etcétera. A duplicación da vía vese totalmente necesaria e non aparece tampouco no seu estudo. O que si que aparece con bastante intensidade é a cuestión da intermodal, que para nós debера ser un elemento central, pero é que antes hai moitas outras cousas. Realmente, necesitamos ter un servizo ao que despois poñerlle a intermodal, e non ter a intermodal sen os servizos, que é o que está pasando no día de hoxe, o que estabamos falando, e falámolo en moitas ocasións; de pasar dunha intermodalidade física, duns edificios, efectivamente, dotados para albergar diferentes modalidades de transporte, pero que despois perden en eficacia, perden utilidade, por como está realmente o modelo de transporte no noso país, se falamos da cuestión do transporte por estradas ou se falamos, efectivamente, da falta de modernización da infraestrutura ferroviaria, da falta de material rodante e de máis cuestións.

A min a verdade é que me é un pouco increíble defender aquí o que non pode facer o Goberno do Estado, que é, por exemplo, mandar pagar a outras administracións un servizo que debера dar, como no caso da Gudiña, ou como no caso dos servizos por estrada de competencia estatal, que nós apoiamos esa cuestión. Quen ten que pagalo é a titularidade do servizo. E despois, por exemplo, cando algúns concellos lle piden á Xunta un reforzo de horarios ou unha nova liña para cubrir unha necesidade, a Xunta o que lles di é: vale, pero pagas ti. Mentres pague o concello, nós poñemos o que faga falta. E realmente iso non é de recibo, señor conselleiro, sabendo que as competencias son súas, que unha maior capacidade económica reside no ente autonómico e que os concellos xa están bastante afogados con servizos que lles obrigan a dar, como se fixo co servizo de axuda no fogar, que estrangula a todos os concellos deste país, e vostedes non acaban de botar unha man; quizais botan unha man ao pescozo en moitos casos e non para axudar con esta cuestión.

Indo xa —quédame pouco tempo— a cuestións de transporte por estrada, aí hai varias cuestións que tratar. Eu si que intentei facer un traballo de lectura, de repaso, desta memoria anual do transporte público do Plan transporte, e o que podemos extraer é que vostede aquí dixo cuestións xerais que levan repetindo moitísimo tempo, como o aumento en liñas, en paradas e máis. Si, levan dous ou tres anos co mesmo tema, pero realmente non entramos



a valorar o que hai. Eu algo adiantei na última Comisión 2ª nunha pregunta á súa directora xeral, polos datos que reflicten as propias enquisas, da calidade do servizo que se fai na memoria de transporte, na que vemos como do ano pasado, do ano anterior, a este ano en moitos dos servizos hai unha baixada da satisfacción por parte dos usuarios e usuarias. Falaba, nese caso concreto, na Comisión 2ª, do que ten que ver co transporte compartido, con esa mala valoración e con esa baixada de valoración positiva que fan os centros de ensino.

Pero hai outras cuestións que si que deixa ver esta memoria que chaman bastante a atención, como é, por exemplo, todo o que ten que ver coa valoración do transporte por estrada na súa variante de cliente misterioso —tampouco aquí vou parar demasiado—, onde, para extraer unha valoración mellor, máis positiva, mesturan na mesma gráfica unha enquisa de calidade do servizo, por exemplo, das paradas ou da puntualidade co aspecto e a atención do condutor, por exemplo, ou con outras, como pode ser a información dos vehículos, onde hai un desfasamento moi importante, de case un 30 por cento. ¡Así, a calquera lle saen as medias, señor conselleiro! Despois, vostede di, efectivamente, que as valoracións xerais son dun 83,5 por cento positivas, pero se imos a cuestións fundamentais como é todo o que ten que ver coas paradas, información do vehículo ou a puntualidade do servizo, están nalgúns casos ata 25 puntos por debaixo desa valoración xeral, e mestúrase entre outras cuestións que realmente poden ser, cando menos, complementarias e non centrais no que ten que ser o propio servizo.

Despois, se nos imos á valoración desagregada por idades, tamén fai fincapé a memoria anual nunha cuestión que non me parece menor, que é na baixa puntuación de calidade nos menores de 21 anos. A propia memoria deixa caer ou induce a que entendamos que esa valoración se fai desde un punto de vista que para esas persoas o transporte público é gratuito e realmente non se está tendo en valor, non se está tendo en consideración, a súa opinión, cando a mocidade deste país realmente ten moito que dicir sobre como funciona o servizo de transporte público, alén da cuestión da gratuidade, que nós apoiamos e entendemos que ten que ser extensible a rangos de maior idade. Pero realmente están facendo unha valoración moito peor que outras franxas de idade pola súa necesidade de uso de transporte público.

Eu creo que debera centrar a súa comparecencia —ten tempo na segunda quenda para facelo— nas cuestións que realmente nos importan, facer realmente unha análise rigorosa e detallada sobre o que está acontecendo hoxe aquí co noso transporte e, en todo caso, levar a cabo propostas. Únanse ás propostas tamén do BNG, da transferencia dos servizos ferroviarios, da creación dun ente ferroviario galego e en todo o que ten que ver coa xestión das proximidades, porque realmente nin o seu nin ningún outro goberno do Estado vai cumprir nunca con Galiza. Se non o xestionamos nós, conselleiro, non o vai xestionar ningún.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.



Moi bos días, señorías.

Bo día, conselleiro.

Señor Font, hoxe non debatemos por unha proposta do Partido Socialista. Eu lémbrolle que estamos aquí nunha comparecencia solicitada polo Goberno, por vontade propia do Goberno, e por iso se está a dar este debate. Se xa somos incapaces sequera de poñernos de acordo no que é unha comparecencia e nas intervencións posteriores, pois é moi difícil poder dialogar. Ás veces lémbreme isto... E eu nas miñas redes tamén suelo facer referencia á teoría da estupidez humana, á que facía referencia vostede, a do italiano Cipolla. Moitas veces, cando falo de estupidez e de tontos, pois refírome nestes termos, puramente... Igual que, cando digo que os do Bloque son os tontos útiles do Partido Socialista, por suposto, refírome nestes termos; non quero eu faltar á súa intelixencia. (*Aplausos.*) Claro que si.

Pero, xa que vostede fai seguimento das miñas redes, eu pensei que lle molestarían bastante máis esas referencias que eu fixen ás publicacións dun medio de comunicación que falaba de trama de altos de cargos do Bloque Nacionalista Galego que se lucraban co sector eólico e que agora, cando pasaron á oposición, se dedicaron ao activismo ecolóxico. (*Aplausos.*) Pensei que vostede falaría diso. Claro, falar diso, ao mellor, implicaba falar dun compañeiro seu que aínda se segue lucrando presentando recursos financiados con fondos dalgunha administración pública. Pero diso a vostede non lle interesa falar, non vaia ser que os da UPG se enfaden e decidan facer con vostede outra cousa.

Pero, mire, é verdade, señor Font, que é un mal día para a democracia, porque por primeira vez hai un fiscal xeral imputado. ¡Mal día para democracia!, porque as cloacas do Partido Socialista están a pleno rendemento contra a Garda Civil, contra a UCO, contra os fiscais, contra os xuíces e contra a prensa libre. ¡Señoría, mal día, mal día! (*Aplausos.*) ¡Señoría, mal día para a democracia!

E isto prexudícanos especialmente aos galegos. Mal día porque vostedes fixeron alto cargo a xente coma Leire, a xente coma Koldo, conselleiro da empresa que ten o monopolio do transporte de pasaxeiros da nosa comunidade; ou a Jessica, que a contrataron na empresa xestora das infraestruturas ferroviarias; ou a Pardo de Vera, imputada, que foi presidenta de Adif e secretaria de Estado; ou a Ábalos, que se fixo rico roubando dos recursos que tiñan que vir para as infraestruturas galegas, entre elas tamén para os ferrocarrís.

(*Aplausos.*)

Claro, é verdade que o irmán do señor Sánchez prexudica os de Extremadura, non nos prexudica a nós directamente, pero é un mal día para a democracia que vostedes creasen unha praza de alto cargo nunha deputación para o irmán do señor Sánchez, ou que despois aforasen o señor Gallardo. Ese é o seu código ético: aforar aquelas persoas que teñen e que están sendo investigadas pola... Por suposto, aquí, en Galicia, sempre terán vostedes a complicidade do Bloque Nacionalista Galego, (*Aplausos.*) aquí e en Madrid, porque Pedro Sánchez é presidente polo apoio do Bloque Nacionalista Galego, e cada boicot, cada retraso de investi-



mento e cada cancelación de servizo é pola complicidade do Bloque Nacionalista Galego, señorías. Así é a realidade; por moito que vostedes cabeceen a realidade non a mudan.

Pero, miren, señorías, eu felicito o conselleiro, e aínda que lles moleste, aínda que estean rabiando —¡mire como están, cálmense un pouco, que están vostedes moi alterados!; reláxense...—, o conselleiro fixo aquí unha cousa que ás veces está ben en política: vir cantar as verdades do barqueiro, por moi crúa que sexa esa realidade e por moito que molesten esas verdades; por moito que incomode a oposición.

E fíxense que diferenza: este é un país no que o presidente do Goberno leva 42 días sen responder á prensa. Está desaparecido, nin un si, nin un non, nin un ata logo... ¡Desaparecido!, foxe da prensa. Leva once meses sen deixar que o entrevisten. Antes, polo menos, aínda ía facer esas entrevistas masaxe á SER. Agora xa non se fían vostedes nin da SER, non vaia ser que lles pregunten por todo iso que os incomoda. Ou quince meses sen asistir ao Senado. Ese é o Goberno do que vostedes presumen. E vostedes veñen aquí dicirlle non sei que ao conselleiro por comparecer. Miren, primeiro, para poder vostedes reprochar algo, terían que parecerse —sequera un pouco— ao nivel de autoexixencia que temos aquí. (Aplausos.)

Pero, miren, señorías, hai unhas semanas debatemos sobre a precariedade e os problemas que asedian os transportes ferroviarios en Galicia, e a vostedes parecíalles mal daquela e parécelles mal agora que o conselleiro que se encarga da mobilidade da nosa comunidade sinala que temos un problema real co transporte ferroviario na nosa comunidade e que os incumprimentos, as incidencias ou os atrasos se configuren como un problema real para os propios usuarios do transporte do ferrocarril, pero tamén para aqueles persoas que precisan da intermodalidade. O transporte ten que funcionar como un sistema, non serve de nada que a Xunta de Galicia mellore e incremente o servizo, cada vez atenda mellor os seus usuarios e usuarias dos que ten competencia, se despois resulta que o resto dos modos de transporte todos van a peor. Non ten ningún sentido. A vostede dálle igual, vostede quere illar iso; agora só toca falar disto, non toquemos os aeroportos, non toquemos o ferrocarril e non toquemos o transporte por estradas que depende de Pedro Sánchez... Non vaia ser que o PSOE se enfade e non vaia ser que, se o PSOE se enfada, retire o apoio nalgún sitio.

Pero, mire, no último mes dende que fixemos este debate, as cousas aínda foron a peor. Falabamos de que había servizos que non se estaban a prestar cunha calidade comparable á do resto do Estado, á do resto das comunidades autónomas, e isto aínda vai a peor; falabamos de que paradas —como me sinalaba un compañeiro— como Catoira, Ponteceso ou Padrón non contan con información en tempo real sobre os horarios e as chegadas dos trens, e seguimos sen tela; segue o deputado de Vilagarcía preocupado porque a Vilagarcía lle quitan esa conexión directa; a deputada de Betanzos tamén segue preocupada porque non houbo nin un só avance, nin un só anuncio que afecte a mellora da liña de tren que pasa por Betanzos, pero que afecta sobre todo a xente que vive tamén na comarca de Ferrol e da Coruña; tampouco o señor Balandrón —que está aí—, que se preocupou polo da Gudiña —aínda que a vostedes lles parecía ridículo que nos preocupásemos no Partido Popular polo que pasaba na Gudiña—, pois aquí temos o da Gudiña e Renfe presumindo e fardando do tijeirazo á Gudiña. ¡Acollida excepcional! ¡É fantástico, o Partido Socialista presumindo de que, quitando servizos, aínda están máis contentos e máis satisfeitos os usuarios! (Aplausos.)



E, claro, en Ferrol non mellorou a situación: seguen sen ter a intermodal, seguen eliminándolle conexións directas con Madrid, seguen a investir na rede que comunica coa Coruña, pero tampouco melloran a rede que sae cara a Ribadeo, que —como dicía o conselleiro— seguimos sendo discriminados respecto do resto da cornixa cantábrica. Mentres que nós temos que pagar por un servizo nefasto, no resto da cornixa cantábrica é gratuíto. Pero iso aos deputados do Partido Socialista e aos deputados do Bloque Nacionalista —incluído o de Ribadeo— parécelles fantástico, porque non é o Partido Popular o responsable deses servizos.

Pero, miren, se non son vostedes capaces de reclamar o mesmo ao Goberno central que o que nos reclaman á Xunta de Galicia, se non son capaces de reclamar o mesmo nivel de exigencia, de calidade do servizo que nos reclaman a nós, vostedes non teñen a máis mínima credibilidade, señorías; non a teñen, xa tiñan pouca, pero cada vez van quedando con menos.

E, señorías, os problemas do servizo ferroviario —como sinalaba o señor conselleiro, o señor Calvo— son moitos: investimentos pendentes, trens convencionais que foron suprimidos durante a pandemia e que aínda non se recuperaron, falta de oferta de prazas e de frecuencias en alta velocidade e media distancia que non se solucionan cos anuncios que fixo o Ministerio, incumprimento dos horarios, tempos de viaxe e supresión de servizos sen previo aviso, avarías constantes: cando non é a catenaria, falla o combustible, atáscase un baño ou é que o tren queda bloqueado no medio dunha liña férrea... E, por suposto, como ben dixo o conselleiro, é recorrente o problema coa reserva e compra de billetes para calquera tipo de viaxes, tanto de alta velocidade como de media distancia, polo colapso da *web* ou porque vostedes limitan a venda anticipada, cando noutras comunidades xa a xente, a cidadanía, pode planificar as viaxes de decembro. Aquí, en Galicia, non podemos, e a vostedes parécelles fantástico ese agravio, ese novo trato á nosa comunidade. E así poderíamos seguir con isto.

O do tema do transporte aos aeroportos galegos é de traca, ¡É alucinante que o Goberno central, do Partido Socialista, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, lle pida á Administración galega que consiga que poñamos de acordo a dous alcaldes do Partido Socialista e a unha alcaldesa do Bloque Nacionalista Galego! ¡É alucinante! ¡E a vostedes parécelles fantástico! ¡Pero falen entre vostedes! ¿Ou é que nunca falan? ¿Por que non falan os que están aquí e ao mellor conseguimos arranxar algo? Non, teñen Aena, teñen os investimentos, teñen tamén a capacidade normativa, pero pretenden que sexa a Xunta de Galicia a que medie entre os seus alcaldes. ¡É alucinante! Pero vostedes parece que é o que queren, ese estado de excepción case mental que queren vostedes instaurar e que afecta a todo.

Respecto do mapa de transporte por estrada de competencia estatal, ¡joia!, son 22 concellos aos que se lles elimina a conexión, 130.000 galegos prexudicados, eliminan 87 pagadas, e vostedes fan que todas aquelas persoas que viven no rural aínda teñan un problema maior e teñan que facer máis transbordos e perder máis tempo. Ese é o seu modelo. Cando parece que hai un consenso por parte de todas as administracións, de mellorar os servizos, de incrementar as frecuencias, de investir máis, oia, vén aquí o Goberno central e fai todo o contrario, e vostedes satisfeitos con iso, e pretenden que nos calemos, pois non imos calar.



Señorías, fronte a iso —xa o dixo moi ben o conselleiro—, está o Plan de transporte público de Galicia. E, jollo!, non estamos a falar a nivel de dimensión e de complicidade de xestión e de usuarios, de nada parecido ao seu...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...estamos a falar de 3.600 liñas que atenden máis de 58.000 paradas, que dan máis de 2,3 millóns de servizos ao ano e que percorren 58 millóns de quilómetros dese servizo. Imaxinen, señorías, se coas poucas competencias e co pouco servizo que presta en Galicia o Goberno central, se tivesen que facer isto, o caos que podería ser. Pero, con todo, vostedes, aí si que están moi exixentes. E todo iso a pesar de que a vontade e o obxectivo da Xunta de Galicia é seguir investindo, seguir mellorando, seguir adaptando o servizo ao que piden os usuarios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e ao que piden tamén os concellos. E vostedes saben que cando os concellos fan suxerencias, dende a propia Administración galega, son escoitados escoita e procúrase adaptar o servizo a todo iso.

Señorías, díxoo moi ben o señor conselleiro, hai dous modelos: un modelo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...de abandono, un modelo de non dialogar, un modelo de dispoñer, e un que prexudica o cidadán...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...que é o seu modelo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señorías, tentarei ir por orde... —deixaron aquí o bolígrafo do Bloque; pódeno levar despois— ... (*Murmurios.*) Non, é para que o saiban.

Señor Ojea, vostede falaba da Gudiña e dicía que era un exemplo do pouco que lle importaba ao Goberno central e ao Goberno da Xunta de Galicia. Eu non estou de acordo. Nós estamos participando en todas as reclamacións que se fixeron ata este momento pola supresión desa parada. Non é que avogemos por que haxa que poñer a parada, o que queremos é que haxa servizo, e si ten que haber un tren directo a maiores e unha nova frecuencia para que lle dea



servizo á Gudiña e a todos os concellos desa zona. Nós estamos de acordo, e presentamos iniciativas tamén no Congreso dos Deputados nese sentido. Polo tanto, non comparto con vostede esa dúbida en canto á preocupación.

A semana pasada reunímonos co sindicato dos traballadores do taller de Ourense, que sabe vostede que están —que ninguén os citou— preocupados porque Renfe acaba de licitar o mantemento dos trens da serie 106 —paréceme que era— e, polo tanto, entenden eles que ese servizo vai ser externalizado e que van deixar de ter traballo. Renfe parece ser que lles di que vai detraer traballos do taller de Redondela e levalos para Ourense. Non sei que lles parecerá aos traballadores de Redondela; iso, dende logo, tamén o temos por confirmar. O que nós pedimos, e lle pedimos a Renfe e ao Ministerio unha vez máis... Di vostede: non sei que fixo, e o Bloque tamén di: ¿que fan vostedes? Oia, mandamos polo conduto oficial as queixas, pedimos reunións... Non sei, podemos cortar unha vía dun tren... Eu estou seguro de que a algúns lles encantaría; de feito, seguro que teñen xa o material listo nas súas sedes, pero nós facemos todas as reclamacións no Parlamento como grupo parlamentario, facemos escritos, correos electrónicos, *mails*, cartas... pedíndolle e reclamándolle ao Goberno que dea marcha atrás e, sobre todo, pedíndolle cal é a folla de ruta que ten para os trens taller que existen de reparación no día de hoxe que ten Renfe e FEVE en Galicia. E, é máis, tamén entendemos, compartimos e pedimos que sería de recibo que en Ourense se adaptasen os talleres e que tivésenos —non na zona na que están, porque sabe vostede que queda constreñida—, un taller para os trens AVRIL, porque o que existe en Madrid está saturado, e tendo en conta que os trens AVRIL se utilizan, fundamentalmente, na conexión cara a Galicia e Asturias, ten moito sentido que existise ese taller en Ourense.

Pois esas reclamacións, señor Ojea, que saiba que a Xunta as comparte, as fixo públicas e que llas mandou ao Ministerio; polo tanto, en fin, xa lle digo, quedan poucas cousas por facer nese sentido.

Tamén reclamamos todas as obras pendentes que existen, tanto na provincia de Ourense como antes de Ourense, que tamén son necesarias para que o servizo mellore, non teña ningunha dúbida. E na conexión que faciamos entre Ourense e Lugo —xa llo dixemos e expliqueino na primeira parte—, si que se investiron. Decía o señor Font: «É que non recoñecen nada...». Non é certo, ¡non é certo! —e despois entraremos a fondo nisto—. Claro que se recoñece que se inviste en mellorar as infraestruturas, pero moito menos do que se tiña prometido e moito menos do que se pode facer; e, sobre todo, comparativamente con outros territorios, aí xa esmendrellamos os datos, porque aí si que aparecemos á cola de todos. Pero nós estamos en todas esas reclamacións en tempo e forma. Outra cousa é o resultado. ¿Que quere que lle diga que vostede non saiba?

Falaba tamén do transporte metropolitano de Ourense. Mire, con Ourense temos a mesma predisposición a facilitar..., non é exactamente o transporte metropolitano. Vostede do que fala é de que as liñas municipais de Ourense poidan achegarse aos concellos da contorna, evidentemente. Ao principio, creo que non era exacto o que dicía; ao final, concretouno. Claro que se pode facer, igual que se fai coas liñas municipais da Coruña que entran no concello de Arteixo, ou igual que se fai coas liñas municipais de Santiago que entran no concello de Teo e noutros concellos. Evidentemente, a Xunta de Galicia ten a mesma predisposición a facilitar



que se poida levar a cabo ese servizo; agora ben, como vostede tamén ben dixo, loxicamente, se se autoriza unha liña dun concello —que é carácter municipal— a entrar no concello do lado, iso xa non é competencia do concello. E hai unha liña que previamente ten esa concesión e, polo tanto, hai que establecer unha compensación cara a esa liña, non á Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia o único que fai é poñelos de acordo. E non teña dúbida de que a actitude da Xunta de Galicia cara a facilitar eses acordos é total, como o fixemos en todas as cidades sen ningún tipo de problema, e sempre e cando cheguen a acordos, ¡faltaría máis!

Señor Font, falaba vostede dun día negro da democracia. Eu case falaría dunha lexislatura negra da democracia, señor Font. Hoxe maniféstanse xuíces e fiscais en toda España... ¡Ah, faille grazas a algún deputado do Partido Socialista...! (*Murmurios.*) ¡Pois na historia poucas veces se manifestaron, eh! (*Murmurios.*) ¿E sabe por que se manifestan? Polos cambios que queren facer vostedes no acceso á carreira xudicial e no Estatuto do Ministerio Fiscal. O fiscal xeral do Estado é a primeira vez que está imputado, pero aquí non pasa nada, miramos para outro lado. Miran para outro lado vostedes e os socios, porque os socios, por manter esa sociedade e manter os sillóns, fan o que sexa, ¡o que sexa! (*Aplausos.*)

A min gustárame facer un *kit kat* no tempo e que isto que está a pasar co Goberno de Sánchez fose cun goberno do Partido Popular. ¡Uf! ¡Ai, Dios mío! (*O señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Calvo Pouso, bota unha man á cabeza.*) ¡Iamos apañados! ¡Habería que ver o Bloque, neses momentos, como se ía poñer! Pero agora son mansiños, son mansiños. Aquí son bravos cando falan coa Xunta, pero, cando teñen que mirar para o lado, mansiños, mansiños; aí non se moven. (*Aplausos.*)

Dicía o señor Font que veño aquí confrontar, e utilizaba dous criterios que me chaman moito a atención. Dicía: vén vostede confrontar co Goberno de España, porque fala do que non é competencia, e vén falar en contra do Goberno central. E eu dixen: ¡pero isto non pode ser! ¿Este señor de onde é?, ¿de Vigo? Pero, se é de Vigo, ¿quen criticou as frecuencias do AVE? O alcalde de Vigo criticou o Goberno central. Por certo, ¿o AVE é competencia municipal? ¿Ou quen criticou que o Goberno do Estado cambie un xulgado de Instrución por un xulgado de Violencia e lle pida ao Estado que cambie de tal...? ¿Quen o fixo? ¿É competencia do alcalde? ¿Ou é que o alcalde, se é do PSOE, pode falar do que lle dea a gana, e nós, por ser do PP, non podemos falar do que queiramos? ¿Cal é o criterio que aplica vostede nesa forma de razoar?

Eu vin falar do transporte público, do que se sufraga con financiamento da Xunta de Galicia e do que se sufraga con financiamento público doutras administracións e que afecta os galegos. Supoño que poderei, porque vostede ao seu xefe non lle vai dicir que non fale. Duraría menos que unha piruleta á porta dun colexio, ¿verdade? Pois, efectivamente, claro que vimos falar destas cousas.

Vimos dar conta a petición propia, como dicía o voceiro do Partido Popular; a petición propia, señor Font. Se vostede ten algunha iniciativa ou quere facer algunha pregunta, atenderémolo encantados. Pero é verdade que o fixo o deputado e portavoz do Partido Popular. ¡Oia!, eu xa comparecín varias veces aquí, e nas comisións fan preguntas, hai un cupo, poden facelas e veñen contestar os membros do Goberno. (*Murmurios.*) ¡Oxalá noutras administracións ti-



vesen a posibilidade de que os membros do Goberno fosen contestar! O señor Sánchez leva corenta días escapado! ¡Corenta días! Isto o Bloque non o vai dicir, por iso o di o Partido Popular e o di a Xunta de Galicia: corenta días escapado, sen contestar nada. E tamén no Senado, unha institución do Estado, recollida na Constitución, leva quince meses, señor Font. ¡Quince meses! Non un pleno, nin unha comparecencia sacada.

Falaba vostede e dicía que hai que falar —téñoa aquí apuntado— dos problemas que existen. Os problemas que existen no transporte son moitos, efectivamente. E agora lle falarei, por exemplo, do Álvaro Cunqueiro, que vostede dicía. Pero os problemas que temos no transporte en Galicia son que, dende que se puxo en marcha, nós intentamos solucionar os problemas que van aparecendo, pero algúns son novos, aparecen no momento. Non solucionamos todos, porque non somos capaces, porque hai unha limitación dentro do contrato, pero solucionamos moitos.

¿Sabe cal é a resposta do Goberno sempre diante dos problemas? Ningunha. ¡Pero é que non hai interlocución! Dicía vostede: é normal que cando se poñen en marcha, haxa algunha incidencia. ¿Vostede lle chama incidencia a que un AVE que sae de Madrid con destino a Lugo nun Alvia, teña que parar en Monforte porque se lle acaba o gasóleo e dende alí teñan que ser transportados os pasaxeiros en autobús ata Lugo? ¿Para vostede iso é unha incidencia? ¿Iso é unha incidencia?, ¿de verdade o cre?, ¿que non saiban cal é a autonomía do tren que sae de Madrid e que ten que chegar a Lugo, pero que só pode chegar a Monforte? ¿Iso é unha incidencia? Iso non é unha incidencia; incidencia é que, cando un bus vai circulando e hai un accidente na estrada, ou chove e hai máis tráfico, se atrase catro ou cinco minutos nunha parada. Iso é unha incidencia, porque non depende... Oxalá os autobuses fosen por un único carril e non tivesen ningún outro problema que atender no seu único carril. Élles totalmente distinto o transporte por carretera ao transporte por ferrocarril, pero chamarlle incidencia a ese tipo de cousas, a que un tren saia e aos 50 metros da estación quede parado porque queda bloqueado...

¿Sabe vostede que pasa cando un AVRIL queda bloqueado en calquera das estacións de Galicia? Que ten que vir un continxente de mecánicos de Madrid arranxalo. ¿Iso é unha incidencia para vostedes? Si, si, isto comentárono os sindicatos o outro día. ¿Para vostede iso é unha incidencia? Non, iso non é unha incidencia. Que os trens poidan botar na estación de Madrid tres horas sen saber se saen ou non e sen ter información, ¿esa é unha incidencia? Non, as incidencias que traen vostedes aquí son: falta de prazas nalgún autobús —é verdade—, que se atrasou un bus ou viña cheo cando chegou a unha parada... Esas son as incidencias que veñen case sempre aquí, ¡eh! E teñen razón, hai que tentar solucionarlas, pero, claro, esas son as incidencias. A incidencia en Galicia non é que o autobús de repente non aparece ou que se suprime sen dicir nada a ninguén. Claro, nun autobús van 55, nun tren van quingentos e pico, ¡eh! Son 10 autobuses, un detrás doutro, 11... Pero, ¿esas son incidencias? ¿E non lle parece de recibo que unha administración, como unha comunidade autónoma, debería ter ao outro lado un interlocutor para que lle explique en cada caso cales son esas incidencias? Non é que se trate de convencer, pero, se hai unha incidencia nun sitio, igual podemos —fíxese vostede— ata botar unha man.

Pero levamos un ano e pico sen ter un contacto en Renfe, e estámolo pedindo, señor Font. ¿Parécelle de recibo iso? Levamos un ano e pico pedindo o Plan director do corredor atlántico,



señor Font, ¡ano e pico! Non o temos, ¡non o temos! ¿A vostede parécelle normal? Non, por favor, cando veña, contésteme. ¿Parécelle normal non ter o Plan director do corredor atlántico? Non o temos, non podemos dicir se nos gusta ou non nos gusta.

E di vostede: non recoñece... Non é verdade. Claro que recoñecemos que hai investimentos nas infraestruturas; agora, iso si, tamén lle digo, no período no que máis fondos e máis financiamento houbo para mellorar as infraestruturas ferroviarias, e non é cousa de Sánchez, que é cousa da Unión Europea, pero Sánchez participa. Nese momento, cando máis financiamento hai, as obras en Galicia ralentízanse; realentízanse sobre todo cando miras para outras comunidades autónomas.

Respecto do corredor atlántico, sabe vostede o que pasara con respecto ao corredor mediterráneo, e o presidente de Asturias, do Partido Socialista, está de acordo con nós. Fixemos presión entre Galicia, Asturias, Castela e León e tamén agora Cantabria —pero xa antes, cando gobernaban outros partidos tamén— para que o corredor atlántico non quedase desprazado do corredor mediterráneo. E, polo tanto, cando máis financiamento hai para poder levar a cabo infraestruturas que son complicadas e que son custosas —e é o momento de enfrontarse a elas, non cando estás con problemas económicos—, o Goberno socialista mira para outro lado.

E dime vostede: ¿é que non está mellor o tren hoxe que no 2018? ¡Home, só faltaría que fósemos para atrás! Pero, ¿que pregunta é esa? O que lle hai que preguntar é: ¿invístese aquí igual que noutras comunidades? ¿Invístese no norte ou no noroeste igual que no Mediterráneo? Non. Vostede non sei se estaba, pero houbo varias sesións das cámaras de Comercio de todo o norte de España —unha delas celebrouse en Vigo— e tivemos oportunidade, xa que estaba alí o Comisionado do corredor atlántico. ¿Sabe vostede o que pasou ese día? O Comisionado unha hora antes dixo que era fundamental incluír a conexión co Porto de Bouzas, e crémolo todos, pero o alcalde non quere esa conexión. Entón, o Comisionado media hora máis tarde dixo que non, que onde digo digo, digo Diego. Houbo que cambiar a versión, e iso foi diante de todo o tecido económico de Vigo e do noroeste de España. Estaban alí presentes cando lle pedimos que nos dixese ou que nos dese o Plan director; pois seguimos na mesma, señor Font.

Claro que podemos debater de moitas cousas. Nós estamos a favor de que se faga esa conexión do Porto de Bouzas. ¿Vostedes están a favor da conexión do porto de Bouzas? ¿Non?, ¿non están a favor? Non están a favor. Moi ben. Pois xa ve, xa ve vostede, xa ve vostede...

Falaba das conexións co hospital. Mire, era o que lle dicía antes. Nós cada vez que temos algunha reclamación intentamos solucionala. Non crea que na Consellería, como dicía algunha deputada, hai xente que está centrada en fastidiar as reclamacións. Non, non é verdade. Cada vez que chega unha reclamación, intentamos ver se se pode cumprir, e, se se pode cumprir, aplicámola, de verdade. Xa sei que non mo cre, pero é así como somos os do PP.

Fixemos bastantes cambios desde que foron licitadas as liñas na contorna de Vigo e que daban servizo ao hospital; a demanda vai variando e seguimos facendo cambios. Empezamos no 2021 coa modificación do itinerario dunha das liñas, reducindo o tempo de viaxe —dígolle



o código por se quere despois contrastalo: XG625005—. En xaneiro do 2022, é dicir, catro meses máis tarde, reunímonos co Concello de Cangas representantes dos traballadores do Meixoeiro e do Álvaro Cunqueiro, para solicitar servizos directos de Cangas e do Meixoeiro. En marzo do 2023, tamén nos reunimos co Concello de Moaña e con traballadores dos hospitais para abordar a resolución de problemas. De feito, modificamos os horarios de saída nas expedicións de ida cara ao hospital da liña de Cangas ao Meixoeiro e ao Cunqueiro. Creamos unha nova liña Cangas-Hospital Álvaro Cunqueiro, que transcorre pola rúa Concepción Arenal. Modificamos o itinerario da liña XG625033 de Cangas-Bouzas-Álvaro Cunqueiro, que pasou a realizar o percorrido pola rúa Ramón Cabanillas. Creamos unha nova liña directa de Cangas-Meixoeiro-Hospital Cunqueiro, con dúas expedicións de ida ás 6.40 e ás 15.15 de volta. E creamos unha nova liña XG62500502, entre Cangas-Hospital, pola rúa Pizarro, con dúas expedicións: de ida ás 6.40 e de volta ás 16.00 horas.

E seguimos tendo peticións. Ás veces algunha petición que che fai un colectivo choca con outra petición que che fai outro colectivo. Temos que ponderar e ver se podemos chegar a unha entente, pero niso a diferenza é que nós levamos anos —e é a nosa forma de traballar— tentando cada vez máis facer coincidir as demandas. Claro que nos dá igual que un bus saia ás 6.40 ou ás 7.10. Eu non teño ningún prexuízo por iso, nin o ten tampouco a liña, nin o ten a Xunta de Galicia. O que hai que facer é facer coincidir todas as demandas, señor Font.

A diferenza é que desde que este sistema botou a andar, levamos feitas miles, miles de adaptacións, miles de adaptacións. E acéptolle que probablemente nos queden moitas por facer, pero teña seguro que non imos deixar de intentar chegar a un acordo con todos e, se se pode facer, ímola facer. O problema é que noutro tipo de transporte non temos interlocutor; é máis, cólgannos o teléfono ou, mellor dito, non nolo collen. Esa é a diferenza e o que eu lles viña explicar, señor Font.

E preguntaba o señor Santomé que estamos a facer, con todas as necesidades que existen. Xa llo explicaba antes: reclamarlle ao Goberno —a quen ten as competencias— que mellore esas infraestruturas ou que faga os cambios que nós lle pedimos. Non llo dicimos por pedirlo, mandamos argumentos, pódollo asegurar; quédannos poucas cousas por facer. Se quere dar algunha idea do que poidamos facer, non se preocupe que tomamos nota tamén e, se encaixa nos nosos plantexamentos, aceptámola, non teña problema. Aquí do que se trata é de mellorar o servizo entre todos. O que pasa é que di vostede: claro que compartimos tal...; claro, nós xa o facemos. ¿E vostedes que fan? Vostedes —xa llelo dixen antes—, co Goberno central, mansiños, mansiños; mansiños porque non se vaia ser que se enfaden; e, se se enfadan, témola lista, porque cae o tenderete. Entón, co Goberno central, sempre mansiños.

Dixo vostede: houbo unha conferencia de presidentes. ¿Reclamárono? Si, si; formaba parte das reclamacións. Sabe vostede que habería moitos asuntos que podería incluír, pero fíxose unha selección de oito ou nove anuncios, de oito ou nove solicitudes, e enviáronse por escrito de antemán para que o Goberno as tivese. ¿Sabe como resolveu o seu socio este diálogo? Non houbo diálogo, foi unha intervención dos presidentes autonómicos. O presidente Sánchez dixo: vale, imos rematar porque non hai acordo; e díxolle o presidente Rueda, en concreto: «Pero, señor presidente» —e estas son palabras textuais— «¿está vostede a dicir que non comparte ningunha das oito reclamacións que fixemos a maior parte das comunidades au-



tónomas?». E dixo o señor Sánchez: «Iso é», e quedou tan ancho, levantouse e arrancou. É o seu socio... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, é o seu socio. O noso non é; non está aí por nós, está por vostedes (*Murmurios.*) —entre outros—, e, ante todas esas cousas que fai, vostedes, calados. (*Aplausos.*) ¡Calados! (*Aplausos.*) E cando lle preguntamos sobre financiamento —como dicía o outro voceiro—, pois o señor Sánchez, calado. É máis, detrás del había nove ministros e ministras, e non falaron nada; nada, non abriron a boca, e el sempre máis adiante —os ministros por detrás, non vaia ser que algún se confunda—. Pero iso claro que o falamos na Conferencia de Presidentes.

Dicía vostede, con referencia ao estudo de Ferrol, que pecaba de pouca ambición. Nós tentamos a facer un estudo, señor Santomé, de mínimos. Intentamos facer un estudo para tentar chegar a un acordo con todos os partidos. E entendiamos que o partido que ía poñer máis problemas ía ser o Partido Socialista; de feito, na reunión que tivemos na Consellería co señor Iván Rivas, co anterior alcalde, tamén cun voceiro do Partido Socialista —que o portavoz non quixo vir— e co alcalde de Ferrol intentamos poñer enriba da mesa un estudo de mínimos. É dicir, claro que o necesitamos, que necesitamos todo —non levamos tantos anos, pero necesitamos todo—, pero era un estudo de mínimos. É dicir, oia, ¿que é o mínimo que se pode e que necesitamos para que a sétima cidade de Galicia non quede olvidada —porque é a que menos ten de todo—? Lugo ten unha estación para o AVE —que non ten AVE, pero, oe, algún día pode facerse unha vía— e Ferrol non ten nin estación, nin AVE, nin nada, ¿vale? Ten un porto cun porto exterior, cunha terminal de contedores, que está chamado a ser o gran porto de contedores ou un dos grandes portos do contedores de toda a fachada cantábrica. Polo tanto, é necesario actuar nesa vía. ¿E que queríamos? Un documento de mínimos. Claro que podemos poñer máis cousas, podemos chegar ata os 1.500 millóns de reclamación, pero, oia, queríamos un mínimo no que poñernos de acordo, e o que máis tería que perder, en todo caso, sería o Partido Popular. Pois, oia, imos centrarnos nun mínimo e, a partir de aí, todo o que veña, moito mellor, pero temos que ter claro entre todos que isto é o mínimo.

E ese mínimo, efectivamente, non era unha duplicación da vía —sabe vostede que tería moitísimos problemas—, pero si facer creo que eran tres ou catro aparcadoiros largos, dun quilómetro e pico, para que se poidan meter os trens de mercancías, que, segundo a Unión Europea, teñen que ser de 750 metros. Fixemos iso e fixemos o *bypass* de Betanzos, que estaba incluído aí —que eu, desde que entrei en política, escoitei falar do *bypass* de Betanzos, e terían culpa moitísimos, seguro...—. Pero agora hai un documento de mínimos. ¿Que parte do documento de mínimos lles fastidia para non poder compartilo? Porque, a todo isto, eu pedín unha reunión co ministro e falei co secretario de Estado para pedir unha reunión co ministro. O alcalde e os voceiros de Ferrol pediron unha reunión co ministro, e atendeunos un director xeral que lles dixo: volvan para Ferrol.

Dicía vostede: ¿por que fala da estación intermodal? Porque é a única parte da infraestrutura na que a Xunta se pode comprometer con financiamento propio e porque entendemos que a estación intermodal se pode facer ao mesmo tempo que se pode actuar nas vías. ¿Ou vostede quere que se actúe primeiro nas vías e despois xa veremos se na estación intermodal? Iso sería moi cómodo, sobre todo para o conselleiro de Facenda. Pero nós cremos que se nos podemos comprometer con algo é coa nosa parte. ¿Que problema hai en firmar ese convenio e en deseñar xa unha estación intermodal, con independencia de que o arranxo nas vías nos



leve máis anos? ¿Cal é o problema? ¡É que é de mínimos! ¿É que nin sequera nisto imos poder contar co seu apoio? Se nin sequera nisto imos poder contar co seu apoio, quen queda mal non somos nós por falta de ambición, son vostedes e é o Partido Socialista. De feito, a postura súa non é exactamente a de Iván Rivas, que entendía que ese documento fora un documento de mínimos e, a partir de aí, que se podería mellorar, claro que si; pero é un documento de mínimos. Polo tanto, en fin, ¿que quere que lle diga?

E dúas últimas aclaracións. Decía vostede que, claro, non está de acordo en que a Xunta de Galicia ou as deputacións —supoño— teñan que pagar un tren que saia da Gudiña a Madrid, pero que a Xunta, cando un concello quere un autobús, lle di que o ten que pagar. Non é certo. Non, non é certo. Mire, primeiro, o tren non é competencia nosa, e é un traxecto nacional entre distintas comunidades autónomas. E agora, fíxese, na única parte que nós lle pedimos a colaboración ao concello é cando nos veñen plantexar un SIMO. É dicir, se un concello que ten competencias en transporte no seu termo municipal —señor Santomé, ten competencias para organizar o transporte no seu termo municipal—, quere organizar unha liña que pase —por exemplo, que é o que soen poñer enriba da mesa— por distintas parroquias dentro do seu termo municipal e sen saír do seu termo municipal, podemos chegar a un acordo coa Xunta de Galicia e cofinanciar ese servizo, se pode tocar, ademais, algunha das liñas que temos. Niso si que ten que poñer o Concello; agora, nas liñas de transporte metropolitano, o Concello non pon, non lle obrigamos a poñer nada ao Concello; se quere entrar no sistema, hai un cofinanciamento, pero non lle obrigamos. Di: é que se hai que poñer outra liña, o Concello paga. Non é verdade; se é dentro do seu concello, pode facer o que queira. É máis, non nos ten que dicir nada. Agora, se eu, como concello, quero levar un autobús a outro concello, amigo, aí pasa o que falabamos de Ourense. A Coruña quere que os seus buses entren en Arteixo e fano, e quería o alcalde de Oleiros que entrasen en Oleiros para ir directos á praia. Dixemos: non hai ningún problema, hai que compensar a empresa que ten esa concesión pola perda de pasaxeiros que vai asumir a empresa municipal da Coruña. Chegaron a un acordo, e despois non pagou; por iso non se renova, pero iso é outra cousa, iso xa é outra cousa distinta. Pero non é que non lle pague a Xunta, págalle a empresa concesionaria; nós aí non recibimos absolutamente nada. Polo tanto, nós non exiximos que nos pague ningún concello.

Remato. Vostede fixo unha lectura da enquisa e di que baixou a puntuación nalgúns aspectos; e eu dígolle que é certo, que ten vostede a razón. Agora, vostede, por favor, faga o mesmo: ¿é certo que a valoración do transporte metropolitano por parte das persoas que participan na enquisa é dun 7,63? É un notable —un sete chegando a oito—, un notable alto. ¿É certo que é un 7,63, señor Santomé? Si, é certo. Polo tanto, dende a Xunta, consideramos que hai aspectos do Plan de transporte que temos que seguir mellorando, que hai cousas do Plan de transporte que non nos gustan de todo e que hai limitacións do Plan de transporte que non nos gustan e que nos gustaría cambiar, pero, dentro da capacidade orzamentaria que temos e dentro das posibilidades que nos dan os contratos, estámolo facendo. E tamén considero que non o estamos facendo tan mal, porque, se te valoran cun 7,63, non é unha mala valoración, señor Santomé, de verdade, e iso é compatible con que nalgún aspecto se empeorase algunha décima, é certo. Pero, no global —no global de todo—, un 7,63 dende logo que para min é unha nota que pon de manifesto o enorme traballo que fan os funcionarios da Xunta de Galicia, da Dirección Xeral de Mobilidade, coa súa directora e toda a xente que traballa en



tentar mellorar o servizo cada día. Eu síntome orgulloso de que nos dean esa nota os galegos ao sistema de transporte. Aínda así, tentaremos seguir mellorando. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Efectivamente, señor conselleiro, eu referíame ao servizo de transportes na área metropolitana de Ourense; non sei se dixen transporte metropolitano, pero referíame, loxicamente, ao transporte entre concellos limítrofes co concello de Ourense. E reclamaba a máxima colaboración por parte da Xunta, toda vez que tanto o Concello de Ourense como os concellos limítrofes como a empresa concesionaria... Aínda que está en proceso de licitación, aí non suele haber absolutamente ningún problema porque ás empresas lles dá igual, con tal de cobrar, ampliar a liña o que faga falta. No caso concreto, por exemplo, do Concello de Barbadás, na zona da Valenzá —que practicamente é un barrio da cidade, aínda que pertenza a outro concello—, houbo xa un conflito hai uns cantos anos por unha especie —imos cualificalo— de trapallada entre dous alcaldes precisamente do Partido Popular naquel momento, como eran o señor Cabezas e o señor Freire Couto —respectivamente, alcaldes de Ourense e Barbadás—, porque unha liña, durante un tempo, do transporte municipal se meteu no concello de Barbadás un amplo traxecto, o que fixo que moitas persoas mercasen pisos —por certo, recén construídos naquel momento— contando coa permanencia desa liña, e despois resultou que se puxo de manifesto que non podían traspasarse os límites. Fixérase daquela maneira naquel momento, pero, loxicamente, non queremos que se repitan situacións así.

Por iso, á parte dos acordos entre os concellos afectados, hai que ter a máxima vixilancia tamén con base na seguridade xurídica, etcétera, por parte da Xunta de Galicia; que, por certo tamén podería aportar economicamente fondos para que puidese ter lugar esa mellora da calidade de vida tanto do concello de Ourense como dos concellos limítrofes, que, por diferentes motivos —como dicía antes—, verían mellorada a calidade de vida dos cidadáns por poder acceder máis facilmente a centros de traballo en polígonos industriais en certos concellos limítrofes, como o de Ourense; para poder ir a determinados centros de ocio —como dicía antes, como parques acuáticos, pero tamén está o ocio que proporciona a cidade de Ourense para os restantes concellos, como digo—; para poder solucionar en gran medida o problema da vivenda, porque a mobilidade intermunicipal neses casos facilitaría poder vivir a unha certa distancia do centro noutro termo municipal sen que supuxese perda de calidade de vida, etcétera.

E referiuse tamén... Efectivamente, o tempo a nós non nos dá para todo. Vostede, como ten tempo ilimitado, efectivamente, ten esa sorte. Non me referín, efectivamente, ao conflito..., ou, bueno, ás reivindicacións que están facendo desde o ámbito dos traballadores ferroviarios, que, efectivamente, foron recibidos xa os seus representantes sindicais polo alcalde de Ourense recentemente. E están preocupados porque ese labor de mantemento das máquinas de tren que ten o Estado está saíndo —ao parecer— a licitación, a unha empresa, e eses tra-



balladores están preocupados porque suporía unha perda de carga de traballo, co correspondente risco dos seus propios postos de traballo.

Vaia o noso maior apoio a eses traballadores. Xa digo, no ámbito municipal, estase traballando nunha declaración institucional cos grupos da oposición, como seguramente saben. E, en todo caso, iso sería, de levarse a cabo —que esperemos que non, desde logo—, unha nova discriminación da cidade de Ourense. Pedimos que se manteñan eses talleres, porque, ademais, son profesionais de longa traxectoria no mantemento desas máquinas. Non ten moito sentido que se saque a licitación.

E tamén, desde logo, falei fundamentalmente da estación da Gudiña, pero veríase afectada tamén —estase vendo afectada tamén— a propia cidade de Ourense, sobre todo, por esa perda de calidade que supón a implantación dos trens Avlo en lugar dos Avant en determinadas frecuencias, sen a correspondente rebaixa de prezos dos billetes.

Tamén está o problema de non poder sacar billetes coa mesma antelación que noutras partes do Estado, o que vai supoñer a perda previsible desa xestión dos bonos.

E quédanme once segundos, que lle deixarei para vostede, aínda que non lle fagan falta, para que nos explique máis polo miúdo que ten pensado facer nese caso concreto de axudar o concello de Ourense e os concellos limítrofes na implantación dese servizo.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente, de novo.

Bo día a todas e todos.

Mal día para la democracia. Si, reitero, pero engado: mal día para as mulleres. Cada un responde da súa conciencia á hora de votar. *¿Votaron ustedes que no pensando en el fiscal general del Estado? ¿Votaron ustedes que no a dar cuenta pensando en Koldo?* Moi ben, pois, miren, como cada un responde, a miña autoesixencia non me permite abrazar conselleiros imputados por agresións sexuais. *(Aplausos.)* Se a partir de agora só unha muller deixa de denunciar unha agresión sexual polo machismo institucional que vostedes practicaron aquí, será unha moi mala noticia para as mulleres, e serán vostedes responsables. *(Aplausos.)*

Señor Trenor, la verdad es que, con tanto entusiasmo, me pareció El maquinista de la general. *(Risos do orador.) Está usted ciertamente simpático a la hora de contestar.*

Ben, é imposible contestar a todo o relatorio do conselleiro. O conselleiro conseguiu o seu obxectivo, que era marcar —díxoo el— as diferenzas entre o Goberno central e a Xunta. Pero deben atender as competencias que teñen vostedes. Efectivamente, deben dar resposta á



adecuación no transporte público, porque non atenden á Galicia rural, a pesar de tantas cifras como deron aquí vostedes.

Houbo unha breve referencia á política aeroportuaria. Vostedes convocaron unha comisión da Xunta da que non volvemos saber absolutamente nada, e procedería que dixese, en nome do Goberno, cal é a proposta do Goberno da Xunta.

E antes de entrar no concreto, no ferrocarril, imos falar de Bouzas. Preguntábame se estou a favor da conexión ferroviaria entre Vigo e Bouzas, e contesteille que non. Agora pregúntolle eu a vostede: ¿vostede sabe por onde pasa a conexión ferroviaria entre a estación e o porto de Bouzas? ¿Vostede coñece Vigo? ¿Vostede sabe que parte a cidade completamente e que a atravesa absolutamente? Agora pregunto eu: ¿está de acordo vostede como conselleiro en que a cidade de Vigo se parta en dúas porque ten que pasar o tren? ¿Sabe vostede por onde pasa de verdade? ¿Veu o mapa da cidade de Vigo? ¿Si? ¿Coñece a cidade de Vigo? ¿Coñece por onde pasaría o tren para chegar a Bouzas? É posible que o director do corredor atlántico, cando llo explicaron, se dera conta do que realmente iso supoñería.

Pero, mire, como lle gusta moito falar do ferrocarril, sigamos falando do ferrocarril, porque a aposta do Goberno de Pedro Sánchez é máis concreta. E, claro, todo o referido ao corredor atlántico sorpréndeme pero moito, porque llo explicaron a vostede nunha reunión en Abegondo creo que o día 29 de xaneiro —que, precisamente, é o meu aniversario—. Cóntase con 4.561 millóns de euros do Plan director do corredor atlántico en Galicia, dos cales 3.355 van directos, conselleiro, ao impulso da infraestrutura ferroviaria. E pode entrar na páxina web do corredor atlántico e ver as actuacións que se están realizando, as que se prevén realizar e as que están en execución.

Polo tanto, hai que destacar que o compromiso do Goberno é con todas as cidades. Non teño tempo, pero si direi que Lugo é unha das grandes protagonistas ferroviarias en Galicia, cun investimento de 22,3 millóns para a nova estación de ferrocarril. E Lugo tamén estará conectada coa alta velocidade a través de Ourense. E tamén Ferrol, desde onde a partir de onte á primeira hora se poderá chegar a Madrid antes das 11 da mañá. Polo tanto, todo isto forma parte dun compromiso do Goberno que vostedes non queren recoñecer.

E sigo coas afirmacións: «A situación ferroviaria de Galicia» —e coincido co ministro— «é a mellor da historia». E vostedes deberían pensar en que fixo M. Rajoy durante sete anos, porque todo o retraso que podemos levar e que está solucionando o Goberno de Pedro Sánchez é consecuencia de cando gobernaron vostedes, como pasou —dado que tamén lle gusta moito falar da AP-9— tamén coa AP-9.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.



Señor Trenor, vino hoxe a vostede un pouco acelerado e desubicado na súa intervención. E fíxense ao monte que están botados que o seu grupo político lle aplaude que vostede lle chamase publicamente a unha deputada do PSOE: «*Eres tonta y mala*». Ou sexa, ¡imaxinen vostedes o botados ao monte que están! (*Aplausos.*)

Creo que se eu fixese esas afirmacións de vostede, seguramente agora mesmo o presidente da Cámara, cando menos, me diría que o retirase ou incluso me chamaría á orde por insultar un deputado. Eu creo que vostede despois pode dar os pinchacarneiros que queira, que non o vai escusar, señor Trenor.

Señor conselleiro, vamos ver, pregunta vostede que fai o BNG —dixo o que fai o Goberno de Galiza— para mellorar a situación ferroviaria en canto a reclamacións ao Estado. Voulle poñer un par de exemplos só. No que ten que ver cos traballadores de Renfe, dos talleres de Renfe en Ourense, loxicamente, dixo que non o citamos, pero é que nós non temos tempo ilimitado para todo o que quixeramos dicir. O BNG xa se reunira con eles, xa presentara unha pregunta no Senado e tivera resposta de Renfe antes de que o fixesen vostedes. Polo tanto, cando menos, fixemos o mesmo, ¡cando menos!; só que o BNG ten unha representación moi modesta no Senado e no Congreso e aquí é oposición, e vostedes son Goberno, e cunha nutrida representación no Congreso. Polo tanto, é xusto dicir que vostedes nese caso, cando menos, van ao remolque do que está facendo o BNG. E do Goberno galego, nós esperamos algo máis, sinceramente. A capacidade que ten o Goberno galego non é a mesma capacidade que ten un grupo político da oposición. Creo que iso non fai falta discutilo. Polo tanto, necesitamos que o Goberno galego exerza como Goberno galego e que leve adiante ata o final todas as súas competencias e toda a súa capacidade de acción e de intervención.

¿Máis cuestións que fixo o BNG? Pois, efectivamente, no pacto de investidura, todo o que ten que ver cos estudos das súas proximidades galegas, os estudos da conexión ferroviaria entre Santiago e Lugo, a cuestión tamén do *bypass* de Betanzos, que sabe vostede que tamén o levamos no seu momento no acordo de investidura.

E, por resumir, quero comentar brevemente a cuestión de Ferrol. Efectivamente, é unha proposta de mínimos, pero de mínimos para vostedes. Os mínimos para nós entendemos que teñen que estar un pouco por riba para poder negociar. En todo caso, é un documento que ten que estar aberto para que nós lle poidamos dar o noso apoio a que haxa negociación entre ambas as partes. Non pretenderá vostede que simplemente por plantexar un documento enriba, cando nós non tiñamos capacidade de negociación, o vaiamos avalar si ou si, porque entendemos que as cuestións de mínimos deberían estar un chisco por arriba para empezar a falar, para empezar a negociar.

Despois, en todo o que ten que ver coa cuestión dos socios, claro, señor Calvo, é que se me vén vostede falar de quen é o socio de quen, entramos nunha diatriba un pouco complicada. Se vostede di que nós somos socios de Pedro Sánchez, claro, eu dígolle: ¿e quen é o socio do Partido Popular? Hai múltiples e numerosos: organización financiada no seu momento polo narcotráfico galego, con empresarios que acabaron na cadea... En fin, se falamos de socios, falemos claro, ¿non? Porque hai tamén unha cuestión que vostede dicía sobre as diferentes actuacións que se levaron a cabo —ou máis ben, que non se levaron a cabo— por parte dos



governos do Estado, que dicía vostede «cando gobernaban outros partidos». Eu quero preguntarlle: ¿que outros partidos gobernaron no Estado español á parte do Partido Socialista? Ao mellor, aí temos parte da chave do que estamos falando, ¿non cre, señor conselleiro? É que o Partido Popular non só se fartou de eliminar itinerarios, de eliminar horarios a mans cheas, senón que tampouco levou a cabo unha modernización, un investimento potente, na actualización das infraestruturas ferroviarias. Polo tanto, efectivamente —xa lle dixen antes, aínda que o señor Trenor non acabe de entendelo—, nós compartimos a diagnose, sabemos cal é a situación do transporte de ferrocarril en canto a infraestruturas, en canto a modernización, en canto á falta de horarios, de puntualidade, de incidencias..., todo o que vostede queira; agora ben, vostedes non quedan atrás en ser totalmente cómplices, unha vez máis, de todo o que está acontecendo. Porque xa llo teño dito noutras ocasións: o máis parecido a un goberno español de esquerdas é un goberno español de dereitas. Porque, efectivamente, doulle a razón, señor Calvo: se hai unha incidencia nun tren e queda avariado, temos que esperar a que veñan técnicos de Madrid. Eu doulle a razón, señor Calvo, efectivamente, somos unha colonia. Non hai outra forma de definilo.

Por iso lle dicía: sexan valentes en todo o que ten que ver, cando menos, coa ordenación, coa vertebración do transporte interno por ferrocarril no noso país, que debería vertebrar o territorio, o conxunto do territorio da nación galega, e vaian vostedes ata o final. Reclamen as competencias, reclamen a xestión. Fagámolo dende aquí, que non teñamos que esperar non sei cantas horas a que veñan os técnicos de Madrid arranxarnos un tren. Pero, claro, vostedes están cómodos sendo unha colonia e, polo tanto, non hai ningún tipo de problema.

O que si quixera, señor conselleiro, no tempo que me queda, efectivamente, no que ten que ver coa valoración do Plan de transporte do servizo de autobuses no noso país, dicirlle que, loxicamente, a cifra que vostede deu do sete e pico non lla podo rebater. Son os seus datos; iso é o que está escrito no papel. Efectivamente, se aplicamos unha serie de métodos de preguntas x, se comparamos, para a calidade do servizo, que é igual de importante a capacidade ou a falta de prazas, ou a puntualidade ou a información que o aspecto da persoa que está conducindo —díxenllo antes—, saen os números. Eu non llo podo rebater, son os seus datos. E non hai forma de ter outros. Polo tanto, eu creo que non deben facer trampas ao solitario, polo menos neste caso. E recoñeceron que, efectivamente...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RÍOS SANTOMÉ: ...—remato, presidente—, hai partes, hai ítems destas enquisas que baixan a súa valoración e que para nós son os fundamentais no que ten que ver coa información das paradas, coa información dos autobuses, coa puntualidade, coa capacidade dos autobuses, etcétera. Non digo que non sexa importante ter un nove e medio no aspecto do condutor, pero, en todo caso, é complementario, señor conselleiro. Polo tanto, non fagan trampas cos números, que se lles dá bastante ben.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ¡Erre que erre, señor Santomé! Segue vostede coa súa obsesión. ¡Alá vostede! Podía ter aproveitado para aclarar eses vínculos que teñen os exaltos cargos do Bloque Nacionalista Galego que se lucraban cos eólicos e que agora parece que son uns activistas ecolóxicos, cunha gran cruzada. Seguramente aos galegos lles preocupa moitísimo máis ese lucro e ese cambio de actividade que fixeron vostedes.

Mire, señor Font, vostede me falaba d'O *maquinista da general*. Podería falar tamén de *Forrest Gump* —ao mellor, facíalle máis graza— ou de Jar, Jar Binks, de *Star Wars* —non sei se é da súa época—, ou de Totò, que creo que se rodou antes de que vostede nacesse. E seguramente todos riríamos bastante máis.

Señor Font, lémbrolle que o alcalde do Partido Socialista de Pontedeume está condenado por agredir unha muller, e a vostede nin lle preocupa, e ademais parécelle ben que se lle recom-pensase facéndoo secretario de organización. Esa é a realidade.

Señor Ríos Santomé, moléstalle a vostede que falemos do ferrocarril, que falemos do ferro-carril na Cámara galega, pero, claro, resulta que vostede nolo bota en cara. Pero despois de presentar este grupo parlamentario iniciativas para defender o ferrocarril que se perde en Vilagarcía, ou na Gudiña, as iniciativas de Ferrol e todo iso, paréceme que ao Bloque Nacio-nalista si que lle deu unha hiperactividade rexistrando iniciativas sobre o ferrocarril. Despois de dous anos sen preocuparlle absolutamente nin un só caso de perda de servizos ou esas incidencias, como di vostede, do ferrocarril, agora parece que si que espabilaron un pouco e que están presentando.

Miren, señorías, antes non puiden acabar a miña iniciativa porque o señor presidente, aten-dendo ao tempo, me retirou a palabra, pero claramente o conselleiro amosou dúas formas, dous modelos, de facer política e de traballar co transporte público: un é o da Xunta de Ga-licia, un modelo sostible, eficiente e racional, un modelo dialogado, adaptable e que busca responder as necesidades dos usuarios; e, por outro lado, temos o modelo do Goberno cen-tral, do Goberno do Partido Socialista, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, que busca decisións unilaterais e partidistas, porque é a forma que teñen vostedes de facer política, atendendo a intereses partidistas e buscando a rendibilidade económica, sen preocupar-lles absolutamente nada a rendibilidade social e o interese público, deixando de lado comple-tamente ese sentido do público e sen diálogo nin negociación. Iso é o que define o Partido Socialista.

Nós seguiremos traballando para incrementar as liñas que dependen da Xunta de Galicia. Avanzamos, pasando de 900 a 3.600 liñas, catro veces máis; pasamos de 20.000 a 58.000 paradas, case o triplo das que tiñamos antes de que gobernase o Partido Popular, e as fre-cuencias aumentaron de 1,48 millóns de servizos ao 2,36 por cento de servizos; un 60 por cento máis. Seguiremos traballando e seguiremos incrementando estas cifras, señorías.

E respecto das nosas reivindicacións, desexamos para Galicia o que xa disfrutaban outros te-rritorios, que teñamos unha calidade de servizo ferroviario equiparable ao do resto de Eu-



ropa. Nós non imos deixar de pelexar e de defender iso, e cada vez que o Goberno central dea un paso para alonxarnos dese obxectivo, aquí estaremos para sinalalo e para reclamar que non se nos trate doutra forma ou de forma peor que ao resto.

Imos seguir defendendo un corredor atlántico que permita que as nosas empresas sexan competitivas e seguiremos pelexando para coñecelo, para saber cales son os investimentos, cales son as actuacións específicas e os seus prazos e cando se van executar, e seguiremos defendendo eses 8.000 millóns de euros que consideramos que son imprescindibles para esa competitividade.

Imos seguir defendendo melloras nas conexións da Coruña-Ferrol, nas conexións da Coruña-Lugo, na de Ferrol-Ribadeo, na de Vigo e Ourense. Imos seguir tamén defendendo melloras e obras, e esas que son tan importantes para optimizar o AVE Galicia-Madrid, en tempos de percorrido como pode ser o impulso da variante exterior de Ourense ou a dotación de dobre vía nos treitos onde aínda non os hai. Ou tamén a mellora dos túneles do Padornelo. Imos seguir traballando e reivindicando que non haxa iso que vostedes chaman «incidencias», que non é outra cousa que consecuencias da obsolescencia e do abandono do servizo que vostedes provocaron.

En definitiva, señorías, por moito que a vostedes lles moleste, por moito que ao Bloque Nacionalista lle pareza que aquí non se pode falar de ferrocarril, o Partido Popular, a Xunta de Galicia —que respalda este Partido Popular—, vai seguir reivindicando un servizo de calidade e que nos permita compararnos co resto de Europa.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da comparecencia, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señor Ojea, xa lle dicía na primeira intervención que demos toda a predisposición a poder chegar a un acordo co Concello de Ourense para que poida ampliar as súas rutas cara a outros concellos. De todas maneiras, hai que poñer enriba da mesa algunhas cousas que creo que igual, despois da súa intervención, non quedaron suficientemente claras.

A primeira é que, efectivamente, se mellora a comunicación, pero non quere dicir que non existise, senón que hai que chegar a ese acordo casualmente porque hai unha liña que xa oferta parte, cando menos, dese traxecto; polo tanto, hai que chegar a un acordo. Entón, non é que, se o Concello non amplía esas liñas, non existen posibilidade de comunicación. Non, non, si que existen; de feito, se hai que chegar a un acordo, é, casualmente, porque existen, e esas empresas teñen, ademais, unha obriga de servizo público polas cales son compensadas. Polo tanto, se vostedes lle piden á Xunta que tamén pague, estarían pedíndolle á Xunta



que pagase dúas veces por facer o mesmo traxecto ou o mesmo servizo de mobilidade, e iso comprenderá vostede que non ten moito xeito.

Dito isto, tamén se poñen en funcionamento algunhas liñas concretas, como poden ser os parques acuáticos, na tempada que está en funcionamento. Polo tanto, predisposición total e igualdade de trato; exactamente o mesmo que hai en todas as cidades, e esperemos que se poida chegar a algún acordo cando se produza esa nova concesión co resto de concellos. ¡Malo será!

Señor Font, dicía vostede que é imposible contestar a todo. Bueno, tempo ten, o que pasa é que o utiliza para outras cousas. Di: «...que atenda as nosas competencias e que entendamos a Galicia rural». Os que non atenden a Galicia rural son o Goberno do Estado; no Plan de transporte estatal non atenden a Galicia rural nin a España rural, señor Font. É que son vostedes os que quitaron as paradas de Lalín, as paradas de Melide..., as paradas de moitos sitios. Vostedes só queren un autobús que saia de Santiago e chegue a Madrid, e as paradas intermedias que a Xunta se encargue delas. E, ademais, que lle deamos cartos. E a Xunta di: ¿canto? Dous anos. É a cuarta parte ou a décima parte do que custa encargarse deles. Esa é a política do Partido Socialista, señor Font. Por tanto, vostede non é consciente do que está a facer o seu partido, non ten nin idea, porque, se non, non diría o que dixo, porque quedaría en bastante mal lugar.

Di vostede que convocamos... Mire, aquí as que foron convocadas —creo que hai dous meses aproximadamente— a unha comisión por parte de Aena —«Aena é do Goberno do Estado»— foron as tres cidades, e a Xunta de Galicia. ¿Sabe vostede a que órgano foron convocadas? Ao Comité de Coordinación Aeroportuaria. ¿Cales cre vostede que son as competencias dese Comité de Coordinación Aeroportuaria —loxicamente, preguntei cales son as competencias dun comité de coordinación aeroportuaria—? Botarlle a culpa á Xunta, que non ten competencias. Iso é o resumo de todo. E aínda enriba, Aena dilles aos tres concellos que poñan eles cartos; e á Xunta de Galicia, por suposto, que poña os cartos para que os concellos xa non o teñan que facer... Nun comité de coordinación aeroportuaria, a culpa é da Xunta, que non convocou unha coordinación de algo que non é competencia dela. Aínda encima ten que coordinar, como ben dicía o señor Trenor, unha alcaldesa do Bloque, que goberna co apoio do PSOE, unha alcaldesa do PSOE, que goberna co apoio do Bloque, e un alcalde do PSOE. ¿E din que quen ten que coordinalos é a Xunta? Pero, ¿están tomándolles o pelo aos galegos...? (*Aplausos.*) Pero, ¡que tomadura de pelo é esta! ¡Está de broma! Ese é o reflexo de como toman a Galicia e as cousas de Galicia o Goberno do Estado e o Bloque e o PSOE, porque isto é en conivencia, total e absoluta. Pero, ¡joia!, poden resolver moitos gobernos, así que seguro que poden resolver este asunto tamén.

Tamén dicía vostede que eu non coñezo Vigo. Bueno, estou seguro de que, tanto coma vostede, non; igual que vostede non coñece Galicia, en absoluto. Pero para poder chegar o tren a Bouzas non ten por que partir nada. Non, non ten por que partir nada; ¡non ten por que partir nada! E di vostede que non, que iso está clarísimo. Bueno, iso poderíamos debatelos. Agora xa quedou claro que o alcalde non quería e que o comisionado rectificaba, pero non lle falo por min, fálolle por todos os periódicos, por todos os medios de comunicación, mellor dito, que estaban alí aquel día, por todos os representantes da Cámara de Comercio, pero



non só da de Vigo, de todo o noroeste. Foi clarísimo. E, é máis, foi un bochorno tremendo para algunha persoa, non para a Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Pero ¡alá vostedes! ¡Alá vostede, señor Font!

Mire se vostede fala de oído, que di: o corredor atlántico foi explicado nunha reunión en Abegondo. Non, non é verdade. O comisionado do corredor atlántico foi ao concello de Bergondo, ao pazo de Mariñán, convocado pola deputación, e alí nos convocou ao presidente da Deputación da Coruña, ao secretario de Estado, señor Santano, e... (*Murmurios.*) —non, non, escoite, que lle vou dicir como foi para que non volva meter a pata— tamén estaba o comisionado do corredor. Falaron os tres e convocáronnos ás distintas administracións, aos presidentes das autoridades portuarias e aos alcaldes e alcaldesas a que estivésemos alí escoitando. Escoitamos o que nos tiñan que dicir, e despois abriron un turno de rogos e preguntas. E eu intervín —está gravado— e pedínlle ao secretario de Estado e ao comisionado: ¡oia!, hai un ano que tivemos unha reunión nas dependencias da Xunta de Galicia, que viñeron vostedes alí, e hai un ano que lles pedimos o acceso ao documento do corredor atlántico, ao Plan director, e seguimos sen el. Vostedes traen un *powerPoint*, que levan paseado por toda Galicia en sucesivas ocasións, e nese *powerPoint* dicía vostede que contemplaban 5.000 millóns de investimento en infraestruturas. ¿Sabe que pasa? Que o presidente de Asturias, o presidente de Castela-León e o presidente de Galicia fixeron un documento técnico que di que hai que investir como mínimo 8.000 millóns, e o comisionado di que con 5.000 está todo arranxado. Hai 3.000 millóns de diferenza.

Pero non só iso, no *powerPoint* que presenta non veñen especificadas as obras, non veñen. A min podería valerme como documento de traballo e poderíamos facer as aportacións que cremos que hai que facer; e ao mellor hai cousas que non están incluídas nese documento e que nós cremos —porque coñecemos o territorio e porque cremos que son fundamentais— que hai que incluír, pero o comisionado non quere introducir iso.

Pero, é máis, chegou un momento de dicir que o acceso ferroviario do tren ao porto exterior de Ferrol estaba contemplado alí. ¡Home!, comisionado, o acceso ferroviario ao porto exterior de Ferrol págao o porto, veno pagando dende hai tempo; cando menos, é ter un pouco de cara incluír o pagamento da Autoridade Portuaria de Ferrol, do acceso por ferrocarril ao porto exterior, como pagamento do Ministerio e como investimento futuro. Iso xa nos pon un pouco sobre aviso.

Pero é que, ademais, ten aquí incluídas as partidas de limpeza de cunetas. ¡Oia!, nun plan director non pode poñer desbroce e limpeza de cunetas cun investimento do plan director. Entón, xa se acenden as alarmas e dis: imos revisar o documento a fondo, porque igual eses 5.100 millóns de investimento non son 5.000, quedan en 3.000. E dicía vostede: ¿isto a que gobernos se refería? Aos que houbo na democracia, do Partido Popular. A diferenza é que cando gobernou o Partido Popular a situación económica non era a mesma, houbo que arranxar o que deixou o anterior goberno, houbo que evitar que viñesen os de negro. O que pasa é que a memoria selectiva é o que ten.

E agora pónense por primeira vez na historia, por parte da Unión Europea, fondos adicionais para levar a cabo infraestruturas, deséñase dende hai moito tempo esta situación en Europa



e póñense fondos. ¿Cal é a diferenza? Que nun momento de bonanza o Goberno do Partido Socialista despraza os fondos cara ao corredor mediterráneo. E nós dicimos: ¡oe!, non queremos ser máis que o corredor mediterráneo, pero polo menos non nos deixen atrás, nós queremos estar presentes e tamén ter dereito ao que necesitamos, que son proxectos aquí.

E fala vostede: Lugo ten AVE. Lugo non ten AVE, nin o vai ter nos próximos anos, señor Font. Para ser AVE ¿sabe vostede a velocidade á que ten que circular, verdade? Pois entre Ourense e Lugo hai un 10 por cento do tramo en que pode chegar a coller os 160, iso cólleo un tren rexional, e a maior parte do percorrido baixa de 100 quilómetros por hora. Se vostede a iso lle chama AVE, é que vostede se está rindo de toda a xente de Lugo, (*Aplausos.*) pero tamén dos seus.

Claro, ¿por que digo que non o vai ter? Porque hai dúas variantes que o Goberno decidiu non facelas, e, aínda así, investiu 500 millóns, pero o resultado é este: que non hai AVE, e non o vai haber durante bastantes anos. Podería ter investido, que inicialmente se dicía no ano 2018 por parte do Goberno socialista, e entón falaríamos doutra circunstancia, pero non o fixo. ¿E que quere? ¿Que calemos? Pois imos dicilo, para que a xente o saiba.

E di vostede que Ferrol ten unha conexión. Pero ¡se acaban de quitar a única conexión directa que había desde Ferrol! Pero ¿vostede falou con alguén de Ferrol do Partido Socialista? Pero ¿sabe a que hai montada con respecto aos trens?

Di vostede: vostede non coñece Vigo. Vostede non coñece nada máis aló de Vigo, porque, se non, non viría dicir aquí o que dixo. Pero fale co Partido Socialista de Ferrol, foi reelixido de novo o voceiro o outro día nun congreso, fale con el e pregúntelle se está de acordo co que vostede dixo aquí; pregúntelle.

É que ao Partido Socialista non lle valía o documento de mínimos que presentamos. Dicía o voceiro do Bloque Nacionalista Galego: queremos que eses mínimos aumenten. Perfecto. Falen cos seus socios. Pero se é claro. Di vostede: socios. Non, é que son socios. Vostedes mantéñenos, vostedes mantéñenos na Deputación da Coruña, vostedes danlles a Deputación de Lugo, vostedes danlles a Alcaldía da Coruña. ¿Cal é o prezo que ten que poñer o Partido Socialista para que vostedes sempre calen cando non atenden Galicia?

Hoxe, casualmente —hoxe, esta mañá—, acábase de aprobar a 36 ampliación de prazo para presentar alegacións ao debate da AP-9 no Congreso, a 36 desta lexislatura, 36; van 51 dende que Pedro Sánchez é presidente do Goberno. E di vostede: ¿que fai o Bloque? Conseguir que Pedro Sánchez meta... Non, miren, vostedes conseguen poñer nun papel o que queren e o que fai o PSOE é tomarlles o pelo dende hai anos; iso é o que fai o Partido Socialista. E, de vez en cando, cando a algún lle sae así un sarpullido, pois din: agora imos facer un estudo informativo das cercanías entre Vigo e A Coruña. Vigo e A Coruña non son cercanías, hai cercanías en Vigo e cercanías na Coruña, pero Vigo e A Coruña non son cercanías, iso é media distancia.

Pero aí entra o Bloque, pásanlle un capote, aí entra o Bloque e volven ser mansiños coma sempre. ¿Que é o que ten que facer o Partido Socialista para que un día dean un golpe na



mesa e consigan que faga algo do que lles ten prometido? ¿Tanto vale estar no Concello de Santiago? ¿Tanto vale ser vicepresidentes das deputacións? Pois non o entendo, non o entendo, señor Santomé, non o entendo, non o entendo, realmente. (*Murmurios.*)

E remato.

Dúas cousas: vostede falaba de socios. Eu pódolle asegurar que o Partido Popular nunca, nunca, nunca, nin na historia nin no futuro, pactará cun partido que poida amparar terroristas, (*Aplausos.*) nunca. Vostedes fano, e comparten candidatura. Eu non sei cal é o atentado á democracia, non sei como se cualifica, pero vostedes saberán, dende logo comparten candidatura. Xa sei que os molesta que llelo digamos; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿non os molesta? Pois díganovostede, se teñen esa *entente* que fan, porque cando falamos destes ou sae na campaña ben que calan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio, silencio. Silencio, señor Río. Vostede estivo no debate antes, non está no uso da palabra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio, silencio.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE (Calvo Pouso): Eu non dixen iso, señor Santomé.

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE (Calvo Pouso): Eu iso non o dixen.

O señor PRESIDENTE: Eu entendín o que dixo e exactamente non é o que dixo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE (Calvo Pouso): Iso non o dixen. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E remato.

Fala vostede das enquisas, e eu dígolle: efectivamente, ten vostede razón cando fala de que nalgún apartado se baixa algunha décima. É certo, recoñezollo. Agora, tamén me recoñecerá que a puntuación global dun 7,63 —paréceme que era— é unha puntuación boa; e entón vostede vén e di: é unha puntuación boa, pero porque fan trampas nas enquisas, puntúan o que lles dá a gana. E isto xa non é a primeira vez, porque, cando dixemos que íamos facer unha enquisa, o Bloque Nacionalista Galego sacou unha nota de prensa dicindo que a Xunta facía trampas porque avisaba os usuarios de que ían facer unha enquisa, e entón, polo tanto, deben de pensar que os votantes do PP van correndo aos autobuses. ¿Onde está o da enquisa?, quero votar; e que votan o Partido Popular. Isto é o que pensa no fondo o Bloque Nacionalista Galego. Ben, pois voulle dicir que non é así.

Díxenlle que, efectivamente, hai cousas que se teñen que mellorar, hai cousas que temos que mellorar, e hai cousas que non nos gustan, pero tamén lle digo que un 7,63 na puntuación global do servizo creo que non é unha nota mala e creo que imos no camiño correcto.



Poderase ir máis rápido ou poderase facer mellor, creo que non o estamos facendo mal. E o único que pido é que axuden a que este sistema mellore.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto cuarto da orde do día, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a política do Goberno galego en materia de investigación do medio mariño e a eventual creación dunha comisión que coordine o traballo dos diferentes centros de estudo nesta materia

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Miguel Fidalgo Iglesias, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución:

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar a alianza de colaboración para a xestión global da actividade marítimo-pesqueira cos centros de investigación de referencia en ciencias mariñas, na que a Administración autonómica exerce de impulsora e a ciencia presta o seu asesoramento, cos obxectivos de, por unha banda, recuperar a plena capacidade das rías galegas ante os episodios acaecidos nos últimos anos, estudando os factores da caída da produción e a influencia do cambio climático; e, pola outra banda, manter Galicia á vangarda da investigación mariña e da sustentabilidade, peza angular no avance cara unha maior fortaleza do noso sector.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e todas.

Cando un ten tempo ilimitado para falar, acaban acontecendo estas cousas: unha boa parte da intervención, sobre todo a parte final, acaba sobrando. (Aplausos.)

Ben, señorías, hai vinte días, hai vinte días, debatíamos aquí a interpelación que dá lugar a esta moción, e debatiámola cun conselleiro que hoxe é un presunto agresor sexual. Daquela,



claro, non o sabíamos, como si o sabía o señor Rueda dende febreiro, porque, se o soubésemos, o que non fariamos nunca sería tapalo, ocultalo nin encubrilo, señor Pazos —non está—, encubrilo —e, se ten algún problema con este verbo, que nos denuncie no xulgado—, nin encubrilo, como fixo o propio presidente da Xunta. (*Aplausos.*)

Hoxe, señorías, temos unha nova conselleira, que non é nova na consellería, e que, sen prexulga profesionalmente, podemos dicir que comezou con moi mal pé. Non tivo, ao igual que o resto do Goberno do Partido Popular, nin como conselleira nin —o que é máis grave— como muller, nin un xesto cara á persoa denunciante. (*Aplausos.*) Encetou as mesmas verbas de recoñecemento, os mesmos abrazos e os mesmos aplausos vergoñentos que fixeron todos e todas no Partido Popular, e fixérono como fan todo: preparárono, tempo tivo o presidente da Xunta, deron as consignas oportunas, evidentemente tamén á TVG, espallárono sen ningún tipo de escrúpulo, querendo facer que esas imaxes indignantes dos máximos representantes políticos que toda Galiza veu, querendo facernos ver que iso que son, a verdade: outro bulo, outro engano, como tantos, pero nesta ocasión especialmente no xeito.

Como engano é vir aquí autoproclamarse unha e outra vez defensores do mar e do sector do mar galego, cando a realidade nada ten que ver co que o Partido Popular nos conta. Nunca, señorías, na nosa historia, nunca —atendan ben— houbo tantos datos nin tan evidentes de que a Xunta leva décadas sen actuar para reverter unha situación que é extrema nas rías galegas.

Nunca houbo, señorías, nunca, nunca, menos traballadores e traballadoras no mar en Galiza. Nunca houbo, señorías, a caída que nestes momentos de produtividade existe desde que hai rexistros. E nunca houbo, señorías, unha perda de mariscadores e mariscadoras como a que se produciu este último ano; nun só ano, 222. Tampouco, señorías, nunca houbo un dato como o de 2024 de venda de produtos pesqueiros nas lonxas, o peor, señorías, dos últimos vinte e cinco anos.

Estes datos, que non son evidentemente do Bloque Nacionalista Galego, senón de organismos oficiais, ilustran perfectamente o engano, a mentira e —o que é peor— a inacción dun goberno que, iso si, non escatima cartos para ir de feira en feira —o exconselleiro era un experto—: 20,3 millóns de euros neste 2025, nun só ano.

E agora, despois de que o BNG e o propio sector leven tamén anos pedindo estudos e investigacións para dar coas causas e coa orixe dos problemas que atinxen ás rías galegas, dísenos, agora, que hai datos e estudos dende hai trinta anos. O que non se nos di —o conselleiro dimitido non nolo dixo no debate da interpelación— é cal é a razón de por que non se incrementan os orzamentos para investigación e, sobre todo, por que non se actúa para poñer en marcha accións froito desas investigacións que nos permitan parar dunha vez por todas esta sangría.

E ¿saben, señorías, como tapa o Goberno galego a súa incompetencia? Tápaa, entre outras cousas, botándolles a culpa aos demais, nomeadamente ao BNG. E vou ler textual o que dixo aquí o conselleiro dimitido hai vinte días. Bótalle a culpa ao BNG por —abro comiñas— «criticar o mal funcionamento das administracións, porque o que se consegue é negativo para o sector, e que finalmente se saiba fóra das nosas fronteiras» —textual— «que as



nosas augas non son boas.» É dicir, que —como fan sempre— o Partido Popular é capaz incluso de matar o mensaxeiro por non querer recoñecer o seu desleixo e por non querer falar ás claras do modelo de xestión que están a impoñer nas rías.

¿Saben, señorías, que é o que é negativo para o sector e que é o que máis alá das nosas fronteiras transcende do que está a pasar nas nosas rías? Por exemplo, este titular de hoxe: (*A señora Pérez Fernández mostra unha fotografía.*) «Bivalvo de Bulgaria, Dinamarca e Canadá desbanca o produto local». E di un depurador, de Galicia, evidentemente: sérvéncho en vinte e catro horas. Isto é a acción do Goberno galego e o que pon realmente en perigo o sector do mar e o sector marisqueiro. (*Aplausos.*)

E este, señorías, evidentemente, non é o noso modelo, non é o noso modelo. O noso —e xa llelo dixemos, e agardamos poder chegar a tempo antes de que fagan desaparecer definitivamente o traballo sostíbel de miles de persoas nas nosas rías— é, efectivamente, promover e potenciar —que o teñen, potencial— ese sector extractivo nas rías. Para medrar, e para que as rías teñan ese potencial de medrar, hai que acrecentar as partidas referidas a investigación, hai que darlle prioridade á investigación dirixida a mitigar os problemas da súa perda de produtividade e hai que crear unha comisión para coordinar todo este coñecemento e esta investigación, co obxectivo de poñer en común, colaborar e ampliar precisamente eses estudos en materia de sostibilidade ambiental, e tamén económica, do sector galego do mar.

E, señorías, cando pedimos esa comisión que coordine todos os organismos científicos coas universidades e co propio sector, non estamos pedindo nada raro.

Miren, señorías, señorías do Partido Popular, este (*A señora Pérez Fernández mostra un documento.*) é un decreto asinado por un señor que se chama Enrique César López Veiga, e este (*A señora Pérez Fernández mostra un documento.*) é outro decreto asinado, posteriormente, por unha señora que se chama Rosa María Quintana Carballo; os dous foron conselleiros de Mar do Partido Popular e propoñían, propoñían crear —e, de feito, créano mediante decreto no DOG e logo regúlano mediante outro decreto— un Comité Científico Galego da Pesca...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...un Comité Científico Galego da Pesca. Disto hai moitos anos. E déronlle unha composición a este comité que evidentemente vai contra os seus propios principios, por iso nunca o chegaron a poñer en marcha, nunca o chegaron a poñer en marcha.

Agora ben, regular e crear, crérono, e o que pretendía ese comité, que en teoría ía ser independente e de expertos —remato, presidenta—, era precisamente, entre outras cuestións, ser a guía científica da acción política da Consellería do Mar. E iso é, con outras palabras —chamémoslle comité, chamémoslle comisión ou como queiran— o que está a propoñer o Bloque Nacionalista Galego hoxe, xunto —evidentemente— con que se incrementen as partidas orzamentarias en investigación e se adiquen fundamentalmente á investigación nas rías, e que a consellería teña en conta os estudos que saian deses centros de investigación.



Máis nada de momento e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señor Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señora presidenta.

Moi bo día.

¡Menuda intervención, señora Pérez!, sinceramente esperaba algo máis. Vostedes compararon papeleta nas eleccións europeas con Fernando Barrena, condenado por terrorismo; (Aplausos.) número dous, Fernando Barrena; número tres, Ana Miranda. Vostedes non están para dar leccións de nada.

O que resulta sorprendente, unha vez máis, é a súa dificultade, ou mesmo resistencia, para recoñecer o traballo que leva anos realizando a comunidade científica galega, en colaboración estreita coa Xunta de Galicia.

¿Por que lles custa tanto admitir a realidade? ¿Por que esa insistencia constante en facer de menos o que se está a facer ben? Porque o que vostedes traen hoxe aquí, señorías do Bloque Negacionista Galego, non é nada novo, é tristemente o mesmo discurso de sempre, o discurso do «non». (O señor Fidalgo Iglesias mostra un cartel.) Ese é o discurso. (Aplausos.)

É un intento máis de construír un relato negativo de Galicia e da súa xestión, sen importar-lles os feitos contrastables, os datos públicos ou o traballo silencioso e rigoroso do que se fai nos laboratorios, nos centros de investigación e nas plataformas científicas da nosa terra.

Como ben dicía vostede, no pleno anterior xa se proporcionou información detallada sobre a política do Goberno galego en materia de investigación do medio mariño, pero vostedes, como sempre, prefiren facer ouvidos xordos, e por iso hoxe, ante a súa proposta, o Grupo Popular presenta unha emenda, unha emenda que defende con claridade o esforzo, a profesionalidade e a capacidade da investigación mariña que se realiza en Galicia, co obxectivo de recuperar canto antes a plena capacidade produtiva das nosas rías.

Porque, señora Pérez, ¿que pretenden exactamente con esta iniciativa? ¿Insinuar que non existe investigación mariña en Galicia? ¿Que é deficiente? ¿Que é irrelevante? ¿Que é inútil? ¿Que os distintos axentes implicados non se coordinan entre si? ¿Que se ocultan os datos?

Pois mire, francamente iso non se sostén, non é crible, non é xusto e dende logo non é serio. Se ata vostedes mesmos manifestan que a Xunta de Galicia leva tomando datos ambientais na franxa costeira dende hai máis de trinta anos; que a ría de Arousa é, con diferenza, unha das máis estudadas do mundo; que Galicia conta cun observatorio costeiro plenamente operativo, dende hai máis de quince anos; que existe unha rede de estacións oceanográficas que



miden de forma continua variables como temperatura, salinidade, PH ou turbidez da auga; e mesmo recoñecen que en puntos concretos, como Cortegada, na desembocadura do río Ulla, se dispón de rexistros de datos de diferentes profundidades desde o ano 2007, datos que están dispoñibles, que se analizan, que se publican e que serven para tomar decisións en materia de xestión e planificación marisqueira.

E fíxense: a pesar de todo isto e de todos estes datos, son capaces de vir aquí dicir que non hai datos, que se ocultan os datos e que non se fai nada con eles. Pero ¿por quen nos toman? ¿Como se pode poñer en dúbida deste xeito o traballo serio e comprometido de decenas de profesionais que deixan a pel para que Galicia sexa hoxe un referente mundial, mundial, en investigación mariña?

O que resulta indignante, señorías, é que, para atacar o Partido Popular e para atacar a Xunta de Galicia, vostedes non teñan problema ningún en desprestixiar o traballo de investigadores, de biólogos, de químicos e de técnicos que traballan arreo para garantir que os nosos peixes e mariscos sigan sendo os mellores do mundo, os mellores do mundo. *(Aplausos.)*

Porque si, aínda que lles pese, Galicia produce o maior marisco e o maior peixe do mundo, e iso é grazas tamén ao traballo de moita xente comprometida coa calidade e a sostibilidade.

Señorías, o Partido Popular sabe ben que, sen ciencia, non hai futuro para o mar, e por iso en Galicia se traballa con rigor e con constancia para reforzar o noso ecosistema de investigación mariña. Contamos cunha potente estrutura de centros de referencia: o Intecmar, o Cetmar, o Cima, o Igafa, o Cesga, Meteogalicia, xunto co Observatorio Costeiro de Galicia e as asistencia técnicas das confrarías.

Non se trata de palabra só, señorías, senón de feitos. 24 millóns de euros investidos para reforzar o labor de preto dos 350 profesionais que se dedican á investigación mariña en Galicia. *(Aplausos.)* E iso non é todo. Tamén o Programa de Ciencias Mariñas, onde se traballa cun enfoque colaborativo que integra 89 grupos de investigación, máis de 250 membros da comunidade científica, 4.100 profesionais involucrados nun plan de traballo específico en once áreas estratéxicas.

E a isto hai que engadir o Plan de investigación no desenvolvemento e innovación tecnolóxica, porque en Galicia non se improvisa; en Galicia planifícase, avalíase e mellórase, e mellórase con datos científicos e reais. E tamén se aposta pola formación: 11,5 millóns de euros dedicados ás ensinanzas pesqueiras e 1 millón para a formación náutico-pesqueira. E tamén, aínda que lles doa, pois recordarlles o noso Plan de competitividade e sustentabilidade ao marisqueo, que xa mobilizou máis de 70 millóns de euros en liñas de axuda.

Señorías, Galicia é unha potencia en Europa. Somos a rexión pesqueira que conta cos centros de investigación máis importantes do continente. Levamos máis de trinta anos estudando o noso mar, porque vivimos del e porque entendemos que, sen coñecemento, non hai sostibilidade nin futuro. Temos as mellores augas do planeta e tamén temos a responsabilidade de coidalas e de melloralas. E iso só é posible desde a colaboración, a investigación e a pla-



nificación. Por iso, dende o Partido Popular poñemos en valor o noso modelo e defendemos, sen complexos, a nosa marca, a marca de «Galicia calidade».

Señora Pérez, a súa crítica ás veces resulta tan exaxerada, tan exaxerada que provoca o efecto contrario ao que vostede pretende. Eu preguntolle, con sinceridade: ¿cre que algún galego do mar, despois de escoitala a vostede, pode confiar no BNG para defender os seus intereses?

O noso único interese, o do Partido Popular e o da Xunta de Galicia, é defender e fomentar o sector do mar, mellorar o litoral e garantir a conservación dos nosos recursos pesqueiros.

O seu parece máis centrado na desinformación e na creación de bulos. Esa é a diferenza, e nós ímola seguir defendendo.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia á súa intervención.

Entón, quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, señora presidenta.

Bos días a todos e a todas.

En primeiro lugar, quixera dar para os parabéns á nova conselleira. Desexámoslle que exerza plenamente e non sexa simplemente unha conselleira en funcións que garda o sitio para un futuro cambio, unha futura permuta.

Estes cambios políticos dun conselleiro sempre son un momento de —digamos— esperanza, no sentido de que son posibilidades de políticas novas, de novas medidas. Pero, lamentablemente, creo que neste caso imos ter unha política absolutamente continuísta, e quen vai sufrir esa política continuísta non somos os representantes dos partidos da oposición, senón que vai ser o sector, que vai seguir coa mesma situación que levou a esta situación na que estamos.

Pero, claro, non quero empezar a miña intervención —hoxe aquí houbo xente que na fin de semana debeu de facer moitos quilómetros e anda un pouco acelerada— sen ter un recordo de solidariedade miña e do meu grupo para a vítima, a vítima desa agresión sexual; vítima que debeu ser anónima e que lamentablemente non o é. Algúns terán que responsabilizarse de por que este dereito ao anonimato se rachou neste caso, que non é máis que unha revitimización inaceptable da vítima, que é do que nos temos que preocupar neste caso concreto. Polo tanto, desde aquí, a miña solidariedade para ela.

(Aplausos.)



Ben, señor Fidalgo, vostede fixo —digamos— unha clara defensa da proposición que trae aquí o BNG, e das múltiples proposicións que levamos feito nós. É dicir, ante unha realidade científica e datos, a Xunta de Galicia é incapaz de reverter a situación. Explíqueme por que, se coñecemos estes datos, se temos uns magníficos centros de investigación, se temos unha capacidade de investigación e de profesionais que son magníficos, a Xunta de Galicia non é capaz de conseguir que ano tras ano se reverta a situación de baixada da produtividade. Explíquemo. Sinxelamente.

Eu podo conseguir moitos datos, podo metelos nun caixón, quedan nun caixón e despois as decisións que tomo son simplemente dicir: teño tanto, gasto tanto, pero non saco ningunha conclusión.

Na última reunión da Mesa de Pesca veu a presidenta do Intecmar, e dixo que en trinta anos só fixeran un informe técnico, un, relativo ás choivas do ano 2023, porque llo encargou a Xunta de Galicia. ¿Como non lle encarga máis informes técnicos? Se teñen monitorizada toda a ría, ¿como non saben o efecto da salinidade, cando se produce ese efecto da salinidade, o efecto dos encoros, das aperturas de presas e a salinidade? ¿Como non saben cales son as causas de que en zonas das rías haxa maior produtividade que noutras, que haxa especies que son máis produtivas ou menos produtivas, para tomar medidas claras? ¿Como non o fan?

E dígolle a vostede por que non o fan —que diso un pouquiño sei—. Porque a realidade é que moitos dos centros de investigación que dependen da Xunta de Galicia non están realizando actuacións coordinadas. ¿Por que? Porque non hai directrices políticas por parte da Xunta de Galicia das liñas de investigación que son de interese; non as hai, están ao albur do que fai cada centro ou do que lle presenta cada un dos investigadores das universidades á Xunta de Galicia. E a Xunta de Galicia firma o convenio, e punto, e dálle igual o resultado.

Porque a realidade é que vostedes din: 24 millóns de euros da Xunta de Galicia. ¿Canto vai para a investigación destes 24 millóns de euros? Porque moitos é para persoal que se dedica única e exclusivamente ao control ambiental das rías. Polo tanto, non fan investigación, é simplemente control de calidade. E deses 24 millóns pois meten de todo, por exemplo, Cetmar, Intecmar, Cima, Rede Mar... ¿Quen coordina todos eses centros?, ¿quen coordina eses centros? Esa é a realidade. ¿Entéranse do que fai o Intecmar ou do que fai o Cetmar? Non.

E, polo tanto, esa é a gran realidade, ese é o gran problema. O gran problema é que neste momento non estamos falando dunha situación conxuntural, que vostedes sempre dicían do ano 2023, das chuvias que sucedían; non, non, agora xa recoñecen que é un problema de cambio climático.

Polo tanto, esa situación de cambio climático, eses cambios das condicións ambientais —de salinidade, de temperatura, de hidrocarburos, que tamén a través do Intecmar fan eses estudos—, esta situación tívose que ter detectado hai moito tempo, porque a baixada de produtividade das rías galegas —en concreto, da ría de Arousa— non é de hai tres anos, véñse producindo desde o ano 2015, máis de dez anos producíndose esas baixadas.



Teñen os datos de produtividade e de extracción de todas as rías e de todos os bancos. ¿Cruzarón eses datos coas condicións ambientais? ¿Fixeron ese estudo de coller os datos que temos para facer un diagnóstico e sobre todo algunha previsión do que vai pasar? Non. Lamentablemente, non. Eses datos están dispoñibles na páxina web, pero ninguén saca conclusións deses datos. É a política —díciáo vostede— de: temos un magnífico plan de converxencia e tal.

Ben, antes o conselleiro queixábase de que o Plan do Atlántico era un *powerPoint*; xa nos gustaría, ¿verdade?, ter un *powerPoint* dese plan, porque non o temos. Ten vostede unha páxina por aí que nos ensina de vez en cando, pero ese plan de recuperación e de sostibilidade do marisqueo non o coñecemos os partidos da oposición. ¿Como pode ser iso? Por certo, nin o coñece o sector, que coñece o que se lle presenta en roldas de prensa.

Polo tanto, isto é un problema básico de aproveitar os recursos e de aproveitar os datos que temos, e necesítase unha solución inmediata, non a través dos convenios que se van celebrando.

Vostede, ademais, citaba un programa que está aquí impulsado polo Goberno central, que é o Programa de investigación en ciencias mariñas, que é unha acción complementaria do Goberno central, onde participan tres comunidades autónomas. Ese plan, que está dotado con 10 millóns de euros en tres anos —a Xunta de Galicia pon o 40 por cento e o Estado pon o 60 por cento— ten tres liñas estratéxicas e once paquetes. E voulle poñer un exemplo de como a política despois da Xunta de Galicia e do Partido Popular non se alía con isto que din vostedes da ciencia: sen ciencia non hai futuro. Pero a ciencia non é para esconderse detrás da ciencia, senón para traballar con ela.

Ben, hai unha liña, en concreto, nese paquete que di —espere, que isto si que o teño que ler—: «liña 2: actuación 7.2, abastecemento sostible de semente de moluscos bivalvos de criadeiro»; ¡ah!, mire, está aí. ¿Cantas proposicións levamos á comisión para que a Xunta de Galicia cree unha rede de produción de sementes nas distintas rías? ¿Como votaron os membros do Partido Popular? ¡En contra! Polo tanto, dunha liña que teñen no seu programa de investigación científica votan sistematicamente en contra para que a Xunta de Galicia a poña en marcha. E sempre lles dicimos: se van vostedes seleccionar unhas estirpes que sexan máis resistentes, hai que ter un sistema de produción aquí; cando chegue o momento de que haxa esas estirpes, non imos ter iso. Iso é a falta de planificación.

Polo tanto, non é un problema de científicos —que son magníficos—, non é un problema de técnicos —que tamén son magníficos—, non é un problema de datos. Non. É un problema administrativo e político, de que a consellería non aproveita eses datos, non aproveita eses científicos e non se adianta a unha situación que xa é lamentable nas nosas rías.

E, polo tanto, póñanse de verdade a traballar, déixense de posicións políticas absurdas e dedíquense a mellorar ese sector.

Por suposto, como fixemos noutras ocasións, apoiaremos a proposición non de lei do Bloque Nacionalista.



Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da moción, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Antes de nada, agradecerlle ao Partido Socialista o apoio á nosa proposta.

E di o señor Fidalgo, o representante do Partido Popular, que agardaba máis da miña intervención. Sinto decepcionalo. E aínda sinto máis terlle que dicir, porque esta é a realidade, que eu non agardaba máis da súa, (Aplausos.) nada, nada máis da súa.

E quedou demostrado, unha vez máis, que o Partido Popular ten un problema —ten moitos, pero ten un problema—, que é de comprensión, de escoita do que dicimos as demais. O Bloque Nacionalista Galego expuxo aquí na súa primeira intervención —xa o fixemos o día da interpelación— cales son as propostas. Véñolle de comparar que incluso existiron —non hai tanto tempo, jeh!, señor Fidalgo— conselleiros do Mar do Partido Popular que propoñían unha cousa similar —queda curta, pero propoñían unha cousa similar— e vostede di que nós criticamos iso.

Non, nós non criticamos nin os centros de investigación, nin os científicos, nin as universidades, nin o sector; nós criticamos a quen é responsable máximo, e practicamente único, desta desfeita, que é o Goberno do Partido Popular. (Aplausos.) A ese si que o criticamos.

E aínda vén presumir outra vez. Por iso digo que non esperaba nada da súa intervención, porque vostede moito de repetir o que din os demais e repetiu o que dixo o conselleiro dimitido o outro día, a pesar de que logo eu lle retruqueei ao conselleiro dimitido. E vén vostede dicir e presumir aquí dos 11 millóns de euros que dedican no 2025 á formación. Pero ¿estanos chamando tontos a nós e ao sector? 11 millóns de euros no ano 2025 para formación; para feiras, 20,3 millóns. É que nos está chamando tontos, señor Fidalgo. 20,3 millóns —xa llo dixen antes— para que o conselleiro dimitido —e a ver que fai a nova— vaia promocionando por aí bivalvo de Bulgaria, de Dinamarca, de Canadá ou mexillón de Chile. (Aplausos.) ¡Esa é a súa política!

E agora, claro, se recoñecemos, señor Fidalgo —recoñeza comigo, diga que si, porque é así—, que vostede, en particular, e o Partido Popular ten un problema de comprensión, claro, temos que entender de onde sae esta emenda; (A señora Pérez Fernández mostra un documento.) é que non se enteraron. Porque cando o BNG propón crear unha comisión para coordinar o coñecemento e a investigación que existe xa neste país, cando o BNG propón incrementar os orzamentos en investigación e que o Goberno galego atenda a esas investigacións —non as meta nun caixón ou non as tire á papeleira—, ¿que nos propón na súa emenda o Partido Popular? Pois proponnos reforzar a alianza de colaboración.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¿Isto que é? ¿Que figura xurídica é a alianza de colaboración? ¿Está nalgún DOG isto de alianza de colaboración? ¿É algún comité que nós descoñecemos? Claro, esta alianza de colaboración —que é o que o Partido Popular en privado chama colegao, ¿verdade?— pois non lla imos admitir; e máxime cando, evidentemente, vostedes eliminan toda a parte de dotar orzamentariamente o comité, a comisión ou a alianza de colaboración. Entón, non lla imos aceptar.

Remato, presidenta, dicindo que o señor Fidalgo remataba a súa intervención —como sempre, como sempre, xa dixeran antes que a base de repetilo pois ao mellor a alguén cóllalle, ¿non?—...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...Remato, señora presidenta.

Remataba o señor Fidalgo a súa intervención dicindo que o seu único interese é defender o sector do mar. Permítame que non o crea. O seu único interese, sobre todo neste momento, *(A señora Pérez Fernández mostra unha fotografía.)* é evitar que se fale desta vergoña, *(Aplausos.)* dun presidente que non nos representa ás mulleres e ás demócratas; non nos representan, e vostedes, desde o Partido Popular, tampouco.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Máis nada.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa seguinte moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández Davila, sobre o impulso e a elaboración consensuada por parte do Goberno galego dun plan de mellora educativa

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Cecilia Vázquez Suárez.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Cecilia Vázquez Suárez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.)

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación.



«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º.- *Seguir desenvolvendo medidas dirixidas á mellora do sistema educativo, que aseguren que o ensino galego continúe sendo referente e líder en calidade e equidade.*

2º.- *Desenvolver as propostas de mellora do sistema educativo, froito do acordo, como a redución progresiva das rateos, a ponderación do alumnado con necesidades educativas especiais dentro da aula, a redución da burocracia nos centros e a mellora das condicións do profesorado, nos termos recollidos por lei.*

3º.- *Avanzar nunha educación inclusiva con propostas transversais e o desenvolvemento da Estratexia Galega de Inclusión Educativa que acaba de aprobar o Consello da Xunta.*

4º.- *Executar na súa totalidade o Plan Mega, posto en marcha no curso 2024/25, para consolidar o sistema educativo galego como o máis inclusivo, líder en equidade e igualdade de oportunidade.»)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a moción, ten a palabra dona Cristina Fernández, por tempo de oito minutos.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

O pasado día 4 o conselleiro de Educación, o señor Román Rodríguez, pois prodigábase ante os medios de comunicación, despois de manter unha reunión coa Xunta autonómica de directores e directoras de centros educativos, cun novo anuncio de medidas para conseguir a neutralidade ideolóxica. Ben, ¿que pensa o señor conselleiro que facía ata o de agora todo o profesorado nas aulas? ¿Que quixo dar a entender con «principios constitucionais»? ¿Agora non os hai? E se hai alguén partidista, manipulador e desleal, é o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza; a antidemocráticos non hai quen lles gane. *(Aplausos.)*

E esta nova medida que anunciaron, e que só vostedes saben en que consiste, non deixa de ser pois unha nova demostración antidemocrática e caciquil que intenta precisamente neutralizar as críticas da comunidade educativa e sobre todo do alumnado ante as nefastas e prexudiciais políticas do Partido Popular que está levando cara á cidadanía galega. E non é a primeira vez que utilizan a Inspección Educativa para coaccionar os centros por manifestar opinións fronte a accións da consellería ou da Xunta de Galicia contrarias aos dereitos das persoas.

E vou poñer algún exemplo. Cando negaron información ás ANPA ese mesmo curso sobre o número de profesorado que hai nos centros e as necesidades de novos efectivos para o alumnado; cando se recrimina as orientadoras por dar información ás familias sobre a necesidade de apoio e reforzo das súas propias fillas e fillos; cando enviaron cartas intimidatorias aos centros da área de Vigo para que non participaran no Altrilixo, que inicialmente era chamado Artelixo; cando obrigaron o IES da Sangriña, da Guarda, a retirar da súa web un comunicado do claustro que recollía os danos que producen os recortes que fai a consellería na calidade



do ensino público; e, ben, ata impediron que un representante da Embaixada palestina dera charlas nos centros educativos.

Así que non é casualidade que este anuncio se faga agora despois de que o alumnado traballe o seu posicionamento pois sobre a imposición de Altri na Galiza, o seu rexeitamento ao xenocidio do pobo palestino ou de ter iniciativas para reverter a situación do galego, tanto nas escolas como no país, cando defender así dereitos das persoas con argumentos, criterio e valores debiera ser un orgullo para todas e todos nós. *(Aplausos.)*

E, enfronte dese traballo, pois atópase o Goberno do Partido Popular, máis pendente das ordes que recibe de Xénova que de impulsar, cada vez con maior vehemencia, os postulados da extrema dereita. O mesmo señor Rodríguez tivo que banalizar naquela rolda de prensa, e ¡vaia se o fixo Porque nada que ver o espírito crítico do alumnado co menú escolar das patatas fritadas e tamén cocidas. ¡Que vergonza debiera darlles que un conselleiro dixera tales cousas por non saber onde saír ante as preguntas dos xornalistas! *(Aplausos.)*

Polo tanto, segundo o conselleiro, os centros educativos terán que pasarlle unha relación ao comezo de curso de todas as actividades que van realizar durante todo o ano académico, para que o Partido Popular pois poida pasarlle o rodete da censura.

¿Imaxinan vostedes por un momento que os directores e directoras preguntaran en setembro a todos vostedes cantos ían estar ao tanto do número de denuncias que terían por agresión sexual durante o ano os membros do Goberno, para ir preparando o seu calendario de actividades no programa de igualdade de xénero no centro.? *(Aplausos.)* ¿Imaxinan? En fin...

O BNG sempre vai estar do lado dun ensino que forme o alumnado en pensamento crítico, en valores, en debate democrático, que sexa libre para manifestar as súas opinións con argumentos e respecto ao resto das persoas, e gozar dunha aprendizaxe integral entre os coñecementos e a situación social, económica, cultural e política que os envolve en cada momento.

Pero nas aulas tamén é necesario, á parte da vontade do profesorado por suposto, que se teñan os recursos suficientes para o alumnado, sen esquecer nunca aquel máis vulnerable.

Todas as familias coñecen que detrás da súa propaganda se esconde unha trola. Con 31.000 profesores hai cativas que estiveron sen titor na súa clase no inicio de curso. Na baixada da ratio das aulas só a fixeron en 4º de infantil, pois o resto das aulas seguen masificadas e non é posible darlle unha atención axeitada ao alumnado con necesidades específicas.

Co Plan Mega, de mellora educativa, non se atende debidamente o alumnado con diversidade. Publicita o Partido Popular unha inclusión nin máis nin menos que do 93 por cento nos centros educativos, pero a maioría non ten recursos dentro das súas aulas. Así que non é ningunha inclusión nin real nin efectiva.

Polo tanto, o BNG hoxe vimos presentar as nosas propostas, como alternativa de goberno que somos, a un Partido Popular que traballa para o seu beneficio, prexudicando clara-



mente a veciñanza; un Partido Popular que está máis pendente do sector privado como sistema de portas xiratorias para todos aqueles que saen correndo do Goberno que de mellorar a vida das galegas e galegos, e que desvía fondos públicos á privada, esquilmado así os recursos que precisamos para avanzar nunha educación xusta, igualitaria, equitativa e de calidade.

Así que propoñemos á Consellería de Educación as seguintes accións.

Primeiro, que realicen unha avaliación e informe público que determine o número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en cada un dos centros educativos públicos e concertados, e tamén o número de efectivos docentes especialistas reais que existen na actualidade e aqueles que serían necesarios para a atención debida de todo o alumnado, tamén aquel con necesidades específicas.

En segundo lugar, que amplíe o número de prazas nas universidades públicas galegas para realizar o mestrado de educación, e así poder ampliar as listaxes de substitución e interinidades e presentarse tamén aos procedementos de selección de funcionarios docentes, que na privada o custo é de máis de 9.000 euros.

E, en terceiro lugar, que implemente un plan de mellora educativa elaborado nunha mesa de traballo na que participe a representación de todos os sectores educativos afectados, chegando aos seguintes acordos. Primeiro, destinar os recursos de profesorado e especialistas necesarios tamén para o alumnado con diversidade. Segundo, implementar unha batería de medidas para recuperar os dereitos salariais e laborais do profesorado acadados no ano 2007, poñer en valor a súa profesión tamén para recuperar a súa motivación. En terceiro lugar, reducir as ratios do alumnado nas aulas na súa totalidade, pero nesta mesma lexislatura, creando no ensino público todas as prazas necesarias para a demanda existente, desdobrando todas as unidades que sexa preciso; aí deben ter en conta o alumnado con necesidades específicas que teñen informe de apoios e reforzos de orientación pero que carecen daquela certificación de discapacidade, que deba ter os mesmos dereitos. E, por último, minimizar a burocracia, con medidas concretas.

Esta batería de medidas seguro que non solucionan o seu problema de neutralidade ideolóxica, pero darían máis posibilidades de éxito educativo a un maior número de alumnado, para que ninguén poida quedar atrás.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.



Señora Fernández, ¡que veña vostede falar a esta Cámara de contratación de amiguetes...!, en fin. *(Aplausos.)* Ímolo deixar, ímolo deixar aí.

E mire, teño que dicirlle: partidista, manipulador, desleal, extremista, antidemocrático. Señora Fernández, equivocouse, ese é o seu partido, ¡eh!, non é o meu; ese é o seu partido, o da imposición, o que di «non» a todo, o que pretenden manipular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por exemplo, o alumnado. Grazas polo apuntamento, señor Bará, moitas grazas. *(Aplausos.)*

En fin, imos poñernos serios. O sistema educativo galego ademais ben o merece, porque é, sen ningún tipo de dúbida, un dos piares fundamentais da nosa sociedade e do que con razón podemos sentirnos orgullosos. No Partido Popular de Galicia estamos moi orgullosos do noso sistema educativo. E non o dicimos por autocompracencia, senón porque aí están os datos, están os feitos e tamén os informes, eses que avalan que Galicia posúe un modelo educativo sólido, comprometido coa calidade, a equidade e a inclusión.

Pero temos por diante retos e tamén oportunidades: seguir avanzando cara a un ensino mellor, máis adaptado aos novos tempos, máis xusto e tamén máis eficiente.

E voulle refrescar algúns datos dos que xa falamos recentemente, no pasado mes de novembro.

Unha das mellores ratios en alumnado por docente en toda España: 9,8, cando a media estatal é de 11,4.

Líderes en inclusión educativa; o 93,3 por cento do alumnado con necesidades especiais acode a centros ordinarios, cando a media española é do 85,2 por cento.

Informes internacionais, que xa sei que non lles gustan, pero Galicia está por riba da media da OCDE e do Estado no rendemento académico, especialmente en materias, como saben, como ciencia, comprensión lectora e pensamento creativo.

¿E isto por que é posible? Pois é posible porque hai unha vontade política clara, porque se destina investimento e tamén porque se aplican medidas eficaces. Galicia inviste 1.000 euros máis por alumno que a media española. Eses son os datos.

E tamén lle vou dicir, xa para rematar esta parte, outro dato: a Consellería de Educación, como vostede sabe, xestiona o orzamento máis alto da historia da Xunta de Galicia, con máis de 3.000 millóns de euros. Iso son feitos, son datos e non os podemos obviar. *(Aplausos.)*

E o curso que está rematando pois supuxo un punto de inflexión, porque se comezou con ese acordo da mellora, que tampouco lles gusta, pero é un acordo histórico; é histórico, ¿sabe por que? Porque supón a maior transformación educativa das últimas décadas. Un pacto que está blindado por lei, cun calendario claro e cun obxectivo compartido, que non é outro que mellorar a calidade, a equidade e a inclusión.



E voulle resumir algún destes puntos que inclúe este acordo, no que destacan a redución progresiva das ratios por aula, pasando de 25 a 20 en 4º de infantil; a ponderación do alumnado con necesidades educativas especiais; a mellora dos agrupamentos no rural, reducíndose de 18 a 14; como saben, este ano evitouse o peche de 200 aulas, en tres anos serán 900.

E agora si que me gustaría determe para poñer enriba da mesa unha cuestión que vostede tamén xa puxo, que nos preocupa bastante, que é a defensa da neutralidade ideolóxica nas aulas.

Miren, a educación está para formar, non para adoutrinar. Iso a ver se o empezamos a ter claro. (*Murmurios.*) —E, por favor, non me interrompan, porque eu non interrompín a ningún cando vostedes interviñeron—. Entón —repito—, a educación está para educar, para formar, non para adoutrinar, que é o que pretenden facer vostedes, señorías do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

E os espazos educativos, os centros educativos son espazos para o coñecemento, para a igualdade de oportunidades, para o pensamento crítico, pero non para introducir os discursos partidistas que lle interese a algún partido político ou intereses políticos.

Por iso eu lles pregunto: ¿por que lles molesta tanto que se garanta a neutralidade ideolóxica no ensino, se isto non é ningunha novidade? Porque isto é un principio blindado en España dende o ano 1986 nunha lei orgánica, que, por certo, gobernaba Felipe González. Igual, ben, aos socialistas de agora pois non lles gusta que a aprobara Felipe González, porque non están moi de acordo co seu presidente.

Pero, por favor, pero daquela, señorías do BNG, ¿forma parte do seu plan de mellora educativa utilizar as aulas como plataforma política? Sexan claros e díganos, díganos con claridade. (*Aplausos.*) O que non se pode facer é tentar enganar a poboación continuamente. Iso é o que non se pode facer.

E, como lles dicía, os nenos e as nenas van ao colexio a aprender; ao que non van ao colexio é para ser orientados ideoloxicamente. E calquera intento de uso do sistema educativo como ferramenta de propaganda debería ser rexeitado profunda e radicalmente por calquera forza política que proclame defender o ensino público e plural, que é o que vostedes din que defenden. Polo tanto, non entendemos esta postura. Pero ben, aí o deixo.

Un dos principios que guía este modelo educativo é garantir as mesmas oportunidades para todos, vivan onde vivan; por iso o 40 por cento dos centros educativos están nas zonas rurais e se destina a eles un 28 por cento máis de investimento que nas zonas urbanas; afianzando tamén o compromiso coa diversidade, con eses 5.000 profesionais adicados á educación, á atención en diversidade, cando por certo no 2008 eran só 2.700.

Tamén somos líderes na detección temperá de necesidades educativas: o 5 por cento, fronte ao 3 por cento da media estatal.

E, como comprenderá, ningún sistema educativo funciona sen o compromiso e a profesionalidade do seu persoal docente. Por iso este acordo tamén contempla diferentes actuacións



específicas para eles, como pode ser o aumento salarial ou a redución do horario lectivo, facilidades de conciliación, e tamén un plan para reducir a burocracia, como pode ser a matrícula, que xa se poderá facer dende o móbil.

Polo tanto, isto non son unha serie de medidas técnicas, é unha estratexia educativa coherente, planificada e avalada polos feitos. Non se trata de promesas baleiras nin de titulares. E o diálogo e o consenso foron e seguirán sendo os eixes fundamentais desta política.

É por iso que nós presentamos esa emenda, que é para construír, para sumar e que non enfronta, que non retrocede, que o que propón é avanzar e non confrontar. E por iso mesmo pois agardamos que a acepten.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

¿Señor Ojea?

(O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.)

Renuncia á súa quenda de intervención.

Quenda agora do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, presidenta.

Membros da Cámara.

Señora Vázquez, a nós gustábanos o Felipe González que ditaba leis progresistas. A vostede parece ser que lle gusta o Felipe González do *Hormiguero*. Quede con el. *(Aplausos.)*
(Murmurios.)

Falan vostedes de neutralidade ideolóxica. Ben, e ¿que é neutralidade ideolóxica? Porque vostedes falan de adoutramento, de cuestións e falan de facer —digamos— cidadáns, que é do que se trata no sistema educativo, críticos en valores. Por certo, o señor Feijóo percorre España cun cartel enorme que pon aquí «valores». ¿Que pasa? ¿Eses valores non se van dar nesta neutralidade ideolóxica? ¿Vostede dáse conta de que cando está falando de neutralidade ideolóxica está falando, por exemplo, dos antivacinas, dos terraplanistas? En Estados Unidos, ideoloxicamente, négase a teoría da evolución. ¿De que está falando vostede desde o punto de vista de neutralidade ideolóxica? ¿Onde queda a liberdade de cátedra?

Vostede con esta proposta o que demostra é unha total desconfianza nos profesionais da educación, que son os responsables precisamente de elixir os contidos para dar eses criterios, eses valores, eses principios a eses estudantes. Eses son os responsables, os que teñen que



facen, non que veña a Administración autonómica educativa a dicir que se pode tratar e que non se pode tratar nas aulas, nas actividades extraescolares, etc.

Porque o sistema educativo, a formación educativa é un proceso moi complexo, onde se están formando cidadáns —repito— críticos e con valores, e para iso necesitan, entre outras cousas, coñecer todas as opcións ideolóxicas, todas, e cada un que elixa a que considera mellor.

Polo tanto, iso non é máis que —repito— adiantarse —digamos— ao que lle podía pedir o hipotético socio de extrema dereita, que é o que pide; o pin parental é o máis parecido a isto, só que, en vez de ser os pais, aquí vai ser a Administración autonómica a que vai dicir que se pode tratar nas aulas e que non. Paréceme un retroceso terrible desde o punto de vista democrático e constitucional, como os que se dixo. Polo tanto, espero que reconsideren estas cuestións.

Imos tratar o tema. Ademais, o conselleiro, nunha das primeira sesións, presentou aquí o marabilloso Plan Mega, plan que ía solucionar absolutamente todos os problemas da educación; Plan Mega dotado con 20 millóns ao ano e que se baseaba fundamentalmente nun acordo asinado cos sindicatos no ano 2023, antes das eleccións. Ben, e ¿que pasou con ese acordo? Todas as organizacións asinantes protestaron pola aplicación dese acordo, todas, incluso algunhas ameazando con ir ao xulgado denunciar ese plan.

Pero non soamente iso. Vostede, o Partido Popular, reconece que o está incumprindo, porque na Lei de acompañamento introduciron unha emenda que modificaba a planificación que estaba nese acordo. Fundamentalmente, o que facían era que para ter en conta os nenos con necesidades especiais, para ponderar a ratio, a estenden ata o ano trinta e tantos. Iso é o que puxeron vostedes, non os membros da oposición, vostedes, na Lei de acompañamento. É un recoñecemento clarísimo do incumprimento dese acordo sindical, proposto polo propio Partido Popular.

Polo tanto, ¿de que estamos a falar? Estamos a falar —ninguén discute os datos— de que, efectivamente, Galicia é unha comunidade autónoma onde o 23 por cento dos nenos con necesidades especiais están escolarizados nos centros ordinarios, superior á maior, pero precisamente esa situación —digamos— de avanzada o que require é maior esforzo. ¿Por que? Porque non se pode ter o 93 por cento dos rapaces en centros onde se están escolarizando sen as condicións de persoal de apoio, de persoal de mantemento, de acompañantes, que se necesitan para que eses nenos teñan realmente esa educación adecuada.

Polo tanto, maior taxa, maior nivel, maior exixencia e maior exixencia presupostaria. E, lamentablemente, a Xunta de Galicia non está facendo —digamos— o aporte presupostario e sobre todo de recursos humanos necesarios para que iso sexa así. Sistemáticamente, todas as asociacións de pais, todos os concellos a principio de curso están reclamando que se está incumprindo o número de profesorado de atencións especiais que hai nas aulas. Estase reclamando que non hai coidadores suficientes para os rapaces, algúns deles cunha dependencia bestial, do 80 por cento ou 90 por cento da súa autonomía. E repoñen un coidador por cada cinco rapaces que teñen necesidades especiais dese tipo, un por cada cinco. ¿Iso é bo? ¿Como pode ser que en centros —e aí o estivemos vendo na Comisión de Educación con—



tinuamente e neste pleno— onde se incrementa o número de alumnos con necesidades especiais se reduce o número de especialistas dun ano tras outro?

Polo tanto, fagan ese esforzo, se se considera realmente que é importante que esa diversidade estea nos colexios ordinarios, e poñan os medios, poñan os medios materiais e poñan os medios persoais.

E vostedes falan de 5.000 profesores, non, 5.400, este ano. Ben, eses profesores, eses 400 profesores, veñen dentro do programa Proa. O programa Proa está financiado polo Goberno central, que, por certo, para o programa Proa, para o reforzo en competencias matemáticas, para o reforzo da lectura e para educación inclusiva, no ano 2024 enviou á Xunta de Galicia 14 millóns de euros.

Pero ¿sabe canto aportou este ano para eses mesmos catro programas? ¿Sábeo vostede? Dígollo eu: 18,9 millóns de euros; é dicir, incrementou un 32 por cento a aportación do 2024 ao 2025. ¿Que está facendo a Xunta de Galicia con iso? ¿Está realmente incrementando o reforzo nos centros? Non, porque cada vez hai menos.

E, por certo, basearse nunha situación onde estamos incorporando o 93 por cento dos alumnos con necesidades especiais, no reforzo dos centros, na plantilla eventual, por tempo parcial, e con limitación, porque soamente están contratadas ata o mes de xullo, destas 400 persoas que están contratadas no programa Proa, que rematará no ano 2028, é un risco para o futuro, porque o que teñen que facer é dotar de prazas estruturais, porque son necesarias; despois organizaranas en función das necesidades, pero as necesidades de nenos con necesidades especiais —valla a redundancia— non se van reducir, cada vez son máis, son maiores, temos un 12 por cento xa.

Por certo, se a consellería soubera exactamente cantos rapaces con necesidades especiais ten, ao mellor planificaba mellor, que a realidade é que en moitos casos non o sabe; polos datos que dan algúns colexios, cando dicimos: hai tantos nenos, din: non, non, hai moitos menos. Pero ¿como pode ser iso certo? ¿Como pode ser que non saiban exactamente cantos nenos con necesidades especiais teñen nos centros? ¿Como poden facer a planificación do profesorado desta forma?

Polo tanto, déixense de tanta publicidade, recoñezan que o sistema educativo ten unhas vías clarísimas de avance, e, se non, vexa o exemplo. Vostedes falan de programas, de proxectos. Por certo, o conselleiro xa non fala moito de Omega; debe ser que as cousas non están saíndo exactamente; por certo, se pon 20 millóns cada ano para Omega e o Goberno central lle dá 18, está facendo un esforzo de 1 millón e medio de euros nada máis o Goberno da Xunta de Galicia.

Pero temos un claro exemplo de programa —digamos— de liderado dentro da Xunta de Galicia que non está funcionando e non están recoñecendo que non está funcionando. ¿Que está pasando co E-Dixgal? Está pasando co E-Dixgal que este ano hai quince colexios máis que se van dar de baixa do E-Dixgal. E a Xunta de Galicia ¿que di? Imos reformalo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.



O señor ABALDE ALONSO: Non, é un problema de decisión estratéxica. A educación híbrida non funciona, e moito menos en educación non universitaria.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da moción, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidenta.

Defender os dereitos humanos, o medio ambiente, a igualdade ou organizar actividades culturais e pedagóxicas pois forma parte do labor docente, non dunha axenda política. ¿Por que ten tanto interese o Goberno do Partido Popular en controlar as actividades que se fan nos centros educativos? Se é así, é porque queren calar aquelas críticas dos abusos e políticas contrarias a todos estes valores que defenden as docentes dentro das súas aulas.

Estes días pois puidemos ver como un goberno aplaudía e abrazaba un conselleiro denunciado por agresión sexual (Aplausos.) en lugar de cesalo de inmediato, pois o presidente Rueda declaraba que esperaba unha volta política o máis pronto posible, poñendo, por tanto, en dúbida a realidade da denuncia da vítima, e poñíase en coñecemento da prensa o nome da muller para desviar o foco mediático cara a ela. Actitudes, dende logo, todas elas machistas e carentes de valores éticos e morais. (Aplausos.)

Este mesmo goberno é o que anuncia, o mesmo día que se descobre todo este pastel, que vai controlar aínda máis o labor docente dentro das aulas. ¿Pensan que todo isto está carente de ideoloxía? Non. É a súa ideoloxía, a da extrema dereita, a da lama.

Mire, señora Vázquez, ou non estaba nesta cámara hai un ratiño cando eu intervín ou dende logo lle prepararon algo que non se enterou. Ben, a realidade —que é ao que vou e non vou perder tempo con vostede— é que a comunidade educativa sofre a falta de recursos que van ser determinantes para que o alumnado matriculado poida avanzar no ámbito persoal, educativo e profesional. E vostedes están a traficar coa esperanza de futuro do alumnado, e fano mentres financian 230 centros privados, a maioría posicionados ideoloxicamente, señora Vázquez, concertando 3.994 aulas, por máis de 334 millóns de euros. Pero, iso si, concentra un alumnado con diversidade nos centros públicos, non vaia ser que estorben noutros sitios.

O ensino galego é un dos que menos inviste de todas as comunidades autónomas do Estado. Non sei que datos deu vostede, señora Vázquez; están soamente diante de Madrid e Asturias, que precisamente ata o día de onte estaban en folga do ensino. Galicia inviste tan só 1.094 euros por habitante en educación, case 700 menos que as comunidades autónomas que están á cabeza desa lista. Mentres no 2009 se dispuña do 22,84 por cento do orzamento, no 2023 estamos falando de estar por debaixo do 20 por cento.



Este ano a consellería non vai convocar o concurso para postos de atención preferente ao alumnado. A mesma Inspección Educativa informou de que van prorrogar un curso o profesorado que remata este ano, quedando sen atender todas as novas necesidades. Así que, neste intre, xa hai centros educativos que están a reclamar desdobres cos datos da preinscrición, e unidades de saúde mental hospitalarias voltan estar sen as docentes que precisaban.

Así que póñanse a traballar dunha vez e deixen de querer controlar as actividades das escolas e institutos, para ocultar así as críticas desas políticas nefastas que nos están levando á cidadanía galega de cabeza.

Non imos admitir, por certo, a emenda do Partido Popular, xa que garante a continuidade desas políticas que estamos a denunciar dende o Bloque Nacionalista Galego.

Grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematado o debate desta moción, procedemos á suspensión da sesión ata a tarde, e será reanudada ás 16.30.

Bo proveito a todos e todas.

Suspéndese a sesión ás tres e catorce minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde. Reanudamos a sesión co punto cuarto: mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Patricia Iglesias Rey, sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para a defensa dos sectores produtivos de Galicia ante a nova política arancelaria dos Estados Unidos

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas. Para formular a moción, ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas de novo.

Non vou andar con rodeos. Aquí en Galicia, Feijóo, ese madrileño un pouco desnortado, manda; Rueda obedece, e Galicia e as empresas perden. Así de sinxelo. Seguen a facer, aquí no Goberno galego, no PPdeG, oposición á oposición, e, ¿saben unha cousa, señorías do PPdeG? Pois que gobernan. Isto non é un plató da Televisión de Galicia, que controlan sen poñerse colorados, como se acaba de demostrar hoxe co tema da elección da nova directora xeral. A única vontade é a de destruír e confrontar calquera iniciativa que veña do Goberno de España aínda que sexa boa para Galicia, aínda que sexa boa para as empresas e os sectores empresariais. Non se acepta porque vén da man do socialismo. Trátase de boicotear, por razóns partidistas dun PP presidido por un galego que —como dicía— está un pouco des-



nortado e que —como xa dixen máis veces— vai entrar Papa nese Congreso Nacional que están preparando en xullo con tanta alegría, e vai saír cura de Entrecruces, e perdón para a parroquia de Entrecruces.

E así, o señor Feijóo deu ordes a Rueda na Conferencia de Presidentes que se celebrou no pasado 6 de xuño, e o señor Rueda pediu nesa conferencia eleccións anticipadas e preferiu tamén falar dos ocupas que falar do problema real de acceso á vivenda que teñen milleiros de galegos e de galegas. Ese mesmo Feijóo que ordenou aos deputados galegos e galegas que sentan no Congreso dos Deputados votar «non» á subida do salario mínimo interprofesional; «non» ao ingreso mínimo vital que tanto favorece persoas e familias vulnerables, sobre todo mulleres en familias monoparentais; «non» á reforma laboral, «non» ao incremento das pensións, «non» á excepción ibérica; «non» á senda de estabilidade orzamentaria; «non» aos anticipos á conta que viñan para Galicia de 700 millóns de euros, e «non» —como non— a ese Plan de rescate que mobiliza 14.000 millóns de euros para beneficiar as empresas españolas e galegas da guerra arancelaria de Trump.

¿Como se explica? Pois a verdade é que se pensamos e usamos sempre esa palabra que tanto lle gusta ao PPdeG, o sentidiño, pois non se pode explicar con ese sentidiño. ¿Por que? Porque só se pode explicar se realmente Feijóo segue sen aceptar que non foi presidente porque non quixo. Eses escrúpulos e ansias de poder desmesuradas. Oposición sen ideas, sen dirección e sen escrúpulos; oposición de lameira, onde o señor Rueda se sente moi a gustiño.

Respondendo un pouquiño o que dicía hoxe o conselleiro Diego Calvo, o que temos claro no Partido Socialista de Galicia é que nunca, nunca xamais, imos pactar con partidos que negan a violencia de xénero, partidos que apoian o Estado xenocida de Israel, partidos que negan o cambio climático, partidos xenófobos e racistas. Iso témolo claro no Partido Socialista de Galicia. (Aplausos.)

A historia repítese agora prexudicando Galicia. Mesmo *modus operandi*, confrontación sen unha soa medida de calado no longo prazo do Goberno galego para axudar de forma directa os sectores máis afectados por esa guerra arancelaria. Eu preguntome: ¿non van aceptar eses millóns de euros que van beneficiar as empresas galegas, como se negan a aceptar eses 4.000 millóns de euros da quitación da débeda? ¿Van facer o mesmo? E o peor de todo, o seguidismo do señor Rueda.

Como xa é sabido, o Goberno de España aprobou hai escasas semanas un Plan de rescate de 14.000 millóns de euros; un plan serio, ambicioso, urxente, destinado a mitigar os danos provocados por esa guerra arancelaria comercial de Trump, que vai a golpear sectores estratéxicos da nosa industria, como o agroalimentario, a automoción, o sector do viño, o conserveiro, o sector naval. E hai unha semana —como é sabido tamén— a situación agravouse porque se elevaron ao cincuenta por cento os aranceis do aceiro e do aluminio.

A negativa do PP non é só un erro político; é unha irresponsabilidade histórica, porque votar en contra dese plan do Goberno de España é darlle as costas a Galicia. O PP pretendeu xustificarse con argumentos partidistas que ninguén entende. ¿Por que? Porque se situou do lado dos intereses das nucleares, que están agora no taboleiro tamén de novo das enerxías,



ou dos intereses do oligopolio das eléctricas. E nós, as socialistas, si cremos que hai que actuar aquí, en Galicia, e que hai que estar á beira do tecido produtivo galego e apoiar as pequenas e medianas empresas que crean riqueza e emprego. Por iso, defendemos este plan de rescate de 14.000 millóns de euros ata as últimas consecuencias, porque é de xustiza e porque é de país.

E aquí en Galicia, ¿que fixo o Goberno galego? Ben, pois voulles dicir que fixo. O primeiro é unha ausencia dun plan específico en concreto de axudas directas. E, por tanto, mentres que noutras comunidades autónomas si estableceron fondos específicos de liñas directas ás empresas, Galicia limitouse a facer declaracións xenéricas, o 14 de abril do 2025 fíxo a foto cos *clusters* empresariais —onde por certo non estaban sentados os sindicatos nin tampouco Unións Agrarias— e logo desa reunión anunciou nos medios unhas medidas que xa estaban postas en marcha, que era a liña de préstamos dos avais do Igape que, por certo, non saíron publicadas aínda no *DOG*. Por tanto, aínda non están vixentes as medidas e anuncios que fixo a Consellería de Economía e Industria. Nada novo, nada específico e nada de liñas de axudas directas.

E, ¿que fixeron en cambio outras comunidades autónomas? Pois aquí está a diferenza, por que actuaron con intelixencia e con responsabilidade. Cataluña activou unha liña de axudas directas ás adegas e ás empresas exportadoras afectadas, impulsou campañas de internalización, derivou as exportacións cara a Asia e América Latina e promoveu a participación de feiras internacionais cunha política de apoio económico específico ás pemes. La Rioja —PP—: o Goberno autonómico negociou aí en Madrid medidas compensatorias para o sector do viño, puxo en marcha bonificacións fiscais para produtores prexudicados e articulou un fondo específico de promoción exterior para abrir novos mercados en Canadá, Xapón e Korea. Andalucía —tampouco nada sospeitosa de ser do Goberno do Partido Socialista— pois tamén activou esa oficina de análise e medidas de axudas concretas para os sectores do aceite e do viño. E aquí en Galicia pois houbo pasividade institucional. Galicia non reaccionou e tivo moi pouca ambición. Pasaron meses sen que se convocasen esas mesas sectoriais, sen que se escoitasen as asociacións empresariais ou as cooperativas afectadas. E a escusa naquel momento do Goberno galego pois era esperar a ese Plan de rescate que se estaba articulando do Goberno de España; Plan de rescate ao que votaron «non» por parte do PP.

Por tanto, exiximos nesta moción accións concretas: que a Xunta active un fondo específico de axudas directas aos sectores afectados, que lidere a diversificación de mercados internacionais para produtos galegos, que impulse campañas de promoción exterior co selo de Galicia Calidade, que manteña reunións cos grupos de traballo sectoriais e periódicos e que renda contas no Parlamento galego desas reunións.

En definitiva, señorías, defender Galicia non é poñer bandeiras, aínda que parece que ao PPdeG lle gusta máis a bandeira española que a bandeira galega, como se amosou este sábado na Praza de España, ou ir de concentración en concentración. Hai que gobernar con responsabilidade, hai que gobernar con valentía protexendo as empresas galegas e os seus produtos e os seus traballadores e traballadoras.

Nada máis polo de agora. Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, Señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos.

A min sorprendeume moito cando o presidente Trump anunciou todas esas medidas intervencionistas, arancelarias etcétera, provendo, como provén, dun país que sempre foi o abandeirado do libre mercado e o abandeirado das teses de Adam Smith; a man invisible; *laissez faire, laissez passer*, e todo aquilo que xa coñecemos dese aspecto da economía. Sorprendeume porque realmente nunca pretenderon ser os Estados Unidos un país intervencionista ata eses extremos, ata caer nese proteccionismo que moitos xa criamos caducado, polo menos neses países. E o que si está claro é que, con independencia das ideas acerca da economía mundial que cadaquén pode ter, cando un país dese calibre, desa magnitude, impón unhas regras de xogo e unha baralla concreta, pois hai que xogar con esa baralla. Se os Estados Unidos impoñen esas regras, pois temos que xogar con esas regras, con independencia do que pensemos acerca delas.

E, nese sentido, loxicamente, España, Unión Europea e Galicia deben tamén ter en conta esas novas restricións que se impoñen desde os Estados Unidos. Aínda imos ver como se desenvolven, claro, porque están aí outros axentes, como son a China, Rusia, os países do sur de América... A ver como se desenvolven esas estratexias, pero está claro que, se non xogamos con esas cartas, imos perder. Entón, nese sentido, na medida en que se poidan ver afectadas as empresas galegas que exportan os seus produtos —en moitos casos da máxima calidade— pois loxicamente debemos tomar algunha medida. Un goberno non pode estar pasivo cando pintan bastos, por dicilo dese xeito, cando as cartas veñen desa maneira.

Nese sentido, a proposta do Partido Socialista —con independencia da aplicación concreta que desas ideas se estea facendo desde Madrid—, as propostas que están inscritas na moción son o suficientemente xenéricas e o suficientemente defendibles —como digo sería despois cuestión de ver como se levan á práctica—. Esa defensa dos puntos galegos, ese seguimento por parte das administracións públicas, ese diálogo cos *lobbies*, ou con *clusters* ou coas empresas que se vexan máis afectadas —con eles e cos seus representantes sindicais, eses outros organismos dos que se fala— pois é totalmente defendible.

Entón apoiaremos esa moción porque —xa digo—, con independencia de referencias a aspectos máis concretos que se podían facer desde o Goberno do Estado, está escrito nuns termos xenéricos que son moi fáciles de defender, e por iso a apoiaremos.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Estamos xa na sesión de tarde do Parlamento galego, e en apenas, calculo, que sobre dúas horas cumpriranse seis días, seis días desde que dimitiu o conselleiro do Mar por presunto delito de agresión sexual; seis días de lavado de cara, seis días de silencios cómplices. E aínda non escoitamos lamentablemente tampouco neste Pleno nin ao presidente da Xunta, nin a ninguén do Partido Popular, solidarizarse coa vítima, pedir desculpas ás mulleres galegas por tapalo durante catro meses, ou tan sequera pedir que se investigue de onde saíu a filtración gravísima da identidade da vítima, (*Aplausos.*) e aclarar se o Partido Popular e a Xunta teñen que ver ou non con esa violación da intimidade, que supón tamén unha auténtica agresión.

Cada minuto que pasa é unha vergonza, cada minuto que pasa é unha mensaxe demoledora ás vítimas e tamén unha mensaxe que alimenta a impunidade dos agresores. E teño que dicir que é unha vergonza o papel da Xunta, pero teño que dicir tamén, lamentablemente, que desde o BNG lamentamos que, nesa cerimonia de continuo lavado de cara en que consistiu a toma de posesión da nova conselleira, estivese tamén presente o presidente desta Cámara, que nos representa a todos e todas e que, nesta cuestión concreta, temos que dicir que nos decepciona; que a nós non nos representa que quen preside a Cámara participe tamén dese espectáculo bochornoso.

Nestes últimos catro meses —nos que o presidente da Xunta e non sabemos cantas persoas máis dese Consello da Xunta estiveron ocupados en tapar este escándalo—, pasaron ou seguiron pasando moitas cousas no mundo, moitas cuestións que afectan Galiza e ante as que este Goberno debería reaccionar, porque para iso está o autogoberno; ese autogoberno que outras veces tanto enarboran, cando menos a efectos de discurso. Pois o autogoberno é iso: ter un país que xestionar e actuar ante circunstancias que afectan de forma directa, como é neste caso en que un contexto absolutamente incerto e absolutamente complicado a nivel mundial condiciona a vida da nosa xente, a nosa economía.

Pero unha vez máis vemos unha Xunta absolutamente pasiva. A mesma Xunta que non aproveitou as leccións da pandemia para facer mudanzas substanciais no seu sistema económico, por exemplo, non aproveitando as súas leccións. Desa pandemia aprendemos que era fundamental robustecer a economía, que era fundamental apostar pola innovación e polas cuestións de proximidade, e a Xunta de Galiza fixo o contrario. Por poñer un exemplo enriba da mesa: moito falamos de I+D+I, pero seguimos máis dunha décima por detrás da media europea, e só hai que ver os datos de execución do último orzamento para ver como, á mínima, fan *tijeretazos* como o que lle fixeron ao Plan Galego de Innovación de máis de 90 millóns de euros. E así con todo. Vímolos esta mañá tamén cando dicían non a unha lei que precisamente pretende favorecer a localización empresarial e o retorno das axudas públicas.

En fin, un Goberno que mirou para outro lado tamén na crise de prezos, e que, agora mesmo, ante un contexto cada vez máis incerto, segue a facer caso omiso das súas competencias e a non atendelas. Por iso, nestes meses, mentres o Consello da Xunta estaba ocupado en tapar outras cuestións, vimos como asistíamos todos e todas a un dos acontecementos mundiais



que máis agravaron esta incerteza, que foi o inicio do segundo mandato do señor Donald Trump. Un inicio de mandato en que, ademais de perseguir máis aínda os dereitos das mulleres, os dereitos dos colectivos trans ou os dereitos das migrantes, vimos como tamén unha parte fundamental da política económica consistía nesa proposta, nese anuncio —medio en serio, medio globo sonda— dunha política autenticamente salvaxe de aranceis para outras economías. E vimos como, despois de convulsionar o mundo das bolsas, seguiu unha conxelación de noventa días para algúns países.

Estamos a piques de rematar eses noventa días. Polo tanto, a Xunta de Galiza puido aproveitar este tempo para facer actuacións ao respecto, para prever máis ou menos como isto podía afectar a nosa economía, para negociar e para avanzar propostas. Pero vimos como neste tempo tamén se dedicaban a mirar para outro lado.

¿Que pasará cando rematen estes noventa días? Non o sabemos, non temos unha bóla mágica. Pero, desde logo, onte, que comparecía o presidente do Banco de España no Congreso das e dos Deputados, advertía de que, no escenario máis optimista, a economía estatal tería unha afección, cando menos, de tres décimas; sete se nos imos ao escenario máis complicado. Polo tanto, é imposible pensar que non afectará dunha maneira ou doutra tamén a nosa economía.

O que si sabemos é o que non fixo a Xunta e puido facer. Puido aproveitar o Consello Económico e Social, organismo de asesoramento e participación en materia socioeconómica, para impulsar algúns tipos de mesa de traballo que realmente fosen plurais e que puidesen ir avanzando propostas; non o fixo. Non hai definido, hoxe, de forma rigorosa, que sectores serían os máis vulnerables. Non hai definido tampouco como abordar a afectación indirecta.

E mentres, vemos que van pasando pequenas cousas. Sen ir máis lonxe, esta mesma semana vimos como a empresa de Narón, Guidoni, na súa documentación dun ERTE, apunta, entre outras causas, aínda que non sexa a única, a cuestión arancelaria. ¿Onde está a Xunta? ¿Onde están as conselleiras responsables da materia? Pois nin están nin se esperan, coma sempre.

Non hai tampouco previsión de axudas directas, ningunha reserva económica para este fin; nin se abordou tampouco desta volta—pero tampouco nos últimos anos— un dos problemas do noso sistema económico, que é a dependencia absoluta, en materia de exportacións, de determinados sectores económicos, por non dicir directamente de determinadas empresas. A súa diversificación é unha das debilidades que apunta desde hai moitos anos, tanto o propio CES como o Foro Económico de Galiza, e a Xunta mira para outro lado. Vemos tamén como o Igape está sendo unha ferramenta absolutamente inservible.

En resumo, podemos dicir que non hai previsión nin hai anticipación. Sabendo que é un contexto complexo, que hai cuestións que, ata que se verifique como van ser eses aranceis ou non, non se van poder concretar, o certo é que aquilo de «*estamos trabajando en ello*» ao que nos ten acostumados o Partido Popular, vistos os antecedentes, non inspira demasiada confianza.

Non inspira demasiada confianza, porque estamos moi acostumados e acostumbradas a ver como temos un Goberno que fuxe do exercicio das súas competencias, singularmente as do



ámbito económico e do emprego, e, polo tanto, compartimos co Partido Socialista a necesidade de ir avanzando, de ir dando algún tipo de debate. Aínda que hai propostas aquí que non nos parecen suficientes, entendemos que son un bo punto de partida para poder facer as cousas de forma diferente; para facer, nesta crise na que estamos inmersos e inmersas, nesta situación complexa, o que o Partido Popular non fixo anteriormente, que é aproveitar para reorientar aspectos da nosa economía que non funcionan e que é atender os sectores máis vulnerables en lugar de deixar que pase o tempo.

Parécenos un punto de partida positivo para eses efectos, e nós engadimos que, no medio prazo, consideramos que sería fundamental tamén non perder máis semanas en definir que sectores son estratéxicos na nosa economía e esenciais para Galiza, e iniciar aí tamén unha política económica e industrial que realmente aposte pola súa viabilidade; que aposte polo control público galego sobre eles; que aposte por atender cuestións pendentes, como minimizar a dependencia de subministración de recursos que sexan críticos e esenciais —porque estamos tamén rodeadas de tensión xeopolíticas e bélicas importantes que en calquera momento tamén nos están afectando—, e articular así medidas para que esta guerra arancelaria afecte o menos posible o noso tecido produtivo nacional.

Todo isto debería ir acompañado tamén dunha estratexia propia de defensa e de promoción dos intereses galegos, e de algo moi importante que deixo en último en lugar, pero non por iso é menos importante, que é atender a como isto vai afectar novamente a escalada de prezos, e como vai afectar os sectores máis vulnerables da nosa sociedade, avanzando no empobrecemento.

Polo tanto, en conclusión, en menos dun mes, pode mudar todo, e, unha vez máis, pillará a Xunta de Galiza sen facer os seus deberes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

O PSOE é pura contradición, pura incoherencia. Fíxense vostedes; mentres en Galicia piden consensuar unha estratexia ante a nova política arancelaria do presidente Trump, en Madrid, alí onde os socialistas teñen responsabilidade de goberno, directamente boicotean calquera acordo e non aceptan ningunha das propostas formuladas polo Partido Popular. (*Aplausos.*) Son vostedes, señora Iglesias, os socialistas, os que están botando por terra un desexable pacto de Estado en defensa dos nosos sectores produtivos.

¿E por que actúan así? Porque no fondo non lles interesa cambiar de socios. Porque Pedro Sánchez, nin tan sequera nestas cuestións tan importantes, é capaz de subscribir unha



alianza co principal partido de España, que o Partido Popular, para protexer os nosos sectores exportadores cando o mundo atravesaba unha tormenta económica sen precedentes. Preferían ir da man dos nacionalistas, eles tan firmes defensores sempre da empresa privada, que do Partido Popular.

¿E sabe cal é outra verdade innegable? Pois que desde o punto de vista do modelo económico, o independentismo —aquí o nacionalismo galego— está moito máis próximo das ideas proteccionistas de Trump que o Partido Popular. Nós defendemos con convencemento a liberdade de mercado. Os países non se enriquecen pechando fronteiras, senón abrindoas e xerando oportunidades de negocio. (*Aplausos.*) Así o sentenciou Adam Smith —lembrado hoxe polo señor Ojea— hai case douscentos cincuenta anos, e así o evidencia a teoría económica. O proteccionismo non se responde con máis proteccionismo, e nós temos claro que os aranceis non farán máis grande a ningún, senón máis pequenos a todos.

Pero en calquera caso, señora Iglesias, si que hai algo no que estamos de acordo con vostede: en que o anuncio do Goberno dos Estados Unidos de impoñer os chamados aranceis recíprocos supón un cambio radical respecto da orde comercial mundial, e constitúe un episodio de grande transcendencia xeopolítica, económica e estratéxica. E o que desde os sectores que puidesen verse impactados se espera de nós é unha estratexia de país capaz de afrontar este novo escenario internacional con firmeza, intelixencia e visión de futuro.

Aínda así, probablemente, por fortuna, o impacto das medidas anunciadas por Trump en Galicia non sexa moi elevado. Os Estados Unidos ocupan o undécimo lugar nas relacións comerciais das nosas empresas co exterior, mentres as exportacións a este país representan o 2,58 por cento do total, a pesar de que este país se converteu nun destino para produtos de alto valor engadido, como son o viño, a carne, o agroalimentario ou o metalúrxico. Pero non o dicimos nós. O Foro Económico de Galicia recoñeceu nun recente informe que Galicia é unha comunidade pouco exposta á ameaza da política arancelaria de Trump e que non se verá afectada de xeito relevante pola subida dos aranceis, e estima un impacto no noso PIB do 0,29 por cento, por debaixo de calquera outra comunidade en España, excepto de Madrid.

Por suposto, en calquera caso, este novo escenario preocúpanos, e por iso a Xunta de Galicia actúa. Mentres Galicia actúa, amosa axilidade, capacidade de reacción e interlocución, o Goberno de España non está a ter o mesmo dinamismo. A realidade é que, mentres a Unión Europea está reaccionando, España está chegando tarde e de xeito moi limitado. E sorprende máis aínda que propoña a implantación dun plan específico para Galicia, porque iso demostra que vostedes ignoran —ou descoñecen ou queren ignorar— as accións xa en marcha na nosa Comunidade que abarcan precisamente o que vostede pide hoxe na súa iniciativa, ou incluso van máis aló.

Voulles lembrar o que sucedeu nas últimas semanas. No 7 de abril, o Partido Popular fixo chegar ao Goberno de Sánchez un plan con doce medidas que recollían as demandas dos sectores afectados. Neste documento, incluíanse propostas como un plan de infraestruturas hídricas e enerxéticas que asegurasen o subministro e a eficiencia na xestión —¡falta nos fai!—; propostas como eliminar o imposto á produción da enerxía eléctrica; propostas —si— como manter a vida útil das nucleares, ou propostas como un plan de política fiscal



que aliviase as cotizacións sociais dos traballadores das empresas afectadas por esta situación. Non levalos ao ERTE, como propón o Partido Socialista, senón aliviar as cargas sociais. Un plan fiscal que potenciase a innovación, ou que incluíse unha lei de fiscalidade agraria, que suporía para o noso campo 700 millóns de euros ao ano. ¿E cal foi o resultado destas propostas tan traballadas? Recibimos o non por resposta.

Tamén pediamos un plan de coordinación coas comunidades autónomas, para mellorar a xestión dos fondos europeos de recuperación, cun nivel de execución moi preocupante a estas alturas do programa. Porque no que se refire á adxudicación dos fondos Next Generation —e digo adxudicación e non execución, porque o Goberno ten un apagamento informativo desde o punto de vista dos datos de execución—, temos unha adxudicación tan só do 46 por cento, o que significa que hai case 3.000 millóns de euros no caixón do Ministerio de Industria aínda sen tan sequera se convocar. ¿Como explica isto, señora Iglesias? ¿Xestión exemplar do Goberno de Sánchez?

Ben, en definitiva, o Partido Popular o que pedía era un plan de competitividade industrial, un plan de fiscalidade e un plan de traballo conxunto coas comunidades autónomas. Ao mesmo tempo, vostedes tramitaban o Real decreto de medidas urxentes de resposta á ameaza arancelaria, baixo a promesa de que ía ser unha norma consensuada. Iso prometeron, e o que finalmente fixeron foi imponse de xeito unilateral. O Goberno de España falaba de negociar, pero, unha vez máis, o Goberno de España fixo o contrario do que prometeu, porque non é negociar ofrecer un contrato de adhesión incondicional, porque non é negociar simplemente informar á outra parte do que se vai facer, e porque non é negociar imponse medidas, non recoller ningunha da outra parte e pedir que se acepten e aproben. Non apoiamos ese Real decreto, señora Iglesias, porque nin apoiaba, nin reparaba, nin impulsaba.

Pero, en calquera caso, nós partimos dunha premisa clara, que é que é fundamental traballar de xeito coordinado co Goberno e coa Unión Europea para defender os intereses das empresas galegas, á espera de coñecer como queda o escenario arancelario; e así o estamos facendo. E a pesar de que este novo escenario —non olvidemos— aínda non é definitivo, o Goberno galego xa puxo en marcha un conxunto integral de medidas deseñadas especificamente para apoiar sectores produtivos galegos; un plan de resposta coordinado co Goberno de España e incluído no Plan ICEX de alto impacto en competitividade.

Cando vostedes piden na súa moción, por exemplo, que se impulsen, que se diversifiquen os mercados internacionais, parece descoñecer o programa Re-acciona, que incorpora un novo servizo de consultoría especializada en internacionalización, para asesorar as empresas no redeseño da súa estratexia de internacionalización, e que acudan a mercados menos expostos e mercados emerxentes.

Cando vostede pide promocionar os produtos galegos baixo campañas como Galicia Calidade, en primeiro lugar quero darlle a benvinda a que recoñezan o enorme valor do selo Galicia Calidade, creado pola Xunta de Galicia para promocionar os produtos e servizos galegos, pero que se está estendendo ata converterse no sinal de identidade global da nosa comunidade. Galicia Calidade. *(Aplausos.)*



Falabamos de promoción exterior. Pois ben, neste eido, é que non sei se non as coñece, pero vostede presumía de feiras noutras comunidades. Pero é que Galicia ten: Galicia Exporta Empresas, Galicia Exporta Organismos Intermedios e o Plan Foexga, de fomento das exportacións de Galicia. Entón, non sei se non as coñece ou as oculta con intención.

Cando pide tamén na súa moción a interlocución cos sectores afectados, quero lembrarlle que, a partir do 14 de abril, cando se fixo a primeira reunión institucional, se fixeron, durante o mes de maio, reunións específicas cos sectores, cos *clusters* industriais e agrarios, para facer un seguimento e para avaliar as necesidades e as estratexias: Clusaga, Anfaco, Conxemar, etc.

Ademais, tamén está a posta en marcha —que parece que vostedes obvian— dunha oficina de asesoramento técnico dentro da Oficina Económica do Igape de Galicia, tamén en contacto coa antena que ten o Igape en Miami, para ter unha atención directa ás empresas e un control actualizado da evolución do impacto arancelario. Medidas existen, non sei se non as coñecen, ou as queren descoñecer.

Ben, conclúo xa. Á diferenza dos partidos da esquerda, especialmente dos nacionalistas, desde o Partido Popular defendemos —como dixen— o libre mercado, que, ademais, consiste no elemento fundamental no que se baseou a Constitución: a creación da Unión Europea. A historia amosou que o proteccionismo empobrece e que a liberdade de mercado enriquece. Pero, en calquera caso, e ante esta ameaza externa, a Xunta de Galicia reaccionou con axilidade e acerto, poñendo xa instrumentos ao servizo das nosas empresas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas de novo, presidente.

O primeiro de todo, quero agradecer o apoio tanto a Democracia Ourensana como ao Grupo parlamentario do BNG. Grazas polo apoio.

Señora Sanz, menudo papelón lle tocou: defender o «non» ao Plan de rescate de 14.000 millóns de euros, cando a realidade sabe ben cal é. ¿Que propostas presentaba o Partido Popular no Congreso dos Deputados? ¿Defender os intereses dos grupos de interese, dos *lobbies* das nucleares e das eléctricas? Esa é a realidade. ¿Ten que ver activar as nucleares cun plan de rescate dos sectores máis afectados pola guerra arancelaria? ¿Ten que ver rebaixar o imposto ás eléctricas, ao oligopolio eléctrico? ¿Ten algo que ver mezclar churras con merinas, señora Sanz? ¿Ten algo que ver? ¡Menudo papelón lle tocou!

E voulle dicir: vostedes votaron «non» con VOX, que non é que sexa liberalismo; é neoliberalismo atroz e autócrata. Estamos nun mundo onde todo está cambiando; non defenden a democracia, nin os dereitos, nin as liberdades. E ademais do clásico que mencionou de



Adam Smith, lea un pouquiño máis a Piketty, a Krugman, a Mazzucato, e seguramente a bancada do PP aprenderá un pouquiño máis. A política, señora Sanz, non pode ser unha trinchera, debe ser unha ponte. E hoxe o que Galicia necesita non son vetos nin bloqueo, senón apoio, investimento e coherencia.

E non queremos que se protagonicen máis teatrillos do señor Rueda na Conferencia de Presidentes. Ata se esqueceu de falar galego; saudou en galego pero cambiou para o castelán. Non sei onde deixou o galego, seguramente na maleta. O que lle pesa máis é o acento do madrileño Feijóo, que ata esqueceu falar a lingua de Rosalía, señora Sanz. E voulle dicir máis. É indefendible, señorías do PPdeG, que sigan a facer seguidismo do señor Feijóo en Madrid, indefendible. E vailles pasar factura.

Votar en contra do Plan de rescate de 14.000 millóns de euros é votar en contra dos gandeiros da comarca do Deza, das adegas do Ribeiro, das adegas da Ribeira Sacra, das conserveiras de Bueu e de Ribeira e dos traballadores da industria transformadora.

E mentres, ¿que fixo a Xunta? Falou do Plan Re-acciona, falou do Plan Foexga; estaban cando era letrada da Consellería de Economía e Industria, ¡mira que choveu! Eu o que digo é que non se fixeron medidas novas diante das improvisacións e da guerra arancelaria, non se anticiparon. ¿Onde está esa modificación dos préstamos que anunciou a conselleira dun período de carencia de catro anos e 1 millón de euros? ¿Están publicadas no DOG? A antena de Miami xa existía, señora Sanz. Ningunha medida nova nin específica, cero medidas. Iso si, anuncios e propagandas.

Por tanto, o que lle pedimos é unha proposta de mínimos. Como dicía a voceira do BNG, unha proposta de partida positiva. Pero é que é de mínimos, é de mínimos. Non sei que van facer, ¿votar en contra? Seguramente. Pero, ¿que xustificación ten?

En definitiva, á guerra arancelaria de Trump outras comunidades autónomas reaccionaron, fixeron un apoio específico de axudas directas aos sectores afectados. O Goberno de España pelexou con Europa un plan de rescate ambicioso, de escudo protector das empresas e dos sectores afectados. E mentres, a Xunta mirou cara a outro lado —política de brazos caídos— como se o impacto non fose con nós; non se anticipou. E non é tarde para que actúen. Voten si a esta moción, que ten propostas útiles e de mínimos. Rueda non goberna Galicia; faille recados ao señor Feijóo desde Santiago.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate das mocións, procedemos á votación das mesmas.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.



Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a política do Goberno galego en materia de investigación do medio mariño e a eventual creación dunha comisión que coordine o traballo dos diferentes centros de estudo nesta materia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Cristina Fernández Davila.*

Non sei se se aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Popular. (Pausa.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non se aceptou.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández Davila, sobre o impulso e a elaboración consensuada por parte do Goberno galego dun plan de mellora educativa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey.*

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández, sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para a defensa dos sectores produtivos de Galicia ante a nova política arancelaria dos Estados Unidos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Pasamos ao punto quinto da orde do día, o de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación do *cluster* da industria de defensa

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Ramón Fernández Alfonso, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galiza insta a Xunta a demandar do goberno do Estado:

- 1. A entrada no Consello de Administración de Navantia.*
- 2. Que constitúa un complexo integral da construción naval na Ría de Ferrol.*
- 3. Que recupere a actividade de construción naval civil.*
- 4. A introdución de Navantia ría de Ferrol nos segmentos con maior carga tecnolóxica das actividades relacionadas coas enerxías renovábeis e a descarbonización da mobilidade marítima.*
- 5. A dotación de novas infraestruturas, como un dique para nova construción e outro para reparacións de maiores dimensións que actual dique 3, así como mellorar e aumentar a capacidade dos sistemas de elevación de cargas.*
- 6. A descentralización da política de compras e subcontratación favorecendo ao tecido empresarial do territorio de referencia para Navantia ría de Ferrol.*
- 7. Que complete as incorporacións pendentes da último plan de empresa e facer un reparto das 1.500 novas incorporacións comprometidas proporcional ao volume de emprego actual dos diferentes centros.*
- 8. A inclusión dos cadros de persoal das compañías auxiliares en todas as medidas sociais e industriais que se adopten.*
- 9. Que poña en marcha dun Centro de investigación e desenvolvemento tecnolóxico do sector naval na Ría de Ferrol, coa participación da propia Xunta, SEPI, Navantia, UDC, industria auxiliar, empresas fabricantes de equipamentos, etc.*



10. *A Negociar de forma activa e efectiva coa Comisión europea a declaración da construción naval como sector estratéxico, así como a posibilidade de axudas á contratación na construción naval mentres non se poida garantir a igualdade de condicións para a contratación cos grandes competidores internacionais.>>)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas de novo, presidente.

Hoxe subo a esta tribuna para defender unha proposta estratéxica, con ADN do socialismo galego. Unha proposta de país que implica apostar polo futuro industrial, tecnolóxico e social dunha comarca que foi —e falo en pasado— duramente castigada. Falamos de Ferrol e da necesidade de crear o *cluster* de defensa e seguridade nesta cidade con vocación galega, estatal e europea.

Eu preguntome, señorías do PPdeG: ¿imaxinan que a alcaldesa da Coruña, a socialista Inés Rei, votase en contra no Concello de medidas que prexudiquen o sector téxtil ou que Abel Caballero votase en contra de medidas que prexudican o sector da automoción? Eu penso que non, ¿verdade? Pois votar en contra é o que fixo o alcalde de Ferrol, o señor Rey Varela, do PPdeG —e tamén se votou en contra na Deputación da Coruña, na que ademais está unha deputada ferrolá—, cando se votaron as mocións socialistas que pedían o pulo do Concello para facer de Ferrol unha cidade galega referente no sector da defensa e da seguridade. Falta de coherencia e cinismo que merece ser denunciada aquí neste Parlamento galego. O señor Rey Varela votou en contra da cidade que goberna e xa só por esta razón debería deixar o bastón de mando.

Por outra banda, tampouco entendemos a falta de coherencia do BNG, que votou co PP en senllas mocións. A xente non entende esa falta de coherencia. ¿Por que? Porque un día saen á rúa pedir carga de traballo para os estaleiros de Ferrol, e outro, presentan iniciativas aquí e no Congreso dos Deputados para saír da OTAN e que non se incremente o gasto en seguridade e defensa. Non sei que pensan que se constrúe en Navantia, ¿cruceiros de *Vacaciones en el mar*?

Sempre o digo: Galicia precisa políticas industriais ambiciosas pero tamén realistas. Ferrol reúne todas as condicións para converterse nun polo de referencia no ámbito da defensa e da seguridade pola súa historia, polas súas capacidades industriais e polo seu potencial de desenvolvemento futuro. Queremos máis innovación e industrias sustentables e menos macrocelulosas como o proxecto de Altri no corazón de Galicia.

Sabemos que a comarca de Ferrol leva décadas sufrindo o proceso de reindustrialización progresiva, que tivo como consecuencias a perda de milleiros de empregos, a caída demográfica e o debilitamento do tecido económico e social dunha zona historicamente vinculada á industria naval e da defensa. Pero tamén é xusto dicir que hoxe Ferrol volve remontar, grazas ao apoio incondicional do Goberno de España e de proxectos de cidade postos en marcha por un alcalde socialista do que vive de rendas o actual alcalde do PP. Así, segundo os datos do INE, nos últimos sete anos do Goberno socialista en España, Ferrol experimentou



un notable impulso do sector en defensa e en seguridade, sobre todo polo pulo de centros industriais navais do país, grazas a medidas lideradas polo Ministerio de Defensa e Navantia. Supuxeron investimentos históricos.

Por exemplo, autorizouse a construción de cinco novas fragatas F-110, cun contrato valorado en máis de 4.000 millóns de euros, o que representa o maior investimento público na comarca desde a chegada do AVE a Galicia —que, por certo, chegou con Goberno socialista—. O proxecto xerará aproximadamente 7.000 empregos, 18 millóns de horas de traballo ata o 2032; incorporará novas tecnoloxías avanzadas, como o xemelgo dixital, sistemas de armas de enerxía dirixida e integración de drones, que posicionan Navantia Ferrol como referente internacional da innovación naval.

Tamén está a construción do novo buque de aprovisionamento en combate, o BAC, con 650 millóns de euros. O novo buque incorporará melloras de ciberseguridade e vixilancia, reforzando as capacidades loxísticas e operativas da Armada española. Ademais destes programas, temos que falar tamén do Plan estratéxico de Navantia, que inclúe un investimento de 140 millóns de euros na ría de Ferrol. E tamén, nesta mesma liña, hai que aproveitar o pulo da recente estratexia da Unión Europea para o fortalecemento da súa autonomía en materia de defensa e seguridade, con fondos europeos que van estar dispoñibles para proxectos colaborativos neste eido; e neste contexto, concretamente, Ferrol debe ser un nodo de referencia neste campo.

¿E cales son as razóns para apoiar esta proposición de lei do Partido Socialista?

Pois a primeira, a tradición, o coñecemento, as infraestruturas xa existentes en Ferrol; aproveitemos esas sinerxías creadas.

A segunda, a oportunidade estratéxica para Galicia e para Europa, no contexto actual, con Europa redeseñando a súa política de defensa e seguridade. Cun incremento dos investimentos neste eido, en seguridade tecnolóxica, Galicia non pode quedar atrás. Ferrol pode e debe ser un nodo estratéxico nesa nova rede de capacidades, aproveitando eses fondos europeos e tamén programas de cooperación na OTAN e na Unión Europea en materia de sinerxías público-privadas. Este *cluster* permitiría combinar construción naval, tecnoloxía, información, ciberseguridade, drones, intelixencia artificial... Estamos falando dun ecosistema innovador, diversificado e con capacidade tractora sobre un conxunto importante para a economía galega.

A terceira razón: revitalicemos a zona económica e demográfica dunha comarca que estivo moitos anos afogada. Ferrolterra sufriu un proceso continuado de declive industrial e demográfico, con taxas de desemprego superiores á media española e galega, perda de mocidade e desertización comercial. Cun *cluster* da defensa e seguridade non só xeraría emprego directo de alta cualificación, senón que arrastraría toda unha cadea de valor transversal: auxiliares, TICs, formación, investigación, servizos loxísticos... É unha medida que tería un impacto positivo real na fixación de poboación e na recuperación da autoestima colectiva da comarca.



Señorías do BNG, non se trata de militarizar a economía, senón de usar as capacidades civís e militares conxuntamente, como o fan outros países, para xerar innovación, emprego e desenvolvemento. Son tecnoloxías duais de dobre uso, civil e militar. Vaíamos os tres grupos parlamentarios xuntos da man nesta proposición con ADN —como dicía— netamente socialista. Galicia precisa liderado e valentía, non un eco obediente que repita o que lle manda o galego desnortado desde Madrid, ou as ordes dunha presidenta que defende que se poida tomar cañas libremente pero non falar no teu idioma coa mesma liberdade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boa tarde a todos e a todas.

Antes de máis, hoxe as miñas primeiras palabras teñen que ser necesariamente para manifestar toda a miña solidariedade á veciña de Ferrol que, despois de presentar unha denuncia de agresión sexual, tivo que ver como o presidente Rueda e todo o Goberno galego despedían a persoa denunciada como se fose un heroe, entre abrazos, louvanzas, mostras de apoio e confianza na súa inocencia desde todos os recantos do Goberno do Partido Popular. Unha muller que viu como todos os focos se viraban cara a ela mentres a persoa denunciada desaparecía entre nubes rosas de algodón.

Puideron facelo de moitos xeitos, e escolleron o máis agresivo para a muller denunciante. (*Aplausos.*) Escolleron dar un espectáculo, unha exhibición descarnada de como o machismo campa triunfante nos círculos de poder do noso país. Nada máis e nada menos que no noso Goberno, co presidente Rueda á fronte e toda a cohorte mediática ao seu servizo detrás. (*Aplausos.*) Todos a unha para contarnos que o conselleiro denunciado dimitiu, renunciando ao seu aforamento nun exemplo de responsabilidade institucional.

Eu, como cidadán espectador, fágome tres preguntas: ¿realmente dimitiu porque quixo? Porque isto significaría que o presidente Rueda estaba disposto a mantelo no cargo. O exemplo de responsabilidade institucional que vimos todos os galegos e galegas é que o presidente Rueda abraza o conselleiro denunciado por agresión sexual, como se non fosen vostedes conscientes de que unha imaxe vale máis que mil palabras. (*Aplausos.*) ¿Non lles parece que este abrazo tira por terra todos cantos discursos poidan facer en contra da violencia machista? E a terceira pregunta é a máis importante: ¿hai alguén no Goberno galego que pense na vítima? (*Aplausos.*) Calquera espectador ou espectadora deste espectáculo grotesco ten unha resposta inequívoca: Ninguén, ninguén no Goberno galego do Partido Popular apoia a vítima. (*Aplausos.*)

Remato manifestando de novo toda a nosa solidariedade e o noso apoio, en nome do noso grupo parlamentario, de todo o BNG, a todas as vítimas de violencia machista que hoxe se senten máis indefensas, máis vulnerábeis, por culpa —nada máis e nada menos— de quen ten obriga de mirar por elas, por culpa do Goberno galego. (*Aplausos.*)



E, indo ao debate da iniciativa que o PSOE trae hoxe ao Parlamento galego para que a Xunta impulse a constitución dun *cluster* da industria da defensa, poñendo no centro deste *cluster* a empresa Navantia na ría de Ferrol, cómpre poñer as cousas no seu contexto.

O PSOE promove esta iniciativa o día 10 de xuño de 2025 en pleno debate político-social sobre o aumento dos gastos en defensa. E faino precedido dun debate —como lembraba a voceira do Partido Socialista— no Pleno do Concello de Ferrol a favor dese aumento no gasto en defensa e de continuas declaracións do exalcalde Ángel Mato, pai da iniciativa, nos medios de comunicación comarcais de Ferrol, lembrándonos a todos e todas que vivimos da industria militar e explicándonos canto nos imos beneficiar en Ferrol do arrebatado e da carreira armamentística do Goberno estatal e o risco de perda de postos de traballo de non apoiar esta iniciativa. E no centro da proposta: Navantia, como empresa tractora coa que establecer sinerxías en múltiples e diferentes ámbitos.

E a min, como ferrolán, teño que dicirlles que esta proposta e esas declaracións dos líderes do PSOE parécenme ruíns. Teño que dicirllas claramente: ruíns. Teño estado, ao longo da miña vida, como moitas outras persoas da comarca de Ferrol, en numerosas manifestacións en defensa do sector naval. Nalgunhas desas manifestacións estaba o PSOE, cando non gobernan en Madrid. Noutras, estaba o Partido Popular, tamén cando non gobernan en Madrid. E nalgunha, estabamos todos e todas; cada un coas súas contradicións, mais, en ocasións, as manifestacións en defensa do sector naval conseguiron aglutinar todo o mundo.

O que nunca variou, o que foi e aínda é unha constante desas manifestacións, é a reivindicación de rachar co monocultivo militar. Seguro que lles soa esta expresión: rachar co monocultivo militar. Unha constante das manifestacións coa que, eventualmente, PSOE e PP non se senten cómodos, en función —como digo— de se gobernan en Madrid ou non. Rachar co monocultivo militar é a demanda principal do sector desde que un Goberno do PSOE impuxo un veto á construción naval civil na ría de Ferrol, (*Aplausos.*) o cal —ese si— si que destruíu emprego; cinco mil empregos directos. Máis de cinco mil empregos directos destruídos polo veto á construción naval civil. (*Aplausos.*)

Vir contarnos agora —cando o Goberno do Estado, novamente do PSOE, aínda mantén ese veto á construción naval civil— que o que precisa Ferrol é máis construción militar é como botar alcol nunha ferida aberta. E facelo para xustificar a carreira armamentística xa é de traca. Reafirmarse no monocultivo militar que mantén a comarca de Ferrol en permanente estado de crise, sempre dependentes dos pedidos da Armada española: esa é a súa proposta. Sen querer entender que gañar un contrato internacional para unha armada estranxeira é cada vez máis excepcional. Sen querer entender que as sinerxías que, efectivamente, poden tirarse de Navantia serían de proveito, sobre todo, para recuperar a construción naval civil naqueles segmentos de maior compoñente tecnolóxico e máis valor engadido.

Para o BNG, o obxectivo de calquera goberno que pretenda honestamente colocar Ferrol no século XXI debería ser, en primeiro lugar, superar os vetos e as restricións á produción do século pasado que nos meteron na crise. E, en segundo lugar, apostar de verdade, apostar con recursos, apostar con sentido estratéxico a favor da diversificación, da colaboración, da



investigación e o desenvolvemento tecnolóxico; apostar, en definitiva, a favor das nosas capacidades e do noso futuro, do futuro da comarca de Ferrol.

Se queren crear emprego en Ferrol, liberen Ferrol das cadeas e das restricións, rachen co monocultivo militar, deixen Ferrol medrar, non pretendan convencernos de que o futuro de Ferrol depende en exclusiva de alimentar e comungar coa carreira armamentística. Se o PSOE ou calquera pretende aproveitar que o Pisuerga pasa por Valladolid para convencernos na comarca de Ferrol de que o mellor que nos pode pasar é vivir nun estado de guerra permanente, engánase moito.

Como sempre nos lembra o compañeiro Xosé Díaz, un dos mellores economistas deste país, nun planeta tres cuartas partes cuberto polo mar, dicir que a construción naval non ten futuro é ser doutro planeta. (*Aplausos.*) Restrinxir as enormes posibilidades de Navantia na ría de Ferrol, coas súas instalacións privilexiadas e con todo o coñecemento adquirido en trescentos anos de construción naval, ás demandas da Armada española; manter os vetos, a dependencia e as dinámicas do século pasado, e pensar que na comarca de Ferrol lles imos aplaudir, tamén é ser doutro planeta.

Levamos moitos anos en Ferrol de propostas trampa, aínda que esta —teño que dicirlló— é das máis burdas e das máis ruíns.

E, por iso, a nosa emenda ten propostas claras e concretas para poñer Navantia e Ferrol no século XXI:

Explorar as oportunidades da transición enerxética, ampliando a participación de Navantia nos proxectos de eólica mariña, mais tamén explorando as oportunidades da descarbonización da mobilidade marítima.

Reforzar as capacidades da área de reparacións, a única que mantén a actividade e o emprego na comarca cando cae a construción militar.

Facer investimentos para mellorar as infraestruturas con diques novos.

Reforzar o cadro de persoal con novas incorporacións en pé de igualdade cos outros centros de traballo de Navantia.

Estender ao persoal da industria auxiliar as medidas que se pacten respecto de xubilacións para a empresa principal, porque remozar os cadros de persoal ten que incluír as auxiliares, polas mesmas razóns que se aplican á principal.

Apostar pola investigación e o desenvolvemento tecnolóxico; non é de recibo que despois de trescentos anos de construción naval en Ferrol, o Centro Mixto de Investigación que partillan a Universidade da Coruña e Navantia teña que renovar proxectos e persoal cada tres anos, mentres o único centro de investigación de carácter permanente vinculado con Navantia está en Madrid.



Son propostas que dependen de que os gobernos —os dous gobernos, o español e o galego— aposten de verdade por Ferrol...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: ...Xa remato, señor presidente.

Non nos fagan trampas que non conducen a nada bo. Se queren guerra, xa saben o que teñen que facer: escollan bando, apañen un fusil e marchen á guerra, pero non nos fagan trampas. A política debe ser unha cousa seria, sobre todo cando se fala de guerra. Non podemos aspirar a vivir nunha sociedade pacífica e democrática —e estou a falar da nosa sociedade, de Galiza, das nosas vilas e cidades— mentres receiptamos guerra e lume polo mundo adiante. En política non hai compartimentos estancos. O máis importante é transversal, é cultural. E nós, desde o BNG, aspiramos a unha Galiza pacífica e democrática, e sabemos que iso non será posíbel no medio dun mundo en guerra.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: E, para iso, por unha Galiza pacífica nun mundo en paz, resúmolle en catro frases a nosa posición respecto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ ALFONSO: ...da súa proposta —remato, señor presidente—: non á carreira armamentista...,

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: ...non aos vetos, si á diversificación, á innovación e á tecnoloxía; e, sobre todo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: ...si a colocar Ferrol no século XXI. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto.

(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Lorenzo Gómez.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidente.



Moi boa tarde, señorías.

A industria galega conta cunha notoria presenza no sector da defensa, con máis de corenta empresas integradas neste ámbito que forman parte das principais organizacións do sector a nivel nacional, con importancia destacada en investigación, desenvolvemento e innovación, e como provedores de compoñentes e sistemas utilizados en defensa a nivel internacional.

Cunhas amplas e contrastadas capacidades neste sector, destaca a produción de vehículos especiais para misións; a construción naval militar; o desenvolvemento de tecnoloxías punteiras en automatización, control e deseño de sistemas navais, e o desenvolvemento e fabricación de sistemas non tripulados aéreos e mariños.

Contamos en Galicia con actores relevantes da industria da defensa como Urovesa, Navantia, Centum ou Marine Instruments, pero tamén logramos atraer líderes do sector, como GMV, Aertec, Indra, Avincis ou Airbus, entre outros. E propiciamos que as nosas pemes accedan ás súas cadeas de valor; unha panca de impulso fundamental para chegar a novos proxectos e a novos mercados.

Señorías, que lles quede claro que dende a Xunta de Galicia, como non pode ser doutro xeito, co apoio do grupo maioritario desta Cámara, se continuará apoiando as nosas empresas, especialmente as pemes, para lograr unha industria máis forte e máis competitiva.

Por outra banda, a Xunta ten un firme compromiso coas tecnoloxías duais, que, sen dúbida, terán un papel crucial nos investimentos en defensa nos próximos anos. Estas tecnoloxías exercen unha función estratéxica, ao permitir unha transferencia eficiente da innovación entre os sectores civil e militar, o que favorece unha maior rendibilidade dos investimentos en I+D, xa que as súas aplicacións alcanzan un maior número de sectores. Sen dúbida, representan unha oportunidade para que as nosas pemes desenvolvan novas capacidades e diversifiquen os seus mercados. A posibilidade que teñen as empresas de ofrecer produtos e solucións tanto para a defensa como para o uso civil, amplía os seus horizontes comerciais, mellorando notablemente a súa competitividade. E isto debe ser un dos nosos obxectivos: a competitividade das nosas empresas, nun marco xeopolítico que está a plantexar un cambio de paradigma, alomenos con respecto ao que coñecemos todos ata o de agora.

Di vostede na súa iniciativa que a Xunta fracasou co Polo Aeronáutico de Rozas, e que estamos a perder o tren na aposta pola industria de defensa. Señora Iglesias, é que non podemos normalizar que ese ADN socialista do que vostede saca peito pretenda traer a esta Cámara o trilerismo e a mentira. Porque vostedes menten. Méntennos no inicio da súa iniciativa cando din que Airbus se vai do Polo Aeronáutico de Rozas. Airbus segue a ser un socio estratéxico do Polo Aeroespacial de Rozas, plenamente operativo e plenamente comprometido.

Xa sei que para os socialistas, para vostedes, cada día hai menos liñas vermellas, pero o grupo maioritario desta Cámara non pode aceptar que traian o seu trilerismo político aquí. Precisamente aquí que teñen 9 de 75 deputados, e baixando. *(Aplausos.)*



E, polo visto, logo de escoitar o voceiro do BNG, ese ADN socialista que vostede trouxo hoxe aquí vaise quedar só. Non serei eu o que lles diga o que teñen que investir en defensa no Goberno sanchista, pero se alguén está escatimado o posible en investimento en defensa é precisamente o seu amado líder.

Por certo, esta bancada e este que lles fala está ben orgulloso do noso líder, o señor Alberto Núñez Feijóo. (*Aplausos.*) ¿Poden vostedes dicir o mesmo?

Xa me dirá vostede como se avanza en industria de defensa, se o noso propio país non compromete investimentos que axuden a fixar aquí en Galicia os proxectos industriais en materia de defensa. Pero, neste caso, como en moitos outros que están a comprometer o futuro de España, son vostedes cativos dos que non queren oír falar de investir nin un só euro en defensa; acabámo-lo de ver. Porque dependen deles para seguir ocupando o Goberno de España, e eles tragan, tragan co que sexa porque só teñen un obxectivo, o obxectivo de que non governe a dereita.

Creo que vostede na súa iniciativa fala de 5.000 millóns de euros de investimento. A min gustárame que aclarase onde está ese investimento de 5.000 millóns que vostede di que está a facer o Goberno en Navantia; como di vostede na súa iniciativa, o maior investimento realizado nun estaleiro do noso país en máis de cen anos. Pídolle por favor, señora Iglesias, que deixe de tomarnos por parvos. Visto o historial de promesas incumpridas con Galicia, está claro que nos queren tomar por parvos aos galegos. E o que é peor, pretende vostede vir aquí sacar peito de investimentos que non foron tal, e, como vén sendo costume en vostede, tamén vén dar leccións.

Porque o custo deses buques, desas encargas, non poden computar como investimento en infraestruturas. E creo que Navantia leva anos, e este grupo parlamentario leva moitos anos, reclamando esas infraestruturas para avanzar no estaleiro 4.0 e no dique seco de Ferrol. Diso, nin chío.

Como lles digo, eu non veño aquí darlles leccións, señorías, pero non podo deixar de desmentir-lles cando din que a Xunta de Galicia non ten ningunha planificación para o sector. Porque vostedes obvian que a Xunta, hai nada, o pasado 12 de maio, aprobou a primeira Estratexia galega do aeroespazo, a seguridade e a defensa; unha estratexia que permitirá aproveitar unha extraordinaria oportunidade para xerar nova actividade económica e tamén xerar emprego de calidade. Unha estratexia que permitirá a transformación dun sector como o aeroespacial, que a Xunta vén impulsando dende o 2015, tras a posta en marcha da Civil UAV, en materia de vehículos aéreos non tripulados.

A iniciativa estratéxica apoiarase no desenvolvemento de cinco grandes obxectivos, tres grandes programas de investimento e vinte e unha actuacións específicas, cunha dotación por parte da Xunta de Galicia de 183 millóns de euros; aínda que esta ferramenta, acabará por mobilizar, de aquí ao ano 2030, en torno aos 900 millóns de euros procedentes —como non pode ser doutro xeito— da colaboración público-privada.

Isto permitirá a creación ou a transformación substancial dun cento de empresas aquí, en Galicia. Deste xeito, a Xunta dá un paso adiante e compromete un apoio decidido, estable e



no longo prazo para que o tecido produtivo desta industria e doutros sectores que estean interesados en ampliar ou reorientar a súa actividade poida desenvolver tecnoloxía, fabricar e comercializar produtos e servizos de alto valor en Galicia, aproveitando as capacidades que a Comunidade atesoura. Obviamente, todo isto farase a través dun diálogo estratéxico coa industria do aeroespazo, da seguridade e da defensa que o Goberno galego abrirá nos vindeiros meses para coñecer as súas necesidades e os seus plans de investimento no curto, medio e longo prazo, e que será o punto de partida de execución da nova iniciativa.

Pero, como ten vostede costume —como lle digo, vén sempre dar leccións ao Goberno galego con iniciativas de cara á galería—, trae unha vez máis unha cortina de fume para enredar, dicindo que a solución á industria de defensa de Galicia é impulsar un *cluster* na industria da defensa. E, ademais, ten que ser en Ferrol.

Señora Iglesias, a Xunta mantén sempre as canles de diálogo abertas cos representantes empresariais, non só desta industria, senón de todas as existentes no noso territorio, estean organizadas en *clusters* ou non. Non lles caiba dúbida ningunha de que a seguridade e a defensa é para este Goberno un sector de oportunidades no que as nosas empresas xa operan con notable importancia e destacados casos de éxito, que esperamos que se incrementen no futuro, a pesar de que a oposición máis radical neste Parlamento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LORENZO GÓMEZ: ...tamén —xa remato presidente—, como non pode ser doutro xeito, estea en contra de toda a industria da defensa. Iso si, logo podemos ver a señora Pontón visitar empresas referentes neste sector unha vez máis, como pasou con Inditex, con Finsa, etcétera. Podemos ver unha vez máis constatada a hipocrisía do nacionalismo galego.

Xa remato, presidente. Queda claro que mantemos o diálogo aberto con todos os axentes, porque, máis alá de visións sectoriais, o Goberno galego aposta de maneira firme e decidida porque todos e cada un dos sectores produtivos teñan maiores oportunidades; tamén o sector da seguridade e da defensa.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas de novo, presidente.

Señor Lorenzo, dicía que non estamos orgullosos do seu líder. Evidentemente, os socialistas de Galicia non estamos orgullosos dese líder do PP en Madrid, evidentemente. (Aplausos.) Como tampouco estamos orgullosos do líder Rueda. Esa foto do abrazo a un presunto agresor sexual perseguiralle toda a vida; esa foto, de falta de apoio á vítima, perseguiralle toda a vida.



Evidentemente, como dicimos, apostar pola creación dun *cluster* de defensa e seguridade en Ferrol é unha iniciativa do socialismo de Galicia sólida, onde xa hai estrutura. ¡Claro que queremos tamén diversificación do tecido industrial en Ferrol, claro que queremos! De feito, na iniciativa, na Comisión 6ª —saben ben, señor Alfonso— defendemos tamén o tema da creación do polo de I+D+I, de renovables, de almacenamento, de eólica mariña. ¡Non sei que pensan vostedes! Non sei que pensan vostedes desa diversificación. Tecnoloxías duais para uso civil e militar, innovación, intelixencia artificial, ciberseguridade, escola técnica, enxeñaría. Non sei, señor Alfonso, que pensan os traballadores de Navantia —non a CIG— desas cinco novas fragatas F-110, do novo contrato de 4.500 millóns de euros con sete mil empregos directos que traerá na comarca de Ferrol. ¡Pregúntenlles aos traballadores e traballadoras de Navantia que pensan! Pregúntelles, señor Alfonso.

As actuacións lideradas polo Goberno central en Navantia, especialmente a través do Ministerio de Defensa, supoñen unha aposta sen precedentes, con investimentos históricos que van reforzar a carga de traballo: máis de dezaioito millóns de horas de traballo ata 2032. Esa é a aposta polos traballadores e traballadoras da comarca de Ferrol.

Evidentemente, non aceptaremos a emenda do BNG, que fai reivindicacións ao Goberno central. É unha reivindicación dun sindicato —entendo eu— de cabeceira do BNG. Presenten esa iniciativa no Congreso dos Deputados, pois a reivindicación é ao Goberno de España, non á Xunta de Galicia. Estamos aquí en Galicia, neste Parlamento de Galicia; hai que reivindicar á Xunta de Galicia, que é o executivo que goberna.

En definitiva, defenderemos que o Goberno galego abandone a inercia e a propaganda e asuma con valentía e responsabilidade a creación deste *cluster* de defensa e seguridade en Ferrol, porque hai capacidade —como dicía—, hai historia, hai futuro e, sobre todo, hai unha necesidade urxente de actuar.

Galicia precisa compromisos reais, Ferrol merece esa oportunidade, e Galicia merece un presidente con raíces; non un delegado con orellas postas en Génova.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que dote economicamente a lei da esclerose lateral amiotrófica (ELA) para facela realmente efectiva e poder cumprir os seus obxectivos

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.



Señorías, boa tarde.

En primeiro lugar, quero saudar e dar as grazas a todos os que hoxe nos acompañan na tribuna: representantes de AGAELA, de ConELA, do grupo Compostela, familiares e tamén coïdadores de persoas con ELA e, de forma moi especial, a Susi Seoane e Manuel Rodríguez, que sei que a eles lles custou moito esforzo poder estar hoxe aquí con nós. De todo corazón. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O 10 de outubro de 2024 aprobábase por unanimidade no parlamento de España, no Congreso, a Lei da ELA. Foi un acordo histórico, que chegou despois de máis de tres anos, con grandes vicisitudes parlamentarias e decenas, decenas e decenas de aprazamentos ata que foi posible debatela. Aprobábase por unanimidade das deputadas e dos deputados, pero a lei da ELA é a lei dos preto de 4.500 enfermas e enfermos e dos seus familiares, e de moitos que xa quedaron atrás esperando, reivindicando unha lei que lles garanta o dereito e a posibilidade de vivir esta última etapa da súa vida con todos os coidados que precisan; unha lei que vai favorecer tamén os afectados por outras doenzas neurolóxicas dexenerativas de prognóstico semellante. Ese día 10 de outubro, todos, pero especialmente os enfermos e as súas familias, celebraban con ilusión e esperanza este fito e pedían a aplicación inmediata, porque si hai algo que lles falta aos enfermos da ELA é tempo.

Hoxe é 10 de xuño. Pasaron oito meses e non hai nin un só euro para esta lei. Ningún dos afectados puido beneficiarse das axudas que están nesta lei, porque igual que pasou coa Lei de dependencia, o Goberno pon en marcha esta lei, pero non a dota de financiamento; e unha lei sen orzamento vale o mesmo que un folio en branco.

En Galicia, a Xunta ten moi claro que o folio dos enfermos da ELA está cheo de necesidades que non poden agardar. Por iso, somos a primeira comunidade que puxo en marcha axudas de 12.000 euros anuais para os enfermos; un promedio de 3 millóns ao ano para os ao redor de douscentos enfermos que hai en Galicia. Sabemos que isto non é suficiente, pero é unha axuda importante para esas necesidades que teñen cada día. E Galicia xa fora pioneira no ano 2018, cando puxo en marcha o proceso asistencial integrado da ELA, que fai vías rápidas a nivel sanitario e tamén a nivel social. Fronte a iso, temos a —ata o momento— falida lei estatal. Nestes oito meses que leva a lei aprobada sen que as prestacións chegasen, faleceron en torno a seiscentas persoas; unha media de tres cada día.

Por iso, esta iniciativa busca tamén a unanimidade que houbo no Congreso na súa aprobación, para que os enfermos da ELA poidan xa dunha vez beneficiarse desta lei. *(Aplausos.)* Neste momento, como dixen, hai en España arredor de 4.500 afectados pola esclerose lateral amiotrófica, segundo a Sociedade Española de Neuroloxía. Os datos din tamén que é a terceira enfermidade neurodexenerativa, tras o alzhéimer e o párkinson.

Trátase dunha enfermidade que afecta as neuronas que enervan a musculatura, que se van debilitando ata morrer e, consecuentemente, a musculatura vaise paralizano. Afecta, por tanto, a mobilidade de todo o corpo e outras funcións, como pode ser a comunicación, a deglutición ou a propia respiración; pero todas as outras funcións, como a capacidade cognitiva, a memoria, a intelixencia e a capacidade de aprendizaxe, o oído, a vista, etcétera,



permanecen intactos. Isto fai que as persoas con ELA sexan absolutamente conscientes da evolución da súa enfermidade.

A ELA aínda non ten cura, e require unha atención transversal e personalizada dos pacientes; unha atención sanitaria transversal, así como soportes tecnolóxicos, obras de adaptación nos fogares e, na última etapa, atención 24 horas, sete días á semana. Todo iso co conseguinte custo emocional e económico dos pacientes e das súas familias. De aí a importancia desta lei; unha lei que vai permitir recibir prestacións e axudas dende o momento do diagnóstico, e que establece unha vía rápida para o recoñecemento da dependencia, da discapacidade —algo que, por certo, en Galicia xa temos dende o ano 2018—, asistencia 24 horas ou o mantemento da base de cotización para os familiares que atenden os enfermos, para que logo non vexan reducidas as súas pensións. Calcúlase que o custo da mesma é de en torno a 230 millóns de euros anuais; 230 millóns de euros dos que, hoxe, oito meses despois, aínda hai postos cero.

As entidades nin sequera pedían que se fixese todo isto dunha soa vez; pedían que se puxese en marcha un plan de choque, que elas valoraban en 60 millóns ou en 65 millóns de euros. Finalmente, acordaron que se baixase a 45 millóns porque para elas prevalecía a rapidez, pero o Estado non aceptou poñer máis de 10 millóns, é dicir, menos do cinco por cento do custo total da Lei; e fíxoo nun convenio asinado, o pasado día 4 de xuño, entre o Ministerio de Sanidade e ELA, pero que aínda está pendente do real decreto que o faga efectivo.

Encima, estes 10 millóns para toda España é unha cantidade mínima; é unha cantidade tan cativa que pon a entidade perceptora na terrible disxuntiva de ter que decidir quen van ser os que poidan ter as axudas e, ademais, é esa entidade a que vai ter que xestionar. É un feito que mesmo creou controversia entre os afectados á hora de decidir se asinar ou non o protocolo.

Susi Seoane, vicepresidenta de Agaela, teno claro: «É necesario entender o contexto de afectación do plan, é dicir, se coa súa aplicación salvamos vidas, benvidos sexan as obrigas, os traballos e os desvelos que o dito plan deposita nos nosos ombreiros; pero a existencia do plan non nos parará á hora de reclamar a aplicación completa da Lei, e son outras as custas que poden e deben asumir xa á carga do seu desenvolvemento completo»; un desenvolvemento que, segundo a Fundación Luzón, sería de 230 millóns de euros e que, de acordo coa disposición adicional cuarta, ten que poñer o Estado porque esta disposición establece que corresponde á Administración xeral do Estado o financiamento dos dereitos, das prestacións e dos recursos derivados da dita lei.

Por iso —insisto— pido a unanimidade nesta Cámara para que o Estado cumpra a Lei que, por unanimidade, aprobaron todos os partidos con representación no Congreso. E exiximos ao Goberno de Sánchez que, orzametariamente, poña cartos nesta lei, porque corresponde ao Goberno do Estado; e pedímolo coa autoridade que nos dá pertencer á comunidade referente a nivel nacional na atención aos afectados, pero tamén, dende o convencemento de que só, dende as comunidades —dende esta ou dende calquera outra comunidade—, non seremos capaces de ofrecerlles todo o que precisan.



Por tanto, é imprescindible dotar a Lei ELA e dotala xa, porque mañá, para algúns dos máis de catro mil cincocentos afectados será xa demasiado tarde.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Serei breve.

Efectivamente, parece do máis lóxico, despois da aprobación desa lei, que xa leva uns meses en vigor, pero sen financiamento que a permita poñer en práctica.

A frase repetida varias veces estes días na prensa, xa que se falou do asunto, é de que, se de algo carecen os enfermos, é de tempo. E estes meses que pasaron sen ese financiamento para esas persoas, para quen as coidan e para os tratamentos que moitos casos precisan, como traqueotomías etcétera., pois esa lei está sendo papel mollado.

Tamén parece escasa a aportación para o plan de choque, que o outro día firmou a ministra co presidente dunha confederación, coa ELA —creo que que é o nome—..., esta parece, efectivamente unha cantidade pequena, pero a verdade é que tampouco se ven trazas inmediatas de que se execute e que se poña á disposición das entidades de ELA que a van xestionar, polo visto, sempre asesorados, e sempre baixo o diagnóstico facultativo, loxicamente, dos médicos.

Efectivamente, quen vivimos de cerca algúns casos no noso contorno máis inmediato ou na contorna das nosas amizades, coñecemos as dificultades que presenta esa enfermidade, as dificultades para quen a sofre, as dificultades para as familias, para os membros que teñen que ocuparse do coidado; coidados que van sendo progresivamente máis complicados de levar a cabo. E, loxicamente, de momento non se pode facer máis porque —como xa se dixo— non existen terapias axeitadas para o seu tratamento. E o único que hai é mellorar a calidade de vida de quen padece a enfermidade e mellorar, e dotar de recursos aquelas persoas —familiares ou non— que se encargan do seu coidado.

E para iso hai que poñer xa en marcha, como mínimo, o plan de choque, de que xa se falou a semana pasada e que se firmou, e sobre o que tamén se di que vai haber unha solución de continuidade para cando as persoas xa poidan recibir esas subvencións estruturais que se aproben tras a dotación dos cartos. Non esquezamos que ese plan de choque non deixa de ser algo conxuntural. No momento en que tamén se execute, tamén sería interesante que se aumentasen os fondos.

É do máis lóxico exixir ao Goberno do Estado que poña sobre a mesa, canto antes, os cartos, toda vez que, con moi bo criterio, todos os grupos presentes no Congreso, é dicir, nas Cortes



Españolas... Nós, de momento, non estamos alí, pero se estivésemos tamén votariamos a favor, desde logo.

E parécenos de sentido común que o Goberno do Estado dea prioridade a esta cuestión; prioridade sobre outras que, ao mellor, se están entretendo máis para que os enfermos poidan vivir dignamente todo o tempo que a providencia lles conceda vivir.

Nada máis e grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Boa tarde (*A señora Longueira Castro diríxese á tribuna das convidadas e dos convidados.*) a todos os que tedes a ELA como parte das vosas vidas, desgraciadamente. Grazas por achegarvos hoxe ata aquí.

Eu son a parlamentaria do Partido Socialista, e tócame hoxe falar da ELA. E vou comezar, evidentemente, recoñecendo que hai situacións que están por encima da política; hai situacións que están por encima incluso daquilo que defendemos e no que cremos para que todos teñamos unha vida máis xusta e máis igualitaria —que diso se trata—, evidentemente.

E é evidente que aqueles que tiveses, ou por enfermidade ou por coidadores, que pasar ou que estades pasando por esta enfermidade, pode que esteades no peor tronso das vosas vidas porque sabemos que é unha situación curta, intensa e con moita dor espiritual. Así que vaia desde xa todo o apoio, tanto de min mesma, persoalmente, como o do noso portavoz —que hoxe non está aquí—, José Ramón Gómez Besteiro, que se compromete (*Murmurios.*) —estamos falando de cousas serias, señor; de cousas serias— a estar en Madrid e tratar este tema de maneira única e exclusiva para que poidades ter, o maior tempo posible, o desenvolvemento desta lei. (*Aplausos.*)

E dígoo porque tivemos esta conversación antes de entrar aquí, e sabemos, evidentemente, o que isto supón. Non está nas nosas mans como grupo, pois somos nove e estamos nunha comunidade autónoma, pero si está nas nosas mans, como grupo político, facer en Madrid a forza que hai que facer para que esta lei siga adiante.

Nós construímos o estado de benestar. Mal que ben o fixemos: desde as leis que promoveron o divorcio naquel momento, o matrimonio igualitario, a Lei de dependencia, a sanidade pública, a educación pública, e, da man de Ciudadanos —non nos esquezamos— chegou esta lei, cando Junts, Sumar e o Partido Socialista aprobaron esta lei no Congreso. E, inclusive, tivemos esa avanzadilla de que non soamente fose unha lei para solventar a situación da ELA, senón que fose tamén unha lei que dese solvencia ás situacións das enfermidades neu-



rodexenerativas, basicamente, porque cremos nisto, e crémolo de verdade; pero moitas veces as situacións políticas levan a que non poidamos levar máis alá o que todos desexamos que así sexa. Pero volto insistir: teñen vostedes o compromiso firme do noso portavoz de que estará en Madrid falando deste tema. Xa nos reunimos nalgunha ocasión, estivemos pendentes, dixemos que estabamos coa porta aberta e así seguiremos.

É verdade que, neste intre, se fan estas achegas de 10 millóns. É verdade que hai que xestionalas desde unha confederación; unha Confederación de Pacientes e Afectados por ELA. É verdade que é inxusto que esta cantidade sexa así. É o que se pode achegar ata agora, pero esperemos que, con este plan de choque, fagamos tamén a forza para que poidan ser máis cartos, porque é o que debemos facer; basicamente é o que temos que facer os políticos, e isto se trata do que moitas veces dicimos: cambiar as vidas das persoas. Así que volto repetir: todo o noso apoio.

E por outra banda, quero tamén dar aquí un agradecemento, pois isto non se adoita facer en política, pero vouno facer. Hai aquí un director xeral, que foi o que impulsou esta lei, que é o señor Antonio Acevedo, que é o responsable de maiores e de coidados sociosanitarios. Foi el, coa súa garantía persoal e co seu empeño persoal quen —digamos— levou esta fronte aberta no Goberno da Xunta de Galicia para que a ELA tivese nos orzamentos da Xunta a axuda que ten, e que comentaba a parlamentaria do Partido Popular. Así que vaia, da parte do Partido Socialista, tamén o noso agradecemento para ese director xeral. Moitas veces, este tipo de cuestións non as fan os políticos, senón as persoas; e este é un caso —eu creo—, ademais, de moito agradecer que alguén tivese o empeño de, unha vez coñecido na propia carne o que supón e ELA, dar cabida e dar pulo esta lei.

Non os vou entreter con máis cousas porque non están vostedes nin para que os entreteñamos nin para que falemos de políticas noutro senso; vostedes están ao seu —que é no que hai que estar—, é dicir, a coidar, como ben poden, todos os enfermos que están afectados, e a sobrevivir como coidadores. Cóidense. É así, cando un é coidador —e dígoo por experiencia— poucos te coidan e poucos están pendentes de ti. E o que vostedes están facendo é o que se fai por amor e, sobre todo, faise porque un cre que ten que axudar aquel que está ao seu lado.

Volto repetir: non estou falando en balde; non adoito dicir cousas que non podo cumprir nin facer. Todo o noso apoio. E, evidentemente, apoiaremos esta proposición.

Moitísimas grazas polo seu tempo e polo esforzo de vir ata aquí. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Moi boa tarde.

Grazas, presidente.



Permítanme trasladar, antes de máis nada —co privilexio de poder falar desde esta tribuna—, no meu nome persoal e tamén no do Bloque Nacionalista Galego, todo o apoio, todo o arroupo e toda a solidariedade coas mulleres que, día tras día, deciden dar un paso adiante, tomar unha decisión, que é dura e que é difícil, e denunciar as agresións que sofren. Todo o recoñecemento para todas esas mulleres valentes que non se achantan, que non ceden ante o medo, aínda que quen teñan diante sexa un home con cartos, un home con poder ou alguén que senta no órgano de Goberno dun país. Todo o respecto para todas as mulleres que saen adiante a pesar de que polo camiño atopan atrancos colocados adrede para facelas retroceder. Toda a forza para todas as mulleres que, estes días, tamén terman da náusea ao ver como campa a sensación de impunidad, como campa o silencio cómplice, como ven que os seus agresores seguen facendo a súa vida como se nada, rodeados de vítores, de abrazos e de aplausos mentres a elas as ningunean.

Despois, o 25 de novembro, encabezarán discursos e proclamas, pero o certo é que a indignidade de quen non fai nada durante meses, a pesar de coñecer a existencia dunha denuncia por agresión sexual, só pode ser superada coa cabeza alta de todas as mulleres que cada día enfrontan a violencia machista, a pesar de todos os que banalizan con ela; a pesar de teren un presidente da Xunta, unha conselleira de Igualdade ou un director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero que non se lembran delas cando sinalan un dos seus, un deses que sempre saudaba. A indignidade deste Goberno, e do Partido Popular —porque cada vez é máis difícil distinguir a liña que os separa—, só pode ser superada pola dignidade abrumadora das mulleres que alzan a voz, (*Aplausos.*) porque o que deixan atrás de si estes días de infamia é a ratificación de que só avanzamos grazas á loita feminista. Así que avante, sen medo, e sobre todo sen tregua, porque tamén a vergoña ten que cambiar de bando.

No BNG imos apoiar, como non pode ser doutro xeito, que o Goberno central poña enriba da mesa o financiamento que corresponde, primeiro, ao abeiro da lexislación vixente, igual que fixemos no caso da Lei de dependencia ou incluso cando demandamos un mellor sistema de financiamento para que Galiza poida ter mellores recursos.

As leis sen recursos, e sen recursos orzamentarios, non deixan de ser declaracións de intencións, que pode ser loables —si—, pero son ineficaces e inefectivas pola súa falta de concreción. É certo que a Xunta de Galiza creou axudas económicas para as persoas diagnosticadas coa esclerose lateral amiotrófica. Doce mil euros ao ano para facer fronte a eses grandes gastos que supón este diagnóstico, mais tamén é certo que non é suficiente. A Xunta de Galiza pode facer máis como Administración pública.

Hai cousa de, máis ou menos, medio ano, debatemos tamén no Pleno desta Cámara outra iniciativa sobre a situación das pacientes diagnosticadas con ELA. Naquel caso poñíase o foco máis alá da dotación económica e das esas achegas; un enfoque que tamén compartimos desde o BNG.

Son moitas as ocasións en que temos denunciado a insuficiente, para non dicir paupérrima rede de coidados pública: a falta de residencias, de centros de día ou do Servizo de axuda no fogar, que está totalmente infrafinanciado. Nós entendemos, que, máis alá de axudas económicas —que son importantes, pois hai moitos gastos derivados da enfermidade que afrontar e eses 12.000 euros, de seguro, para moitas familias, son, xa non só



un respiro, senón un auxilio— tamén entendemos que é necesario contar cunha rede pública de coidados que poida brindar a todas as persoas a atención que precisan. Falamos de persoas que van precisar —recolloendo estritamente o que figura na lei—, por exemplo, fisioterapia —tamén domiciliaria— e tamén doutra serie de coidados, porque o que non precisa, sen lugar a dúbidas, ningunha persoa con ELA, e tampouco ningunha con dependencia, é perder o tempo.

E cómpre lembrar que a propia Lei de dependencia prioriza, precisamente, o acceso aos servizos de calquera modalidade, sexa o Servizo de axuda no fogar, sexan residencias, sexan centros de día ou de calquera outro servizo fronte a bonos e a axudas económicas, co obxectivo de que o coidado sexa profesional e de garantir maiores cotas de benestar no público. No BNG temos claro que o primeiro é reforzar esta rede pública, que é claramente insuficiente, para dar resposta ás demandas e ás necesidades da poboación e das persoas con algún grao de dependencia. Nesta liña xa formulamos a necesidade de apostar por outro modelo de coidados, centrado na atención domiciliaria, que garanta a maior independencia e a maior autonomía posible, cunha rede de servizos próximos, comunitarios e públicos.

Ademais, falando, como estamos falando, do caso da ELA, é dicir, dunha patoloxía que é letal, que non ten cura e que ten unha esperanza de vida exigua, cómpre apostar pola investigación pública —e recalco o de «pública»— para buscar alternativas que permitan, xa non falo de curar a enfermidade, senón de ralentizala, de mellorar a calidade e a esperanza de vida ou incluso algo que, no día de hoxe, soa utópico, é dicir, de poder previla. No BNG, do mesmo xeito que fixemos coa Lei ELA, imos apoiar esta proposición non de lei; e apoiáremola co convencemento absoluto de que as persoas con esta patoloxía, ou con patoloxías neurolóxicas irreversibles, teñen que ter garantidos os seus dereitos en todo momento, e, ademais, ten que ser unha garantía rápida. A lei é importante, pero tan importante é o que vén despois.

E remato xa, señor presidente, agradecendo e poñendo en valor todo o traballo que levan enfrontado, *(A señora Carreira Pazos diríxese á tribuna de convidadas e convidados.)* que levades enfrontando asociacións de pacientes, de familiares e de diferentes colectivos para poder blindar na lexislación algo tan básico como son os seus propios dereitos.

Enfrontar un trámite tan complexo e que pode ser tan adverso como o trámite dunha proposición de lei no Congreso dos Deputados é un gran logro que cómpre recoñecer. E isto non deixa de ser unha mostra máis de que organizadas podemos conseguir cousas e podemos facer que o mundo avance; unha mostra máis de que a loita incansable é o camiño que nos fai avanzar.

Avante e máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.



En primeiro lugar, grazas a todos os grupos por ese apoio unánime, tal como nos pedían as asociacións, os enfermos e as súas familias. Grazas tamén, señora Longueira, por ofrecer a Besteiro a ir agora a Madrid a solucionar o problema; foi unha pena que non fose nos tres anos que estivo bloqueada ou no ano case que leva sen dotarse orzamentariamente a lei.

Espero tamén que este apoio —esta vez si— se faga valer en Madrid e non como cando pedimos que se financiase o cincuenta por cento da dependencia, que aquí votaron que si pero logo en Madrid non o exixiron. Eu confío en que realmente esta vez o apoio se traslade tamén a Madrid. (*Aplausos.*) O mesmo apoio e o mesmo empeño dos líderes do Bloque, do PSOE, e de Democracia Ourensana non pode ir a Madrid, sobre o que pon aquí, primeiro, o presidente Feijóo, logo o presidente Rueda, e todos os seus equipos, para que Galicia sexa un referente na atención á ELA.

Hai que ter en conta que a lei ELA é fundamentalmente unha lei económica. Non sei a que se refería, señora Longueira, cando dicía que hai que entender que hai situacións que están por encima da política, e que, politicamente, vostedes a queren apoiar, pero que hai situacións que están por encima. Supoño que non se está referindo a que os cartos que estarían para financiar a ELA vaian para outras partidas que permitan que Sánchez poida continuar na Moncloa.

Como dicía, a lei da ELA é fundamentalmente unha lei económica e, por tanto, hai que dotala porque os dereitos sen orzamentos só causan frustración. É imperdoable que a ministra Montero dixese que teñen que aplicala as comunidades autónomas porque iso significa que non leu a leu porque a lei di claramente que a ten que financiar o Estado, e é hipócrita ampararse nuns orzamentos prorrogados para dicir que non se pode dotar economicamente.

O que pedían os afectados, nun primeiro momento, foron 45 millóns de euros; iso é o 0,45 por cento do novo orzamento asignado a Defensa e iso é o 0,32 por cento das axudas para facer fronte aos aranceis de Trump. ¿Como que non se pode dotar? Máis de corenta e cinco millóns de euros é o que acaban de sacar para as partidas de Igualdade para o plan Corresponsables. E o Estado acaba de acordar bilateralmente co País Vasco que lle vai dar o 50 por cento da Lei de dependencia, mentres a Galicia nos recortou do 40 por cento ao 34,9 por cento. Se o Estado non financia a lei ELA non é por falta de recursos; jé por falta de vontade política, (*Aplausos.*) por lentitude, por desidia, por ningunha empatía con quen xa non teñen tempo que esperar! Desde Galicia seguiremos reclamando o cumprimento íntegro da lei ELA —que é unha lei de todas e de todos—, aprobada por unanimidade no Congreso dos Deputados. E seguiremolo facendo e reclamándoa ao mesmo tempo que aquí, en Galicia, dentro das nosas competencias; e seguiremos sendo pioneiros na atención aos enfermos.

Presidente, (*A señora Arias Rodríguez vírase cara ao señor presidente.*) se me permite só uns segundos, gustaríame acabar cunhas reflexións que, durante este tempo que estiven preparando a intervención, me fixo chegar Susi Seoane, a vicepresidenta de Agaela e membro tamén de Con ELA. Díciame Susi nunha destas conversacións: «Cando a ELA ataca un fogar, cando destroza vidas e cando pon en marcha a inapelable e breve conta atrás, as nosas esperanzas depositanse naqueles que, como vostedes, teñen a potestade e a obriga de ofrecer solucións, non conflitos; de abrir portas, non de pechalas; de traballar arreo para garantir a



vida dos máis vulnerables, e non de atrasar as medidas que poderían salvalas. Salvar vidas non ten color nin escudo nin logotipo; é o obxectivo primario de calquera opción política.

Os enfermos de toda España estamos a agardar, sen tempo que perder, a implementación completa e urxente da lei ELA que, coa aprobación unánime do 30 de outubro do ano 2024, parecía anunciar o principio do fin da nosa angustia. Co financiamento prometido, cos recursos necesarios, cos procedementos áxiles e imprescindibles para os enfermos da ELA..., cada un no ámbito das súas competencias e nun marco de colaboración institucional presidido pola boa fe.

Escoiten a nosa voz; fágano antes de que, para un só enfermo máis, sexa demasiado tarde.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar no sistema sanitario para afrontar a covid persistente

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Autoemenda de adición.

Débase engadir ao final do punto 1, in fine, o seguinte contido:

«Polo menos cunha unidade de referencia post-covid en Galicia, para atender pacientes con secuelas graves tras a fase aguda da enfermidade.» Emenda de adición Débese engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que será redactado co seguinte contido:

“5. Realización dun protocolo específico para persoas enfermas con covid persistente».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir no texto da parte resolutiva tres novos puntos co seguinte contido:

«5. Proceder á reapertura inmediata da Unidade de Covid Persistente de Ourense, por ser a última en pechar e a que estaba mellor dotada.



6. Constitución de Unidades Multidisciplinares Covid Persistente específicas en cada unha das sete Áreas Sanitarias no presente ano, para evitar a iniquidade na atención

7. En tanto non se proceda á constitución destas unidades en todas as áreas, designar a Unidade de Ourense como de referencia para toda Galiza, para o diagnóstico e seguimento de doentes.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Boas tardes, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Hai máis de cinco anos entraba no noso léxico unha nova palabra, «covid», e unha nova situación, «pandemia»; unha pandemia que superamos grazas a unha estratexia de vacinación exitosa; a unha resiliencia do sistema sanitario; á coordinación e á colaboración entre o Goberno de España, as comunidades autónomas e os expertos científicos; e ao liderado e á participación activa da sociedade. E así o recoñeceu a Organización Mundial da Saúde, que eloxiou a resposta de España.

Foron 739.481 casos de covid rexistrados en Galicia, é dicir, máis dunha cuarta parte da poboación galega. A porcentaxe de curación foi alto, con todo, hai persoas que desenvolveron unha nova enfermidade: a covid persistente. Segundo o Ministerio de Sanidade afecta entre o dez por cento e o vinte por de quen sufriu a covid, e esta porcentaxe podémola extrapolar a Galicia ante a falta de rexistros oficiais; uns rexistros que hoxe demandamos á Xunta de Galicia con esta iniciativa.

A covid persistente, covid prolongada, covid crónica, covid postaguda..., dá orixe a unha nova realidade sociosanitaria; realidade que non discrimina nin por idade nin pola gravidade da infección inicial. Mesmo persoas con cadros leves da covid inicial poden desenvolver síntomas persistentes graves e as persoas que a sofren presentan dores, astenia, fallas de memoria..., e así ata douscentos síntomas diferentes. Afecta todos os sistemas orgánicos: o cardiovascular, o nervioso, o endocrino, o inmunolóxico, o reprodutivo, o gastrointestinal... E a pesar dos avances científicos, os enfermos de covid persistente seguen enfrontándose a unha realidade complicada porque, no día de hoxe, aínda non teñen tratamento. Para dar resposta aos seus problemas, nos anos 2020 e 2021 creáronse as unidades poscovid en varios hospitais galegos; eran unidades especializadas e multidisciplinares que atendían os enfermos de covid persistente, pero que, no día de hoxe, pecharon.

A finais de marzo, as socialistas preguntabamos á Xunta de Galicia se estaba disposta a non dismantelar as unidades de covid persistente, e engadíamos que era unha pregunta optimista, porque só quedaba a unidade de Ourense. Mesmo propúñamos que deixasen só abertas aquelas que tivesen máis pacientes con covid persistente. Na súa resposta a Xunta falábanos de reorganización ou de baixar a actividade, pero o que non dixon, o que calou, era que estaban a piques de comunicar o peche oficial da última unidade, a de Ourense; e con este peche, a Xunta deixou abandonadas as persoas que sofren covid persistente. Por iso lle



pedimos hoxe que reconsideren a decisión tomada porque non abrir ningunha unidade pos-covid hoxe suporá custos sociais, económicos e humanos moito maiores no día de mañá.

A falta de recursos específicos comporta un baleiro asistencial, porque a atención primaria non conta con protocolos específicos e, en moitos casos, tampouco conta con suficiente formación ao ser unha enfermidade nova; dous aspectos que tamén hoxe demandamos. Os enfermos, ao non ter unidades poscovid, comezan unha longa peregrinación por distintos especialistas debido aos múltiples síntomas que teñen. Eu pido aos grupos políticos deste Parlamento que, cando respondan a esta iniciativa, non respondan ao Grupo Socialista, senón ás persoas da Asociación Galega de Covid Persistente, (*A señora Espinosa Mangana olla para a tribuna de convidadas e de convidados.*) que hoxe nos acompaña, e, á cal tamén quero agradecer o esforzo de poder estar neste Parlamento debido ás dificultades da enfermidade que teñen. Por favor, respóndalles a eles, que hoxe nos acompañan.

Temos moitos testemuños de enfermos con covid persistente, pero elixín un ao azar, e, resumidamente vouno trasladar porque quizais nos permita entender mellor a situación destes e destas enfermas: «Ano 2020: son muller enfermeira e nai que está a traballar na Unidade de Innovación do Chou. Acabo de formarme como referente en coidados e feridos da pel. Ademais, renovei o meu compromiso coa Comisión de Protocolos do Complexo e con Femora. Terminei un curso sobre gases de uso hospitalario e presenteime a un par de prazas en consultas vinculadas á investigación. Ademais, dedico parte do meu tempo ao voluntariado.

Ano 2025, son muller enfermeira, nai e enferma de covid persistente. Concedéronme unha invalidez absoluta porque non podo traballar. Levar adiante o meu día é unha tarefa esgotadora. A dor é a compañeira diaria que non me abandona. Ler, escribir, lembrar, fiar ideas son luxos que me supoñen un alto custo da enerxía. Tiven que deixar o meu traballo e aprender a ser unha carga para un sistema sanitario, cando eu era un valioso activo, cunha gran bagaxe de experiencia e de formación e cun alto compromiso. E o sistema sanitario, ao cal dediquei case vinte e cinco anos da miña vida, deume as costas pechando a última unidade multidisciplinar de covid persistente; unha unidade que me salvou a vida cando a miña esperanza se evaporou e a miña cabeza me dicía que baleirar un blíster de medicación da mesilla e tomala todas xuntas unha noite non era unha mala idea; unha unidade multidisciplinar que me permitiu comprender a miña enfermidade, sentirme apoiada, coidada e vixiada en todos os meus síntomas, coa tranquilidade de que todo un equipo compartía o meu coidado e que a resposta era rápida e personalizada; unha unidade, cuxos informes axudaron o meu médico de familia.

Tras cerrar a unidade, teño a miña primeira cita cunha facultativa interna que non me dá ningunha solución para os meus novos síntomas, e saio cun volante da analítica e unha nova cita para setembro. Sen unidade, a calidade da miña atención sanitaria diminuíu, a miña seguridade, como paciente, está en dúbida e a eficacia da miña atención e o seguimento e os coidados víronse comprometidos». (*A señora Espinosa Mangana olla novamente para a tribuna de convidados e de convidadas.*) Esta é un dos testemuños que podería ser equiparable a calquera dos enfermos de covid persistente. Por iso, os e as socialistas pedimos apoio para os enfermos de poscovid, coa reapertura das unidades multidisciplinarias, con



formación para o persoal sanitario de atención primaria, con protocolos específicos e censos de enfermos.

Por favor, non deixemos sós os enfermos de covid persistente. Non cuestionemos a súa enfermidade, como tampouco neste Parlamento podemos cuestionar as persoas que denuncian unha presunta agresión sexual.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Antes de máis, (*A señora Prado Cores diríxese á tribuna de convidadas e de convidados.*) quero saudar as representantes da Asociación de Covid Persistente de Galiza, que nos acompañan desde a tribuna.

Voulles pedir que me permitan, antes de máis, facer unha referencia á loita das mulleres, porque a covid persistente —como outras moitas enfermidades— é maioritariamente feminina. Estamos falando de que, entre o setenta e pico por cento e o oitenta por cento das persoas afectadas son mulleres. E a loita do movemento feminista vén de lonxe —vén moi de lonxe—, e son moitos anos de loita para acadar o dereito ao voto, para acadar o dereito ao ensino, a decidir, á igualdade laboral, a ser libres e a ser iguais; unha loita para que a violencia estrutural que se exercía contra nós deixase de considerarse un asunto privado e pasase a ser un problema social de primeira magnitude, froito da loita das mulleres. (*Aplausos.*)

Anos de loita para a visibilización, para que agora chegue o Partido Popular e decrete que a denuncia de agresión sexual contra un conselleiro, membro nada máis e nada menos que do Goberno galego, foi algo ocorrido no seu ámbito privado, e non no exercicio do seu cargo. Claro, só faltaría que fose co cargo ou co carné conselleiro, dicindo que... ¡bueno!, en fin.

Polo tanto, eu teño que dicilo: sinto moita tristura e moita vergoña de que o Partido Popular intente que asumamos como normal o que pretenden que sexan pasos atrás, despois desa loita de décadas, de anos; que pretenden que vaíamos pasos a atrás; que pretenden que volvamos dicir que a violencia contra as mulleres é un problema privado; e que pretenden que volvamos dicir aquilo de: «non nos metamos, é un asunto entre eles». ¡Pois non!, teño malas noticias para o Partido Popular porque non imos permitir nin un só paso atrás nos dereitos e na visibilización (*Aplausos.*) adquirida: ¡Nin un só paso atrás! (*Aplausos.*)

E dáme moita vergoña e moita tristura o álbum de fotos do Partido Popular e da Xunta de Galiza. A máxima vergoña desta foto, (*A señora Prado Cores amosa unha fotografía.*) evidentemente, do máximo representante dos galegos e das galegas, que é o presidente da Xunta, abrazado a unha persoa denunciada por agresión sexual; pero non só iso, senón que tamén me dá moita tristura as mulleres do Goberno galego, (*A señora Prado Cores amosa outra foto-*



grafía.) as conselleiras do Partido Popular, abrazadas (*Aplausos.*) a unha persoa denunciada por agresión sexual. (*Aplausos.*)

Risos, aplausos e despedido en olor de multitudes, (*A señora Prado Cores amosa dúas fotografías sucesivamente.*) (*Aplausos.*) practicamente o conxunto do Goberno galego escoitando atentamente as explicacións dunha persoa denunciada por agresións sexuais. O abrazo (*A señora Prado Cores mostra unha outra fotografía.*) —ao cal xa a miña compañeira Rosana hoxe fixo referencia aquí—, da conselleira do Mar, abrazando e dicindo que agarda que haxa xustiza pronto e que poida que poida volver.

Desde logo, moitos pasos a atrás, demasiados pasos atrás que —insisto— o conxunto das mulleres non imos permitir, mais tamén dos homes, que levan tamén ao noso carón loitando por esa igualdade real.

E por iso, o tema que hoxe nos trae aquí ten que ver tamén coa loita das mulleres porque, efectivamente, no ano 2020 quedabamos sen palabras diante dunha pandemia da covid, que agora para a maioría é un mal recordo, pero para moitas persoas segue sendo unha triste e presente realidade; unha realidade que moitos cualificaron como de «crise sanitaria silenciosa».

A Organización Mundial da Saúde xa declarou no ano 2021 a covid persistente como unha enfermidade con máis de douscentos síntomas asociados de todo tipo: fatiga persistente, problemas de memoria, néboa mental persistente, problemas respiratorios, trastornos cardiovasculars, atencións neurolóxicas. Son persoas que viven con dor absolutamente todo o día e que afecta a todos os ámbitos da súa vida. A pesar de todo isto, as doentes e as representantes da asociación, (*A señora Prado Cores olla para a tribuna de convidadas e de convidados e sínálala coa man.*) que se reuniron cos grupos con representación neste Parlamento Galego na semana pasada, trasladáronnos que se senten desamparadas; que segue habendo máis escuros que claros no tratamento da súa enfermidade, porque —repito— é unha enfermidade considerada como tal desde o ano 2021; e que son múltiples os problemas. Está o problema de que non se diagnostica, é dicir, infradiagnósticase; non hai información; non hai formación nin para as persoas que teñen síntomas nin para os profesionais, a pesar de que hai criterios de diagnóstico establecidos a nivel internacional, desde hai tempo, con protocolos para o diagnóstico, que —como dicía— é unha enfermidade maioritariamente feminina, e, polo tanto, invisibilizada.

Polo tanto, volvemos a outras enfermidades só femininas, como pode ser a endometriose, ou amplamente femininas, como é a fibromialxia, pois hai que pasar un calvario para acadar os diagnósticos. Sobre todo, as mulleres entran pola consulta e seguen saíndo con antedepresivos porque se asocia con cansazo; é dicir, teñen cansazo e asócioano con depresión, con estrés, e volvemos á casina de saída. É unha enfermidade que afecta fundamentalmente as mulleres e que se mete no caixón.

Hai un nivel de afectación realmente moi elevado. Estou falando dos datos trasladados pola asociación, pero que son recoñecidos por moitas asociacións e organismos, segundo os cales, ao principio da pandemia, había ao redor dun vinte por cento de pacientes con covid persistente; número que, logo, foi baixando, ata, na actualidade, ser ao redor dun seis por cento,



co cal, podemos falar dunha media —desde o principio dos diagnósticos ata hoxe— do quince por cento. Polo tanto, se a propia Xunta de Galiza recoñece que en Galiza se infectaron ao redor de 760.000 persoas —ou ao redor de 800.000 persoas—, e falamos dunha media do quince por cento, estaremos falando de que ten que haber ao redor de 100.000 persoas diagnosticadas e recoñecidas con covid persistente. E a realidade é que en Galiza só hai 385 persoas diagnosticadas con covid persistente; é dicir, é unha ínfima porcentaxe, co cal, as outras case 100.000 persoas seguen ese proceso de deambular ou sofren en silencio as consecuencias de todos os seus síntomas.

Polo tanto, non hai diagnósticos, non hai protocolos de diagnóstico, non hai unha visión integral e non hai unidades de atención. E o que piden é, nin máis nin menos, unha atención sanitaria digna, coordinada, multidisciplinar e especializada, como en calquera outra enfermidade. Piden que as teñan en conta porque son doentes crónicas, son doentes fráxiles, son doentes polimedicadas... E, polo tanto, hai estratexias contra a cronicidade, para a fragilidade, para as persoas polimedicadas. E piden que as integren nalgún deses grupos, nas estratexias de saúde comunitaria, na atención de sanidade grupal... Piden que se investigue, que se fagan protocolos, que haxa un rexistro.

E, por iso, imos votar a favor da iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista, que non recolle a totalidade das demandas que fai a asociación....

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Remato, presidenta. A emenda que presenta o BNG tampouco recolle a totalidade, porque imos ter que seguir insistindo, pero o que si cremos é que é fundamental que se proceda á reapertura inmediata da Unidade de Covid Persistente de Ourense, porque foi a última en pechar —pechouse en febreiro deste ano—, era a que estaba mellor dotada, onde xa se tiña máis avanzado, había protocolos, había persoal especializado; que se constitúan unidades multidisciplinares covid en cada unha das sete áreas sanitarias, para que non haxa...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...inequidade na atención, e, en tanto que se proceda a abrir esas unidades en todas as áreas sanitarias, que a unidade de Ourense sexa a de referencia en toda Galicia para o diagnóstico e seguimento dos doentes.

E poñemos datas. A de Ourense, que se abra neste período de sesións; é dicir,...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...antes de que remate xullo; e as outras unidades, que estean abertas e dotadas antes de que remate este ano 2025.

Moitas grazas.

(Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Saúdos de novo.

Ben, tiven unha sensación de *déjà vu*, pero foi porque este mesmo tema se tratou no pleno municipal do venres pasado no Concello de Ourense, precisamente. Podo adiantar que o Partido Popular, o grupo municipal, votou en contra, co cal tamén presumo que fará máis ou menos o mesmo neste foro.

Lévase xa falado por parte dos que me antecederon na palabra das características fundamentais desta enfermidade, que xa foi declarada como tal pola Organización Mundial da Saúde, aínda que se ignoran moitísimas cousas verbo dela. Porque, en realidade, isto que se define como enfermidade poscovid ou covid crónica, as secuelas, o que se chama habitualmente as secuelas da covid, e a comorbilidade —ou sexa, o xeito en que esta interactúa con outras posibles doenzas previas que todos adoitamos ter—, fan que presente unha gran variedade de síntomas diferentes —segundo a idade da persoa, coas doenzas previas que poida ter, co seu xeito de vida, etcétera etcétera— e que sexa moi difícil de diagnosticar.

Hoxe en día é unha gran descoñecida aínda, polo que si fai falta unha investigación intensa nos próximos anos. Pero as afectacións fundamentais xa se dixeron aquí; son de tipo físico, de tipo psíquico, de tipo cognitivo, e afectan de xeito especial —segundo se ten comprobado— as mulleres, sobre todo no ámbito da endocrinoloxía —das hormonas—, coas consecuencias que todo iso pode ter.

Efectivamente, ata hai pouco en Ourense tiñamos unha unidade específica, que estaba funcionando —a dicir dos afectados— dun xeito estupendo, dentro das limitacións que ten a cuestión. Os facultativos encargados estaban reunindo unha gran cantidade de aprendizaxe e unha gran cantidade de información. A unidade de Ourense estaba sendo —pódese dicir— punteira a nivel incluso mundial no grao de coñecemento desta patoloxía. E, ao pechala, truncouse todo iso.

E parece ser que desde as autoridades sanitarias din que eses doentes van ser tratados desde as diferentes perspectivas das outras especialidades e criterios da clasificación médica, pero, polo que din os expertos mundiais no tema, esta enfermidade debe ser tratada de xeito específico, porque, por poñer un exemplo concreto, as secuelas da covid nunha persoa que sofre diabetes non son exactamente iguais ás que ten unha persoa que padece de diabetes en exclusiva, co cal estas persoas precisan un tratamento específico e un diagnóstico específico.

Á parte de que esa unidade de Ourense estaba facendo un labor loable con todos os enfermos que se estaban tratando alí, estaba proporcionando un grao de coñecemento, como digo, ao resto do mundo —imos dicilo así—, que se vai facer tan necesario nesta enfermidade, porque, ademais, é moi probable que as secuelas da covid aínda non terminasen de manifestarse



por completo en todo o mundo. A saber se dentro de tres ou catro ou cinco ou dez ou quince ou vinte anos calquera de nós non ten algunha doenza que veña como consecuencia a longo prazo de pasar a covid, como a pasamos moitos.

Entón, é fundamental que se reconsidere a decisión tomada do peche da unidade de Ourense e das outras. Pero, xa digo, polo visto, a unidade de Ourense estaba especialmente avanzada no coñecemento desta enfermidade e das melloras do seu tratamento.

É importante facer un censo destes enfermos, porque moitos non son diagnosticados como tales. Existe un problema burocrático, porque, claro, ao ser unha enfermidade nova, non encaixa —digamos— nos esquemas previos da clasificación médica e, sobre todo, non encaixa —unha cousa moi importante— na burocracia sanitaria. Moitas destas persoas tiveron problemas, por exemplo, para coller baixas laborais ou mesmo para recibir as incapacidades —con todas as consecuencias que iso ten—, precisamente porque a burocracia administrativa non está moi adaptada a estas cousas. Imaxinen vostedes unha persoa que, aínda por riba de ter que padecer as consecuencias de pasar a covid, por encima ten que padecer as consecuencias da falta de dilixencia burocrática á hora de recibir unha baixa ou á hora de que lle sexa recoñecida unha incapacidade. Antes falouse aquí dunha persoa que logrou que se lle recoñecese a discapacidade; isto intúo que tivo tamén os seus problemas para que lle fose recoñecida, porque, como digo, a burocracia sanitaria adoece tamén de protocolos específicos para diagnosticar e para levar a cabo estas cuestións, algo que no centro especial de Ourense tamén xa se avanzara.

Por todo iso, loxicamente, tal e como fixemos no pleno municipal do pasado venres, votaremos a favor do mantemento, como non podía ser... —non me gusta moito dicir esa frase: «como non podía ser doutro xeito»...; a min sempre me queda a portiña aberta para que as cousas poidan ser doutra maneira, pero neste caso vou facer a excepción que confirma a regra— doutro xeito.

Entendemos que esa unidade debe manterse aberta, por todas as vantaxes que ten —como acabo de dicir—, e debe manter a súa actividade, tanto de tipo médico como de tipo investigador e de mellora dos protocolos administrativos que poden levar a un mellor coñecemento, a un mellor tratamento desta enfermidade.

Desde logo, a formación do persoal sanitario é fundamental.

Xa digo, visto desde esta perspectiva, a covid chegou aquí para quedar; non marchou. Aínda non coñecemos todas as consecuencias a longo prazo que iso pode ter, e, polo tanto, a investigación e seguir de cerca os tratamentos destas persoas é fundamental.

A ver se a consellería, o Sergas, reconsidera esta cuestión e volve abrir esa unidade de Ourense e, progresivamente, as outras todas das que se falou.

Nada máis e moitas grazas.

Grazas, señora presidenta, que me deu vinte e sete segundos máis.



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Non, aínda lle sobran, ¿eh? (*O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.*) Si.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes a todos.

Eu tamén saúdo as persoas da Asociación de Covid Persistente de Galicia que nos acompañan hoxe, as que todos os grupos políticos escoitamos hai uns días, coas que nos solidarizamos, pola enfermidade que padecen.

Eu non vou falar de clínica nin de sintomatoloxía —falouse sobradamente aquí polos compañeiros que me precederon—, simplemente vou matizar dúas cousas. O diagnóstico de covid faise por PCR e para poder diagnosticar a covid persistente cónstame que hai asociacións e sociedades científicas que elaboraron uns cuestionarios.

Imos cos feitos. Tamén se dixo aquí que hai cinco anos que chegou a covid-19. Fronte a esa pandemia global sen precedentes, a resposta na comunidade autónoma, concretamente, en Galicia, foi exemplar: foi rigorosa, foi responsable e foi eficaz. Así, Galicia foi unha das comunidades con menor número de falecementos pola covid, grazas a tres claves fundamentais: unha xestión sanitaria solvente, a implicación dos profesionais e o compromiso da cidadanía. Lideramos as primeiras campañas de vacinación cun éxito rotundo; conseguimos as taxas máis altas de inmunización de todo o país; e seguimos sendo, ano tras ano, unha das comunidades con maior cobertura vacinal. E isto non é por casualidade, señorías; (*Aplausos.*) isto é responsabilidade institucional e confianza da cidadanía na sanidade pública galega.

E agora, señora Espinosa, vostede volve utilizar aquí a mesma iniciativa que debatemos o día 15 de maio en comisión. Parece que a única vontade que ten é cuestionar esa resposta exemplar, e utiliza unha patoloxía moi sensible —como é a da covid persistente— para iso.

Mire, imos ir aos feitos. Vostedes piden a reapertura das unidades poscovid, pero mire, en primeiro lugar, non hai nada que abrir, porque non se pechou nada. O que se fixo foi unha reorganización asistencial, baseada en criterios clínicos de demanda e na que continúan participando os mellores equipos profesionais que xa viñan atendendo aos pacientes.

E imos ir a datos. Desde o ano 2021 ao 2024 estas unidades atenderon a 26.474 persoas; no ano 2022 houbo 12.104 atencións; no ano 2023 esa cifra baixou a máis da metade, 5.406; e xa no 2024 non se chegou nin á quinta parte: foron 1.302 pacientes en toda a comunidade. Isto, lonxe de ser negativo, é unha boa noticia; a caída da demanda é evidente, e iso significa que hai menos pacientes afectados e menos casos graves.



Esta evolución en positivo foi o que permitiu reorganizar os recursos e integrar a atención de todos estes pacientes con covid persistente nos servizos hospitalarios e en atención primaria, ante un ou outro médico, segundo a sintomatoloxía de cada paciente.

En segundo lugar, a atención aos pacientes con covid persistente está plenamente garantida no Sistema público de saúde de Galicia, tanto en atención primaria como nos servizos hospitalarios especializados. Estes pacientes contan coa mesma profesionalidade, co mesmo compromiso e coa mesma calidade asistencial que no pico da pandemia.

E, en terceiro lugar, tamén o Goberno galego aposta pola formación constante. Galicia conta cun sistema de formación exemplar, a través do ACIS, que ofrece programas de actualización e especialización adaptados ás necesidades do sistema. E sempre que os profesionais solicitan formación específica —cando eles o solicitan—, tanto a ACIS como a Consellería de Sanidade poñen os recursos necesarios ao seu dispor.

Porque, señorías, sabemos que hai dúas cousas fundamentais: a formación e a investigación son claves para seguir avanzando nesta e noutras patoloxías. Porque queremos que os pacientes sigan sendo atendidos polos profesionais mellor formados. Esta é a nosa prioridade como partido e sabemos tamén que esta é a prioridade do Goberno do presidente Rueda. E isto é o que se está facendo: formación e investigación.

Permítanme dicírllelo con claridade: non se pode insultar —como vostedes fan— os profesionais sanitarios, insinuando que precisan formación básica sobre covid persistente, cando son eles mesmos os que pilotaron e seguen a pilotar esta resposta desde o primeiro día. Vostede dixo que precisan formación; si, eu entendería que pidan unha formación continua, si, porque, como lle acabo de dicir, así se está facendo e así se está a facer. Pero volvo repetir que temos os mellores profesionais formados na nosa comunidade.

Mire, e Galicia non só garante a asistencia, senón que está na vangarda da investigación da covid persistente. O hospital galego HULA, en Lugo, lidera un proxecto de investigación competitivo e punteiro, financiado con 150.000 euros, centrado na definición probabilística desta enfermidade e supervisado para desenvolver a definición e os criterios da covid persistente.

Porque —volvo dicírllelo— diagnosticar é fundamental, igual que a formación e igual que a investigación. Esa é unha mostra máis de que aquí non se improvisa, señorías; planifícase con criterios científicos e, así mesmo, estanse desenvolvendo varios estudos clínicos na nosa comunidade.

E mire, hai outro dato que é importante: xa no ano 2021 unha enquisa da Consellería de Sanidade revelou que tres veces máis pacientes facían seguimento dos síntomas a través da atención primaria que a través dos hospitais. É dicir, o modelo galego xa estaba adaptado á realidade da poboación, moito, moito antes de que vostedes viñesen aquí pedir unha reorganización real.

Miren, parten dunha premisa falsa, porque vostedes din que non hai atención, que non hai resposta, que non hai formación, e todo iso é mentira. En Galicia aténdese aos enfermos



diagnosticados de covid persistente, ofréceselles unha resposta médica adaptada ás súas necesidades e cuns profesionais da medicina perfectamente formados e que incorporan acotío os avances científicos acaídos.

Señora Espinosa, vostede, coma min e como todos os membros da Comisión 5ª, escoitou a secretaria técnica da Consellería de Sanidade, a señora Lobato, cando nos explicou con total claridade e con datos concretos a situación destas unidades e a atención aos pacientes con covid persistente.

Mire, non se pode sementar dúbidas onde hai claridade. Non pretendan facer ruído político dunha patoloxía que afecta, afectou e segue a afectar moitas persoas. Porque, señorías, non é un discurso político o que están a facer, é demagogia en estado puro. Vostedes confunden a empatía co populismo e as propostas con slogans. E gobernar non é facer discursos para a galería, senón asumir responsabilidades. Non todo vale. Porque a realidade é que Galicia respondeu ben, responde ben e seguirá respondendo ben a esta e a calquera outra emerxencia sanitaria.

E repítoo unha vez máis con toda rotundidade: todos os pacientes galegos afectados pola covid persistente teñen garantida a súa atención sanitaria na sanidade pública, ben na atención primaria, ben nos servizos hospitalarios, segundo as súas necesidades. E a reorganización das unidades poscovid responde aos criterios clínicos de eficiencia e á realidade asistencial, non aos recortes nin á improvisación.

Galicia aposta pola formación continua e de calidade...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—remato xa—... coa implementación activa de profesionais e co respaldo do ACIS e da Consellería de Sanidade. E Galicia segue sendo referente na investigación, na vacinación e na planificación sanitaria.

Nós sempre estaremos ao carón dos pacientes, sempre defenderemos as patoloxías, sempre defenderemos a investigación. A nosa obriga non é facer titulares, señorías; a nosa obriga é garantir dereitos, e iso, señorías, o Goberno galego faino, con datos, con feitos e con rigor.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Peche para a autora da proposición non de lei, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Agradecemos ao BNG e a Democracia Ourensana o apoio a esta iniciativa.



E mire, señora Amigo, ten tanto, tanto, tanto interese polos enfermos que padecen poscovid que non sabe que esta non é a mesma iniciativa que a que falamos na comisión. (*Aplausos.*) Díxenllo eu na miña intervención, porque, mire, foi unha pregunta que fixen á secretaria xeral técnica no mes de marzo, e falei diso. E esa señora mentiu e enganou os enfermos que sofren covid persistente, porque dixo que ía reorganizar as unidades, e non reorganizou nada; ¡todo o contrario!, en menos de sete días estaba pechando a última unidade que estaba aberta, que era a de Ourense. E ese peche foi o que orixinou esta iniciativa que hoxe debatemos aquí. Ademais, non fai falta nada máis que comprobar as datas de rexistro e os contidos.

Mire, eu non insultei nin na vida me oirá vostede insultar un facultativo nin ninguén do persoal sanitario. O que dixen é que era unha enfermidade nova e, como tal enfermidade nova, necesitaban unha formación —formación que calquera de nós, que estamos aquí, tamén necesitamos ao mellor dentro do noso ámbito—. Pero eu dígolle: ¿falou vostede dunha solución aos protocolos? ¿Contestou ao tema do censo? Non contestou a nada, absolutamente a nada, do que neste grupo lle plantexamos.

Pero mire, os enfermos necesitan un equipo multidisciplinar para facer unha abordaxe adecuada da súa enfermidade e un tratamento o máis eficaz posible, porque, se non, o que van facer é ir ao médico de atención primaria e empezar un percorrido ou unha peregrinación en función da doenza que teñen ese día. Porque sabe perfectamente que é unha enfermidade crónica e invalidante, e, como tal, debe ter unha unidade de referencia para levar a cabo un seguimento, un plan de atención integrado no que se poidan apoiar tamén os médicos de familia e o resto dos especialistas que os atenden.

Pero ben, desgraciadamente, sabemos cal é a postura do Partido Popular: a desidia e os recortes continuos que soamente benefician uns poucos. Pero mire, señora Amigo e señores do Partido Popular, a saúde non é un luxo, é un dereito fundamental, e nestes momentos ese dereito fundamental está sendo vulnerado para uns enfermos que teñen covid persistente e que se abandonan... Si, señora Amigo, dedíquese a falar. Xa vexo o que lle importa; impórtalle nada, porque está a falar cos seus compañeiros. Pero eu o que lle digo é que os enfermos si que saben que nestes momentos o Partido Popular e a Xunta de Galicia, unha vez máis, os está abandonando e os deixa na absoluta desprotección pola súa desidia.

E eles, os enfermos que están aí arriba, non teñen caprichos, teñen a necesidade dunha atención digna e efectiva; e o peche destas unidades poscovid supuxo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...—remato, señora presidenta—... unha falta de sensibilidade, porque estamos falando —como xa se dixo aquí— de enfermos crónicos, fráxiles e polimedicados. Para as persoas que hoxe nos acompañan, sinto moito que esta sexa a resposta que lles dá o Partido Popular.

E con respecto á emenda do BNG, non a imos admitir, porque non aporta; creo que nós recolleemos o máximo que nos pediu a asociación.



Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre as medidas e as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para desenvolver e modernizar o sector mineiro

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta iniciativa rexistrouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Ana Patricia Iglesias Rey.

(O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

- 1. Se aprobe o Plan sectorial de actividades extractivas, ao que obriga a lei de ordenación da minaría de Galicia, no que se teña en conta criterios de sustentabilidade ambiental, económica e o impacto socioeconómico nos territorios afectados polos proxectos mineiros, antes de iniciarse a tramitación dos permisos de exploración, investigación ou explotación.*
- 2. Se actualicen en tempo real no censo mineiro todos os dereitos mineiros de Galicia existentes en Galicia coa clasificación de recurso e seccións previstos na Lei de minas.*
- 3. Se realice un estudo e diagnose dos dereitos mineiros abandonados e inactivos e sen plan de restauración ambiental, aos efectos de declarar de forma expresa pola Autoridade mineira a caducidade dos dereitos polas causas legais previstas na Lei de minas do Estado 1973 (incluídas as causas legais de caducidade previstas nas disposicións transitorias da Lei de minas) e na Lei de Ordenación de minaría de Galicia.»)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición, e por tempo de oito minutos, ten a palabra o señor Golpe Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.



«Non herdamos a terra dos nosos antepasados, tomámola prestada dos nosos fillos». Este proverbio dos pobos americanos recorda que toda actividade extractiva, como é a minería, debe levarse a cabo pensando no benestar das xeracións futuras, evitando o curtopracismo na toma de decisións, minimizando os efectos negativos e socializando beneficios.

Nos dous últimos anos estamos a ver como todo o país está sendo asolagado por unha vaga de proxectos mineiros, proxectos que non chegan á nosa terra por casualidade, senón que obedece a unha estratexia comandada dende a Comisión Europea, que atopa en Galiza o caldo de cultivo óptimo para desenrolarse. Este caldo de cultivo vén provocado pola inacción máis absoluta da Xunta do Partido Popular, que en dezasete anos de goberno non foi quen de desenrolar a Lei da minería galega, a Lei 3/2008. Vese que non son de prazos curtos no Partido Popular: tardaron dezasete anos en dar conta dunha lei e catro meses en apartar das súas responsabilidades do Goberno un presunto agresor sexual, ao que prefiren abrazar e bicar no canto de empatizar e apoiar a vítima. (*O señor Golpe Acuña amosa unha fotografía.*) Vergoña, señorías do Partido Popular, é unha vergoña, e da grande. (*Aplausos.*)

Teñen vostedes un problema coas apertas, teñen un problema serio, porque nese xesto tan cotián e tan inocente pode haber moita carga e moitos significados diferentes; pode haber apertas cordiais, pode haber apertas que significan «*tú estás en mi equipo*» —quero recordarlles aquela aperta da vergoña da praza do Obradoiro entre o presidente Feijóo e Sánchez Galán— e pode haber outras apertas que retratan. Judas Iscariote deulle unha aperta e dous bicos a Cristo cando o vendeu. (*O señor Golpe Acuña amosa a mesma fotografía.*) A min gustaría saber que clase de aperta é está, gustaríame sabelo, e por iso pedimos que viñese o presidente aquí, pero non tivo a decencia de prostrarse diante de toda Galiza e explicar que quere dicir isto. (*Aplausos.*)

Voltando á Lei da minería —que, como dixen, tempo tiveron para desenrolala—, parece que neste caso seguen aquilo que dicía Winston Churchill: «Non facer nada é mellor que facelo e que saia mal». Enraíza isto con ese principio da política municipalista dos concellos do Partido Popular de «ti vai facendo, ti vai facendo». É un principio perigoso, no que se permite a retransmisión de proxectos que xa foron rexeitados máis dunha vez simplemente con maquillalos, facerlles un *lifting* a base de pagar festas, de financiar equipos de fútbol locais ou de vender esperanzas cun posto ambulante recollendo currículos polas feiras.

A estratexia destes promotores mineiros xoga coas necesidades máis básicas das persoas —vese o pouco que lles importa o xénero humano a todos estes especuladores que pululan pola nosa terra—. A ninguén lle resulta rechamante que unha empresa que non ten un proxecto aprobado poida vender eses postos futuros. Aquí hai dúas cousas: ou un cinismo recalcitrante ou que saben de antemán que o proxecto xa está aprobado. Que cada un tire as súas conclusións.

Pero, en contra desta desfeita na xestión mineira, o Bloque Nacionalista Galego trae hoxe a este pleno unha proposta de cambio do modelo que pretende poñer orde e medida e poñer a cidadanía galega por diante dos fondos de investimento e da industria extractiva.

A proposta do BNG para o sector mineiro asenta en catro principios fundamentais. Primeiro, os recursos naturais galegos teñen un carácter estratéxico e deben poñerse ao servizo do



país e da maioría social. Isto significa que hai que garantir que a explotación destes recursos reverta en beneficio directo das galegas e dos galegos e que conviva coas actividades agrogandeiras, co sector pesqueiro, co sector marisqueiro, co monte e cos sectores industriais estratéxicos. Segundo, a participación pública é indispensable; o sector público —tanto a Administración autonómica como a Administración local— ten que participar nos proxectos para garantir un mínimo de retorno dos beneficios. Terceiro, a transparencia e a participación social real deben ser piares en toda a política mineira; a cidadanía e as comunidades locais teñen que poder decidir, non só informarse, e a súa voz debe ser vinculante na tramitación dos proxectos. Cuarto, a actividade mineira debe ser compatible coa protección do noso patrimonio natural e cultural, cos nosos recursos hídricos e coas actividades tradicionais que nos sustentan, non só no plano físico senón tamén no plano cultural.

Señorías, para facer realidade estes catro principios, as nosas propostas pasan, primeira-mente, por crear un novo marco regulatorio da minería galega. A Lei de ordenación mineira de 2008 necesita unha actualización urxente. Débese modificar para crear o Consello Galego da Minaría con máis pluralidade e máis diverso, dando a entrada aos sindicatos sectoriais, ás organizacións ecoloxistas e ás comunidades de montes veciñais en man común. Débense derrogar as reformas regresivas que chegaron a través das numerosas leis de depredación —eu xa perdín a conta; deben ir tres, polo menos—, que abriron a porta ao espolio acelerado dos nosos recursos. Igualmente, esta lei debe contemplar medidas que blinden a transparencia e a participación social.

As materias primas esenciais teñen que ser declaradas bens estratéxicos baixo o control público e introducir unha participación obrigatoria da Administración autonómica en proxectos de minerais críticos de, como mínimo, un vinte por cento, garantindo, así, o retorno dos beneficios sobre o territorio. Cómpre demandar ao Estado as competencias sobre as zonas de reserva previstas na lexislación estatal porque, se Galiza debe pagar os custos ambientais e sociais da minaría, tamén debe ter o control sobre o territorio.

Apostamos por restrinxir as explotacións a ceo aberto, por prohibir o uso de cianuro, por exixir tecnoloxías máis avanzadas e menos contaminantes que minimicen os impactos ambientais e que protexan a saúde das persoas e, sobre todo, por prohibir as balsas de lodos contaminantes, que tantos problemas deron na nosa terra; e aí están os exemplos de Monte Neme, de Touro, de San Fins ou de Penouta. Tamén se debe solicitar a modificación da regulación estatal para a xestión dos residuos das industrias extractivas e así evitar que os usos dos ocos mineiros se convertan nuns vertedoiros de residuos industriais.

No tocante á planificación territorial da protección do patrimonio natural, temos que incidir en que a aprobación dos proxectos mineiros non se pode permitir sen un plan xeral que estableza onde, como e que. Por tanto, exiximos a aprobación do plan sectorial de actividades extractivas, previsto na propia lei e pendente dende hai demasiado tempo. Mentres tanto, débese suspender ese documento chamado «Axenda mineira sostible»; un instrumento carente de base xurídica e deseñado de costas á cidadanía.

Non cansaremos —non cansamos— de demandar a ampliación da Rede Natura para protexer os hábitats, para protexer as especies prioritarias e para poder desenvolver os instrumentos



previstos na Estratexia de infraestrutura verde, clave para garantir a conectividade e a restauración ecolóxicas. Do mesmo xeito, vinculamos as licitacións mineiras ao desenvolvemento tecnolóxico industrial de Galiza, rexeitando os modelos baseados na extractividade máis pura e permitindo pechar os ciclos industriais dentro da nosa terra: o que de aquí se extrae, aquí se debe procesar, creando postos de traballo cualificados e con gran valor engadido local.

A minaría tampouco é un campo alleo á innovación. É clave a creación de plantas piloto de minaría urbana centradas na reciclaxe de materiais e na recuperación de materias primas críticas, tanto de equipos de consumo como de antigos vertedoiros mineiros. Ao mesmo tempo, débese impulsar un centro de investigación e de innovación en materias primas estratéxicas, que situará Galiza no mapa europeo da economía circular. Tamén é indispensable a creación dun fondo de restauración ambiental e paisaxística destinado á restauración de canteiras e de minas abandonadas, ao igual que a creación dun plan de patrimonio mineiro para poder adquirir e mellorar as instalacións abandonadas con valor...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: ...patrimonial —remato, presidenta—, destinándoas aos usos culturais, educativos e turísticos integrados na súa contorna.

Co deseño desta folla de ruta, señorías, estamos poñendo os recursos naturais ao servizo de Galiza, protexendo o noso patrimonio natural e cultural, garantindo a participación e os beneficios para a cidadanía e facendo da minaría unha actividade que se integre nun modelo de futuro sostible e xusto para o noso país. Isto non é unha loita contra a minaría, senón unha loita pola dignidade da terra e pola dignidade da nosa xente.

Non imos permitir que a cobiza duns poucos hipoteque o futuro dos nosos fillos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Partido Socialista, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Nós, as socialistas de Galicia, fomos o primeiro grupo parlamentario en traer a Pleno, o 8 de abril deste ano, a Proposición non de lei para exixir unha planificación sectorial mineira ordenada e con criterios de sustentabilidade ambiental. A iniciativa foi aprobada e apoiada polo BNG e rexeitada polo Partido Popular de Galicia —nada novo—. Foi curioso porque era unha iniciativa de mínimos, é dicir, de cumprir a lexislación, tanto a Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galicia —a Lominga—, como a Lei de minas estatal de 1973 e o Real decreto de 2009, de restauración de actividades mineiras extractivas.

Como sempre digo, nós temos a firme convicción de que todo o proxecto industrial, mineiro ou eólico que queira implementarse no noso país ten que cumprir as tres condicións das



cales sempre falamos: a sustentabilidade ambiental, a sustentabilidade económica e a sustentabilidade social. Sempre o dixemos, sen excepción: tres patas da mesma mesa. Levámolo dicindo desde o inicio da lexislatura, como parte do noso proxecto de oposición útil e construtiva, con ambición de país e con ambición de gobernar con medida, con equilibrio e con rigorosidade, fuxindo de hipérboles e de polarizacións. ¿Que o Goberno galego é opaco na tramitación de autorizacións mineiras? É un feito, porque temos aí os datos, pero tamén dicimos ao BNG —alto, claro e sen matices— que, para os socialistas de Galicia, é unha liña vermella, como o é rexeitar de plano e posicionarse sempre en contra, por sistema, de todo o proxecto mineiro.

É doado aquí ter no peto móbiles e falar das bondades do almacenamento enerxético, dos coches eléctricos e do cambio climático, mentres sexan terceiros países como a China, Chile ou Bolivia os que nos facilitan o litio. Eu pregúntome se é coherente colocarse detrás da pancarta, ao tempo que pedimos máis soberanía. Un exemplo é o Proxecto de hibridación e de almacenamento de enerxía do parque eólico de Malpica, para o cal se prevén un investimento de 4,5 millóns de euros para o almacenamento de sete megawatts de baterías de litio. Exiximos e vixiaremos sempre o cumprimento rigoroso dos requisitos legais e medioambientais de solvencia técnica porque hai moitas mineiras júnior que veñen aquí, á nosa terra —ao noso país—, para especular. Sen matices, sempre o imos exixir —absolutamente sempre—, pero, para nós, o límite, negativo e positivo, sempre vai ser o cumprimento legal. Queremos gañar tamén autonomía galega cunha minaría sostible —e digo «sostible», en maiúsculas—.

Aínda que tamén é certo que o Goberno galego está a fallar estrepitosamente, pois como dicía o voceiro do BNG, carece dunha planificación sectorial mineira, cando esta estaba prevista na Lei de ordenación de minaría de Galicia, jdo ano 2008!; é dicir, *(A señora Iglesias Rey fala entre risos.)* levan incumprindo a lei desde o ano 2008, como sucede tamén no sector eólico.

A máxima do Goberno galego é a de improvisar e a de comezar a facer a casa polo tellado, cando realmente...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Perdón, señora Iglesias, un momento.

Desapareceu a conexión do sistema e desapareceu tamén o tempo; non sei que pasou.

A señora IGLESIAS REY: ¡Ah, vale! Non pasa nada.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Será coa calor, que derreteron os cables.

A señora IGLESIAS REY: Pode ser... *(A señora Iglesias Rey diríxese á señora presidenta.)* ¿Paro ou sigo?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Si, case mellor que espere porque...

A señora IGLESIAS REY: Vale, sen problema ningún.

A señora PRESIDENTA (Candía López): ...a ver se o están resolvendo.



(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora IGLESIAS REY: Non poño o cronómetro. *(Risos.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Está pensando..., se non, suspendemos un momento.

«Conectando o sistema de debate» é o que aparece na pantalla.

Imos chamar os servizos técnicos, a ver...

(Desconéctase o sistema microfónico por un minuto e vinte e seis segundos.) (Pausa longa.)

Imos intentar continuar, sendo máis ou menos xenerosos, porque é imposible de controlar.

Continúe.

A señora IGLESIAS REY: Vale, intento ser breve, presidenta. Moitas grazas.

A máxima do Goberno galego, do PP —como dicía—, é a da improvisación e a de comezar a facer a casa polo tellado —tamén no tema mineiro— e teñen unha política de brazos caídos. Practican unha política minúscula, unha política de propaganda, unha política de deslealdade institucional e de levantarse das conferencias sectoriais, como se levantou a da de Xustiza, da conferencia de Política Social e Financeira ou tamén da Conferencia de Presidentes, na cal, realmente, a pretensión de todos os baróns do PP era —incluído Rueda, que fixo ese seguidismo—, simplemente, o boicot e non a de acordar nada.

Por outra parte, é certo que a minaría en Europa é estratéxica, como se estableceu no novo Regulamento de materias críticas, para gañar precisamente a autonomía nos Estados membros fronte a terceiros países. En Galicia, de novo, cólleenos co pé cambiado no sector mineiro. ¿Por que? O censo mineiro non está actualizado, está en proceso; non temos unha planificación sectorial mineira; as ordes de caducidade dos dereitos mineiros do concurso levaban sen saír desde 2011 —están en proceso, tamén—; e —como dicía— non hai unha planificación, pese a que a substitúen por unha Axenda de minaría sostible de 2030, que realmente é un panfleto sen compromisos económicos firmes.

Sobre todo, para saber se o Goberno galego o vai facer ben en materia de proxectos extractivos da minaría, temos que ir á realidade —aos datos— e botar a vista atrás. A min isto realmente paréceme moi preocupante, porque sabemos xa —temos datos— que na mina de cobre do Pino-Touro, o 31 de marzo de 2025, a Fiscalía, logo de sete anos de instrución, abriu —digamos— un proceso e xa cualificou o escrito de «auto de procesamento», coa petición de dous anos de cárcere e de inhabilitación especial para os propietarios do oitenta por cento do xacemento, na reapertura da mina de Touro. A empresa é Explotaciones Gallegas.

O mesmo pasa coa mina de Penouta, na cal se autorizou esa mina de explotación de coltán, en Ourense, en cota O Natura; é dicir, cunha protección ZEPA máxima. O máis preocupante



de todo en Penouta é que nas análises físicoquímicas que se efectuaron —non pola Xunta, senón pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil— había un risco moi grave para a saúde pública. De feito, abríronse hai oito meses dilixencias penais por delito agravado medioambiental e, mentres, ¿que fixo a Xunta? Nada de nada, pero a realidade é teimuda: cento vinte familias de Viana do Bolo quedaron sen traballo e a Xunta quedou mirando para outro lado; segue sen presentar un plan de viabilidade industrial ou laboral para a comarca.

Poderíamos seguir todo o día, porque exemplos de proxectos mineiros extractivos, nos cales se demostra que non hai unha planificación e, sobre todo, unha aposta do Goberno galego pola minaría sostible, temos moitos: a mina de ouro de Corcoesto; a mina de San Fins; a mina de feldespatos de Muras; o Proxecto de restauración da explotación mineira de Casalonga, de Toysal, no concello de Teo; a tramitación tamén do vertedoiro de Niveiro, no Val do Dubra... Hai moitos exemplos.

Coñecendo estes datos que acabo de mencionar, as socialistas preguntámonos: ¿de verdade nos podemos fiar de que o Goberno galego vai velar polos intereses xerais por riba dos intereses dunha empresa mineira? Nós pensamos que non. Presentamos unha emenda de substitución á iniciativa do BNG, que non vén sendo outra cousa que o contido da nosa proposición non de lei debatida aquí, no pleno do 8 de abril. En definitiva —xa remato, señorías—, o Goberno galego non fixo os deberes na planificación estratéxica dos nosos recursos mineiros para garantir unha minaría sostible no noso país.

É urxente que deixen de tirar balóns fóra e que comecen a planificar o sector mineiro antes de que se solicite un permiso de exploración, un permiso de investigación ou un permiso de explotación extractiva mineira; é urxente que deixen de tirar balóns fóra e que comecen a planificar o sector mineiro, con criterios de sustentabilidade ambiental, económica e social.

Non queremos máis xigantes con pés de barro no noso país.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Iglesias.

É a quenda do señor Ojea, que renuncia ao seu turno de intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Lorenzo.

Vou controlar o tempo co meu cronómetro do teléfono móbil e avisareino cando falten tres minutos, se lle parece ben.

Cando queira.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidenta.

(O señor Lorenzo Gómez amosa un documento acompañado dun texto e dunha fotografía.)



«El BNG reclama la suspensión de la autorización de vertidos de la mina de San Fins».

(O señor Lorenzo Gómez amosa un novo documento acompañado dun texto e dunha fotografía.)

«BNG lanza ofensiva institucional en contra de la explotación de la mina de Doade».

(O señor Lorenzo Gómez amosa outro documento acompañado dun texto e dunha fotografía.)

«Ana Miranda traslada ás institucións europeas a oposición á explotación da mina de Doade».

(O señor Lorenzo Gómez amosa un outro documento acompañado dun texto e dunha fotografía.)

«Ana Pontón exige a paralización da minaría de Touro por atentar contra o medio ambiente e o modo de vida de miles de persoas».

(Lorenzo Gómez amosa un documento a maiores acompañado dun texto e dunha fotografía.)

«BNG critica a reapertura da mina de Touro polos danos que vai supor e por favorecer só a grandes empresas privadas».

En definitiva, vostedes son... «os do non». (O señor Lorenzo Gómez amosa unha imaxe do logotipo do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego transformado na palabra «non», e, despois, sinálao.) (Aplausos.)

Fíxese, señor Golpe, que nin vostede cre nesta iniciativa. Non saio do meu asombro con que, despois de todo o que acabo de amosar, sexa precisamente o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o que traía unha iniciativa falando do desenvolvemento do sector da minaría en Galicia. A verdade é que non saio do meu asombro. Sempre digo que son vostedes moi previsibles, señor Golpe, pero de verdade que teño que recoñecerlle que aínda non perderon a capacidade de sorprendernos.

Esta mañá, presentaron aquí unha lei para evitar a deslocalización de empresas sen medidas —¡para evitar a deslocalización de empresas!—. Por certo, moitas desas empresas, que afortunadamente se deslocalizaron no seu día, decidiron implantarse aquí en Galicia e, dito sexa de paso, coa oposición —para variar— da parte dos de sempre. Agora, traen a debate en Pleno unha iniciativa sobre o desenvolvemento do sector da minaría en Galicia, cando son vostedes, e as súas organizacións afíns, os máximos opositores a todos e a cada un dos proxectos presentes, pasados e futuros da minaría no noso territorio.

Poderíamos, ao mellor, estar presenciando hoxe unha reconversión do nacionalismo negacionista dos proxectos que se queren implantar en Galicia; podería ser, de repente, a primeiros de xuño, coa calor, que se escribise unha nova páxina na historia de Galicia, segundo a cal, no partido «do non» —vostedes, o BNG—, recapacitasen, que desen vostedes un xiro de cento oitenta graos e que se sumasen ao Goberno galego para remar a favor do desenvolvemento industrial e mineiro de Galicia; podería ser iso ou, pola contra —que é o máis pro-



bable—, podería ser que viñesen aquí hoxe nun exercicio de postureo, impropio dun grupo que pide, unha e outra vez, respecto a este Parlamento.

Permítanme que lles diga que esta iniciativa soa a burla e a tomadura de pelo, señores do BNG. (*Aplausos.*) Vostedes traen esta iniciativa hoxe para lavar a cara e para atacar a quen si está a avanzar. Deberían falarlles claro aos galegos e ás galegas, dicíndolles que vostedes non queren absolutamente ningún proxecto mineiro no noso territorio. Sexan claros, vostedes xa se posicionaron nesta Cámara —e tamén o fan nas rúas cada vez que teñen ocasión— en contra de desenvolver o sector mineiro en Galicia. Están en contra de Touro, en contra de San Fins, en contra de Corcoesto, en contra de Doade, en contra de Penouta e en contra de calquera outro proxecto que se presenta, se presentou e se presentará en Galicia.

Señorías, a xeopolítica mundial está cada vez máis influenciada polo acceso dos países aos recursos esenciais para acadar as metas dixitais, así como as metas climáticas que se enmarcan a nivel mundial e tamén desde a Comunidade Europea. Afortunadamente, e non grazas a vostedes, temos en Galicia un sector mineiro dunha longa tradición, que é estratéxico, xa que proporciona materias primas a moitos dos sectores considerados fundamentais para a nosa economía, creando emprego —case catro mil postos directos— e mellorando os datos de produción ano tras ano.

Estamos ante un debate que debe ir máis alá da planificación ou dun censo mineiro; estamos ante un debate entre o medioambientalismo radical, que busca o inmovilismo, ou a aposta dun Goberno responsable por un aproveitamento dos recursos dun xeito sostible e respectuoso cos territorios que, como non pode ser doutro xeito, obrigue os promotores a deixar un retorno para quen vivimos neles.

Xa o dixemos máis veces: no Partido Popular cremos firmemente que temos unha oportunidade de aproveitar os avances tecnolóxicos e de exixir aos promotores o uso destas novas tecnoloxías limpas, acompañadas —como non pode ser doutro xeito— de plans de restauración ambiciosos. Cómpre atopar un equilibrio entre a oportunidade e a precaución e, para iso, temos un marco normativo moi estrito, máis que o que aplica o Goberno central, señora Iglesias, que deben velar por ese desenvolvemento sostible que todos desexamos. Temos un marco normativo do sector mineiro que a maior parte das comunidades autónomas non ten; de feito, Baleares e Galicia son as únicas comunidades que si teñen un marco regulador e, agora, os «do non á minaría» pretenden unha maior lexislación a través dun desenvolvemento regulamentario, cando a realidade é que a normativa de minas é tremendamente extensa en Galicia. Ademais, solicitan unha ampliación dos prazos, cando o período de exposición pública de trinta días —como dita a Lei de avaliación ambiental, que é a normativa básica estatal— é o que cómpre nestes casos. Ampliar os prazos, señor Golpe, é outro xeito máis de atrasar os proxectos.

O problema é que vostedes non asumen —por descoñecemento ou por mala fe— que a minaría a ceo aberto tamén pode ser unha minaría sostible a través das explotacións, con técnicas como, por exemplo, a da minaría de transferencia. Señorías, limitar completamente as actividades extractivas a ceo aberto supón un freo ao desenvolvemento do sector e da industria galega, pero quizais sexa iso o que vostedes pretenden...



Por outra parte, non lles podemos admitir a crítica de que se deben vincular os concursos de dereitos ao desenvolvemento tecnolóxico e industrial e ao peche de ciclos na comunidade; non se pode admitir polo simple feito de que xa se está a facer. Así, nos concursos publicados, a principios do ano, nas catro provincias, establecéronse como criterios de baremación a racionalización e a ordenación mineira, e o compromiso da implantación dun plan industrial para o peche da cadea de valor sobre o recurso ou os recursos que se poñan de manifesto, con carácter vinculante á solicitude de pase e á concesión da explotación.

Señorías do BNG, vostedes deberían saber —aínda que semella que non é o caso— que xa existe o imposto compensatorio ambiental mineiro; un imposto directo, real e obxectivo e un imposto establecido pola lei. Os seus ingresos destinaranse a actuacións de compensación e de reequilibrio ambiental e territorial paisaxístico, e de desenvolvemento tecnolóxico mineiro. Ademais, Galicia xa está a realizar a restauración de diversos emprazamentos mineiros abandonados, destinando, por exemplo, en Monte Neme —no meu concello—, un total de 3.571.000 euros e mais no concello de Malpica de Bergantiños, un investimento de 1,6 millóns de euros.

Voulles contar algo: para a recuperación das materias primas críticas dos vertedoiros, requírese que haxa explotación, pero a vostedes tampouco lles vale. Aí temos o exemplo da mina de Penouta, onde parte da explotación consiste, precisamente, no aproveitamento do material da antiga escombreira e, aínda así, non lles valía.

En canto ao tema da composición do Consello da Minaría, —creo— este xa foi debatido e explicado aquí hai unhas semanas, pero non podo pasar sen lembrarlles que ningún grupo parlamentario da oposición presentou ningunha emenda na modificación do ano 2024, no sentido que veñen reclamando.

En canto ao punto 2, é curioso que o Plan sectorial de actividades extractivas o defenda precisamente o BNG, cando é o mesmo partido que se opón a calquera tipo de actividade mineira. Vostedes opuxéronse á mina de Doade incluso antes de que comezase a súa tramitación, pero a súa incoherencia é tal, que defenden a instalación dunha fábrica de baterías, cando para subministrar esa planta se requiriría abrir dez minas como a de Doade. ¡Pura coherencia! Insisto, non se entende a súa incoherencia, porque a vostedes non lles vale a actividade mineira en ningunha das súas formas.

Vou rematando, presidenta.

En relación co último punto, aínda que na primeira parte evidentemente podemos estar de acordo —en velar polo cumprimento estrito da normativa sectorial, pola protección do patrimonio cultural e natural e pola protección da saúde e da calidade de vida da poboación—, non podemos compartir o principio de precaución, cando precisamente este principio é o argumento que están a utilizar aqueles grupos que se opoñen absolutamente a todo, utilizándoo como escusa. Isto implica tamén opoñerse ao desenvolvemento industrial e económico de Galicia, e aí non nos van atopar, señorías.

Negarse a todo, señorías, sen plantexar unha alternativa, condénanos curiosamente á dependencia doutros, para non falar da hipocrisía de vivir pegados aos produtos tecnolóxicos



e intelixentes e encher a boca de falar da defensa do territorio e da defensa dos dereitos das persoas, cando prefiren vivir na ignorancia de olvidar que noutras partes do mundo si explotan os seus recursos sen ningún tipo de seguridade, nin para o medio nin para as persoas que traballan nel. Son recursos que nos facilitan ter un dispositivo...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: ...—xa remato, presidenta— ...que nos permite facer un vídeo ou colgar un *post*, en que nos autoproclamamos membros do equipo do *Capitán Planeta*, sen pensar o que pasará máis alá do Padornelo, para dicir á sociedade quen son os bos e quen son os malos.

Señorías, o noso modelo —o do Partido Popular— é o de axilizar e avanzar, e o seu, o de atrasar e atrancar; o noso modelo é o de avanzar no aproveitamento dos nosos recursos dun xeito sostible, e o seu, o do «non a todo».

Para o postureo e para burlarse dos galegos e das galegas, non contén con nós.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O turno de peche é para o autor da proposición.

Xa funciona o... ¡Si!, pode traelo, por se acaso; non vaia ser..., pero, en principio, xa funciona.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

¿Unha burla? (*O señor Golpe Acuña levanta, por encima da cabeza, unha fotografía acompañada dun texto e sinálala.*) (*Aplausos.*) ¡Isto si é unha burla! Míreno ben, sobre todo vostedes, as mulleres do Partido Popular. (*O señor Golpe Acuña sinala a bancada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.*) ¡Isto si é unha burla!; ¡unha burla a toda a cidadanía e unha burla á loita feminista de anos! ¡Isto si é unha burla! (*Aplausos.*)

Señor Lorenzo, dicía que somos moi previsibles. A min vostede hoxe deixoume descolocado. Deixoume descolocado porque saca peito do sector mineiro, para o cal a única lei que hai é a que fixo o Bipartito. E, ¡bótanos na cara que vimos aquí intentar melloralas!

Imos repasar, señor Lorenzo, e repase a súa intervención porque, se hai algún letrado na sala, pode haber indicios de prevaricación. Explícolle: citou vostede numerosos proxectos, por exemplo, o proxecto da mina de Touro. Voullo explicar —teño por aquí a data exacta. ¡Ah, si!—: en decembro do ano 2024, Augas de Galicia meteu unha multa de 18.000 euros á promotora da mina de Touro polas lixiviacións no río... —non teño ben apuntado o nome, porque teño moi mala letra. Pásame igual que un expresidente do Goberno—. Vostede acaba de defender o proxecto. ¿Pero que papelón é ese? Sinceramente... Fala vostede da mina de Penouta. ¿Nós opuxémonos á mina de Penouta? A mina de Penouta paralizouse polas filtra-



cións das balsas, precisamente. Vostede entenderá tamén que, nunha iniciativa deste tipo, como a que traemos hoxe aquí, non imos entrar en detalles técnicos, como o da minaría de transferencia. Coñezo perfectamente do que me está falando vostede, e habería que matizalo nun desenvolvemento lexislativo, cousa que vostedes se opoñen a facer. Non o entendo... ¿Como din vostedes?: «Sopramos e sorbemos» —e cousas desas—. En fin, ten todo coherencia, señor Lorenzo...

Voume pronunciar sobre a emenda do Partido Socialista. Como estas emendas xa se fan para xustificar o voto, non a podemos aceptar. *(O señor Golpe Acuña ri.)* Por certo, parte das demandas van recollidas dentro da nosa iniciativa, entón entenderá que non lla aceptemos.

De todas as formas, voulles explicar unha cousa que os dous mencionaron aquí: é unha hipocrísia levar un teléfono móbil no peto ou conducir un vehículo eléctrico e, logo, non querer minas de litio. Ímoslle dar unha volta a ese razoamento e imos falar da tarifa eléctrica galega. ¿Que lles parece? Aquí somos excedentarios de enerxía eléctrica e pagamos o mesmo que no resto do Estado. Aplicando o principio que vostedes din —de que temos que explotar o litio porque levamos teléfonos no peto—, é branco e en botella; e, se non é leite, é horchata. Non queda máis remedio.

En fin, elaboramos unha proposta bastante digna para o país; elaboramos unha proposta consensuada, factible, realizable e con fitos marcados no tempo. Sei que esta vez non vai saír adiante, pero non imos dar o brazo a torcer e seguiremos pelexando para que iso de que «Galiza é unha mina» nos converta en algo máis que un lema das redes sociais.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa última proposición non de lei da sesión plenaria desta tarde.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que este manteña o financiamento íntegro e estable do Plan Corresponsables

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Paloma Castro, e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

(O G. P. dos Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.



Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

-Aprobar un gran pacto galego polos coidados corresponsables en colaboración cos concellos galegos, coas entidades sociais, co tecido sindical e coa patronal. Poñendo no centro da axenda política a necesidade de transformar o modelo de coidados desde un enfoque de dereitos humanos, interseccional e con perspectiva de xénero.

-Destinar os fondos recibidos polo Estado con cargo ao Plan Corresponsables, ao financiamento de proxectos que desenvolvan as actuacións previstas no mesmo, e fiscalizar que as actuacións postas en marcha por parte das entidades locais se axustan a estes requisitos.

-Realizar campañas de sensibilización dirixidas aos homes en materia de corresponsabilidade nas tarefas de coidados co fin de impulsar modelos de masculinidades corresponsables e igualitarias.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva, co seguinte texto:

«Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar un Plan de equipamentos públicos, Plan de equipamentos públicos para a corresponsabilidade, encamiñado a ampliar o número de centros e prazas de xestión pública directa destinados á infancia e ás persoas maiores, persoas dependentes e/ou con discapacidade. O Plan virá acompañado da súa correlativa memoria orzamentaria con dotación suficiente para a creación dun mínimo anual de prazas públicas de escolas infantís públicas, coa previsión de garantir a cobertura de demanda actual, nun prazo máximo de tres anos. No referido aos servizos dirixidos ás persoas maiores, persoas dependentes e/ou con discapacidade, a creación de prazas públicas será dun número de 1000 anuais, coa garantía de prestación de servizos públicos de calidade naquelas áreas xeográficas máis envellecidas e, na actualidade, desprovistas de servizos.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición, ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

«El Gobierno carga a las comunidades con el 25 por cento del Plan de conciliación». «Igualdad reparte a las comunidades autónomas 142,5 millones en conciliación con críticas al recorte. El Estado repartía a los territorios 190 millones para la conciliación familiar desde el 2021, ahora se quedan en 142,5». «La Xunta de Galicia insta al Gobierno a rectificar el recorte del Plan Corresponsables». «A Xunta afea un novo recorte do Goberno en políticas de igualdade ao reducir fondos do Plan Corresponsables». «Alberto Pazos cualifica de “nova aldraxe do Goberno central” a redución do 25 por cento do financiamento do Plan Corresponsables». Señorías, nin unha



soa palabra do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. Nin unha soa queixa. Mudos, coma sempre, cada vez que Sánchez aplica recortes que afectan os galegos. (*Aplausos.*) Nin nunha soa palabra cando Sánchez recorta os fondos para a igualdade, que é o que é o Plan Corresponsables: un fondo para promover a igualdade, un programa para promover a igualdade. ¿Quen o ía dicir? Vostedes, tan defensores da igualdade sempre, nin unha soa palabra de protesta cando o Estado recorta os cartos para a igualdade.

Pois ben, nós, nin o Partido Popular nin a Xunta de Galicia imos calar. Por iso presentamos esta iniciativa para que o Goberno de Sánchez dea marcha atrás ao seu anuncio de recortar o 25 por cento do financiamento ao Plan Corresponsables, o único plan que ten en marcha con medidas para a igualdade a través da conciliación e a corresponsabilidade o Goberno de Sánchez, o Goberno que se nos presentaba como o máis feminista da historia. Un plan que en Galicia —a través das ANPA, os concellos e as entidades sen ánimo de lucro— promove actividades a favor da igualdade e a conciliación corresponsable e que o ano pasado beneficiou máis de trinta mil nenos e nenas galegas e as súas familias. Achegáronse recursos a 170 concellos, a 60 ANPA e a unha vintena de entidades sociais. Un plan para o que Galicia contaba con 9,3 millóns de euros anuais e que o Goberno central acaba de recortar a finais de maio ata os 6,9; case dous millóns e medio menos de euros para programas madrugadores, para os campamentos, para a actividade de corresponsabilidade, logo de que o Goberno de Sánchez anunciase que nos ía recortar o 25 por cento. ¿Que pensarán as mulleres galegas deste recorte? ¿Que pensarán as familias galegas deste recorte?

A historia do Plan Corresponsables empezou no ano 2021 e, segundo as palabras do propio Ministerio de Igualdade, concibíase como unha política semente para o apoio específico das necesidades de conciliación das familias con nenas, nenos e mozos de ata dezaseis anos, apostando pola corresponsabilidade e polo emprego de calidade. E, como vén sendo norma da casa Sánchez, —escoiten— o plan deseñouse sen contar coas comunidades autónomas, dotouse dun orzamento determinado —190 millóns de euros— sen contar coas comunidades autónomas, establece uns programas determinados sen contar coas comunidades autónomas; iso si, comunícaselles ás comunidades autónomas que son elas as que teñen a obriga de aplicalo. Galicia acepta o reto e pon en marcha o plan, adaptándoo ás necesidades específicas da nosa comunidade. Así, a través destas axudas, a Xunta sufraga accións de conciliación corresponsable durante todo o ano: campamentos, servizos de madrugadores ou outros programas de sensibilización en materia de corresponsabilidade, conseguindo que teña unha grande aceptación.

O financiamento do Plan Corresponsables foi anual ata o ano pasado, no que o Estado dixo que era bianual, se ben só se poñían cartos para o ano 2024. Con este anuncio e os orzamentos estatais prorrogados, Galicia —que Galicia si aproba os seus orzamentos en tempo e en forma— incorpora o plan, con eses 190 millóns de euros, con eses máis de nove millóns de euros que nos corresponden. Incorpora o plan e empeza a tramitar as ordes e subvencións para as ANPA, para os concellos e para as entidades sociais. E, con todo isto xa en marcha, xa case á metade do ano, cando os orzamentos de calquera goberno serio xa están distribuídos, o Consello de Ministros vai e aproba un recorte de case cincuenta millóns de euros da súa achega ao Plan Corresponsables; pasando —como dicía— de 190 a 142 e medio xa para este ano, un recorte do 25 por cento e sen marxe de manobra. Porque o que se lles di ás co-



munidades autónomas é: «ou poñedes o 25 por cento ou teredes cero». E iso díselles a mediados de ano, cando as ordes xa están en marcha e a punto de ser resoltas. Nunha nova demostración de que o Goberno de Sánchez é un Goberno desleal, un Goberno sen proxecto que usa a igualdade só como un slogan electoral —absolutamente como iso— e ningunea absolutamente as comunidades e os veciños que vivimos nelas. Un Goberno *fake* e un Goberno tramposo.

É un Goberno tramposo porque, miren vostedes, o ano pasado, o 23 de abril do ano 2024, dicía o Ministerio de Igualdad: «*El Consejo de Ministros acuerda la distribución de 190 millones de euros a las comunidades autónomas, Ceuta y Melilla, destinados al Plan Corresponsables*». 23-5-2025: «*Igualdad, las comunidades autónomas y Ceuta y Melilla acuerdan el reparto de 142,5 millones destinados al Plan Corresponsables para 2025*». Creo que todos sabemos neste hemiciclo que 190 millóns do ano pasado son máis que 142 deste ano. ¡Ah! Pero se imos á web do PSOE o que di é: «*El Gobierno amplía el Plan Corresponsables para reducir la brecha de género en los cuidados*». Isto é o que nos podemos fiar dun Goberno desleal, dun Goberno tramposo, dun Goberno que só usa a igualdade como arma electoral pero que non ten absolutamente en conta para nada o benestar dos seus cidadáns, o benestar das mulleres. Esperemos que vostedes rectifiquen, que vostedes, por unha vez, lle digan que aquí si merece a pena investir. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista. Señora Castro.

Volve fallar isto. Vou poñer o cronómetro. ¿Avísoa cando falten dous minutos, por exemplo?

A señora CASTRO REY: Si. Mire, agora xa se apagou.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Nada. Conexión coa CCU. Sesión preparada, sesión iniciada e pensando.

Comezamos, entón. Oito minutos.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

A verdade, señora Arias, hoxe é un papelón falar dos dereitos das mulleres para unha deputada do Partido Popular, ou debería selo. E, sobre todo, como vostede comeza dicindo que estamos mudos —é que non escoita ningunha palabra—, cando levan todos os representantes do Partido Popular mudos durante todo este tempo e non lin ningún tipo de mensaxe e ningún tipo de referencia de apoio a unha muller que denunciou unha agresión sexual. ¡E fala vostede de mudos! (Aplausos.)

A verdade, sorpréndeme que vostede veña hoxe falar desta iniciativa. Eu pensei que sería a súa secretaria de organización, a señora Prado, que é a lady Macbeth do Partido Popular, e que xa falou nesa rolda de prensa que fixo a semana pasada tan vergoñenta... (Murmurios.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio.

A señora CASTRO REY: ...na que branqueou unha denuncia por agresión sexual e na que intentou mitificar unha dimisión. Eu pensei que ía vostede hoxe tamén fala dos dereitos das mulleres, como adoita falar noutras ocasións, superando o ridículo daquela rolda de prensa da manipulación internacional que existía nas plataformas dixitais contra o PPdeG.

Realmente digo que debe ser duro hoxe falar dos dereitos das mulleres, despois tamén desa actitude bochornosa do presidente da Xunta e dalgúns membros do seu Goberno no acto do outro día de nomeamento á nova conselleira do Mar. Porque miren, señorías, independentemente de como finalice ese procedemento xudicial no que o exconselleiro Villares se atopa inmerso, a posta en escena do outro día e as verbas do presidente Rueda foron unha total falla de respecto ás mulleres, unha actitude totalmente contraria á nosa liberdade sexual e tamén totalmente contraria ao que durante anos levamos traballando e defendendo algunhas persoas. (*Aplausos.*) Demostrou e evidenciou unha nula conciencia feminista e non estivo á altura duns feitos tan graves. ¿Por que? Pois é moi sinxelo: porque priorizou unha amizade persoal á responsabilidade que ten que ter como presidente de todos os galegos e, sobre todo, de todas as galegas. Dáme moita mágoa que no ano 2025 sigamos evidenciando que as cousas quedan no papel e na realidade non avanzamos.

Na web da Consellería podíamos ler a semana pasada —imaxino que agora seguirá estando— o seguinte: *«Entender la violencia como un asunto personal refuerza a las mujeres en una situación de subordinación respecto al hombre e implica asumir las relaciones de poder históricamente desiguales entre ambos y a través de las cuales se legitima al hombre a mantener su status quo de la dominación, incluso a través de la violencia. Esta percepción contribuye a que las mujeres no denuncien su situación por miedo, vergüenza o culpabilidad»*. Na web si, pero na práctica é esta foto; (*A señora Castro Rey amosa unha fotografía.*) a foto do compadreo, a foto do pacto entre cabaleiros. Vergoñento, señorías. Vergoñento.

Recoméndolle dende aquí —e xa remato con este tema e falo do Plan de corresponsabilidade, do que tamén teño moito que dicir— unha serie, unha serie que está nunha plataforma dixital que se chama *Querer*, que tivo moitos premios e foi galardoada nos Premios Feroz de Pontevedra. Creo que sería bo para sensibilizar moitos dos compañeiros e compañeiras que aquí se atopan e tamén moitos membros do Goberno do Partido Popular.

E, falando de cinismo atroz e de hipocrísia, vostedes atrévense agora mesmo a falar das achegas á corresponsabilidade do Goberno de España, cando estiveron caladiños durante os sete anos do Goberno de Mariano Rajoy co desmantelamento da Lei da dependencia, que levou moitas mulleres a asumir unha gran carga de traballo non remunerado e á precarización laboral e familiar das mulleres. Ou caladiños tamén no ano 2019 ante o Tribunal Constitucional para a ampliación para a equiparación do permiso de paternidade e maternidade. Mostrando, señorías do Partido Popular, unha clara falla de compromiso da dereita coa igualdade e coa responsabilidade.

Pero nós, as socialistas, non actuamos así. Nos sete anos que levamos gobernando demostrámolo sobradamente. E podo afirmalo sen recorrer a bulos e a desinformación, que é o que



utilizan vostedes, senón recorrendo a datos reais, como a implantación de medidas —que, por certo, votaron moitas en contra—: a ampliación da equiparación dos permisos de paternidade e maternidade en dezaseis semanas; os permisos de cinco días con dereito a remuneración para o coidado de familiares; o período de excedencia de duración non superior a tres anos para atender o coidado do fillo, incluso no caso de acollemento ou adopción; o fomento e regulación do teletraballo; as campañas de concienciación para promover a coresponsabilidade; e moitas máis que podería seguir, pero consumiría os dez minutos.

En relación ao Plan Corresponsable —aprobado, por certo, polo Goberno de Sánchez, ata o de agora non existía, ata o ano 2021—, o propio plan refírese a que é unha ferramenta clave para transformar o modelo de coidados, dignificando e profesionalizando o traballo de coidados tradicionalmente invisibilizado e feminizado e facilitando a conciliación real para as familias. Pero ¿que pasou? Que, como isto da igualdade para o Partido Popular ás veces é difícil de entender, pois moitas comunidades autónomas do Partido Popular non entenderon o sentido deste plan e utilizaron estas transferencias con fondos do Goberno para outros fins e, sobre todo, para aforrar fondos propios.

O Plan Corresponsables non pode servir para branquear ningún recorte en materia de igualdade por parte das comunidades autónomas. Galicia recibiu nos anos 2023 e 2024 case 19 millóns de euros, que foi o orzamento que empregou a Xunta de Galicia para facer políticas de conciliación, sen aportar practicamente nada de fondos propios e sen apostar por un fomento dunha coresponsabilidade real, que era o obxectivo deste plan.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Sei que funciona o cronómetro, pero quedei en avisar aos tres minutos.

A señora CASTRO REY: Vale. Grazas.

Estes fondos foron destinados a programas como campamentos madrugadores, campamentos de ocio etcétera, que, se ben si que facilitan a conciliación, desvirtúan a finalidade deste plan e non impulsan a coresponsabilidade nos coidados de menores nin avanzan na transformación cultural das masculinidades igualitarias.

A pesar disto, o Goberno de España non vai cesar neste compromiso. No ano 2025 destinará ás comunidades autónomas 322 millóns de euros; case sete millóns corresponden a Galicia. Pero tamén se teñen que coresponsabilizar as comunidades autónomas, entre elas Galicia, e asumir un 25 por cento, no que se chama «cogobernanza».

A realidade dos datos é que este plan, que é unha partida, a 312G do orzamento da Xunta de Galicia, o ano pasado, o ano 2024, recibiu un orzamento de dez millóns e medio de euros e executouse só o 79,2 por cento, deixando uns dous millóns de euros sen executar. E no ano 2025 dotaron esta partida, esta 312G, de 9.200.000 euros. Moi ben, pois se temos en conta estes datos, se o Goberno de España dá á Xunta o 75 por cento do que vostedes executaron o ano pasado, este ano a Xunta tería que achegar eses 2.320.000 euros —sáenme a min as contas—, que é máis ou menos o que o ano pasado deixaron sen gastar. Polo tanto, o mesmo que



deixaron sen gastar é o que teñen que complementar ao que reciben do Goberno de España este ano. As contas non son contos; deixen de enlamar e cogobernen co Estado. *(Aplausos.)*

Porque teñen vostedes que implantar políticas de fomento da corresponsabilidade e non de conciliación. Porque as políticas de conciliación familiar, como di o Estatuto de autonomía e a Constitución española, son competencias da comunidade autónoma. Porque non cumprir as súas competencias suporía un incumprimento do mandato constitucional. E vostedes teñen as competencias en materia de dereitos sociais básicos no territorio. Isto implica as políticas de conciliación.

Polo tanto, deixen de confrontar e cogobernen, mellor nos irá a todos e a todas. Por iso hoxe, en plano construtivo, plantexamos unha emenda para que aprobemos aquí no Parlamento ese gran pacto galego polos coidados corresponsables que transforme o modelo de coidados vixente na actualidade; garanta que por parte da Xunta se vai fiscalizar o destino deses fondos do Plan Corresponsable a proxectos que desenvolvan realmente a corresponsabilidade nos coidados; e tamén campañas de sensibilización dirixidas aos homes en materia de corresponsabilidade. Porque a tarefa dos coidados, por desgraza, seguimos a asumila, na maioría dos casos, as mulleres.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Señora Arias, que veña hoxe, hoxe precisamente, o Partido Popular a este Parlamento intentar darnos leccións de igualdade e de feminismo, hai que ter moito valor e non coñecer a vergonza. *(Aplausos.)* Hoxe, que o Partido Popular vetou na Xunta de Portavoces e aquí, no propio hemiciclo, a comparecencia do presidente da Xunta de Galiza para dar explicacións de por que el, el mesmo como presidente do Goberno de Galiza, o máximo responsable político deste país, tapou durante catro meses —non catro días nin catro semanas; durante catro meses— unha denuncia por presunta agresión sexual do conselleiro do Mar. Despois de ver a indecente resposta e reacción do conxunto do Goberno galego e do Partido Popular diante desa denuncia, facendo pasar —ou intentando facer pasar— por vítima a quen é un presunto agresor, deslizando algo tan perigoso como unha falsidade na denuncia, unha actuación de mala fe por parte dunha muller que toma unha valente e difícilísima decisión, como a de denunciar unha agresión sexual. ¡Hai que ter moito valor e non coñecer máis minimamente a vergonza!

Veñen dar leccións de igualdade, señora Arias, veñen aquí os do Partido Popular, que son os primeiros en lanzar o dedo acusador, en pedir responsabilidades políticas, en resgar as vestiduras cando as denuncias de agresión sexual apuntan cara a outras forzas políticas, pero



que despois pechan filas, aplauden e abrazan indignamente presuntos agresores sexuais. E non tan presuntos. Aí está o caso Villares, pero é que non é o único. O Partido Popular mantén de portavoz na illa de Arousa un home condenado en firme por romperlle os dentes á súa compañeira. Aí está o senador Baltar, protexido despois de que escoitásemos todas e todos gravacións onde se ofrecían favores políticos a cambio de sexo. ¿Que igualdade é a do Partido Popular, señora Arias? ¿De que nos fala o Partido Popular nesta Cámara? (*Aplausos.*)

A vostedes a igualdade non lles importa o máis mínimo. Utilízana única e exclusivamente na medida en que poden utilizala como arma arreboladiza que tirarlle no pico da cabeza ao outro, como arma coa que seguir enlamando e crispando o debate. Non lles importan o máis mínimo os dereitos das mulleres e á vista está que na segunda frase da súa intervención o primeiro que fixo foi disparar contra todas as forzas da oposición. Se lles importasen algo realmente a igualdade, a loita contra a violencia machista —e lembro aquí que a violencia sexual é unha forma de violencia contra as mulleres, é unha forma de violencia machista— amosarían algo, algo de empatía coa denunciante, en vez de vitorear o presunto agresor nun abrazo absolutamente vergoñento e indigno.

Teñen a última oportunidade desta sesión de hoxe de subir aquí á tribuna, señora Arias, pedir desculpas a todas as mulleres galegas pola indecente resposta do Partido Popular e da Xunta de Galiza neste caso. Unha resposta que puxo aos pés dos cabalos unha muller, filtrando desde o contorno do conselleiro do Mar, usando a sede da Xunta de Galiza, a identidade da muller denunciante, violando a súa intimidade. ¡Absolutamente indigno e indecente! Faltándolles, ademais, ao respecto a todas as mulleres que son vítimas de violencia sexual e a todas as mulleres que denuncian con valentía agresións como a que denunciou esta muller. (*Aplausos.*) Teñen —insisto— a oportunidade de subir aquí, pedir desculpas e poñerse do lado da vítima, poñerse do lado da muller que presentou a denuncia por agresión sexual; que é a obriga do Goberno, de acordo co que di incluso a Lei de tratamento integral e prevención da violencia de xénero.

No BNG, con todo, a respecto do asunto que trae hoxe aquí sobre o recorte dos fondos no Plan Corresponsables, imos apoiar a proposta. Presentamos iniciativas no Senado e no Congreso tamén denunciando ese recorte, pero pedimos que a Xunta de Galiza faga algo máis que laiarse e actúe para garantir servizos públicos de conciliación e de promoción da corresponsabilidade social á altura das necesidades presentes e futuras en materia de coidados.

Propomos un plan de equipamentos públicos de promoción da corresponsabilidade que abranca os ámbitos de coidado infantil, de persoas dependentes, de persoas maiores, de persoas con discapacidade; centros de día, centros de noite, centros para a atención das persoas que precisan apoio e acompañamento. E, sobre todo, para garantir que haxa unha responsabilidade colectiva na atención, no coidado e na garantía de benestar ás persoas que o precisan. E que non recaía no lombo das mulleres, porque son principalmente quen asume as tarefas de coidado, a atención desas persoas.

Como fixo o BNG cando tivo, ademais, responsabilidades de goberno. Se me permiten usar como vara de medir esa unidade de medida universal de medir as cousas en gobernos bipartitos, fíxense: cando o Bloque Nacionalista Galego chegou ao Goberno da Xunta de Galiza



no ano 2005, ¿saben cantos centros de día da Xunta de Galiza había en todo o país? En unidades, por favor, de medida universal en gobernos bipartitos. Feitos polo Partido Popular na Xunta, cero, ningún. Había un que fixeran en 1981, o das Gándaras. Dezaseis anos de goberno do Partido Popular con Fraga deron a pírrica, exigua, nimia cifra de cero centros de día creados. Dezaseis anos de goberno do Partido Popular de Fraga, cero centros de día titularidade da Xunta de Galiza. Na unidade de medida universal en gobernos bipartitos, ¿saben cantos fixo o Bloque Nacionalista Galego entre 2005 e 2009? Teñen o rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais para consultar a cifra. Vinte e un centros de día, en menos de catro anos: Valga, Cerdedo, Portas, Teis, Coles, Outes, Monforte, Boiro, Taboada, As Neves, Cabana de Bergantiños, Dodro, Toén, Abadín... Así 21, sen contar os que quedaron empezados que se inauguraron ao ano seguinte, en 2010: Culleredo, San Sadurniño, Vilar de Barrio, Begonte, Tomiño, O Porriño, Coia, Tois, Xinzo, Mondariz e Cospeito. Grazas á creación dun instrumento tan útil como necesario, como foi o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

Non sigo porque non me dá tempo, pero o que lles pedimos coa nosa emenda, señorías do Partido Popular —ademais de que suban aquí e aproveiten a ocasión para pedir desculpas pola indecencia que levamos vivido estes días diante dese abrazo da vergoña— é que, ademais de queixarse fagan, por unha vez, dar algo de trigo.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

¿O Grupo Parlamentario Mixto vai usar a palabra?

(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Entón, quenda do Grupo Parlamentario Popular, autor da proposición, para o peche.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Ben, xa que hoxe o día vai de fotos, eu vou rematar o día coa foto que nunca se tería que ter producido, coa verdadeira foto da vergoña: *(A señora Arias Rodríguez amosa unha fotografía.)* a foto da señora Ana Pontón cun condenado por agredir sexualmente unha nena de catro anos. A verdadeira foto da vergoña que nunca Galicia e que nunca España tería que ter visto. *(Aplausos.)*

Aquí, efectivamente, respectamos, respectamos a todos. En primeiro lugar, respectamos á Xustiza, porque non ten que ser este Parlamento; ten que ser a Xustiza a que dirima os casos. En segundo lugar, respectamos todas as partes, respectamos os dereitos da denunciante e respectamos tamén a presunción de inocencia do denunciado. Pero o último que lles preocupa aos grupos desta Cámara, polo que se está vendo, é a Xustiza e son todas as partes. É algo que a vostedes non lles importa demasiado. Vostedes están hoxe a outras cousas. *(Aplausos.)*



E, señora Castro, o señor Sánchez chegou proclamándose o presidente máis feminista e social da historia, pero foi dende o primeiro momento o presidente que máis dano lles fixo ás mulleres. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Foi o presidente que aprobou a Lei do só si é si, a lei que ten máis de mil catrocentos violadores e agresores sexuais coas súas penas rebaixadas ou na rúa. (*Murmurios.*) Unha lei que o Bloque aprobou e que o Bloque se negou a rectificar. (*Protestas.*) Eses son os partidos que temos aquí.

Señorías, ¿pode chamarse feminista un Goberno, apoiado polo BNG, que reduce o 25 por cento os fondos para a igualdade, como acabamos de ver? ¿Pode chamarse feminista un Goberno que non cumpre nin os seus propios compromisos co Bloque Nacionalista Galego para poñer en marcha os xulgados de violencia de xénero? E o máis grave, o que lles dicía: ¿pode chamarse un Goberno feminista cando fixo a Lei do só si é si? ¿Como debe chamarse un Partido Socialista que ten a un exalcalde condenado por unha agresión a unha muller dirixindo o seu partido na provincia da Coruña? ¿Como debe cualificarse o partido do Bloque Nacionalista Galego, que apoiou a Lei do só si é si? ¿Que non apoiou a reforma da mesma? Cadaquén que lle poña o seu propio adxectivo, pero, dende logo, feministas non son. ¡Non o son! (*Aplausos.*)

E non é feminista nin é crear e apoiar os coidados recortar en 50 millóns as axudas ás ANPA, aos concellos e ás entidades sociais. Non o é tampouco recortar a lei da dependencia, baixándoa do 40 por cento ao 34,9 por cento. Non o é tampouco non cumprir os compromisos para a gratuidade das escolas infantís, que dende o ano 2018 leva ofrecendo o Goberno de Sánchez. Non o é, non é feminista, non é social. Non é social non apoiar a lei da ELA, non dotala de financiamento. Non é tampouco social mirar para outro lado e pensar unicamente nos seus propios intereses....

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...sexa o que sexa con tal de manterse na... —ía dicir unha palabra que non quero dicir— con tal de manterse na Moncloa.

Señorías, se realmente vostedes queren apoiar as mulleres, se realmente vostedes queren apoiar os programas que apostan pola conciliación e pola corresponsabilidade...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¿Sobre as emendas, señora Arias?

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...teñen a oportunidade de votar a nosa iniciativa, porque non imos apoiar as emendas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rematado o debate da última proposición non de lei, suspendemos a sesión, que será reanudada mañá ás dez da mañá. Boa tarde-noite a todos e todas.


Suspéndese a sesión ás oito e tres minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

